

A guerra dos botóns

Louis Pergaud

Tradución de M. Isabel Martínez Rodríguez
e Xoán Manuel Garrido Vilariño



*Non entredes aquí, hipócritas, falsos devotos,
Vellos grotescos, miserables ampulosos...*

François Rabelais

Ao meu amigo Edmon Rocher

LIMIAR

Quen goza coa lectura de Rabelais, o grande e verdadeiro xenio francés, acollerá con pracer, creo, este libro que malia o título, non se dirixe nin aos pequenos nin á xente nova leña verde.

Abaixo cos pudores (todos verbais) dun tempo capado que, baixo o seu abeiro hipócrita, non cheiran máis ca a neurose e a veneno ! E abaixo tamén cos puristas latinos : eu son un celta.

Por iso quixen escribir un libro san, que fose a un tempo galo, épico e rabaiesiano, un libro polo que discorrese a forza da vida e o entusiasmo; e ese rir franco coma aquel que lle facía retorcer as tripas aos nosos pais, aqueles ilustres bebedores e prezados sufridores de gota.

Deste xeito, non temín en ningún momento empregar a expresión crúa, con tal de que soubese ben, nin o xesto determinado, con tal de que fose épico.

Quixen restituír un instante da miña vida de neno, da nosa vida entusiasta e brutal de vigorosos salvaxes naquilo que resaltase o lado cabal e heroico, isto é, naquilo que estivese liberado das hipocrisías da familia e da escola.

Con tal motivo resultaría imposible tratar un tema coma este aténdose unicamente ao vocabulario de Racine.

O desexo de sinceridade podería ter sido o meu pretexto se eu quixese que se me perdoase polas palabras ousadas e as expresións violentamente coradas dos meus heroes. Pero ninguén está obrigado a lerre. E despois deste limiar e desta cita de Rabelais adornando a cuberta, eu non lle recoñezo a ningunha autoridade académica o dereito de queixa.

Despois de todo, e esta é a miña mellor escusa, concibín este libro con ledicia, escribino con voluptuosidade, divertiú a algúns amigos e fíxolle rir ao meu editor¹ : teño o dereito a agardar que lle guste á “xente de boa vontade” segundo o evanxeo de Xesús e ao resto, como di Leboreiro, un dos meus heroes, que vaia á...

¹ Isto por anticipación

LIBRO I : A GUERRA
A DECLARACIÓN DE GUERRA

—*Agharda* por min, Chapletón ! —berrou Pipote, cos libros e os cadernos debaixo dos brazos.

—*Spabila* ho, non teño tempo *pra* andar con contos !

—Hai *algho* novo ?

—Haberá !

—O que ?

—Ti ven.

E así que Pipote deu collido os dous Chapletas, compañeiros seus de clase, seguiron andando un a carón do outro cara ao concello.

Era unha mañá de outubro. Un ceo de tormenta con grandes nubes grises reducía o horizonte aos outeiros próximos e dáballe ao campo un aspecto morriño. As ameixiras estaban espidas, as maceiras mareladas e as follas da nogueira caían nunha especie de voo pairado, longo e lento, que se acentuaba de súpeto coma nun picado de gabián cando o ángulo de caída se facía menos obtuso. O aire era húmido e morno por momentos. A intervalos había algunhas lufadas. O ruído monótono das malladoras ofrecían a súa nota xorda que se prolongaba por momentos cando a gavela era devorada, nunha queixa lúgubre coma un salouco de agonía desesperado ou un laio doloroso.

O verán chegara á súa fin e nacía o outono. Habían ser as oito da mañá cando o sol roldaba triste detrás das nubes e a angustia, unha angustia imprecisa e vaga pesaba sobre a vila e sobre o campo.

Os traballos no campo remataran e, de un en un ou en grupos, desde había dúas ou tres semanas, víanse volver á escola os pastoriños coa pel curtida, bronceada polo sol, o pelo crecho cortado ao rape coa tosquiadora (a mesma que se empregaba para os bois), os pantalóns de baeta ou de estopa remendados, sobrecargados de mendos nos xeonllos e na cueira, pero limpos, os mandilóns grises novos, tesos, que ao distinguir deixábanlles os primeiros días, as mans negras coma as patas dos sapos, dicían eles.

Ese día, arrastrábanse polos camiños e os seus pasos semellaban cargados por toda a morriña do tempo, da estación e da paisaxe. Porén, algúns dos maiores, xa estaban no patio da escola, e falaban animadamente. Don Simón, o mestre, co solideo botado cara a atrás e as lentes na testa, enriba dos ollos, estaba apostado diante da porta

que daba á rúa. Vixiaba a entrada, rifáballes aos que viñan lacazaneando, e os rapaciños, conforme ían chegando, erguían o pucho, pasaban diante del, atravesaban o comedor e espallábanse polo patio.

Os dous Chapletas do Bernés e Pipote que os collera no camiño, non tiñan pinta de estaren impregnados desa doce melancolía que tornaba pesados os pasos dos seus camaradas. Levaban polo menos cinco minutos de adianto con respecto aos demais días, e cando Don Simón os viu chegar, sacou o reloxo rapidamente e levouno á orela para se asegurar de que andaba ben e que non deixara pasar a hora regulamentaria.

Os tres amigos entraron á présa, con aspecto preocupado e decontado tomaron posicións, detrás dos escusados, no patio traseiro gorecido pola casa do tío *Oughusto* ‘Augusto’, o veciño, onde atoparon a meirande parte dos grandes que chegaran antes ca eles.

Alí estaba Leboreiro, o xefe, tamén chamado o gran Lebrel, o seu primeiro lugartenente *Ghorrión* ou Gorrión, un fino gabeador, así chamado porque non había outro coma el para asaltar os niños dos pardais e naquela zona aos pardais chámanlles gorrións.

Estaba Gambeta que viña da costa. Seu pai, que era un republicano de pura cepa, fillo á súa vez dun revolucionario do corenta e oito, defendera a Gambeta nas horas máis duras.

Tamén estaban o Sabichas, ‘o resabiado’ que todo o sabía, Tintín e Choscán, o birollo que se puña de lado para ver de fronte, e o Cágado ou Cabezolo que tiña un enorme cabezón; en definitiva, os máis fortes da vila estaban a discutir dun asunto serio.

A chegada dos dous Chapletas e de Pipote non interrompeu a discusión; os novos incorporados parecían saber do asunto, un asunto que viña de vello con toda seguridade e mesturáronse deseguido na conversa achegando feitos e argumentos esenciais.

Calaron.

O máis vello dos Chapletas que tamén recibía o nome de Chapletón para distinguilo do Chapletiñas ou Chapliña, o seu irmán pequeno, falou deste xeito :

—Mirade, cando *chegamos*, meu irmán e mais eu ás extremas de Menelotes, os belrán xurdiron de improviso preto da canteira da *margha* de Xoán Bautista e deron en ornear coma mulas, a arrebolarnos pedras e a amosarnos as cachaporras.

Chamáronnos idiotas, conas, ladróns, porcos, preas, merdentos, collonciños moles.

—Collonciños moles ! —recuncou Leboreiro, torcendo o fociño.

—E daquela que lles *respondéstedes* ?

—Daquela meu irmán e mais eu, *abrímonos* porque non eramos máis ca dous e eles... eles eran quince polo menos e *seghuro* que nos habían de encher a hostias.

—Chamáronvos collonciños moles ! —repetiu Gorrión, visiblemente abraiado, ferido e doente polo apelativo que os abranguía a todos porque os dous Chapletas, de seguro que foran insultados e atacados por pertenceren ao concello e á escola de Lomberna.

—Pois eu —retrucou Chapletón— *aghora* eu *díghovos* que se non somos uns conas, uns pailáns e uns *caghóns*, habémoslles de mostrar que tampouco somos uns collonciños moles.

—*Antez* de nada, que quere dicir *izo* de *collonciño*z *molez* ? —dixo Tintín.

O Sabichas cismaba.

—Collón mol... Todo o mundo sabe o que son os collóns, porque todo o mundo os ten, aínda os ten o Fino de *Aliseo* e parécense ás castañas desourizadas, pero collón mol !... collón mol !...

—*Seghuro* que quere dicir que non valemos moita cousa —interrompeu Chapletañas— porque onte ao serán chanceando con Narciso, o noso muiñeiro, chameille collón mol, así polas boas, *pra* ver que pasaba, e meu pai, que eu non vira e que pasaba por alí nese momento, sen me dicir nada, *larghoume* unha boa labazada...
Daquela...

O argumento era categórico e cada un deles así o percibiu.

—Carallo, daquela, Arre demo ! non podemos quedar coma parvos por máis tempo, temos que *vingharnos* ! —concluiu Leboreiro.

—E vós que pensades ? Eh ?

—Liscade *daquí*, *cagharrías* —díxolles Pipote aos pequechos que se achegaban para escoitar.

Aprobaron a proposta do gran Leboreiro por, como di outro, *unhanimiedade*.

Nese intre, Don Simón apareceu na soleira e deu unhas palmadas indicando con iso o sinal para entrar en clase. Ao velo, todos se precipitaron arroutadamente cara aos escusados, porque sempre se deixaba para a última hora o alivio das necesidades hixiénicas regulamentarias e naturais. Os conspiradores puxéronse na ringleira en silencio, coma se a cousa non fose con eles ou coma se non pasase nada nin tomasen, uns intres antes, unha importante e terrible decisión.

Aquela mañá as cousas non foran moi ben na clase e o mestre tivo que botar uns bos berros para que os rapaces lle prestasen atención.

Non é que fixesen barullo, senón que semellaban andar nas nubes e resistíanse a captar o interese que pode supor para uns mozos republicanos a historia do sistema métrico.

A definición do metro, concretamente, parecíalles terriblemente complicada : *a dezmillonésima parte dun cuarto, da metade.. do.. oh.. carallo !* —pensaba o gran Leboreiro.

E debruzándose cara ao seu veciño e amigo Tintín, deixoulle caer confidencialmente *eurocar !*

O gran Leboreiro seguro que quería dicir Eureka !

Algo oíra falar dun tal Arquímedes que, nos tempos de María Castaña, se pelexara cunha especie de lentículas. Ao Sabichas custáralle moito explicarlle que non eran lentellas, porque Leboreiro podía chegar a entender que alguén se enfrontase con lentellas tirándoas a través dunha cana oca pero con lentes, si que non.

E ademais, dicía, *non hai nada mellor ca os carozos das mazás e as codias de pan*. O Sabichas dixéralle que se trataba dun sabio de moita sona que facía problemas acerca das capotas de cabriolet, e este último detalle fixo que aumentase a súa admiración por tal individuo, el que era tan refractario ás belezas das matemáticas como ás regras de ortografía.

Outras foron as calidades que, desde había un ano, o designaran como xefe indiscutible dos lombernes.

Turrón coma un boi, listo coma un allo, vivo coma unha lebre e sobre todo, non había quen fose capaz de escachar coma el un cristal a vinte pasos, fose cal fose o modo de proxección do croio : coa man, cun tirafondas de corda, con tirabalas de badana ou de caucho; no corpo a corpo era un adversario terrible; xa lles fixera boas falcatuadas ao cura, ao mestre, á garda civil; fabricaba uns maravillosos tiratacos de sabugueiro tan gordos coma a súa coxa que che zarrapicaban a auga a quince pasos, si, compañeiros, si ! como volo digo ! e uns tiratacos que estouraban coma as pistolas de verdade e as súas bólas de estopa non había quen as atopase. Era el o que tiña mellor tiro ás bólas, sabía apuntar e facelas rodar coma ninguén. Cando ía ás apostas, *larchábache uns chupinazos* que te facían chorar, e sen máis, sen amosar fachenda nin ostentación de ningunha clase, ás veces devolvíalles aos seus malfadados contrincantes algunha das bólas que lles tiña gañado, cousa que lle outorgaba a sona de gran xenerosidade.

Á chamada do seu xefe e camarada, Tintín endereitou as orellas, ou mellor dito, moveunas coma un gato que está a tramar nalgunha trasnada e deu en arroibar coa emoción.

—Ben ! —pensou—, xa ztá ! *Ztaba zeguro* de que *ezte* condanado de Leboreiro había de atopar xeito de *llez* devolver a pelota !

E permaneceu mergullado nun soño, perdido nun mundo de suposicións, insensible aos estudos de Delambre, Méchain, de fulano e mengano; ás medicións feitas en diferentes latitudes, lonxitudes ou altitudes... Vaia que si, e ademais todo aquilo dáballle igual e *esGvaráballe moito* ! Mais estes belrán habíanas de levar ben levadas.

Polo que respecta ao que ocorreu cos deberes que mandaron despois da primeira lección, habémolo de saber despois; abonda con saber que os rapazolos tiñan cadanseu método para volver a abrir o libro fechado por orde superior sen que se notase e resgardarse así dun esmorecemento da memoria. Non quita que o luns seguinte, Don Simón estivese ben encabuxado, mais non adiantemos acontecementos.

Cando deron as once na torre do vello campanario da parroquia, agardaron con desacougo o sinal de saída, porque xa estaban todos avisados de que Leboreiro atopara algo, non se sabe como, se por infiltración, por radiación ou por calquera outro medio.

Producíronse os consabidos empurróns no corredor, puchos cambiados, zocos perdidos, trompadas disimuladas, pero a intervención do mestre fixo que os rapaces volvesen ao rego e a saída desenvolveuse con normalidade.

Tan pronto como o mestre entrou no seu cuarto, os rapaces abalanzáronse enriba de Leboreiro coma un enxame de moscas sobre bosta fresca. Canda os soldados rasos e o refugallo, estaban alí os dez principais guerreiros de Lomberna ávidos por se deleitaren coas verbas do seu xefe.

Leboreiro expuxo a súa estratexia, que era simple e afouta. A seguir preguntou quen o acompañaría ao pechar o día. Todos solicitaron con afán tal honor, mais con catro abundaba e decidiuse que Gorrión, o Sabichas, Tintín e Chapletón formarían parte de expedición. Gambeta vivía na costa e non podía ir para casa tan tarde, Choscán non vía moito de noite e Pipote non era tan áxil coma os outros catro.

Despois disto separáronse.

Á tardiña, co toque do Ángelus, os cinco guerreiros volvéronse atopar.

—Tes o xiz ? —preguntoulle Leboreiro ao Sabichas, que quedara encargado de se facer con dous ou tres anacos de xiz da caixa de Don Simón, dada a súa situación preto do encerado.

O Sabichas fixera ben as cousas; mangara cinco anacos de xiz ben grandes; gardou un para el e repartiu o resto cos seus compañeiros de armas.

Deste xeito, se algún deles perdía o xiz polo camiño, os outros poderían remedialo con facilidade.

—Daquela, bulindo eh ! —dixo Gorrión.

Primeiro pola rúa principal da vila, despois polo atallo das chemineas e no Tileiro grande, deron coa estrada de Belrán. Durante uns instantes oíuse o fragor dos zocos na noite. Os cinco rapaces ían a fume de carozo cara ao inimigo.

—Hanos de levar unha media hora cumprida a pé, —dixera Leboreiro—, co que poderemos *tar* alí dentro dun cuarto de hora e *taremos* de volta antes de que sexa noite pecha.

A tropa perdeuse na noite e no silencio; durante a primeira metade do traxecto, o pequeno destacamento seguiu andando pola ferrovía porque se podía correr, pero cando chegaron a territorio inimigo, os cinco conspiradores arredáronse do camiño e botáronse á gambia que segundo as malas linguas, o vello amigo, o tío Breda, o legoeiro, arranxaba cada vez que lle sopraba ao viño.

Ao se achegaren a Belráns decidiron facer unha parada porque viron as luces das casas cada vez máis nidias e oíron os ladridos dos cans máis ameazantes.

—Imos quitar as zocas —aconsellou Leboreiro—, e *aghacharémolas* detrás desa parede.

Os catro guerreiros e o xefe descalzáronse e puxeron os calcetíns dentro dos zapatos; logo aseguráronse de que non perderan o seu anaco de xiz e, un detrás do outro, o xefe á cabeza, coas pupilas dilatadas, as orellas tesas, as ventas trementes, botáronse a andar polo sendeiro da guerra para chegar o máis rápido posible á igrexa da vila inimiga, obxectivo da súa aventura nocturna.

Atentos ao mínimo ruído, gabeando ao fondo dos cavorcos pegados ás paredes ou esvaídos na escuridade das sebes, escorregaban e avanzaban coma sombras, temendo unicamente a aparición súbita dun candil levado por algún indíxena dirixíndose cara a algún serán ou a presenza dun viaxeiro nocturno levando a beber o seu faco. Non os estorbou máis ca o can de Xan dos Vaos, un cadelo ruín que ladraba coma un poseso.

Ao fin chegaron á praza da igrexa e avanzaron ata poñerse debaixo das campás. Todo estaba deserto e en silencio. O xefe quedou só mentres os outros catro retrocedían para estar ao quite. Daquela collendo o seu anaco de xiz do fondo do peto e estarrincándose na punta dos pés tanto como puido, Leboreiro escribiu sobre o pesado

panel de carballo curado e ennegrecido que fechaba o recinto sagrado, a seguinte inscrición lapidaria que habería de provocar un escándalo ao día seguinte á hora da misa, moito máis pola crueza heroica e provocadora que pola fantasiosa ortografía :

“Todos os belráns son uns lamvekús”.

E despois de case espetar os ollos na madeira, para ver “se se vería ben” volveu onda os catro cómplices espreitantes e con voz baixa e leda díxolles :

—Lisquemos *daquí* !

Sen dubidalo esta vez, foron directamente polo medio do camiño e regresaron sen facer ningún ruído superfluo, cara ao lugar onde deixaran as zocas e os calcetíns. Así como se calzaron e sen tomar precaucións inútiles, golpeando o chan tanto como lles daban os zocos, chegaron a Lomberna e aos seus respectivos domicilios e agardaron con confianza o efecto da súa declaración de guerra.

TENSIÓN DIPLOMÁTICA

Os embaixadores das dúas potencias intercambiaron puntos de vista a propósito da cuestión de Marrocos.

Os Xornais (verán 1911)

Cando soou o segundo repenique no campanario da vila, media hora antes da última badalada que anunciaba a misa do domingo, o gran Leboreiro, vestido cunha chaqueta de pano arranxada da vella casaca inglesa de seu avó, engastado nun pantalón de baeta novo, calzado cuns borceguíns deslustrados cubertos por unha espesa capa de graxa, toucado cun pucho de la, o gran Leboreiro, como estaba a dicir, veuse apoiar contra a parede do lavadoiro público e agardou polas súas hostes para poñelas ao día da situación e informalas do rotundo éxito da misión.

Alá, diante da porta da pousada do Cazoleiro, algúns homes coa cachimba na boca dispúñanse a ir "mollar a palleta" antes de entrar na igrexa.

Axiña chegou Gorrión co seu pantalón gastado polas sofraxes e a súa gravata encarnada coma o peito do pardal. Ao vérense, el e mais Leboreiro, sorriron. Logo chegaron os dous Chapletas, con cara espreitante, despois Gambeta que aínda non estaba ao tanto, logo Choscán e Pipote, o Sabichas, Guerreiro, Bombo, Cabezolo e o resto do continxente, xuntándose a totalidade dos soldados de Lomberna que viñan a ser arredor duns corenta.

Os cinco heroes da véspera repetiron polo menos dez veces cada un o relato da súa expedición e os seus compañeiros, aos que non se lles escapaba nada, babeaban e cos ollos brillantes reproducían os xestos e aplaudían freneticamente cada acontecemento.

E coa mesma, Leboreiro resumiu a situación nestes termos :

—Con isto han de ver estes se somos uns collóns moles ou non ! Pois ben, *tá* claro que han de vir esta tarde amosar os *fuciños* polos matos do Souto, por aquilo de buscar *gherra*, e nós habemos de *tar* alí *pa* recibilos como se debe. Teremos que coller todos os tiracroios. Non fai falta ir *carghados* coas porras, non nos interesa *cheghar* ás mans. Coa roupa de *dominco* temos que ter tino de non nos manchar moito, porque senón vainos caer unha boa cando volvamos *pá* casa. Habémoslles de dicir unhas cantas cousiñas...

A terceira badalada (a última) que soou con moita intensidade, botounos a andar e levounos, devagar, ao lugar de sempre nos banquiños da capela de San Xosé, simétrica á da Virxe onde sentaban as rapazas.

—Hostias ! —dixo Gorrión ao pasar debaixo do campanario— hoxe teño que axudarlle ao *cregho* na misa, e este corvo hame matar !

E sen perder o tempo en mergullar a man na pía da auga bendita, onde os compañeiros estaban a batuxar na auga ao pasaren, atravesou a nave a toda mecha para embutirse na sobrepeliz de turiferario ou de acólito. No momento do *Asperges me*, ao pasar por entre os bancos, levando o recipiente de auga bendita onde o cura mollaba o hisopo, non puido evitar botarlles unha ollada aos seus compañeiros de armas. Viu como Leboreiro lle amosaba a Pipote unha estampa que lle dera a irmá de Tintín e que representaba un tulipán ou un xeranio, a non ser que fose un pensamento onde sobresaía a palabra "souvenir" e chiscáballe o ollo cun aquel de don Xoán. Daquela Gorrión tamén se puxo a pensar en Tavia (de Octavia) a súa mociña, á que ultimamente lle regalara un pan de ovo nin máis nin menos ca de dous patacóns que mercara na feira de Vercel; un pan de ovo xeitosiño en forma de corazón recuberto de carameliños vermellos, azuis e marelos e cunha notiña que lle quedara á perfección e na que se podía ler :

Aos teus pés, poño o meu corazón

Doucho de todo corazón

Cólleo, corazón !

Buscouna coa vista na fila das nenas e decatouse de que estaba a mirar para el. A seriedade do seu oficio non lle permitía sorrir, mais o corazón comezoulle a latexar con forza e arrubiu lixeiramente; endereitouse e agarrou con forza o recipiente de auga bendita.

Este detalle non lle pasou desapercibido ao Sabichas que lle dixo a Tintín :

—Mira, mira que teso vai Gorrión !, véselfe ben que a Tavia lle entra polos olliños !

E á súa vez Gorrión pensaba :

—*Aghora* que comeza a escola ímonos ver máis a miúdo !

Si... pero acaban de declarar a guerra !

Á saída do oficio de vésperas, o gran Leboreiro reuniu as súas tropas e falou con voz de mando :

—Ide poñer as chaquetas, collede un anaco de pan e vémonos nos baixíos do Souto na canteira do Pepiño.

Sáíron voando coma unha bandada de gorrións e cinco minutos despois, correndo un detrás do outro co anaco de pan entre os dentes, reuníronse no lugar designado polo xeneral.

—Non podemos ir máis aló da curva do camiño —recomendou Leboreiro, consciente da súa responsabilidade e preocupado pola súa tropa.

—Daquela ti cres que van vir ?

—Serían uns *caghóns* se non o fixeran, — e engadiu para explicar a súa estratexia :

—Lembrede que *alghúns* deses *cagharrías* son moi rápidos, así que os cus pesados..., oíches Pipote ? Trátase de non se deixar pillar. Enchede os petos de croios e os máis feitiños dádellos aos que teñan tiratacos *lástico* e coidadiño con non os *straviar*. Imos subir ata a *Matogheira Ghrande*.

As chousas comunais do Souto, que se estenden desde o monte de Touro polo noroeste ata o monte de Belrán polo suroeste, conforman un rectángulo en talude cuns mil cincocentos metros de longo e oitocentos de ancho. Os lindes dos dous montes forman os lados pequenos do rectángulo; un valado de pedra reforzado por unha sebe que á súa vez está protexida por unha zona mesta de matogueiras, arredáo na parte baixa cara aos campos do final. Pola parte de arriba, o linde bastante impreciso está marcado por canteiras abandonadas, perdidas nunha banda de monte sen dono cunha vasta arboreda de abeleiras formando un monte baixo mesto que nunca se corta. De feito, todos os montes comunais están cubertos por matogueiras, fragas, bouzas, árbores illadas ou agrupadas que fan deste terreo o campo de batalla ideal.

Un camiño de ferro que vén da aldea de Lomberna rube paseniño en semidiagonal o rectángulo, logo, a cincuenta metros do linde do monte de Belrán dá unha revolta pronunciada para permitir que os vagóns acaden sen demasiados esforzos o cume da crista.

Un monte mesto de carballos, espiños, abruñeiros e abairas cobre todo o saínte da curva : chámasele a Matogueira Grande.

Bordean o camiño cara á parte de abaixo as canteiras a ceo aberto explotadas por Pepiño o Coxo, Iagho do Muíño, e algunhas veces Abel do Rato que ao estaren bébedos se autoproclaman *empersarios*.

Para os rapaces non son máis ca excelentes e inesgotables almacéns de aprovisionamento. Desde hai moitísimos anos, este era o terreo fatídico, a mesma distancia entre as dúas vilas, onde xeracións de lombernes e belránns se estiveron a dar boas tundas, a zoscar con porras e pedras; si, todos os anos no outono e no inverno a batalla volvía comezar.

Normalmente, os lombernes avanzaban ata invadir a curva do camiño aínda que o outro lado tamén pertencese á súa vila, así como o monte dos belránns, pero como este último estaba moi preto da vila inimiga, os adversarios empregábano como trincheira, retagarda e abrigo seguro en caso de persecución, cousa que cabreaba Leboreiro :

—Parece que sempre *tamos* invadidos, *cagho en D...* !

Pois ben, aínda non pasaran nin cinco minutos que acabaran o anaco de pan, cando Gorrión, o rubidor, aganchado e espreitante nas pólas dun carballo grande avisaba de movementos sospeitosos no linde inimigo.

—Eu que vos dicía, —dixo Leboreiro— *aghochádevos* ben, eh ! Que pensen que *tou* só ! Vounos encirrar ! Toupas ! Toupas ! Aquí me *tendes* ! e se *alghún* vén a por min ... zas !

Leboreiro, saíndo do seu agocho de espiños, comezou a seguinte conversa diplomática como adoitaba facer :

(Permítame neste momento o lector ou a lectora un inciso e un consello. O deber pola verdade histórica obrígame a empregar unha linguaxe que non é precisamente nin académica nin intelectual. Non sinto nin vergoña nin teño ningún escrúpulo en reproducila porque así mo autoriza o exemplo de Rabelais, o meu mestre. Con todo, como Fallières ou Béranger non se poden comparar con Francisco I, nin eu co meu ilustre modelo, porque entre outras cousas, os tempos mudaron, aconséllolles aos oídos delicados e ás almas sensibles que salten cinco ou seis páxinas. E volvo con Leboreiro :)

—Sae *daí caghondescola, culón, lacazán, prea* ! Se non es un *caghanetas* sae *pa* que che vexa eses *fuciños* cheos de *burmelas* ! Veña !

—Eh ! Morto de fame, déixate ver ti tamén ! —contestoulle o inimigo.

—É o Azteca dos Vaos, —dixo Gorrión— e tamén vexo a Fuciños, Rengo, Tato e Míghel de Lúa : hai unha chea deles.

Oída esta breve información, o gran Leboreiro, proseguiu :

—*Foches* ti, eh, *merdento*, o que lle chamou *collóns moles* aos lomberneses ! A min dáme que xa che demostrei que non eramos uns *collóns moles*. Seica vos fixeron falta moitos trapos *pa* borrar o que *scribín* na porta da vosa *ighrex*a. Uns *tinghiridainas* coma vós non serían quen de facer o que nós fixemos !

—Daquela *achéghate* un chisco xa *ques* tan listo, bardalleiro ! que non tes máis ca *lincoa*... e as *patañas pa liscare* ?

—A ver ho, polo menos, fai a metade do camiño, trapeiro !, que non te fixeches rico porque teu pai lle palpara os *collóns* ás vacas na feira ! (Sic)

—Pois anda que ti ! O cortello no que vivides está cheo de hipotecas !

—Hipoteca serás ti, eh ! arrastramerda ! Cando vas volver a coller o fusil do teu avó *pa* ir petando nas portas a *gholpe* de *Pater*, ho ?

—Aquí non pasa coma en Lomberna onde as *ghaliñas* morren de fame en plena colleita.

—Si ho, e aos belráns estóupanvos os piollos na cachola e non se sabe se de fame ou envelenados.

*Belrán*s,

*merdá*n

chupade aquí

e mamade na casa !

—¡Ohe !...¡ohe !...¡ohe ! —entoaron detrás do seu xefe o coro de guerreiros de Lomberna incapaces de disimular e conter por máis tempo o seu entusiasmo e a súa saña.

E o Azteca dos Vaos respondeu :

Lomberna,

pincha merda,

chupa merda,

e cando vaiades caghar,

que os demos vos dean por atrás.

O coro dos belráns aplaudiu freneticamente cuns uhs !, uhs ! prolongados e eufóricos.

Soltáronse descargas de insultos dunha banda e doutra entre refachos e trombas : logo os dous xefes igualmente alporizados por toda esa batería de insultos clásicos e modernos, seguiron :

—Cerralleiros de portas abertas !

—*Estranguladores de ghatos polo rabo* !²etc. etc —volvendo ao tempos de antes, botáronse en cara con todo o despropósito de sempre as acusacións máis abracadabrantes e mesquiñas do seu repertorio :

—Eh ! Acórdaste cando túa nai mexaba no caldo *pa* darlle sabor !

—E ti, cando a túa lle pedía ao capador os collóns de touro para poñerchos en ensalada !

—Carallo ho ! Acórdate do día en que teu pai dixo que mellor lle sería *criare* un porco ca un *langhrán* coma ti !

—E ti ! Cando túa nai dicía que prefería darlle de mamar a un bácoro ca á túa irmá, polo menos non criaría unha puta !

—Miña irmá —respondía o outro, que non tiña ningunha— bate *manteigha* pero cando bata merda... has vir ti *pa* lamberlle o pau; ou sabes qué tamén ? a miña irmá está ben *resghardada pa* que os *caghados* coma ti non a poidan montar.

—Tede tino, —avisou Gorrión—, velaí está Fuciños, tirando pedras co tiracroios !

En efecto, un croio subiu por enriba das cabezas seguido dunhas risiñas e pronto unha chuvía de proxectís esgazou o ceo dunha banda e doutra, mentres que o fluxo ascendente de injurias aumentaba sen parar, flutuando da Matogueira ao linde, sendo o repertorio duns e doutros tan abundante como exquisitamente escollido.

Mais era domingo e os dous bandos vestían as mellores galas. Ningún deles, nin xefes nin soldados, quería comprometer o seu atavío nun corpo a corpo perigoso. Así, toda a loita se cinguiu ese día ao intercambio de puntos de vista, se así lle podemos chamar, e ao duelo de artillería que non feriu a ninguén de gravidade nin dun lado nin do outro.

Cando soou a primeira badalada na igrexa de Belráns, o Azteca dos Vaos deu o sinal para volver, non sen antes agasallar os seus inimigos cunha derradeira aldraxe, un último croio e esta suprema provocación :

—Habémonos *de* ver mañá, eh, collóns moles de Lomberna !

² Nos meus tempos, aínda non se falaba de *chulo de discoteca* nin de “pijos”.

—*Lárghaste*, eh, *cagharrías* ! —chanceou Leboreiro— *agharda* un pouco ho, si, si, *agharda* a mañá, e vas ver o que ides levar ¡morea de lambecús !

E unha última descarga de pedras saudou o regreso dos belránns polo foxo do medio que era o camiño que facían normalmente de volta para a casa.

Os lombernes, ben porque o reloxo comunal atrasase ou ben porque a hora da misa se deixase para máis tarde, aproveitaron a retirada dos inimigos para determinar a estratexia de combate para o día seguinte.

Tintín tivo unha idea xenial, e dixo : —cinco ou *zeiz* de *nóz* terán que *agocharze neza* matogueira, *antez* de que elez cheguen e *zen* mover nin un pelo, e ao que *paze* por aquí *záltazelle* á chepa e levámolo *connozco*. O xefe da emboscada, nomeado ao momento, escolleu entre os máis afoutos os cinco que o debían acompañar mentres que os demais, atacarían de fronte. Logo, todos volveron para a vila co corpo fervendo de ardor guerreiro e con sede de vinganza.

UN GRAN DÍA

"Vae Victis !"

*O vello xefe dos
galos aos Romanos.*

Aquel luns pola mañá na clase as cousas foron mal, peor aínda ca o sábado. Gorrión, cominado por Don Simón a repetir na clase de instrución cívica a lección sobre o "cidadán" que se lle transmitira a antevéspera recibiu unhas invectivas que non tiñan ningunha graza.

Dos seus beizos non saía nada, a súa cara expresaba un esforzo intelectual similar ao dun parto terriblemente doloroso : parecía que se lle amolecera o cerebro.

—Cidadán !, Cidadán ! pensaban os outros, menos abraiados, que carallo pode ser iso !

—Eu señor ! —dixo o Sabichas facendo estalar o furabolos e o maior contra o escachapiollos.

—Non, vostede non ! —e dirixíndose a Gorrión, de pé, coa cabeza vacilante e a mirada perdida —Entón, vostede non sabe o que é un cidadán ?

—... !

—Van apandar todos cunha hora de castigo esta tarde. Todos sentiron baixar un calafrío polo carrelo.

—A ver, vostede, é un cidadán ? —preguntou o mestre que buscaba unha resposta a calquera prezo.

—Si, señor ! —respondeu Gorrión, lembrándose que unha vez asistira a un mitin electoral onde o señor marqués, o deputado, agasallaba os seus electores cun viño e dáballes un apertón de mans. Nesa ocasión, dixéralle ao pai de Gorrión :

—E este cidadán é o seu fillo ? Parece intelixente !

—É vostede un cidadán ! —bruou o outro, botando fume polas orellas !

Aviados estamos con este cidadán ! Vostede si que fai un bo cidadán !

—Non, señor, —corrixiu Gorrión— que despois de todo non quería posuír ese título.

—Daquela, dígame por que non é vostede un cidadán ?

—... !

—Dille, —murmurou o Sabichas, alporizado—, que porque aínda non *tes pelos no c...*

—Que di vostede, Sabichas ?

—Que... que... que...

—Que... qué ?

—Que porque el aínda é moi novo.

Acabáramos. A resposta do Sabichas provocou o efecto da auga de maio no deserto da súa memoria; os farrapos de frases, os anacos de calidade, as mingallas de cidadán, reaxustáronse, foron encaixando pouco a pouco, e o propio Gorrión, menos nervioso, agradecéndolle con todas as súas forzas a axuda ao Sabichas, o seu salvador, contribuíu a recompoñer o "cidadán" !

En fin, xa pasara. Pero cando chegou a corrección dos deberes do sistema métrico non foi ningunha broma. Preocupados como estaban a antevéspera, esqueceran, ao copiar os deberes, cambiar palabras e engadir a cantidade de faltas de ortografía que máis ou menos se correspondía á respectiva capacidade de cada un na materia, capacidade matematicamente dosificada a través de dous ditados cada semana. Pola contra, saltaran palabras, escribiran maiúsculas onde non facían falla, e puntuaran a treco, de xeito que aquilo non tiña sentido ningún. En concreto, os deberes de Leboreiro eran lamentables, probablemente debido ás súas grandes responsabilidades de xefe.

Ocorreu que Don Simón chamouno á palestra, o mestre estaba fóra de si; detrás das lentes, os ollos resplandecíanlle coma as pupilas dun gato na noite.

Era evidente que Leboreiro copiara, coma todos os demais por outro lado; isto non ofrecía ningunha dúbida, polo que resultaba inútil replicar; pero Don Simón quería comprobar se polo menos sacara algo en limpo con este exercicio en principio desterrado da pedagogía moderna.

—Defina o metro, Leboreiro.

—...

—Que é o sistema métrico ?

—... !

—Como se deduciu a lonxitude do metro ?

—Po... po...

Sabichas estaba demasiado lonxe, e Leboreiro, coas orellas ao axexo, a fronte tan engurrada que non lle daba máis de si, suaba a fío para lembrar algunha noción que tivese que ver co tema. Ao final, recordou vagamente, pero moi vagamente, dous nomes propios citados : Delambre e Condamine, coñecidos medidores de anacos de meridiano. Lamentablemente, na súa memoria, Delambre asociábase coas pipas de espuma

expostas no escaparate de León, o estanqueiro. Así, aventurou, con todas as dúbidas que se podían agardar en tan difícil transo :

—Eh, é espuma, exputa... esputo !

—Quen !, o que ! —dixo Don Simón no paroxismo do seu ataque colérico — Resulta que agora dásele insultar os sabios ! Ten vostede unha cara ben dura e un repertorio ben bonito, si, señor ! Os meus parabéns meu amigo !

Non sabe vostede, —engadiu, para rematar co pobre desgraciado— non sabe vostede que o seu señor pai me pediu que o vixiase. Parece ser que vostede é un preguiceiro e non move nin unha palla na casa. Andando por aí adiante todo o día en vez de se preocupar en desoxidar o cerebro eh ! baldreo, larchán, rufián...

Pois ben, amiguíño ! se ás once non me di todo o que vou repetir para vostede e para os seus compañeiros, que dito sexa de paso, non valen moito máis ca vostede, asegúrolle que se quedará aquí todas as tardes de catro a seis, ata que o aprenda ! Entendido ? O lóstrego de Zeus caendo sobre a clase non tería producido un abraio tan forte. Con esta terrible ameaza ficaron todos sumidos na máis absoluta das miserias. Ese día tanto Leboreiro coma os demais, do máis grande ao máis pequeno, beberon cunha desmesurada atención as palabras do mestre que expuña con carraxe, os abusos dos antigos sistemas de pesos e medidas e a necesidade dun sistema único. E a pesar de non aprobar interiormente a medición do meridiano Dunkerke-Barcelona e alegrarse polos problemas de Delambre e os p... reveses de Méchain, retiveron co máximo coidado os detalles e as peripecias polo seu propio ben e a inmediata salvación. Pero Gorrión, Leboreiro, Tintín, o Sabichas, partidario do "Progreso", e o resto, xuraron e perxuraron pola virxe do Carme, que en recordo deste terrible susto, sempre habían de medir en pés e polgadas, como fixeran seus pais e avós, a quen non lles fora tan mal (esa si que era boa !) en troques de empregar este condenado sistema *burricán* que case os fixera quedar coma uns cagados aos ollos dos seus inimigos.

A tarde foi máis tranquila. Aprenderan a historia dos Galos que eran tan bos guerreiros e eles tanto admiraban.

Deste xeito, nin Leboreiro, nin Gorrión nin ninguén quedou castigado ás catro, xa que todos, e o xefe sobre todo, fixeran ímprobos esforzos para agradar a esa mala pécora de Don Simón.

Esta vez ían ver.

Tintín e os seus cinco guerreiros, que a mediodía tiveran a sabia precaución de meter a merenda nos petos, tomaron a dianteira mentres que os outros ían buscar o seu

anaco de pan, e así cando estiveron diante dos inimigos e soou o berro de guerra de Lomberna "Abaixo os belrán !", eles xa estaban hábil e comodamente agochados, preparados para todas as peripecias da pelexa corpo a corpo.

Todos levaban os petos ateigados de croios, algúns incluso os levaban nos puchos ou nos panos de man; os que tiñan tirafondas aseguraban os nós da súa arma con moito tino; a maioría dos grandes ían armados con cachaporras de espiñas ou con lanzas de abeleira cos nós pulidos ao lume e con puntas endurecidas; algunhas adobiábanse con inxenuos debuxos obtidos a base de talladas na cortiza; aneis verdes e brancos alternábanse deseñando unhas listas coma as das cebras ou as tatuaxes dos negros; era sólido e bonito segundo Pipote cuxo gusto quizais non fose tan refinado coma a punta da súa lanza. Despois de que as vangardas entrasen en contacto por medio de recíprocas descargas de insultos e un intercambio satisfactorio de pedrols, o groso dos dous exércitos enfrontouse.

Con a penas cincuenta metros de separación uns dos outros, espallados coma se fosen francotiradores, agochándose ás veces detrás das matogueiras, brincando dun lado para o outro co fin de se protexer dos proxectís, os adversarios desafiábanse, inxuriábanse, invitaban a achegarse, chamábanse covardes e *caghanetas* e logo machacábanse a pedradas, para logo volver comezar.

Pero ningún levaba a dianteira con claridade, ora eran os belrán os que levaban a iniciativa, ora de socato os lombernes por medio dun golpe audaz pasaban a levar vantaxe erguendo ao vento as cachaporras, pero logo arredábanse diante dunha chuvia de croios.

Porén, un dos belrán recibiu unha pedrada no nocello e volveu ao monte ranqueando; pola banda dos lombernes, Gorrión empoleirado no seu carballo desde onde manexaba o tirafondas cunha destreza de mono, non puido esquivar a pedrada dun belrán en plena testa —a pareceulle que fora Fuciños— que o deixara todo ensanguentado. Mesmo se viu obrigado a baixar e pedir un pano para vendar a ferida, pero non se perfilaba un desenlace preciso. A pesar de todo, Chapletón emperrábase en levar á práctica a emboscada de Tintín e polo menos deixar a un deles quente —dicía. Así, despois de lle comunicar a súa intención a Leboreiro, fixo o ademán de entrar só na matogueira ocupada por Tintín para atacar o inimigo polo flanco e fixo todo o posible para que o visen algúns guerreiros belrán, simulando non se decatarse da súa manobra. Comezou a arrastrarse e a andar a catro patas pola parte de arriba e escangallouse de risa cando viu como Miguel de Lúa e outros dous belrán se puñan de acordo para atacalo,

convencidos da súa forza colectiva fronte a un individuo illado. El seguiu, cara a adiante imprudentemente mentres que os tres contrarios, pola súa banda, xa estaban a rentes del.

Nese momento, Leboreiro ceibaba un vigoroso ataque para ocuparse do groso da tropa inimiga e Tintín, que controlaba todo desde a matogueira, preparaba os seus homes para a acción :

—Aí voz veñen, *compañeiros*, atención !

Chapletón estaba a seis pasos da retagarda do lado dos belrán, cando os tres inimigos, xurdindo de socato de entre as matogueiras, abalanzáronse furibundos na súa persecución. Simulando estar sorprendido polo ataque, o lombernés deu media volta e bateuse en retirada, pero o suficientemente amodo como para que estes gañasen terreo e cresen que o ían pillar.

Deseguido, pasou de novo pola matogueira onde estaba Tintín, seguido de moi preto por Miguel de Lúa e os seus acólitos.

Daquela Tintín deu o sinal para o ataque, saltou canda os seus cinco guerreiros e cortoulles a retirada aos belrán mentres berraba coma un tolo.

—A por Miguel de Lúa !

Ah ! o asunto desenvolveuse coma a seda.

Ante este inesperado golpe de efecto, os tres inimigos paralizados de medo, detivéronse de súpeto, deron media volta para regresar ao seu campo e dous deles escaparon, tal e como o tiña previsto Tintín. Pero a Miguel de Lúa caéronlle enriba seis pares de gadoupas, atrapárono e levárono coma un paquete ao campo de Lomberna entre as aclamacións e os berros de guerra dos vencedores.

Produciuse un desconcerto total no exército dos belrán que se bateu en retirada cara ao bosque mentres que os lombernes, arrodeando o seu prisioneiro, celebraban a toda voz a súa vitoria. Miguel de Lúa rodeado por catro ringleiras de gardas, case non se resistía, desfeito polos acontecementos.

—Que *amighiño*, seica nos pillaron ! —dixo o gran Leboreiro, nun ton sinistro—, espera un pouquiño e verás.

—Veña oh !, veña non me *faghades* nada oh ! —tatexou Miguel de Lúa.

—Si, si, *pa* que nos *sighas* chamando merdentos e collóns moles.

—Eu non fun ! Xúrovoló ! Que me ides *facere* ?

—Traédeme unha navalla, —ordenou Leboreiro.

—Ai, miña madriña ! Ai, miña mamaíña ! Que me queredes *cortare* ?

—Az *orellaz*, —berroulle Tintín.

—E o nariz, —engadiu Gorrión.

—E o pito, —continuou o Sabichas.

—Sen esquecer os collonciños, —completou Leboreiro— imos ver se ti os tes moles !

—Antes de cortar haberá que atarllos, como se fai cos cuchos, —aconsellou Gambeta, que aparentemente xa tiña asistido a este tipo de operacións.

—Por suposto ! quen ten o cordón ?

—Aí vai —respondeu Chapletiñas.

—Non me manquedes que llo *digho* á miña nai, —laiouse o prisioneiro.

—Paso tanto de túa nai coma do Papa, —respondeulle Leboreiro cinicamente.

—E ao señor cura ! —engadiu Miguel de Lúa estarecido.

—Repítoche que paso de todos eles, oíches.

—E ao mestre, —insistiu, choscando os ollos máis ca nunca.

—Que lle dean !

—Ai, oh, moi bonito, por enriba aínda nos vés con ameazas ! Aviados che *tamos* ! *Agharda* un pouco, cabrón. Pasádeme a capadoira !

E, coa navalla na man, Leboreiro abordou a súa vítima.

Primeiro non fixo máis ca pasar o lombo da navalla polas orellas de Miguel de Lúa, quen ao contacto co metal pensou que era de verdade e deu en choromicar e logo en berrar; deseguido, Leboreiro, satisfeito, non seguiu por este camiño e púxose a "afiarlle" limpamente a roupa, como el dicía.

Comezou polo mandilón; arrincoulle os corchetes metálicos do colo, cortoulle os botóns das mangas, así como os que abotoaban a parte dianteira do mandilón e logo esgazoulle os ollais. Gorrión, sacoulle esa prenda que se vovera inútil. Os botóns e os ollais do xersei levaron o mesmo camiño, os tirantes tampouco se salvaron da depredación e, logo, acabaron arrincándolle o xersei. Despois, pasaron á camisa : desde o colo ata abaixo, sen esquecer as mangas, non se salvou ningún botón nin ningún ollal; a limpeza continuou co pantalón ao non se lle deixou nada : presillas, fibelas, petos, botóns e ollais tamén; as xarreteiras elásticas que termaban dos calcetíns fóronlle confiscadas e os cordóns dos zapatos cortados en trinta e seis anacos.

—Seica non tes *canzoncillo* ! —exclamou Leboreiro, comprobando o interior dos pantalóns, que xa os tiña nos xeonllos.

—Moi ben, e *aghora, lárghate* ! —dixo.

E coma un honrado xuíz que, baixo un réxime republicano, sen xenreira nin temor, obedecese unicamente aos mandatos da súa conciencia, non lle propinou máis ca un sólido e vigoroso patadón que foi dar no lugar onde o lombo perde o seu nome.

Non había nada que termase da roupa de Miguel de Lúa, e este miserento e cativo choraba no medio dos inimigos que se chufaban del e o apupaban.

—Ven collerme *aghora*, machote ! —berrou Chapletón, retranqueiro, mentres que o outro intentaba en van someter as faldras da camisa esgazada no pantalón e vestir o mandilón que lle colgaba dun lado sobre o xersei que xa non abotoaba.

—Vai ver o que che quere dicir *aghora* túa nai, —rematou Gorrión, volvendo a poñer o dedo na chaga.

E paseniño, co serán que remataba, arrastrando os pés que malamente termaban os zapatos sen cordóns, Miguel de Lúa, chorando, saloucando e laiándose xuntouse no bosque cos seus camaradas que o agardaban con ansiedade. Arrodeárono e axudárono tanto como as circunstancias o permitían.

E alá, no levante onde case non se distinguía o seu grupo invadido polo crepúsculo, bradaban os berros de triunfo e os insultos malévolos dos lombernes vitoriosos.

Finalmente, Leboreiro resumiu a situación :

—Moi ben ! Xa teñen o que merecen ! A ver se así aprenden, eses cabróns !

Logo, como non ocorría nada no linde, sendo ese día definitivamente seu, foron devalando polas chousas comunais do Souto ata a canteira do Pepiño.

E marcharon ás ordes do seu xefe, cadrando e marcando o paso, cara a Lomberna, cantando a peito partido, en ringleiras de seis, brazos arriba e brazos abaixo, Leboreiro de lado, brandindo a cachaporra e Gorrión na vangarda empregando o seu pano de man ensanguentado como bandeira na punta da súa cachaporra de batalla.

A vitoria canta

Ábrindonos a barreira

A liberdade guía os nosos pasos

E de norte a sur a trompeta gherreira

Soou para os combates.

OS PRIMEIROS REVESES

Rodeáronme coma unha besta e coidan que me teñen preso nas súas redes. Eu quero atravesalos ou pasarlles por enriba.

Enrique IV (Carta ao Sr. de Batz, gobernador da vila de Euse, en Armagnac, 11 de marzo de 1586)

Os días que seguiron esta memorable vitoria foron máis tranquilos. O gran Leboreiro e a súa tropa, confiados no seu éxito, mantiñan a vantaxe e lanzaban cargas terribles que facían tremar e recuar os belránas ata o linde entre unha tormenta de croios. Ían equipados coas súas lanzas de abraira afiadas con coitelo e pulidas con cristal, así como con sabres de madeira cuxa empuñadura era de arame recuberta cun cordel de esparto; prudente, Miguel de Lúa quedaba na retagarda e non houbo nin reféns nin feridos.

Isto puido continuar así durante moito tempo, mais para a desgraza de Lomberna, a clase do sábado pola mañá foi desastrosa. O gran Leboreiro, que con todo, tentara meterse na chenchos os múltiplos e submúltiplos do metro, confiado na palabra de Don Simón, que dixerá que cando se aprendía para un tipo de medidas xa se aprendía para todas, non quixo escoitar cando se lle dixo que o quilolitro e o mirialitro non existían.

Embarullou tan ben o hectolitro co celamín e o cuartillo, así como os seus coñecementos académicos coa súa experiencia persoal que se vía claramente e sen posibilidade de escapatoria, castigado de catro a cinco da tarde primeiro, e mesmo máis tempo se fose preciso, se non daba cumprida satisfacción ás esixencias recitatorias do mestre.

Que mamón podía chegar a ser Don Simón cando se lle metía algo entre cella e cella !

A mala sorte quixo que tanto Tintín, como Chapletón e Pipote se atopasen na mesma situación ca el. Non quedaba máis ca Gorrión, que se zafara e o Sabichas que sempre sabía todo para conducir a tropa de Lomberna, reducida de seu pola ausencia de Gambeta, que non viñera ese día porque tivera que levar a cabra ao castrón e algúns máis que se viran na obriga de volver a casa para o baño semanal.

—Ao mellor era mellor non ir esta tarde ? —aventurou Leboreiro, pensativo.

Gorrión deu un chimpó — Non ir ! Ten cada ocorrencia este xeneral ! Pero quen se cre que son eu ? Quere que quedemos coma uns *caghainas*, ou que ?

Leboreiro, sorprendido, rendeuse ante tales razóns e quedou en que tan pronto como fose liberado el, Tintín, Pipote e Chapletón (e deixarían os miolos no esforzo) habíanse de achegar ao posto de combate.

Pero estaba inquieto. Como o amolaba a situación ! merda ! que el, o xefe non puidese estar alí para dirixir a manobra nun día que se adiviñaba complicado.

Gorrión tranquilizouno, e despois dunha breve despedida, ás catro en punto liscou, franqueado polos seus guerreiros cara ao campo de batalla. Non obstante, a nova responsabilidade facíao pensar, e preocupado por non se sabe moi ben que, non caeu na conta de agochar os seus homes antes de chegar á trinchera da Matogueira Grande.

Por outra banda, os que se adiantaran foran os belrán. Sorprendidos de non ver a ninguén, encargáranlle a Fuciños que rubise a unha árbore e dese contas da situación.

Fuciños, desde a súa faia, viu como a tropiña avanzaba imprudentemente polo camiño e unha ledicia desbordante e silenciosa que inundou todo o seu ser, fixo que se retorcese coma unha anguía dentro dunha rede.

Informou inmediatamente os seus compañeiros da inferioridade numérica do inimigo e da ausencia do gran Leboreiro.

O Azteca dos Vaos, que non pedía máis ca vingar Miguel de Lúa, ideou ao momento un plan de ataque e expúxoo :

Primeiro ían facer coma se nada, enfrontaríanse coma sempre, avanzarían, logo recuarían, avanzarían outra vez ata a metade do camiño, e despois de simular unha retirada, volverían todos en tromba ao campo inimigo, mallar nos que se resistisen, capturar todos os prisioneiros que puidesen, e traelos ao linde onde sufrirían a sorte dos vencidos.

Quedaba claro que cando dese o berro de guerra : *A por eses caghanetas* todos o seguirían brandindo a cachaporra.

Aínda non baixara ben Fuciños da faia cando a gorxa de Gorrión emitiu o desafío de costume desde o centro da Matogueira Grande : *A polos belrán !* e a batalla comezou coma decote.

Como xeneral, Gorrión debería ter quedado en terra dirixindo o seu exército, pero o costume, o condenado costume de agatuñar pola árbore fixo calar todos os escrúpulos de comandante en xefe e rubiu polo carballo para lanzar desde arriba os proxectís contra as filas adversarias.

Instalado nun gallo escollido con moito tino, axustou o punto de mira estirando a goma, co coiro no medio a medio e as tiras de caucho igualadas soltou o proxectil que saía asubiando polo lado dos belránns esgazando follas ou chocando contra un tronco e facendo *toc*.

Gorrión pensaba que as cousas ocorrerían coma os días precedentes e non sospeitaba en ningún momento que os outros fosen tentar un ataque e lanzar unha carga porque cada agarrada, desde o inicio das hostilidades, acabara nunha derrota ou nunha retirada por parte deles.

Durante media hora todo foi ben. Tiña o sentimento do deber cumprido e estaba tranquilo porque empregaba sensatamente os seus croios, pero tras oír o berro do Azteca, viu que a horda dos belránns chegaba con tal velocidade, ardor, impetuosidade e seguridade que quedou cravado na súa póla sen poder dicir *hoste nin moste*.

Os seus guerreiros, despois de oír ese tremendo estrondo e ver aquela demostración de forza con chuzos e cachaporras, ficaron abraiados, desmoralizados e batéronse en retirada ao momento. Liscaron cara á canteira do Iagho, a fume de carozo, cos pés golpeándolles as cachas e sen se atrever a virar a cabeza, crendo que tiñan na chepa a todo o exército inimigo.

Malia a superioridade numérica, a columna dos belránns reduciu o paso cando chegou á Matogueira Grande temendo algún croio desesperado, pero como non recibía nada, entrou con valentía na espesura da matogueira e comezou a bater o campo.

Que mala pata ! non se vía nada, non se atopaba a ninguén e xa o Azteca estaba a refungar cando descubriu o niño de Gorrión, anicado na súa árbore coma un esquíu sorprendido.

Oíuse entón un ohhhh ! de triunfo ao velo e felicitándose a si mesmo de que o asalto non fose inútil, ordenoulle baixar inmediatamente.

Gorrión, que sabía a sorte que o agardaba se abandonaba o seu niño e como aínda tiña algúns croios no peto, respondeu á inxuriosa orde que antes morrería pero non se rendería, como o dixeran o célebre xeneral de Cambronne.

Estaba a escaravellar os petos do pantalón, cando Azteca, sen reiterar a súa invitación descortés, ordenoulle aos seus homes que *cazasen aquel moucho* a pedradas.

Aínda non preparara o tirafondas cando unha chuvia de croios xa o estaba lapidando : Gorrión cruzou os brazos diante da cara para protexer os ollos coas mans.

Por sorte para el, moitos dos belránns fallaban os tiros precipitados como estaban no lanzamento dos proxectís, pero estes só eran uns poucos porque había moitos

que atinaban : Pumba, no lombo ! pumba, nos fociños ! pumba na rabadilla ! pumba nas pernas ! chupa esta, bonitoño !

—Xa baixarás, ho ! xa baixarás, miña xoia ! —dicía o Azteca. E de feito xa non lle daban as mans para ampararse e fregarse. Íase render sen condicións, cando o berro de guerra e o abraiante bramido do seu xefe que traía as súas hostes de volta ao combate o liberou do terrible suplicio como por encantamento.

Devagar, primeiro apartou un brazo e logo outro, apalpouse e mirou...e.. o que viu... Hostiaaas ! Hostiaaas ! O exército de Lomberna, sen folgos e berrando, chegaba á Matogueira Grande con Tintín e Chapletón á cabeza mentres que no linde dos belránz, en tropel, arrastraban e levaban prisioneiro a Leboreiro.

—Leboreiro ! Leboreiro ! *Me cagho na puta*, Leboreiro ! —laiábase Gorrión—. Como puido ocorrer ? *Me cagho na puta e na nai que a pariu !*

A maldición desesperada de Gorrión resoou na banda de Lomberna que chegaba ao seu rescate.

—Leboreiro ! —chamou Tintín— Non *ztá* aí ? E contou : *ztaban* a chegar na parte baixa do Zouto, cando viu *que oz nozoz zcapaban* coma *lebrez, lanzouze e díxollez* : —Alto aí ! De onde *videz* ? e Gorrión ?

—Gorrión non *zei* que *raioz* fixo e *ztá* empoleirado no *zeu* carballo.

—E *Zabichaz* ?

—*Zabichaz* ?... Non *zabemoz* !

—E *vóz deixádeloz azí* ? *Me cagho en tal ! prizioneiros doz belránz*, non *tedez* collo... ! *Vamoz ! Veña ! Adiante !*

Daquela *largouze e fomez detraz* del berrando pero el ía vinte *pazoz máiz* adiante ca *nóz e elez*, *zeguro, zeguro que* o pinzaron.

—Ai, si ho, pillárono ! *Cagho* no demo ! —maldiciu Gorrión, sufocado, baixando do carballo.

—Non quedemos aquí coma parvos ! Hai que liberalo !

—Son o dobre ca nós, —observou un dos fuxidos que se volvera prudente—, de *seghuro* que *índa* han pescar *alghún* máis se imos e iso é o que imos *ghañar*. Como somos tan poucos non nos queda máis ca *sperar*. Despois de todo tampouco o van comer.

—Non, —razoou Gorrión—, pero os seus botóns ? E pensar que todo iso foi *pra* me *liberar* ! Ai, que mala sorte ! Tiña razón cando nos dicía que non viñésemos hoxe. Sempre lle hai que facer caso ao xefe !

—*Pro* onde está o Sabichas ho ? *Ninghién* viu o Sabichas ? Sabes se o capturaron ?

—Non, —dixo Gorrión— penso que non, eu non vin que o levasen, debeu fuxir polas *matogheiras* da parte alta...

Mentres os lombernes se queixaban e Gorrión, no desarraigo da desfeita, recoñecía as vantaxes e a necesidade dunha disciplina férrea, oíuse a chamada dunha perdiz que os estremeceu.

—É o Sabichas, —dixo Chapletón.

En efecto, era el, agochárase no momento do asalto coma un raposo polas matogheiras e fora quen de escapar dos belrán. Viña da parte alta do monte e seguro que vira algo porque dixo : — Ai, ai, ai, compañeiros !, a que está levando Leboreiro ! Non vin moi ben, pero estábanlle zoscando duro !

Botouse a requisar entre o grupo cordas e alfinetes para termarlle da roupa do xeneral que de seguro non había de saír ben librado.

E, en efecto, no linde estíbese desenvolvendo unha escena terrible.

Primeiro envolto, enrolado, arrebolado polo remuíño dos adversarios ata o punto de non chegar a entender nada, o gran Leboreiro recuperouse un pouco e volveu en si e, cando o quixeron tratar coma un prisioneiro e se achegaron a el navalla en man, demostroulles a eses *lambecús* quen era un lombernés.

Coa cabeza, cos pés, coas mans, cos cóbados, cos xeonllos, cos cadrís e cos dentes, mallaba, couceaba, saltaba, losqueaba, zoscaba, boxeaba, mordía, defendíase con todas as súas forzas, derrubaba a uns, esgazaba a outros, deixáballe un ollo morado a este, cruzáballe a cara a aquel, esmagaba a un terceiro e pum por aquí e pumba por alá, e zas noutro lado, de tal xeito que, deixando media manga do mandilón no combate, íase desembarazando do fato inimigo e xa se estaba botando a correr cara a Lomberna cun pulo irresistible, cando unha cambadela traidora de Miguel de Lúa o tirou ao chan e deu cos fociños nunha toupeira cos brazos cara a adiante e a boca aberta.

Non puido dicir nin chío, e antes de que lle dese tempo a pensar en pórse de pé, doce rapaces precipitáronse dereitiño sobre el e paf ! e paf ! e pum ! e pumba ! agarrárono polas catro extremidades, mentres que un deles o rexistraba, lle confiscaba a navalla e o amordazaba co seu propio pano de man.

O Azteca, que dirixía a manobra, deulle a Miguel de Lúa, o salvador da situación, unha vara de abeleira e recomendoulle —precaución inútil— que arrease máis forte cada vez que o outro fixese o máis mínimo movemento. De feito, Leboreiro non

era home a se deixar apoucar e así foi como logo se lle puxeron as cachas todas mazadas de xeito que se tivo que tranquilizar.

—Apanda con esta, porco ! —dicía Miguel de Lúa— Así que me querías cortar o pito e os collóns ehh ! e se... e se chos cortamos a ti *aghora* !

Evidentemente, non llos cortaron, pero non quedou ningún botón, nin ollal, nin corchete, nin cordón que escapase á súa avaricia vingadora e Leboreiro, vencido, despojado e mallado, ficou libre e no mesmo estado lamentable que quedara Miguel de Lúa había cinco días. Pero o lombernés non *chorimicaba* coma o belrán, tiña espírito de xefe e el aínda que botase escuma pola boca da carraxe que levaba dentro, non semellaba sentir dor física. Así, cando quitou a mordaza, non dubidou en cuspirles aos verdugos virulentas invectivas e soltar o seu incoercible desprezo e a súa xenreira vivaz, pero falara demasiado pronto e a horda vitoriosa, segura de telo á súa mercé, volveulle a zorregar uns bos cachaporracos e a dar unhas cantas patadas máis. Daquela, Leboreiro, vencido unha vez máis, consumido pola rabia e a desesperación, bébedo de xenreira e de desexo de vinganza, marchou de alí coa cara desencaixada, deu uns pasos e logo deixouse caer detrás dunha matogueira como para chorar a pracer ou para buscar algunhas espiñas que lle permitisen aguantar o pantalón nos cadrís.

Dominouno un xenio tolo : patexou, apertou os puños, retrincou os dentes, mordeu a terra e logo coma se este beixo acedo lle inspirase algo subitamente, parou en seco.

As cores cobres do solpor baixaban a través das pólas semiespidas do bosque, ancheándose no horizonte, amplificando as liñas e ennobrecendo a paisaxe vivificada por unha lufada.

Os cans das casas ladraban tirando canto podían das súas cadeas, un corvo chamaba polos compañeiros para a retirada; os belráns calaron e non se oía nada dos lombernes.

Leboreiro, agochado detrás da matogueira, descalzouse (era doado) meteu o que quedaba dos calcetíns nos zapatos viúvos de cordóns, quitou o xerse e o calzón, envolveunos xuntos arredor dos zapatos e logo meteuno todo no mandilón co que acabou facendo un fardelo atado polas puntas e só conservou enriba a camisa cuxas faldras ondeaban ao vento.

Entón, collendo o fardiño nunha man e coa outra remangando a camisa, púxose de pé dun golpe, fronte a todo o exército inimigo e deu en insultar os vencedores, chamándolles vacas, porcos, cabróns e covardes; acabou por amosarlles o cu sinalándoo

cun dedo enérxico e largouse correndo co solpor, perseguido polas imprecacións dos belrán e coa consabida sarabiada de croios que zoaban nos seus oídos.

AS CONSECUENCIAS DUN DESASTRE

Golpe tras golpe. Dó tras dó. Ah ! o esforzo é maior.

Victor Hugo (*L'année terrible*).

Teñen boa razón os que din que unha desgraza nunca vén soa ! O Sabichas foi quen había de formular este aforismo, malia non ser o seu autor.

Cando Leboreiro chegou á curva do camiño do Souto, xurando e berrando contra os *lambecús* dos belrán, con pelos, camisa e demais ao vento, en vez de se atopar cos compañeiros, deu co tío Cefirino un vello soldado de África ao que alumaban Beduíno. Desenvolvía a modesta tarefa de gardamontes, función que quedaba patente por outro lado na placa marela ben lustrada que brillaba entre os pregues do seu mandilón azul, sempre impecable.

Por sorte para Leboreiro, Beduíno, representante da forza pública en Lomberna, estaba algo xordo e tampouco vía moi ben.

Ao volver da súa vixilancia diaria ou case diaria tivera que facer un alto no camiño ao ouvir os berros de guerra de Leboreiro mentres este se debatía a porrazos cos belrán.

Como daba a casualidade de que xa fora vítima das burlas e xogadas dalgúns *pillabáns* da vila, non dubidou nin un segundo de que aquelas invectivas virulentas do fuxido en coiros ían dirixidas cara a el. A cada paso, íanse confirmando máis as súas sospeitas, sobre todo cando oíu, entre outras, as palabras de *porco* e *merdán* que na súa cabeceira cadrada e lóxica, só se podían aplicar a un representante da lei.

Decidido a castigar o insolente —o deber ante todo — que atentaba contra os bos costumes e asemade contra a súa dignidade de maxistrado, foi detrás del para pillalo ou polo menos recoñecelo co fin de que *a quen corresponder* lle administrase a malleira que, segundo el, merecía.

Pola súa banda, Leboreiro tamén vira a Beduíno mais ao decatarse das súas intencións hostís tras oírle berrar "larchán", atallou á esquerda de socato cara á zona alta do monte e desapareceu entre as matogueiras mentres o outro berraba coma un tolo brandindo o seu bastón :

—Moinante ! Como te colla !

Agochados na Matogueira Grande e abraidos pola inesperada aparición, os lomberneses seguían a persecución de Beduíno cos ollos abertos como pratos.

—É el ! si, si, é el ! —dixo o Sabichas ao ver o seu xefe.

—*Fíxollez* unha boa xogada ! —observou Tintín— Que tipo ! —a inflexión da súa voz denotaba toda a admiración que lle profesaba ao xeneral.

—Canto máis nos vai amolar o vello este, oh ? —dixo Gorrión fregando as feridas coas palmas das mans secas e calosas, mentres matinaba en enviar a Tintín e ao Sabichas para que atraesen a Beduíno fóra do lugar onde se tiña que agochar Leboreiro, botando unha serie de epítetos coloreados e fortes como : vello verde, pedorretas, maricón, sifilítico africano e outros que aprenderan escoitando as conversas entre os vellos do lugar.

Pero non fixo falta chegar aí porque o vello soldado pronto volveu a descender polo camiño xurando contra eses moinantes aos que lles había dar un bo tirón de orellas e mandar ao hospital un día destes para que lles fixesen compañía aos ratos do soto durante un par de horas.

Gorrión imitou inmediatamente o canto da perdiz como sinal de reagrupamento de Lomberna e despois da resposta que lle chegou, emitiulle tres novos asubíos consecutivos ao seu amigo acurrado para indicarlle que non había mouros na costa.

Detrás das matogueiras, axiña se foi achegando a silueta indecisa e branca de Leboreiro co seu fardelo na man e os trazos da súa cara desencaixada pola carraxe.

—Que tal ho ? que tal, meu ?

Foi todo o que puido articular Gorrión, quen con bágoas nos ollos e os dentes apertados, brandiu un puño ameazador en dirección dos belrán.

Logo, arrodearon a Leboreiro.

Entre os membros da banda, requisáronse todos os cordóns e corchetes para que Leboreiro puidese arranxar algo a roupa e volver á vila o máis presentable posible.

Nun zapato puxéronlle unha corda de látigo, no outro un anaco da empuñadura dunha espada; con anacos de soga suxeitáronlle os calcetíns nos xeonllos e atoparon un imperdible para unir a petrina. O propio Gorrión, nun arrouto de sacrificio, quería desfacer o seu tirafonda de *ghoma* para que lle servise de cinto ao seu xefe, pero o outro opúxose nobremente a tal acción e cunhas espiñas pecharon os buracos máis grandes. Por desgraza, o mandilón colgáballe bastante por atrás, a camisa bocexáballe irremediabilmente polo pescozo e a manga esgazada á que lle faltaba un anaco constituía a irremediable testemuña da terrible loita que mantivera o guerreiro.

Cando estivo máis ou menos arranxado e despois de botarlle unha ollada morriñenta á súa estrafalaria indumentaria e estimar o número de patadas no cu que lle

custaría o adobío, resumiu as súas aprehensións cunha frase lapidaria que estremeceu ata a última fibra dos soldados :

—Miña madriña ! que tunda me *agharda* na casa !

Un silencio sombrío acolleu esta premonición. Evidentemente para o grupo non había ningún tipo de obxección que facer e coa noite que avanzaba produciuse o lamentable e silencioso regreso cara á vila.

Foi ben diferente esta volta a casa respecto á do luns anterior !

A noite silandeira e pesada aumentaba a súa tristura, nin unha estrela se elevaba nas nubes que invadiran de socato o ceo, os valados grises que bordeaban o camiño semellaban seguir en silencio a súa desfeita, as pólas dos arbustos pendían coma as do salgueiro chorón, mentres que eles andaban arrastrando os pés coma se as solas dos zapatos recibisen todo o peso da dor humana e da morriña do outono.

Ningún deles dicía nada para non empeorar as dolorosas preocupacións do xefe vencido e para aumentar aínda máis a súa pena, chegáballe co vento do suroeste o canto de vitoria dos belránns triunfantes que volvían para a casa.

*Eu son cristián, velaí a miña ghloria,
A miña esperanza e o meu sustento...*

En efecto, os belránns eran beatos e os lomberneses roxos.

Pararon no Tileiro Grande coma sempre e Leboreiro rompeu o silencio :

—Quedamos *pa* mañá pola mañá preto do lavadoiro ao *seghundo* repenique *pá* misa —dixo cunha voz que procuraba manter firme, pero que denotaba a través do seu tremor, a anguria que o esperaba polo futuro negro e incerto ou mellor dito moi certo.

—Si —responderon os outros simplemente, e Gorrión, o lapidado, achegóuselle para lle dar a man en silencio, mentres a tropiña se espallaba rapidiño polos sendeiros e camiños que os levaban aos seus respectivos domicilios.

Cando Leboreiro chegou á casa do seu pai, preto da fonte do alto, viu o candil de petróleo acendido no cuarto do pote e a través dunha físgoa das cortinas, observou como a súa familia xa estaba ceando.

Foi entón cando se estremeceu pois tal constatación cortaba de raíz as súas últimas esperanzas de non ser visto levando unha vestimenta máis ben desleixada por causa dun fatal destino.

Pero tamén se deu conta de que tarde ou cedo ía ter que entrar, e disposto a aguantar estoicamente todo o que lle botasen, ergueu o ferrollo da cociña, atravesou a estancia e empurrou a porta do cuarto do pote.

O pai de Leboreiro dáballe unha grande importancia á *instrución* na medida en que el estaba completamente desprovista dela. Así, cando comezaba o curso escolar, esixíalle ao seu fillo unha aplicación no estudo que non era directamente proporcional respecto das aptitudes intelectuais do alumno Leboreiro. De cando en vez, ía falar do tema con Don Simón e pedíalle con insistencia que non lle quitase ollo ao seu fillo e que lle dese unhas boas labazadas cada vez que o xulgase necesario. Aseguraba que non había ser el quen lle dese a razón ao fillo como o facían algúns pais *bobos* que non sabían o que era bo para a súa prole e engadía que cando estivese castigado na clase, el, como pai que era, habíale dobrar a ración na casa.

Como se pode ver, o pai de Leboreiro tiña unhas ideas pedagóxicas bastante reaccionarias, así como uns principios moi claros e malia non os aplicar con éxito, polo menos, facíao con convicción.

Esa tarde precisamente, cando levara as vacas a abeberar, pasara ver o mestre de escola que fumaba a pipa nos soportais da casa do concello, preto da fonte do centro e fóralle preguntar polo comportamento do seu fillo.

Foi aí cando soubo que este estivera castigado ata as catro e media, e que a esa hora recitara de corrido a lección que non soubera pola mañá, o cal probaba que cando el quería... podía.

—Ai, *langhrán* ! —exclamou o pai— Pode crer que non leva un triste libro *pá* casa ? Énchao de deberes, copias, verbos, de todo o que vostede queira ! Perda coidado, que hoxe *hadir* quente *pá* cama !

O pai de Leboreiro atopábase nesta disposición anímica cando o seu fillo cruzou a soleira da porta.

Estaban todos no seu sitio e xa tomaran a sopa. O pai, coa boina na cabeza e co coitelo na man, dispúñase a colocar sobre unha guarnición de repolo as talladas de touciño, cortadas en anacos de diferente tamaño, segundo o estómago e a condición do destinatario, cando rinchou a porta e apareceu o seu fillo.

—Home, *seique* xa *chegaches* ! —dixo cun ton medio-seco e medio retranqueiro que non anunciaba nada bo.

Leboreiro xulgou prudente non responder e dirixiuse ao seu lugar ao fondo da mesa sen coñecer polo demais as intencións paternas.

—Bebe a sopa —rosmou a nai— xa arrefriou.

—E abróchame o mandilón —dixo o pai— parécesme un tratante de cabras.

Leboreiro intentou recompor cun xesto tan enérxico coma inútil o mandilón que xa logo lle colgaba das costas pero non abotoou nada como era natural.

—*Stouche* dicindo que abroches o blusón, —repetiu o pai— e antes de nada, de onde vés con esas pintas ? *Digho* eu que non sairás de clase a estas horas ?

—Perdín o corchete do mandilón —murmurou Leboreiro evitando unha resposta directa.

—Ai ! Que farta me tes ! Deus me perdoe, señor !, —exclamou a nai— *Manghantes !* Porcalláns ! rompen todo, *esghazan* todo, *estraghan* todo. Que imos facer con eles, ho ?

—E as *manghas* ? —interrompeu outra vez o pai— *Seique* tamén perdiches os botóns ?

—Si —confesou Leboreiro.

Este novo descubrimento, xunto co retraso do regreso á casa, provocou unha situación singular e anormal que esixía un exame polo miúdo.

Leboreiro sentiuse arroibar coma un tomate. Merda ! Íase montar unha ben boa !

—*Achéghate* ata aquí, ponte aí no medio !

O pai ergueu a pantalla do candil e baixo os catros pares de ollos inquisidores da familia, apareceu Leboreiro en toda a extensión do seu desastre, empeorado aínda máis se cabe, polos remendos precipitados dunhas mans entusiastas e con boas intencións pero pouco hábiles que en lugar de temperar o seu aspecto acabaron empeorándoo.

—Me *cagho* en tal ! Moinante ! *Langhrán !* Larchán ! —berraba o pai despois de cada novo descubrimento— Nin un triste botón no *ghrasé* nin na camisa, *spiñas pa abrochar* a petrina, un imperdible *pa aghuantar* do pantalón, fíos nos zapatos. *Pro* de onde saes porco do Demo ? —berrou Leboreiro pai, que xa dubidaba de que el, probo cidadán, puidese procrear semellante *mamarracho*, mentres que a nai se laiaba do traballo que lle daba cada día da súa existencia ese folgazán, ese cafre, cretino, porco de fillo —e *seghuro* que aínda has pensar que isto vai *seghir* así moito tempo, eh ! Hache parecer que vou *seghir ghandando* os cartos educando e mantendo un *manghallón* coma ti, que non rasca bóla nin na casa nin na *scola*, nin en *ninghunha* parte, porque saberás que hoxe pola tarde falei co teu mestre ?

—... !

—*Hastacordar* desta, ho ! has ver como os correccionais non só *tán* feitos *pos* cans. Loubán !

—... !

—En primeiro *lughar*, hoxe quedas sen cear ! e me *caghontal*, quéresme *dicir* dunha vez de onde sacaches esa pinta.

—... !

—Ha, ha, non queres dicir nada, cabrón ! Xa vexo ! Pois *spera* aí ho ! *Cagho* en tal, hasme contar todo *aghora* mesmo !

Leboreiro pai colleu entón, entre a leña amontoada na cheminea unha vara de amieiro dura e flexible, arrincoulle a camisa, baixoulle os pantalóns e arreoulle ao seu fillo unha malleira desas que fan historia na vida de calquera rapaz e este revolvíase, torcíase, rabexaba, protestaba e berraba, berraba tanto que ata os cristais vibraban.

Logo, cumprido o seu acto de xustiza, engadiu cun ton seco que non admitía ningún tipo de réplica :

—E *aghora* lisca *pá* cama, rapidiño ! *Cagho* na hostia ! e que oia un chíó !

Leboreiro, canso, estricouse no xergón de liño e de palla de aveia, cos ósos rotos, o cu ensanguentado, a cabeza fervendo; deu voltas na cama meditando longo e tendido sobre o seu desastre e finalmente quedou durmido.

PLAN DE CAMPAÑA

... no simple aparato dunha beleza que acabamos de arrincar do sono.

Racine (*Britannicus*, acto II, escena II).

Á mañá seguinte, ao espertar dun sono profundo e pesado coma a resaca dunha boa bebedeira, Leboreiro espreguizouse amodiño con sensacións de mazaduras nos riles e baleiro no estómago.

Veulle á cabeza o que lle pasara o día anterior coma un bafo de calor que sobe á testa e arroibou.

A roupa tirada ao pé da cama e por aí adiante de calquera maneira, testemuñaba pola súa desorde a profunda turbación que invadira o seu propietario ao se espir.

Leboreiro pensou que a ira paterna debía estar un pouco amortecida tras unha noite de sono. Calculou a hora polos ruídos da casa e da rúa porque os animais volvían do bebedeiro e súa nai encaldaba as vacas. Para non pór a proba outra vez os rigores correctivos familiares, era hora de erguerse e acometer as tarefas que lle eran encomendadas coma todos os domingos pola mañá, a saber : limpar e darlle brillo aos cinco pares de zapatos da familia, encher o anllar de leña e os depósitos de auga.

Botouse fóra da cama e puxo o pucho; logo, levou as mans ao cu que estaba quente e aínda lle doía; como non tiña espello para mirarse, torceu a cabeza sobre os ombreiros todo o que puido e comprobou que estaba vermello con raias violetas ! Serían os sinais que lle deixou a cachaporra de Miguel de Lúa ou os varazos de seu pai ? Sen dúbida, habían de ser os dous. Arroibou de novo de rabia e vergoña. Malditos belrán ! Habíanlle *paghar* isto !

Puxo os calcetíns decontado e buscou o pantalón vello que levaba cando lle tocaba facer unha tarefa na que se podía luxar e estragar a "roupa boa". E desde logo ese era o caso, carallo ! Pero non captou a ironía da situación e baixou á cociña.

Comezou por aproveitar a ausencia da súa nai e coller na artesa un corrosco de pan que agochou no peto e a cada pouco chantáballe os dentes e dáballe unha boa trabada que lle distendía as queixadas; e logo comezou a varrer coa xesta diligentemente coma se a véspera non ocorrese nada.

Seu pai, que estaba a colocar a vara no piar de pedra situado no medio a medio da cociña, botoulle unha ollada rápida e severa pero non abriu a boca.

Cando rematou coas tarefas e despois de almorzar unha cunca de sopa, súa nai púxose a quitarlle os piollos e a cotra coma todos os domingos...

Cómpre dicir que Leboreiro, coma os seus compañeiros coa excepción do Sabichas, mantiña coa auga unha relación digamos distante, extrafamiliar pois temíaa tanto coma o seu gato Mitis. A verdade é que só lle gustaba chapuzar nas pozas da rúa e como forza motriz que fai xirar os muíños de pas que el mesmo construía cun eixo de sabugueiro e aspas de abraira.

Malia as perrenchas de Don Simón durante a semana, endexamais se lavaba, quitado as mans que había que amosar na inspección de limpeza e aínda así empregaba, as máis das veces, area no canto de xabón, por iso o domingo non tiña máis remedio que pasar por aí, iso si : rosmando. Súa nai, armada cun anaco de esparto convenientemente mollado e enxaboado, refregáballe enerxicamente a cara, o pescozo, a parte de atrás das orellas e coa mesma enerxía chegaba ata o fondo dos oídos cunha esquina do trapo mollado, retorcido en forma de broca.

Ese día abstívose de berrar e despois de que se lle entregase a roupa do domingo, permitiúselle ir á praza cando soou o segundo repenique, non sen antes lle facer a observación de que agora volveuse a facer o da véspera, cunha ironía totalmente desprovista de elegancia.

O exército de Lomberna xa estaba alí, falando e laretando, remoendo a desfeita e agardando o xefe con ansiedade. Leboreiro limitouse a mergullarse no medio do grupo, lixeiramente emocionado por todos aqueles ollos brillantes que o interrogaban en silencio.

—Pois si ! Déronme unha boa malleira. E qué, non morrín, non ? Aquí *tou* ! Non quita que lles debamos unha boa e que as han de *paghar*, oh !

Esta maneira de falar, que nun primeiro momento e para un non iniciado parecería desprovista de toda lóxica, foi admitida por todos. En efecto, Leboreiro foi apoiado na súa opinión por medio de aprobacións unánimes.

—Isto non pode *seghir* así ! —continuou—. Hai que buscar *algho*. Non quero volver a levar unha malleira, primeiro porque non me volverían a deixar saír e *seghundo* porque hai que facerlles *paghar a donte*. Ímolo pensar durante a misa e volvemos falar pola tarde.

Nese momento pasaron en grupo as rapaciñas que tamén se dirixían á misa. Ao atravesaren a praza, miraron con curiosidade para Leboreiro co fin de ver a cara que puña, porque estaban ao tanto da gran batalla e todas sabían, polo irmán ou polo

curmán, que a véspera o xeneral sufrira a sorte dos vencidos malia unha heroica resistencia e volvera para a súa casa despojado e nun estado lamentable.

Baixo os múltiples focos de todas aquelas miradas, Leboreiro, aínda non sendo tímido de por si, arroibou ata as orellas. O seu orgullo de macho e xefe sufría como nunca pola súa derrota e por esa especie de decadencia pasaxeira, que empeorou aínda máis se cabe cando a súa mociña, a irmá de Tintín, lle pousou unha tenra e preocupada mirada, unha mirada desolada e húmida que expresaba, ás claras, que compartía a súa desgraza e que seguía mantendo o amor, a pesar de todo, para o elixido do seu corazón.

Malia as inequívocas mostras de simpatía, Leboreiro non quería quedarse aí e empeñábase en xustificarse por completo á vista da súa namorada. Abandonou o grupo, levou á parte a Tintín e preguntoulle a soas :

—Ti polo menos contaríaslle ben as cousas á túa irmá ?

—Teno por *seguro*, —afirmou o outro— ela choraba de carraxe e dicía que *ze tiveze* diante a Miguel de Lúa, teríalle *arrincadoz oz olloz*.

—Dixécheslle que fora *pa liberar* a Gorrión e que se vós andásedes máis *espelidos* non me terían botado man tan facilmente ?

—*Zi ho, ztoucho* dicindo ! Inda lle dixen que durante o tempo que che *ztiveron* zorregando, non *choraraz* nada de nada e que por riba *pra* rematar ti *amozáchezllez* o cu. *Zi ho, ze vizez* como me *zcoitaba*, compañeiro. Non é por dicilo *pro*, a *noza* María, *ztá tuliña* por ti, eh, *zi ho* ! Ata me dixu que che *deze* un bico, pero entre *noz, entendez*, entre *homez, izo* non *ze fai, pareceriamoz parvoz*, non quita que *az cousaz ztán* aí, compañeiro; *az mullerez, ... cando ztán* por un... Tamén me dixu que a próxima vez, *ze lle daba tempo*, tentaría ir *traz noza* por *ze te volvían coller, entendez*, ela *cozería oz bontónz*.

—Non me van *enghanchar* nunca máis, *cagho na cona* ! Por esas non paso ! —dixo Leboreiro, emocionado de todas maneiras— pero dille que cando vaia á feira do Vercel heille traer unha rosca de pan de ovo, non unha *minghalla* de nada senón unha ben *ghrande*, non sabes ? unha de seis patacóns con dúas notiñas e non unha.

—Oh ! Que contentiña *ze vai poñer a noza* María, cando llo diga, amiguíño —replicou Tintín que xa estaba a pensar que a súa irmá sempre compartía con el as súas larpeiradas e mesmo engadiu traizoándose a el mesmo nun arrouto de xenerosidade— habémolo de *zampar oz trez xuntoz*.

—*Pro* non vai ser *pa* ti, nin *pa* min, é *pa* ela !

—Home claro ! Ben o *zei*. Eu dicíao por *ze* por un *cazual*, *ze* lle *ocorreze* a ela compartilo !

—*Índasí*, —concluíu Leboreiro pensativo e entraron cos outros na igrexa, mentres as campás repenicaban con toda a forza.

Cando chegaron a cadanseu posto dentro da igrexa, é dicir, á praza que as conveniencias, o vigor persoal e a fortaleza dos puños lles atribuíran pouco a pouco, logo de contendas máis ou menos longas (as mellores prazas eran as que estaban máis preto dos bancos das rapazas) sacaron dos petos un rosario, un libro de misa ou unha estampa piadosa co gallo de quedar ben.

Leboreiro sacou do peto da chaqueta, coma os seus compañeiros, un devocionario vello de coiro usado, con letras enormes, herdado dunha tía avoa que non vía moi ben, e abriuno nunha páxina calquera, co fin de adoptar, el tamén, unha postura máis ou menos exenta de reproches. Pouco interesado polas oracións, colleu o libro do revés e dirixiu unha mirada ausente cara aos inmensos caracteres dunha oración de casamento en latín, que nin lle ía nin lle viña e púxose a pensar no que lle proporía esa tarde aos seus soldados, porque xa se andaba na cabeza que aqueles aparvados non ían propor ningunha idea coma decote e unha vez máis recaería sobre el, a responsabilidade de decidir cómo se ían enfrontar ao terrible perigo que os ameazaba a todos en maior ou menor medida.

Tintín tivo que empurralo varias veces para que se axeonllase, erguese e sentase nos momentos indicados polo ritual e observou a tremenda contención de espírito do seu xefe, que non mirara unha soa vez para as rapazas que si lle botaban, de cando en vez, unha ollada para ver qué cara puña un tras recibir unha boa malleira.

Leboreiro, partidario das solucións radicais, só quedou cunha das diversas estratexias que se lle ocorreran e pola tarde, tras as vésperas, cando tivo lugar o consello xeral dos guerreiros de Lomberna na canteira do Pepiño, expuxo clara e friamente o seu plan sen dar moitas voltas.

—A única maneira de que non nos volvan a *estraghar* a roupa é que non a levemos posta, polo que propoño que loitemos en pelotas !

—En pelotas ? —retrucaron varios compañeiros sorprendidos e mesmo un pouco asustados por ese procedemento violento que quizais turbaba tamén algo o seu sentido do pudor.

—*Esatamente* —dixo Leboreiro— se recibísedes vós a tunda, non dubidariades en dicir que si.

E a modo de menú, co fin de convencer a galería aínda que sen ánimo de impresionala, Leboreiro púxose a relatar os sufrimentos físicos e morais que padecera no monte e a entrada quente na casa.

—Aínda así, —obxectou Pipote— se pasa *alghén* por alí ou se un *méndigho* aparece polo *lughar* e nos rouba a roupa ou incluso se Beduíno se deixase ver outra vez...

—En primeiro *lughar*, a roupa ímola *aghochar* e se fai falta deixamos alí *alghén pa* que dea conta dela. *Logho*, se pasa *alghén* por alí e lle molesta vernos así, pois que mire *pró* outro lado. En canto ao tío Beduíno, que vaia tomar polo c... Xa *vístedes* como lle fixen onte pola tarde, non ?

—Si, *pro*...—dixo Pipote, que non semellaba nada convencido de querer aparecer como Deus o trouxo ao mundo.

—Veña, morra o conto ! —interrompeu Gorrión e para desmontar as ideas do seu adversario concluíu cun argumento perentorio —xa sabemos todos porque non te queres poñer en pelotas. É porque tes medo que se che vexa a mancha de viño que tes no cu e que se rían de ti, *pro* stas *enghañado*, Pipote, as cousas non che son así. Non é *verghoña ninghunha* ter unha mancha no cu, iso non querer dicir que esteas tolleito. Iso foi porque cando túa nai *staba* preñada, tivo o antollo de beber viño e nese momento, rañou o cu. As cousas ocorren así, *pro* iso non é nada malo. Hai outras mulleres preñadas que teñen outro tipo *dideas* ben máis noxentas, *díghovolo* eu, oh ! Mirade, eu oínlle dicir á matrona da Fonte da Rocha que había mulleres que neses momentos ata querían comer merda.

—Merda !

—Si !

—A modo !

—Si, ho ! *Oístedes* ben e ata merda de soldados e incluso outras porcalladas que nin os cans queren cheirar de lonxe.

—E *logho*, *tulean* neses momentos ? —preguntou Cágado.

—Mira, ao parecer, *tulear*, *tulean* antes, durante ou despois.

—Iso é o que di meu pai e é *pa* crelo, porque non se pode facer nada sen que *berreghen* coma *ghaliñas* desplumadas vivas, e *logho* por un nada, sóltanche un sopapo.

—Si, a verdade é que as mulleres son unhas malas pécoras.

—En resumidas contas, en que quedamos ? Pelexámonos en pelotas ou non ? -

—preguntou Leboreiro.

—Hai que votar—exixiu Pipote quen decididamente non quería exhibir a mancha de viño coa que un antollo materno marcara o seu traseiro.

—Mira que *ez* parvo, eh ! —dixo Tintín—*acabámozche* de dicir que *pazamos* olímpicamente da túa mancha !

—Vós, si ! *pro.... os belráns....* se ma viran, pois... pois... fastidiárame.

—A ver, a ver —interveu o Sabichas, tentando arranxar as cousas—Pipote pode quedar vixiando as cousas e nós imos pelexar.

—Ah, iso si que non ! —opinaron algúns soldados que ficaran intrigados polas revelacións de Gorrión e curiosos pola anatomía do seu compañeiro, querían ver, en persoa, o que era un antollo, polo que desexaban que Pipote se espise coma todos.

—A ver ho ! Amósalle aí o cu a estes pailáns ! —retrucou o Sabichas— Son máis parvos ! Parece que nunca viron parir unha vaca ou levar a cabra ao carneiro.

Pipote entendeu e desabrochou heroica e resignadamente os tirantes, deixou caer os pantalóns, subiu a camisa e amosoulles a todos os soldados de Lomberna, máis ou menos interesados, o antollo que decoraba o seu traseiro. Despois disto, a proposta de Leboreiro, sostida por Gorrión, Tintín, o Sabichas e Chapletón foi adoptada por *unha* *nimiedade*, coma decote.

—As cousas aínda non acaban aquí —proseguiu Leboreiro— *agora* queda por saber onde nos imos *espir* e *aghochar* as cousas. Se por un casual, Pipote vise *achegharse alghén* coma Don Simón ou o cura, era mellor que non nos visen en pelota picada, porque se non pode que levemos unha boa malleira ao *chegharmos* a casa.

—Xa sei ! —dixo Gorrión.

O explorador voluntario levou a tropa a unha especie de antiga canteira rodeada de monte e gorecida por todos os lados. Desde alí, podía chegar facilmente, por medio dun sotobosque, á parte de atrás das trincheiras da Matogueira Grande, é dicir, ao campo de batalla.

Ao chegar alí, todos se puxeron a clamar :

—Hostia !

—*Tá* que te *caghas* !

—Carallo !

A verdade, é que o lugar estaba moi ben e nese momento decidiuse que ao día seguinte virían instalarse aí para poñer o “uniforme de batalla”, se se lle pode chamar así, despois de mandar como exploradores a Gorrión e outros dous afoutos soldados para protexer a tropa.

Ao se dar a volta, Leboreiro achegouse a Gorrión e preguntoulle
confidencialmente :

—Oíches, e ti, como fixeches *pa* atopar un sitio coma este ?

—Ah, ah ! —contestou Gorrión, mirando para o xeneral con cara pícaro.

Pasou a lingua polos beizos e ante a perplexidade muda do seu xefe choscoulle
o ollo e díxolle — Mira, compañeiro, isto sonche cousas de mulleres. Xa cho contarei
cando *steamos* ti e mais eu sos.

NOVAS BATALLAS

Panurgo ergueu de súpeto a man dereita e logo introduciu o polgar no orificio dereito do nariz, estarricando e apertando os outros catro dedos por orde e en paralelo á liña do nariz, pechando o ollo esquerdo completamente e chiscando o dereito, engurrando a cella e a pálpebra.

Rabelais (*Libro II*, cap. XIX)

Leboreiro chegou á clase o luns pola mañá ás oito co pantalón remendado e a camisa coas mangas de dúas cores diferentes, o que lle daba un aspecto algo entroideiro.

Antes de marchar, a súa nai estiverao avisando seriamente de que tivese coidado coa roupa e que se á noite lle vía a máis mínima mancha de lama ou rachadura, habería de levalas de novo. De aí que estivese un pouco incómodo con cada movemento que facía pero aínda así duroulle pouco.

Tan pronto entrou no patio, Tintín volveulle a transmitir confidencialmente a Leboreiro as declaracións de amor eterno da súa irmá e a súa disposición, esta vez máis prosaica pero non menos importante, a repararlle a roupa se for necesario.

Despois desta conversa que non lles levou máis de medio minuto, dirixíronse cara ao grupo principal onde Chapletón estaba a perorar elocuentemente, explicando por sétima vez, coma a véspera á noite o seu irmán e mais el houberan caer nunha nova emboscada dos belrán. Pero nesta ocasión, pretendían non se limitar a insultos e lanzamentos de croios, senón que querían collelos e inmolarlos para satisfacer a súa insaciable vinganza.

Por sorte, os Chapletóns estaban preto da casa e chamaran a Turco, o gran can danés que estaba solto ese día. Unha chorra. A chegada do tremendo animal encirrado decontado contra os inimigos provocara a fuxida da tropa dos belrán, amedrentada polo seu gruñido, polas intencións de se lanzar tras eles e polos cairos visibles detrás dos belfos vermellos.

Despois diso, Chapletón comentou que lle pediran a Narciso que soltase o can todos os días a iso das cinco e media pola zona do camiño de volta da escola para que en caso dun novo ataque, os puidese protexer ata chegar a casa.

—Sonche ben marráns, oh ! —refungou Leboreiro— Pero que marráns, eh ! Hánnolas *paghar*, oh, xa verás e caras !

Era un precioso día de outono : as nubes baixas que estiveran a protexer a terra da xeada desapareceran co amencer; a temperatura era suave, as néboas que roldaban o regueiro de Belrán semellaban sumirse nos primeiros raios de sol e detrás da matogueira do Souto, alá ao fondo, no linde inimigo erguíanse a través da luz uns troncos altos marelos desprovistos de pólas por algunhas partes.

Un día marabilloso para loitar.

—*Aghardade* ata *sta* tarde —dicía Leboreiro co sorriso nos beizos.

Unha bafarada alegre de aire pasaba por entre a tropa de Lomberna. Os gorrións e os pimpíns piaban e asubiaban enriba da ramallada e nas ameixeiras das hortas e eles coma os paxaros tamén cantaban. O sol alegrábaos, volvíaos confiados, esquecedizos e serenos. As preocupacións da véspera e a malleira do xeneral xa estaban lonxe e xogaron unha partida épica ao cuchocarneiro.

Resoou entón o chifre de Don Simón que provocou un verdadeiro alto na súa felicidade, unhas engurras de preocupación nas fronteas, unha amargura nos beizos e un lamento nos ollos. Ah ! Que vida !...

—Sabes a lección, Leboreiro ? —preguntou confidencialmente o Sabichas.

—Hum ! Si...un pouco. Tenta soprarme a resposta se podes, oíches ? A ver se non nos *castighan* coma o sábado. Aprendín o sistema métrico, sei todos os pesos de memoria : do ferro, do cobre, por *ghobeletes* e mesmo mirei por láminas, *po* non sei o que fai falta *pa* ser elector. Meu pai *stivo* onte con Don Simón e *ta* claro que non me vou librar. A ver se tan sequera me *preghunta* sobre o sistema métrico.

O desexo de Leboreiro cumpriuse, mais a sorte que o favorecera a el hóubolle de ser fatal ao seu querido Gorrión que estivo a piques de quedar castigado, se non fose pola hábil e discreta intervención do Sabichas que cunha mímica das máis patéticas non deixara de xesticular e mover os labios.

Como lembrarán, o pobre rapaz que estivera a punto de ser castigado os días anteriores polo tema do “cidadán”, ignoraba aínda completamente as condicións requiridas para ser elector.

Grazas á mímica do Sabichas que erguera a man dereita, amosando os catro dedos estarricados e o polgar agochado, soubo que había catro condicións, pero o problema máis grande foi ter que definilas.

Gorrión simulou entón unha amnesia momentánea e parcial, coa fronte engurrada e retorcendo os dedos, semellaba estar reflexionando profundamente mais non perdía de vista ao Sabichas, o seu salvador, que estaba a discorrer algo. Cunha

mirada que o dicía todo, este último amosoulle o mapa do país pendurado na parede, mais Gorrión, que non sabía nada do tema, trabucouse con ese indicio pouco claro e en troques de dicir que hai que ser nacional contestou baixo un asombro xeneralizado que había que saber a súa *xioghráfica*.

Mentres Don Simón lle preguntaba se estaba tolo ou se estaba a rirse de todo o mundo, o Sabichas, aflixido por non se facer entender ben, encollía os ombreiros e xiraba a cabeza.

Gorrión pronto volveu en si. Un resplandor iluminouno e dixo :

—Hai que ser do país !

—De que país ? —preguntou o mestre, furioso por recibir unha contestación tan imprecisa— de Prusia ou de China ?

—Do país en que se nace e se vive ! —engadiu o interpelado

—Ah ! Por fin, chegamos. E que máis ?

—Que máis ? Os seus ollos imploraban a axuda do Sabichas.

Este colleu do peto a súa navalla, abriuna e fixo coma se fose degolar e desvalixar a Pipote, o seu veciño. Logo, xirou a cabeza da dereita para a esquerda e da esquerda para a dereita.

Gorrión entendeu que non se podía ter matado nin roubado e pregoouno alto e claro. Os outros, dirixidos polo Sabichas, uníronse a el e todos xuntos responderon que había que gozar dos dereitos civís. O conto non ía demasiado mal e Gorrión xa respiraba. Para a terceira condición, o Sabichas foi moi expresivo : Levou a man ao queixo para acariciar unha perilla imaxinaria, retorceu uns invisibles e longos mostachos, chegou mesmo a levar as mans a ese outro lugar íntimo para indicar a presenza dun sistema piloso particular. Logo, fixo coma Panurgo cando deixaba pasmado ao inglés que se expresaba con xestos : ergueu dúas veces seguidas as dúas mans cos dedos estarricados e logo, unha vez, o polgar da man dereita, o que evidentemente significaba vinte e un. Acto seguido, tусiu e fixo : *ghano* ! Daquela Gorrión, vitorioso, deu a terceira condición.

—Ter *vinte un* anos.

—A pola cuarta agora ! —dixo Don Simón, coma se fose o encargado do xogo da ruleta nas festas.

Os ollos de Gorrión dirixíronse cara ao Sabichas, logo cara ao teito, o encerado e finalmente volveron a Sabichas; engurrou o cello coma se a súa vontade estivese a remover impotente nas augas da súa memoria.

Sabichas colleu un caderno na man e púxose a escribir co seu índice unhas letras invisibles na tapa.

—Que podía querer dicir ? Non se lle ocorría nada a Gorrión; entón o soprón engruñou o nariz, abriu a boca, pechou os dentes coa lingua entre os beizos e foi entón cando lle chegou aos oídos do náufrago unha sílaba :

—Ista !

Non o daba pillado e inclinaba cada vez máis o pescozo do lado do Sabichas, tanto foi así que o mestre, intrigado pola cara de parvo que puña o interrogado e mirando teimosamente o mesmo punto da aula, tivo a idea rara, desatinada e estúpida de se dar a volta de repente.

Foi un grave desacerto, porque sorprendeu o aceno do Sabichas e colleuno moi mal pois pensou que o pillabán estaba a realizar unha mímica simiesca nas súas costas co gallo de facer rir os seus compañeiros a conta do mestre, polo que tamén o bombardeou cunha frase vingativa :

—Sabichas, conxugarame para mañá o verbo “pintar a mona” e no futuro e condicional prestará unha especial atención en conxugar “non a pintarei máis” e “non a pintaría máis” en troques de “pintarei”, entendido ?

Na aula houbo un imbécil que se mofou ao oír o castigo. Era Bacallo, o coxo e ese acto estúpido que denotaba mal compañeirismo tivo por consecuencia inmediata enfadar o mestre, quen a colleu con Gorrión que estaba piques de ser castigado :

—E vostede qué ? Vaime dicir cal é a cuarta condición ?

A cuarta condición non chegaba ! Só a sabía o Sabichas.

De perdidos, ao río, pensou este último. Polo menos, salvar a un, así que simulando unha actitude de boa vontade e inocencia, coma se quixese emendar o mal comportamento de antes, respondeu no sitio do seu compañeiro e fíxoo moi rápido para que ao mestre non lle dese tempo a mandalo calar.

—Estar inscrito na lista electoral do seu municipio.

—Pero quen lle preguntaría nada a vostede ? Acaso o estou interrogando eu ?
—tronou Don Simón cada vez máis anoxado, mentres o seu mellor alumno adoptaba unha actitude de contrición e embobamento que desentoaba co seu resentimento interior.

A clase rematou así, sen ningún contratempo máis, pero Tintín deixoulle caer no oído a Leboreiro :

—*Fixáchezte* no porcallán do coxo ? *Zabez*, hai que ter tino con el ! Non *ze* fiar del, tenme toda a pinta de *zer doz* que botan a lingua a pacer.

—A modo ! —sobresaltouse Leboreiro. *Tas seghuro* !

—Non teño *probaz*, —retomou Tintín— pero non me *ztrañaría* nada, *zempre* anda por *detráz*, é un hipócrita e a min non me *guztan oz tipoz* coma el.

As plumas rechiaron no folio ao escribir a data : Luns...189.. Efeméride : Batalla de Forbach, comezo da guerra entre os franceses e os prusianos.

—Dime, Tintín —preguntou Choscán— non vexo ben. Que pon aí Forbach ou Morbach ?

—É Forbach. *Doz* Morbach *ztaballez* a falar aos Cancelas o artilleiro de Gorrión, que *ztaba* de *permizo* o domingo *pazado*. Forbach ten que *zer* un *paíz* !

A actividade fíxose en silencio e logo un murmurio xordo que crecía aos poucos en volume e intensidade indicou que os alumnos xa remataran e estaban aproveitando o respiro entre os dous exercicios para repasar a lección seguinte ou intercambiar puntos de vista persoais sobre as respectivas situacións dos dous estados belixerantes.

Leboreiro triunfou co sistema métrico. As medidas de peso son coma as medidas de lonxitude e incluso teñen dous múltiplos máis; pasaba dos miriagramos aos quintais métricos sen esforzo ningún coma un atleta de feira con pesas de vinte quilos; mesmo deixou abraiado a Don Simón ao lle recitar, de maior a menor, todos os pesos usuais, sen omitir o máis mínimo detalle da súa descrición.

—Se soubese sempre as leccións coma hoxe —afirmou o mestre— levaríao a pasar o Certificado o ano que vén.

A Leboreiro pouco lle importaba o certificado de estudos : ter que aturar máis ditados, cálculos, redaccións, sen falar da *xiohrafía* e da *storia*. Ai, non, máis non, eh ! De aí que os cumprimentos e as promesas non lle fixeran ningún efecto e se sorriu foi porque sentía agora que non ía ser castigado pola tarde mesmo se fallaba un pouco en historia e en gramática debido á boa impresión que producira pola mañá.

Cando deron as catro, liscaron á casa buscar o anaco de pan habitual para logo reunirse de novo na canteira do Pepiño. Gorrión, convencido de que aínda lle sobraba tempo, marchou con Chapletón e Gambeta vixiar o linde, mentres o resto da tropa corría poñer o uniforme de batalla.

Cando chegou Gorrión, subiu á súa árbore e mirou se vía algo, pero aínda non había nada. Aproveitou para volver a apertar as correas que unían as gomas coas gallas

e o coiro do tirafonda e tamén para escoller os croios : os mellores no peto da esquerda e os outros no da dereita.

Entre tanto, os soldados de Leboreiro e o xefe espíronse, baixo a vixilancia de Pipote, quen lles dicía onde se tiñan que pór ao tempo que aliñaba unhas pedras grandes destinadas a pousar cadansúa peza de roupa para non luxala.

—Colle o meu pito, —díxolle Tintín a Pipote— e *zube a eze* carballo *daí*. *Ze vez* o cura, o *azouta-cuz* ou calquera outra *perzoa* que non *coñezaz*, *azubíaz dúaz vecez pra* que *poidamoz lizcar*.

Nese momento, Leboreiro que xa se espira, botou un xuramento de rabia e botou a man á fronte :

—*Cagho* na carallo ! Como se me puido pasar tal cousa ! Non temos petos *pa ghardar* os croios !

—Merda ! *Tez razón* ! —constatou Tintín.

—Mira que somos parvos ! —confesou o Sabichas—. Non temos máis cás cachaporras e con iso non chega !

Púxose a reflexionar un segundo...

—Xa sei, imos meter os croios nos panos e cando non teñamos nada máis que tirar, cada un de nós ha de atar o seu no pulso.

Malia que a miúdo os panos non fosen máis ca anacos de antigas camisas ou farrapos, había máis de media ducia de soldados que non os tiñan, simplemente porque as mangas das súas camisas xa cumprían a mesma función ca os panos e listos como eran, non querían cargar con eses armatostes inútiles.

Para prever as obxeccións destes novos filósofos, Leboreiro indicou que tamén se podía coller o seu pucho ou o dun compañeiro, a modo de macuto. Deste xeito, todo entrou en orde para o ben de toda a tropa.

—*Tamos ?* —preguntou Leboreiro despois— *Adiante logho !*

El na cabeza, Tintín despois, seguido do Sabichas e os outros detrás, sen orde precisa avanzaban lentamente levando todos unha vara na man dereita e o pano cheo de croios, atado polos catro cantos na esquerda. As siluetas brancas, finas ou regordiñas, lixeiramente trementes, destacaban sobre o fondo escuro do cavorco. Chegaron á Matogueira Grande en cinco minutos.

Nese mesmo intre, Gorrión iniciaba as hostilidades, apuntando a Miguel de Lúa a quen lle quería partir a cara, segundo el dicía, polo que xa eran horas de que a tropa de Lomberna chegara ata alí. Fuciños, émulo e rival de Gorrión avisara os belrán

de que só había uns poucos inimigos. Preparábanse para acabar nun santiamén cos que tiñan diante, afoutados aínda pola vitoria da antevéspera. Mais no momento preciso en que saían do bosque para formar unha columna de asalto caeulles enriba unha tromba tremenda de proxectís, o que lles fixo, así e todo, pensar e minguar o seu entusiasmo.

Fuciños baixara para participar na batalla, pero volveu subir á faia para mirar, se por ventura, non chegarían reforzos á Matogueira Grande. Viu simplemente que Gorrión baixara da árbore e co tirafonda preparado, situárase ao carón de Chapletón e de Gambeta que tamén estaban á defensiva. Polo tanto, non ocorrera nada novo. O que en realidade pasaba era que os soldados de Lomberna se agocharan en silencio, atarecidos e trementes detrás dos troncos das árbores, entre o monte baixo e espeso, procurando non mover unha palla.

Van volver atacar —prediciu Leboreiro a media voz— quizais non deberamos ter tirado tantos croios. A ver se non se decatan de que os *tamos aghardando*. Coidado ! Collede as pedras, deixade que se *acheghen* moi preto de nós e daquela darei primeiro a orde de abrir fogo e xusto despois *datacar* !

O Azteca dos Vaos, acougado pola exploración de Fuciños, pensou que se os inimigos non aparecían e facían igual ca o sábado anterior, era porque estaban en inferioridade numérica notoria coma aquel día. Apoiado polos seus conselleiros e aínda entusiasmados pola lembranza da captura anterior, decidiu que estaría ben pillar tamén a Gorrión que estaba xustamente a subir polo seu carballo. Non lle ía dar tempo de fuxir e esta vez non se había de librar. Levaríaa ben levadas e pasaría polas mesmas ca Leboreiro. Xa había moito tempo que os seus croios e bólas causaban demasiadas baixas entre os guerreiros da súa tropa. Eran horas de lle dar o seu merecido e collerlle o tirafonda. Deixáron que se instalase tranquilamente na árbore.

As decisións de combate para este tipo de escaramuzas non eran difíciles de tomar, pois a vitoria ou a derrota dependía, na maioría dos casos, do valor persoal e pulo xeral. Deste xeito, pasados uns minutos, os belrán, entraron impetuosamente no campo inimigo confiando na súa forza coas varas xirando no aire e botando uns berros guturais feroces.

Na Matogueira Grande de Lomberna, podíase oír voar unha mosca, só chascaba o tirafonda de Gorrión ao lanzar proxectís...

Os tipos nus, agochados, axeonllados ou anesgados, tremendo de frío sen ousar recoñecelo, tiñan todos na man dereita os croios e na esquerda a cachaporra.

Erguido no centro, ao pé do castiñeiro de Gorrión estaba situado Leboreiro co corpo totalmente disimulado polo tronco; estiraba cara a adiante a súa cara arisca e tiña os ollos fixos e ardentes baixo o cello engurrado e o puño esquerdo tenso apertando o sabre de xefe adobiado no mango por unha corda de látego.

Seguía os movementos dos inimigos, cos beizos trementes, listo para dar o sinal e, de súpeto, estendéndose coma un diabro que sae da súa caixa, co corpo contraído, deu un brinco mentres berraba coma nun arrebatado de loucura a orde impetuosa :

—*Fogho* !

Oíuse entón un estrondo que pasou coma un calafrío e un refacho de croios tirados polos soldados de Lomberna golpeou a tropa dos belrán en pleno centro, interrompendo así o seu ímpeto, mentres que a voz de Leboreiro, soltaba con rabia e a berro limpo :

—Adiante ! Adiante ! *Cagho* no carallo, adiante !

E coma se fose unha lexión infernal e fantástica de gnomos xurdidos da terra, de repente, todos os soldados de Leboreiro saíron nus coma vermes do agocho misterioso erguendo varas e sabres, bruando coma tolos e lanzándose sobre a tropa dos belrán nunha arroutada irresistible.

A sorpresa, o arrepío, o pavor e o pánico pasaron sucesivamente pola tropa do Azteca dos Vaos que quedou paralizada e logo, ante o perigo inminente que aumentaba segundo a segundo, deu volta de súpeto e lisou cara ao linde protector amedrentada máis rápido aínda do que viñera e a pasos axigantados, sen que nin un só se atrevese a mirar para atrás.

Sempre na dianteira, Leboreiro xesticulaba cos brazos grandes e nus brandindo o sabre mentres as pernas nerviosas daban brincos de dous metros. A súa tropa corría a lume de biqueira libre de calquera traba e feliz por se poder quentar a punto de saborear xa coa punta das varas e lanzas as costelas dos inimigos que estaban a chegar, por fin, á Gran Trincheira. Algún ía quedar quente.

Mais a trincheira non chegou a minguar a fuxida dos belrán. O muro do cerco estaba aí, co monte baixo detrás que se espallaba ata o linde volvéndose a cada paso máis espeso. A tropa do Azteca dos Vaos, apurada, non perdeu o tempo pasando en fila india pola Gran Trincheira, pois os primeiros pasaron por ela mais os últimos non dubidaron en meterse a través do monte torcendo ou mordendo para abrise un camiño, un camiño de retirada.

Lamentablemente, o uniforme dos lombernes non lles permitía seguir coa persecución por entre as silveiras e espiños e desde o muro do bosque, viron como os inimigos fuxían, soltando as varas, perdendo os puchos, soltando os croios e penetrando mancados, azoutados, rabuñados, desgarrados entre os espiños e silveiras, coma xabarís feridos ou cervos acurralados.

Leboreiro introducírase, xunto con Tintín e Chapletón, na Gran Trincheira. Estaba a punto de pousarlle a gadoupa enriba do ombreiro tremente de medo de Miguel de Lúa, a quen acababa de darlle nos riles co sabre, cando dous estridentes asubíos, que procedían do seu terreo e que amedrentou aínda máis aos inimigos, os paralizou a el e aos seus soldados.

Miguel de Lúa puido fuxir, coma os outros, deixando atrás un cheiro característico que testemuñaba o medo intenso que estaba a sufrir e desapareceu no medio do monte baixo.

—Que estaba ocorrendo ?

Leboreiro e os seus soldados deran volta, inquietos polo sinal de Pipote e preocupados por que un garda laico ou eclesiástico, defensor ou non da moralidade pública de Lomberna ou de calquera outro lugar, os puidese sorprenden nesta vestimenta equívoca.

Botándolle unha ollada de lamento sobre a silueta de Miguel de Lúa, Leboreiro volveu a subir á trincheira para regresar ao linde onde os soldados, procuraban entender cos ollos ben abertos o que puidera provocar o sinal de alarma de Pipote, mentres agardaban o regreso do xefe.

Gorrión, que volvera a baixar da árbore no momento do asalto, e como sabemos, conservara a roupa, avanzou con precaución ata a curva do camiño para explorar os arredores.

Non lle levou moito tempo. A quen viu ?

Por todos os santos, era ese vello e bruto vagabundo do tío Beduíno, pasmado polos dous asubíos que o sobresaltaran e que estaba a mirar por todas partes co fin de coñecer a causa misteriosa daquela sinal insólito e un tanto sinistro.

XUSTAS REPRESALIAS

Donec ponam inimicos tuos,

Scabellum pedum tuorum.

(Vésperas do domingo)

(Psalmo...nescio quo).

Janotus de Bragmardo³

O tío Beduíno viu a Gorrión e este tamén o viu, pero mentres o rapaz recoñeceu o vello á primeira perfectamente o caso inverso, por sorte, non foi así.

Porén, o gardamontes, con olfacto de can vello, adiviñando que o pillabán que tiña diante debía de estar involucrado dalgunha maneira nesa historia ou cando menos podería fornecérle algún tipo de información, fíxolle un xesto para que o esperase, mentres se dirixía cara a el.

Iso preocupou a Pipote quen temía que tal marrán se acercase ao lugar onde estaba el e descubriuse o gardamobles dos compañeiros de Lomberna. Para impedir que chegase alí, Pipote estaba disposto a facer calquera cousa e o mellor método era o insulto a curta distancia, sempre e cando houberse, como era o caso, árbores e matogueiras para se agochar e non se deixar ver. Deste xeito, cun xogo hábil de pernas, podíase levar o vello a un lugar afastado do terreo de guerra.

Cando a perdiz ve as crías en perigo,

E que aínda só teñen a penuxe...

Pipote aprendera a fábula, pois gustáralle a astucia do paxaro e como non era máis parvo ca unha perdiz e sabía imitar o seu canto á perfección sería quen, el tamén, de afastar a Cefirino do lugar e librarse del.

Esta estratexia podía implicar, iso si, algúns riscos e complicacións. En efecto, un dos problemas máis graves era atoparse coa presenza ou chegada a ese lugar dun habitante da vila que tivese bos pés para correr ou boa vista para denunciálo ao garda. Mesmo se tiña visto un familiar, aliado ou amigo coller o delincuente polas orellas e

³ Por Deus ! Amigo meu e señor, magis magnos clericos non sunt magis magnos sapientes (Rabelais, *Libro I*, capítulo XXXIX)

levalo ao representante da forza pública, cousa que suporía unha situación comprometida como se pode entender.

E como Pipote era prudente, prefería non ter que asumir ese risco. Por outra banda, tampouco tiña unha noción exacta do lugar de enfrontamento e o xeito en que Leboreiro dirixira as hostes. Os berros que oíra só lle indicaran que se producira un importante asalto. Si, pero onde estaban agora os compañeiros ? Pregunta importante.

Gorrión, como é de supoñer, non perdeu tempo en agardar polo gardamontes. Tan pronto como viu que o outro viña cara a el, deu rapidamente media volta e abaixándose saltou no barranco e correu cara aos compañeiros berrándolles, non moi alto, que liscasen pola parte alta, xa que o voitre, como el lle chamaba ao que interrompera a batalla, viña pola parte baixa.

Ao ver fuxir a Gorrión, Cefirino entendeu claramente que eses morbosos estaban a argallarlle unha boa; lembrou a xogada da antevéspera na que o outro lle amosara o traseiro e como esa noite estaba en forma, botou unha carreira para coller o pillabán.

Suando e soprando, chegou xusto a tempo para ver a banda de rapaces fuxir nus coma vermes e desaparecer pola parte alta da matogueira do Souto, mentres lle lanzaban toda unha sarta de insultos, cuxo significado non daba lugar a dúbidas :

—Cabrón, putañeiro, sifilítico, vello verde ! *Vaita* merda !

—Porcos, ah ! Sodes uns trasnos noxentos, maleducados, —replicaba o vello retomando a carreira. Ah ! Como colla a un, córtolle as orellas, córtolle o nariz, córtolle a lingua, córtolle ... Beduíno quería cortar todo.

Mais para coller un, cumpriría ter unha pernas máis lixeiras ca esas pernonas vellas. Pateou a matogueira de cabo a rabo pero non atopou nada, seguiu de lonxe unha voz que el coidaba ser unha boa pista mais ao final non o levou a ningures.

Gorrión, Chapletón e o Sabichas que estaban vestidos para gorecer o regreso dos compañeiros e permitirlles á súa vez vestirse, realizaron o que tivera a intención de facer Pipote había un momento; levaron a Cefirino polos pastos de Cazoanos, lonxe, moi lonxe cara á vila de Belrán, co fin de darlle a volta á situación e facerlle crer, contando coa pouca vista que tiña, que os mozos da vila inimiga eran os que atentarán contra a súa dignidade de defensor da Patria e representante da lei.

Dado que todos os sinais de precaución e reagrupamento xa foran acordados de antemán e como o bosque inimigo estaba deserto, Gorrión e os seus dous acólitos deixaron de inxuriar a Beduíno. Cando o consideraron oportuno, deron un rápido rodeo

por entre os campos, bordearon reptando o muro que limitaba os pastos do Cazoleiro, entraron no bosque e tras cruzar a trincheira de arriba, chegaron á matogueira, a uns centímetros por enriba do cóbado do camiño, é dicir, ao campo de batalla.

Naquel momento o campo de batalla estaba totalmente deserto e non había nada que fixese lembrar a loita épica ocorrida había unha hora. Na matogueira de abaixo oíron o canto de perdiz dos lombernes que os chamaba.

Grazas á súa hábil actuación, a tropa sorprendida puidera volver ao agocho que gorecía Pipote, e ás prásas vestir as camisas, pantalóns, chaquetas e zapatos. Pipote, atarefado, andaba de acó para aló e non lle chegaban os dez dedos das mans para colocar os faldróns das camisas, axustar os tirantes, abotoar os pantalóns, recoller os puchos, atar os amallós dos zapatos e controlar que ninguén perdese ou esquecese algo.

En menos de cinco minutos, os soldados que non deixaran de xurar e refungar contra ese condenado de garda que sempre estaba onde non o chamaban, xa recuperaran satisfeitos a súa vestimenta. Contentos a medias por unha media vitoria na que non se fixeran prisioneiros baixaban en grupos de catro ou cinco para chamar os tres batedores que se estaban a enfrontar con Beduíno.

—Este, hamas *paghar* ! —dicía Leboreiro— si, ho ! Vaimas *paghar* ! Non é a primeira vez que se quere meter *comigho e* non pode *seghir* así, senón non hai Deus nin xustiza neste mundo. Non ho ! *cagho no demo* ! Isto non vai acabar así.

E mentres Leboreiro rumiaba unha vinganza complicada e terrible, os compañeiros matinaban profundamente eles tamén.

—*Oíchez*, Leboreiro, —propuxo Tintín— *ztan aí az mazaz* do vello e que che parece se llaz *imoz* acariciar un pouco cunha variña *mentrez el noz buzca* por Cazoanoz ! Eh ? Que *diz* ?

—E tamén lle podemos *straghar o regho* de repolo, —engadiu Chapletiñas.

—E romperlle os cristais —dixo Guerreiro.

—Velaí unhas boas ideas ! —recoñeceu Leboreiro quen tamén tiña a súa — mais temos que *aghardar* polos outros. E ademais, non se pode facer iso de día, porque se *alghén* nos vise, poderíannos meter no cárcere con testemuñas... un porco coma el que non ten corazón así que hai que desconfiar, entendedes. *Pro* xa se verá.

—Tirui ! —oíuse entre a matogueira que daba ao poñente.

—Velaí *tan* ! —dixo Leboreiro e imitou tres veces máis o canto da retirada da charrela.

O ruído dos zocos golpeando no chan anuncioulle a chegada dos tres exploradores e a formación dos grupos espallados pola ladeira. Cando estaban todos reunidos, os corredores comezaron a contar o que acontecera :

Comentaron que Cefirino puxera a caer dun burro a eses mocosos de belrán que viñan amolar a xente honrada ata a súa propia casa e o pobre imbécil suaba, enxugábase e sopraba coma un faco acorando que tira dun coche pesado por unha costa arriba máis empinada ca a dun tellado.

—Vale ! —afirmou Leboreiro— *Alghén* ten que quedar por aquí *pa* vixiar por se se lle ocorre volver.

O Sabichas que xa se consideraba psicólogo e lóxico emitiu unha opinión :

—Pasou calor e ten que ter sede polo que seguro que ha de ir dereitiño á aldea tomarlle a gotiña na pousada do Cazoleiro. Estaría ben que alguén fose por alí tamén.

—Si, é certo —asentiu o xefe— : tres aquí, tres por acolá e os outros van vir todos *comigho* ao monte do Touro; *aghora* xa sei o que hai que facer. A ver, o que vaia á do Cazoleiro ten andar listo —proseguiu — vai ir Sabichas con Chanchete e Piruleiro. *Xogharedes* ás bólas *así coma a ben*. Pipote quedará aquí, *aghochado* na canteira con outros dous máis : haberá que vixiar e escoitar ben o que poida dicir. Cando o vello estea lonxe e saibamos o que ten pensado facer, encontráremos todos ao final do camiño, en Donce, preto da Cruz do Xubilado. Alí xa vos direi de que vai o conto.

O Sabichas comentou que nin el nin os seus compañeiros tiñan bólas e Leboreiro deulle xenerosamente unha ducia (por un patacón, compañeiro) co fin de que puidesen interpretar correctamente o seu papel perante o garda.

E tras unha última recomendación do xefe, o Sabichas cheo de confianza contestoulle rindo :

—Non te preocupes, meu ! Xa me encargo eu de lle dar o seu merecido a ese imbécil !

Deseguido dispersáronse todos.

Leboreiro marchou coa maioría das súas hostes cara ao monte do Touro e tan pronto chegaron, ordenoulles aos seus homes que arrincasen as lianas máis longas de *herba d'os méndighos* entre as árbores máis grandes do lugar.

—*Pra* que ? —preguntaron— *pra* fumar ? Ah ! Imos facer uns cigarros, que ben !

—Non se vos ocorra rompelas —prosegiu Leboreiro— e cantas máis atopedes, mellor. Xa o entenderedes máis tarde. Ti, *Ghorrión*, subirás ás árbores *pa* desenredalas, subirás arriba de todo, necesito que sexan moi *longhas*.

—Xa me *encargho* diso —dixo o lugartenente.

—Antes de nada, —preguntou o xefe —*alghún* de vós non terá unha corda, por casualidade, non ?

Todos tiñan anacos de corda de distinta lonxitude de unha a tres cuartas e presentáronllos ao xefe.

—*Ghardádeos* ! —concluíu respondendo así a unha resposta interior que se formulara —*ghardádeos* e vaíamos a pola *herba d'os méndighos*.

Naquela antiga fraga cortada non resultaba difícil atopala, pois era do que máis había. Ao longo dos grandes carballos, faias, carpes, bidueiros, pereiras salvaxes e de case todas as árbores, rubían os cordóns flexibles e duros, suxeitándose por medio dos seus gabiáns aos troncos nodosos, enrolándose coma serpes vexetais vivaces para acadar a luz do ceo e beber un sorbo de sol á alba. Case por todo o chan había uns vellos cepos grises, duros e ríxidos, descascados en filamentos coma a carne de vaca demasiado cocida que se erguían logo en fustes flexibles e resistentes.

Gorrión rubía, a canda Cabezolo e Choscán. Operaban en tres áreas distintas simultaneamente baixo a mirada atenta de Leboreiro. Axiña chegaban ao cumio das árbores.

Por moi grosa que fose a árbore, Gorrión atacábaa de fronte e con decisión, coma un antigo guerreiro, aínda ás veces non fose quen de estreitar totalmente o tronco por ter os brazos demasiado curtos. Que máis daba ! As mans agarrábanse coma ventosas a todos os nós da cortiza, as pernas entrelazábanse coma cepas da vide e cun forte pulo de sofraxes proxectábase dun golpe a trinta ou cincuenta centímetros máis arriba; despois, volvíase a agarrar coas mans e a empurrar coas sofraxes e en quince ou vinte segundos, xa chegaba á primeira póla.

A partir de aí, xa non quedaba nada : incorporábase primeiro sobre os antebrazos e o peito, logo chegaban os xeonllos á altura da barra fixa natural e os pés non tardaban en chegar para substituír os xeonllos. Finalmente, a subida ata o cumio realizábase natural e facilmente coma se dunha cómoda escaleira se tratase.

A liana vexetal pronto estaba nas súas mans, porque no pé da árbore, un compañeiro coa navalla afiada cortaba o talo a rentes do chan mentres que outros tres ou catro tiraban por ela pouco a pouco con coidado.

Cantas veces polo San Xoán os pastores engrilantaran con vexetación e flores salvaxes os cornos dos animais ! A valdeba, a hedra, campaiña, as papoulas, as margaridas e as escabiosas mesturaban as súas cores coa vexetación máis escura das coroas trezadas coas que cales se rivalizaba con enxeño e gusto e resultaba marabilloso ver volver pola noite as vacas de ollos límpidos con paso lento e a choca tocando, coroadas de flores coma as noivas de maio.

Ao regresar colgábase o ramo enriba da porta da cociña entre dous grandes cravos onde relucía a panoplia rústica das gadañas e lanzaba un resplandor escuro e logo deixábase secar alí ao abeiro do telladiño ata o ano seguinte ou ás veces incluso máis tempo.

Mais hoxe non se trataba diso.

—Temos que bulir —dixo Leboreiro— que vía caer a noite e erguerse a brétema do anoitecer enriba do muíño dos belrán.

Mandou recoller o botín tras realizar mentalmente unhas operacións matemáticas complicadas e medir cos brazos estirados as lianas dispoñibles. Logo decidiu marchar polo camiño da Cruz do Xubilado pasando por entre as sebes de Donce.

Leboreiro tiña catro anacos resistentes de dez metros de longo aproximadamente cada un e outros oito máis pequenos.

Polo camiño e tras pedir que non se rompesen os anacos grandes, ordenou que se atasen na medida do posible os pequenos de dous en dous e mentres que dezaseis soldados levaban eses artefactos de combate e os outros miraban como o facían, el, o xefe púxose a reflexionar profundamente ata chegar ao punto de encontro.

—Que imos facer, Leboreiro ? —preguntaban un tras outro os soldados.

A noite caía devagariño.

—Depende —contestaba o xefe evasivo.

—Xa vai sendo hora de volver *pra* casa —constatou un dos pequenos.

—Os outros non veñen nin Pipote nin Sabichas !

—Que están a facer ho ? Que sería do vello ?

Finalmente, xa se estaban a impacientar e o aspecto misterioso do xefe non axudaba a tranquilizar o nerviosismo xeral.

—Ah ! Velaí Pipote cos seus homes ! —alegrouse Gorrión.

—Que, Pipote, que pasou ?

—Pois, —retomou o outro— resulta ser que pasou polo camiño principal, por abaixo e podíamos *seghir aghardando* por el se non fose porque caín da burra e me dixen que debera volver baixar polo monte e regresar ao camiño polo sendeiríño. Vímolos desde a canteira. Non paraba de mover os brazos como fai Kinkín cando está bébedo. Debe de estar realmente enfadado.

—Chapletiñas —ordenou Leboreiro— vai ver o que *ta* a facer o Sabichas e dille que me veña dicir o que *ta* pasando.

Chapletiñas, dócil, liscou a fume de carozo pero a uns trinta pasos oíu un ruído que o fixo deterse.

—Es ti Sabichas ! Ven rápido, *mighiño*, ven contar como están as cousas.

Regresaron decontado.

Rodearon ao Sabichas e este botouse a falar.

Beduíno aparecera un cuarto de hora antes, rubio coma un tomate, mentres eles estaban a xogar ás bólas diante da do Cazoleiro.

Desexáranlle todos á vez as boas tardes e o vello dixéralles :

—Por fin ! Vós polo menos sodes uns bos rapaces e non coma eses compañeiros vosos, unha banda de cabróns, groseiros, non sei que lles faría.

O Sabichas mirara para garda con ollos arregalados para amosar o seu asombro e logo contestáralle ao señor Cefirino que debía de estar equivocado pois a esas horas todos os seus compañeiros tiñan que estar xa na casa para axudarlle á nais a coller auga e leña para o día seguinte ou secundar o pai a aquelar as bestas.

—Ah ! —contestara Cefirino— Entón quen estaba hai un pouco no Souto ?

—Ai, iso señor garda, non o sei, mais non me estrañaría nada que fosen os belrán. Mire, onte apedrarón os dous Chapletas cando regresaban ao Bernés. Son uns maleducados, xa se ve que son uns beatos —engadira hipocritamente, apelando ao anticlericalismo do antigo soldado.

—Xa o supuña, me *cagho en ...* ! —refugou Beduíno renxendo os poucos dentes que lle quedaban, porque como xa se sabe Lomberna era vermella e Belrán branca. —Si, xa o supuña, me *cagho en...* Eses maleducados ! É esa a súa relixión. Ensinarlle o cu á xente honesta ! Vaia banda de curas e de *langhráns*. Como os colla !

E logo, despois de lles dicir aos rapaces que seguisen xogando e sendo bos, Cefirino entrou na do Cazoleiro para mollar a palleta..

—Morría de sede ! —continuou o Sabichas— así que a primeira xa vai boa e agora estalle a tomar a segunda. Deixei alí a Chanchete e Pirulo para vixialo e avisarnos en caso de que se lle dese por saír antes de que eu volve.

—Moi ben ! —concluía Leboreiro, alegrándose do acontecido. —*Aghora* quen son os que aínda poden quedar un chisco ? Non necesitamos *tar* todos xuntos. Ao contrario !

Foron oito os que se decidiron e como non, eran os xefes por suposto.

Gambeta foi o que máis tardou en tomar unha determinación, pois el vivía moi lonxe, mais Leboreiro recalcoule que os Chapletas quedaban tamén e que sendo el o máis áxil, seguro que habían de necesitar a súa axuda. Estoico, entrou en razón, arriscando así unha tunda do pai, en caso de que a coartada non funcionara.

—En canto aos outros todos, non *pagha* a pena que se enfaden na casa, liscade *daquí*. Podémosos arranxar sen vós. Mañá xa vos contaremos como foron as cousas. Esta noite, de quedades, estorbaríadesnos e *stade* tranquilos que o vello váinolas *paghar*. E sobre todo, dispersádevos, non quededes todos xuntos, porque senón poderían dudar *dalgho* e non nos convén. Cando só quedaba Leboreiro, Gorrión, Tintín, Sabichas, Pipotes, os dous Chapletas e Gambeta, o xefe expuxo o seu plan.

Ían baixar todos en silencio a rúa principal da aldea coas cordas na man arrastrando detrás deles. Os homes designados situaríanse no lugares indicados entre dúas moreas de esterco unha en fronte da outra.

Abondaría un par de grupos de dous homes para tensar dun lado ao outro da estrada as redes cando pasase o garda, co fin de que este caese ao chan e simulasese estar máis bébedo do que estaba en realidade. As embocadas fixaríanse en catro lugares.

Baixaron e foron ata a morea de esterco do Xoán Bautista onde deixaron unha corda e a outra guindárona no esterco do Gordechas. Pipote e Chapletiñas terían que regresar a este último, mentres que o Sabichas e Chapletón ao penúltimo. Mentres tanto, seguiron avanzando todos e Pipote, o xefe da emboscada detívose co seu compañeiro na morea de esterco de Botote e Sabichas xunto co seu compañeiro pararon na de Dono.

Os outros foron relevar das súas funcións a Chanchete e Pirulo mandándoos para casa inmediatamente e logo foron mirar a través do cristal o que estaba a facer o vello.

Estaba co cuarto absintio e peroraba coma un deputado das súas campañas reais ou máis ben imaxinarias porque se lle oía dicir : “Si, porque un día que viña de permiso desde Alxer a Marsella, ía coller o barco e xusto cando *cheghei*, arre demo, acababa de saír e que fixen ? Había alí unha muller do país que estaba a lavar a roupa na beira do mar. Non o pensei dúas veces e collín o seu balde, baleireino, metínme dentro e coa culata do meu fusil púxenme a remar e *oístedes*, case *chegho* antes ca o barco”

Aínda había tempo ! Deixaron a Gambeta detrás dunha morea de leña. No seu momento, tiña que indicarlles a saída de Cefirino aos dous grupos, a Leboreiro e aos outros acólitos.

Entrementres, puido oír o relato da última entrevista que mantivo Beduíno co seu grande amigo o “emperador” Napoleón III.

—Si, como pasaba por París e estaba preto das *Tullerías*, estábame a *preguntar* se iría saudalo cando de repente sinto que *alghén* me está a tocar no ombro. Doume a volta e era el !

—Home, Cefirino. Que tal estás ? Veña, vente para dentro e tomámoslle unha copiña !

—Xenia —berroulle o emperador á emperatriz— éche Cefirino. Imos brindar. Lava aí dous vasos !

Entre tanto, os tres mozos regresaban á aldea e chegaban á casa do garda.

Leboreiro introduciuse no interior a través da bufarda do alpendre e abriulles aos compañeiros unha portiña agochada. Logo os tres xuntos, de corredor en corredor, entraron no andar de Beduíno onde durante un cuarto de hora se dedicaron a un misterioso traballo coas regadeiras, as potas, as lámpadas, o bidón de gasolina, o aparador, a cama e a estufa.

Logo, tras o aviso de Gambeta que anunciaba o regreso da vítima, retiráronse discretamente tal e como entraran.

Dirixíronse rapidamente ao segundo posto de Pipote e chegaron antes ca el.

O tío Cefirino despois de relatarlle a Bacallo por enésima vez as historias de mouros e cristiáns e tras falarlle dos *teburóns* que *infectaban* a enseada de Alxer e que un día que se estaban a bañar, unha desas *bestas* mordéralle o *pirulí* a un dos seus compañeiros e o mar puxérase todo vermello co sangue que se derramara, marchou da de Bacallo titubeando e arrastrando os pés baixo a mirada xocosa deste e da súa muller.

Cando chegou á de Dionisio, pumba ! Levou un primeiro trompazo e cagouse en todo o que había diante e no camiño que o tío Breda, o legoeiro, coidaba realmente mal (un vago que non fixera máis ca sete anos de servizo e a campaña de Italia, unhanimiedade). Logo, tras dedicarlle o seu tempo, endereitouse e proseguiu o seu camiño.

—Leva unha boa, —opinou o Cazoleiro pechando a porta.

Un pouco máis adiante, volveu caer no rego de xurro por causa da corda de Pipote estarricara a traizón diante dos seus pasos, mentres os dous responsables do complot marchaban coa corda en silencio.

Ao chegar ao esterco de Gordechás, non puido evitar volver a levar outro golpe, blasfemando coma unha besta contra esa merda de país onde só se vía claro no c.. dunha negra.

Entrementres, a xente atraída polo barullo saía á soleira da porta e dicía :

—Parece que o can vello ten unha boa mona esta noite : iso si que é unha boa chea !

Uns quince ou vinte pares de ollos puideron observar como uns vinte pasos máis adiante, o vello, que seguía sen coñecer as leis do equilibrio, volvía levar un trompazo destes que contan na vida dun borracho.

—Pero, que pasa, arre demo, se eu non estou bébedo ! —tatexaba mentres levaba a man á fronte inchada e ao nariz magoado. Se case non bebín nada ! Isto é o cabreo que se me subiu á cabeza ! Ah, que cabróns !

Xa non lle quedaban xeonlleiras e levoulle uns bos cinco minutos atopar as chaves sumidas no fondo do peto debaixo do seu pano grande a cadros, entre o coitelo, os cartos, o tabaqueiro, a pipa, a petaca e a caixa de mistos. Finalmente, entrou.

Os curiosos que o seguiran entre os cales estaban os oito rapaces oíron tras os primeiros pasos de Cefirino o barullo de regadeiras tiradas. Era o previsto, pois os rapaces colocáranas alí para que batese con elas. Como remate, o vello que a pesar de todo conseguira pasar, chegou ao buraco da parede onde tiña os mistos.

Fregou un contra o pantalón, na caixa, no tubo do fogón, na parede e non prendeu. Colleu un segundo misto, un terceiro, un cuarto, un quinto, sen resultado ningún malia fregalos contra distintas superficies.

—*Fregha*, vello, *fregha* ! —ría Gorrión que os pasara todos por auga. *Sighe fregando*, anda !

Canso de fregar en van, Cefirino buscou un no peto, fregouno e prendeu polo que logo quixo acender a lámpada de petróleo mais a mecha tampouco quería prender.

Porén, Cefirino si que se estaba a quentar.

—Me *cagho* ata na nai que te pariu ! Arre demo ! Non queres prender, ho ! Seica non queres prender. Ai si, pois toma carallo, a ver que che parece esta —dixo el lanzándoa con todas as súas forzas contra o fogón, onde rompeu estrepitosamente

—Pero vaille poñer lume á casa —dixo un.

—Non hai coidado —pensaba Leboreiro que substituíra o petróleo por un resto de viño branco que había no fondo dunha botella.

Tras esa fazaña, o vello deambulando na escuridade, tropezou co fogón, tirou cadeiras, deulle patadas ás regadeiras, tropezou coas potas, berrou, xurou, inxuriou a todo o mundo, caeu, ergueuse, saíu, volveu a entrar e finalmente canso e magoado deitouse vestido na cama. Ao día seguinte pola mañá, un veciño foi ata alí e atopouno roncando coma un oso no medio a medio dunha magnífica desorde que non era nin moito menos froito dun efecto artístico.

Ao pouco tempo, Leboreiro e os compañeiros alegrábanse e rían ao oírse dicir na aldea que o tío Beduíno estaba “talmente tal” bébedo a véspera pola noite que caera oito veces saíndo da do Cazoleiro, que tirara todo ao chegar a casa, que rompera a lámpada, mexara na cama e ca...na pota.

LIBRO II : CARTOS !
O TESOURO DE GUERRA

O diñeiro é o nervio da guerra
Bismarck

Ao día seguinte, os compañeiros souberon da historia do tío Cefirino polo miúdo mentres ían cara á escola. A aldea, nun díxome díxome absoluto, comentaba con retranca as diferentes fases da seita báquica : o heroe principal, roncando o sono do bébedo, era o único que descoñecía a desfeita cometida no seu equipo e os duros reproches que provocaron a súa conduta da véspera e que ademais minaron a súa reputación.

No patio da escola, o grupo dos grandes, con Leboreiro á fronte, agarrábase á barriga coa risa que lles daba. Para que o mestre os escoitase, cada un deles ía contando ben en alto todo o que sabía das historias escabrosas que corrían polas rúas e todos insistían estrondosamente nos detalles máis picantes e verdes : a pota e a cama. Os que non dicían nada rían a cachón e a súa mirada orgullosa resplandecía co lume do vencedor, porque consideraban que todos cooperaran en maior ou menor medida nestas ecuánimes e dignas represalias.

Ah ! Agora non lle quedaba nada que berrar ao Cefirino ! Pero que respecto se lle pode ter a un tipo que apaña “talmente tal” bebedeira que hai que recollelo cheo coma unha mula dos regos de xurro da veciñanza, e que perde a cachola ata o punto de crer que a cama é un mexadoiro e a pota un penico ou unha *bacenilla*.

Os máis grandes ou os guerreiros importantes eran os únicos que demandaban explicacións e reclamaban os detalles silandeiramente. E así viñeron a saber a parte en que interviñeran cada un dos oito membros na obra de vinganza.

Souberon deste xeito que o episodio das regadeiras e o dos mistos pertencía a Gorrión, Tintín era o que asexaba a chegada e Gambeta o que daba o sinal e que as operacións de grande envergadura eran froito da imaxinación de Leboreiro.

O vello habíase de decatar aínda máis tarde que o viño que quedaba na botella sabía a petróleo; habíase de preguntar tamén quen diante lle metera o bico na súa cunca de queixo mol e por que a sopa de cebola estaba tan salgada.

Si, si, e iso non era todo. Que volvese, tan só para ver qué pasaba, a tentar fod... *fastidiar* a Leboreiro e a súa tropa ! Tíñanlle reservado algo máis forte e aínda mellor pensado. En efecto, o xefe rumiaba taparlle a cheminea con estopa, desmontarlle a carreta e que desaparecesen as rodas ou irlle “fregar a tella”⁴ todos os días pola noite durante máis dunha semana e iso sen contar as *arrasadeiras* de froita na súa horta ou a desfeita da neviña nas súas leiras.

—Esta noite —concluíu— imos *tar* tranquilos. Non se vai atrever saír.

Primeiro porque xa se lle “caeu” a cara abondo e *logho* porque ten bastante traballo na casa. Cando un ten traballo dabondo na casa, non mete os fociños na da dos demais !

—Seica nos imos volver poñer en bólas outra vez ? —preguntou Pipote.

—Boh ! Se se meten connosco vai que si, si ho ! —dixo Leboreiro.

—Pero mira meu home —dixeron algunhas voces— mira ho, non che ía *nincunha* calor onte pola noite, estabamos aterecidos antes da *cargha*.

—Eu tiña a pel coma a dunha galiña *dezplumada*, —declarou Tintín— e a pilila *tan talmente* retiradiña que desaparecera.

—E ademais os belráns non han querer vir esta noite. Onte colleron moito medo de *dios*. Non sabían o que se lles viñera enriba. Pensaron que lles caíamos da lúa.

—Pois non había ser por falta de lúas —observou o Sabichas.

—De *seguro* que hoxe á noite han ir perder o tempo a ver que solución encontran e nós o único que imos facer é ir coller *barola* se imos tamén !

—Se non vai o Beduíno pode ir calquera outro (había chancelar onda o Cazoleiro) e arriscámonos aínda moito máis a caer na trampa; non todo o mundo está tan decrepito coma o *gharda* !

—Pois eu non vou volver andar a hosti... outra vez en pelotas, *mecaghona* !, non ho ! —asegurou Guerreiro, erguendo ben dereito o estandarte da revolta ou polo menos o da protesta irreductible.

Cousa seria ! Estivo apoiado por moitos dos camaradas que se remitiran docilmente ás decisións de Leboreiro. A razón deste desacordo era que a véspera, durante a carga, ademais do frío que sufriran todos, resultou que quen non espiñara os pés esfolara os calcañares ao andaren entre as pedras.

⁴ “Fregar a tella” é unha brincadeira que consiste en rozar unha tella grande e dura contra a fachada exterior da parede da casa. Con isto provócase que no interior se produza un ruído misterioso. Tan misterioso que dá a sensación de que o ruído vén de dentro e así non se dá descuberto a orixe.

Como seguisen así, todo o exército había acabar coxo ! Era o que lles faltaba !
Non, non, definitivamente, non era profesional !

Leboreiro, só, ou case, coa súa idea, tivo que realizar a concesión de que o medio que el preconizaba presentaba en realidade notorios inconvenientes e que sería bo dar con outro.

—Pero cal ? Xa que sodes tan listos, veña, veña dicide un ! —dixo el, un pouco ferido no fondo do pouco que durara a súa empresa.

Buscaron.

—Ao mellor podémonos bater en mangas de camisa —propuxo o Sabichas— as camisas non se nos se habían de estragar e con cordóns para os zapatos e alfinetes para o pantalón daba para poder volver.

—Para que Don Simón te *castighe* ao día seguinte por ir feito un espantallo e despois llelo diga a teus pais ! Non si ! E quen vai volver coser os botóns, a camisa e o xersei ? e os teus tirantes ?

—Non, esa non é a maneira ! Ou todo ou nada ! —cortou Leboreiro— non hai nada que vos *ghuste*, daquela hai que *ghardar* todo.

—Ah ! Dixo o Sabichas, se houberse alguén que volveuse coser os botóns e refixese os ollais !

—E tamén *alghén pa* volver comprarche os cordóns, as xarreteiras e os tirantes, non ! E por que non *pa* mexar por ti mentres estás alí e despois limparlle o cu ao “señorito” cando acabe de baleirar a tripa *ghorda*, eh !

—O que precisamos, vólvolo dicir, é diñeiro ! Diñeeiro ! —retomou Leboreiro.

—Diñeiro ?

—Si, claro ! Diñeiro ! Con diñeiro podemos comprar botóns de todo tipo, fío, *aghullas*, imperdibles, tirantes, cordóns de zapatos, *lásticos*, todo, o que eu vos *digha*, todo !

—É boa verdade iso, abofé que si; pero *pa* comprar todo ese equipamento, habería que ter moito diñeiro, se cadra ben, ben cen patacóns !

—Merda ! E unha roda de carretilla ! Non *chegharemos* a iso na vida.

—*Pa* que nolo dean dunha soa atacada, de *seguro* que non; non podemos contar con iso, *po*, oídeme ben —insistiu Leboreiro— habería un medio de *conseghir* case todo o que precisamos.

—Un medio que ti...

—Escoita dunha vez ! Non ocorre todos os días que te *faghan* prisioneiro, e despois atraparemos os *Migheliños* de Lúa e daquela...

—Daquela ?

—Daquela pillarémoslles os botóns, os imperdibles e os tirantes, habemos quedar con todo o que teñan eses lambecús de belrán e en vez de cortar os cordóns, conservámoslos para ir tendo unha reserva.

—Non hai que vender a pel do oso antes de cazalo, —interrompeu o Sabichas, quen posuía as súas letras aínda que era noviño.

—Tes uns patacóns ? —ironizou Pipote.

—Teño sete nunha hucha con forma de *arrá*, pero non podemos contar con iso, a *arrá* non as *ghomita* tan facilmente : miña nai sabe canto ten *drento* e *gharda* o couso ese na artesa. Ela dime que me quere comprar un chapeu *pas* Pascuas... ou *pos* días santos... non sei... o caso é que como vexa que lle falta un, cáeme unha marimba que non o conto.

—*Zempre paza o mezmo*, carallo ! —encabuxouse Tintín— cando *noz* dan *cartoz* nunca *zon pra nós* ! *Oz maiorez zempre* lle botan a man enriba. Andan a dicir decote que fan *grandez zacrificioz pra criarnoz*, e que *precizan eze* diñeiro *pra comprarnoz camizaz, pantalónz, zocoz*, que *zei* eu... ! a min que me importará a roupa, eu quería que me *dezen ezez patacónz pra* min, *pra* poder eu comprar algo útil, como... chocolate, ou *unz lázticos pra un tiracoioz*, *izo* é o que eu quero ! *Pro* o único que *temoz*, e que *zon* verdadeiramente *nozoz*, *zon oz patacónz* que *dezpiztamoz* e aínda *ezez* non *oz podemos* ter moito tempo *noz petoz* !

Un asubío interrompeu a discusión e os escolares puxéronse en ringleira para entrar na clase.

—Oes ! —confioulle Chapletón a Leboreiro—, eu teño dous patacóns que son meus e *ninhén* o sabe. Deumos Teodoro de Oliva cando veu ao muíño porque que lle *ghardei* do cabalo. É bo tipo este Teodoro, sempre che dá *algho*... non sabes, ti ben sabes quen é, ho ! Si, o republicano, o que chora cando *agharra* unha boa chea !

—Cale, Adonis ! —Chapletón tiña como nome de pía Adonis —dixo Don Simón— se non castígoo !

—Merda ! —dixo Chapletón para si.

—Que bisba ? —retomou o outro que lle sorprendera o tremor de labios— habemos de ver como fala agora cando lle pregunte polas súas obrigas co Estado !

—Non *dighas* cousa —díxolle Leboreiro moi baixiño— teño unha idea.

E entraron.

Despois de se instalar no seu lugar cos cadernos e libros diante del, Leboreiro deu en arrincar con moito tino a dobre folla do caderno de apuntamentos. Foina dobrando sucesivamente ata conseguir trinta e dous anacos iguais sobre os que redactou condensadamente a pregunta capital :

Lavas un zantimo ? (tradúzase por : levas un céntimo ?)

Logo escribiu os nomes dos trinta e dous camaradas enriba de cadanseu anaco debidamente pregado e conforme ía acabando, íallos pasando a Tintín ao que avisaba cun subrepticio golpe de cóbado. Así foron circulando unha detrás doutra as trinta e dúas misivas acompañadas da frase sacramental : “pásallo ao teu veciño !”

Acabada esta primeira fase, volveu escribir os trinta e dous nomes nunha folla grande e mentres o mestre preguntaba, el facía o mesmo mais coa mirada, e así ía preguntándolles aos seus interlocutores a resposta á súa pregunta marcando cunha cruz (+) os que dicían si e cun trazo horizontal (—) os que dicían non. Logo contou as cruces e tiña vinte e sete.

—Aínda ben ! —pensou. E mergullouse en profundas reflexións e longos cálculos para establecer un plan cuxas grandes liñas íanse bosquexando no seu cerebro.

Á hora do recreo non precisou convocar os seus guerreiros. Todos se achegaron a el e fóronse colocando ao seu redor, no lugar de sempre, isto é, no curruncho detrás dos baños. Mentres que os pequeniños que xa se ían facendo cómplices, sen teren aínda voz, formaban un muro protector diante deles.

—Pois ben, —comezou a expoñer o xefe— xa hai vinte e sete que poden *paghar* e iso que non lle puiden enviar o aviso a todos. Somos corenta e cinco.

Que levanten a man os que aínda non lles escribín e que teñan un patacón !

De trece ergueron a man oito.

—Isto dá vinte e sete e oito. A ver, vinte e sete e oito... vinte e oito, vinte e nove, trinta... —íá contando cos dedos.

—Trinta e cinco, ho ! —cortou o Sabichas.

—Trinta e cinco ! *Tas ben seghuro ?* Pois dá trinta e cinco patacóns. Trinta e cinco patacóns non son cen patacóns, pero son *algho*. Pois nada ! Velaquí o que proponho :

Tamos nunha república, todos somos iguais, todos camaradas : Liberdade, Igualdade e Fraternidade ! Témonos que axudar entre nós, eh, e facer de maneira que todo vaia ben. Daquela, imos votar coma quen di un imposto, si, si un imposto pa facer un fondo, unha caixa, un peto co que se comprará o noso tesouro de gherra. Como todos somos iguais, cadaquén paga una cota igual e todos terán dereito en caso de desgraza a seren recosidos e recompoñidos pa que non lles zorregchen cando cheghen á casa.

Ta María de cas Tintín que dixo que ela había vir coser a todo aquel que for apreixado; así, como vedes podemos ir pelexar sen ningún problema. Se nos quantan a badana, mala sorte; deixamos que pase a cousa sen dicir nada e ao cabo de media hora volvemos pá casa, limpiños, recosidos, recompoñidos e relucentes, e quen vai quedar con cara de co... ? Pois os belrán !

—Isto está caralludo ! Pero mira, Leboreiro, *seghimos* sen ter cartos !

—Ah ! *Po me cagho en diola !* Seica non podeades facer un pequeno sacrificio pola patria. A ver se me ides saír uns vendidos ? Eu propoño *pampezar* e ter *algho* rapidiño, que *entregemos* a partir de mañá un patacón ao mes. Despois se *tamos* máis ricos e se facemos máis prisioneiros, poñeremos só un patacón cada dous meses.

—Borralla, meu, a onde vas ! Seica che tocou a lotaría ou que ? Un patacón *pra min !* É un mundo ! *Pra* entregar un ao mes, mal eh ! Na vida o *consigho* eu !

—Se non somos quen de perder un pouco do noso, é inútil facer nada e menos na *gherra*; é mellor recoñecer que non temos *sanghre* nas veas, de *ninghún* tipo, nin *neghro*, nin roxo, nin... da terra, *mecaghona !* Non seredes uns salchichas ! Ou si ou merda *pa* vós ? Non me cabe na cachola que se dubide en dar o que se ten *pa conseghir* a vitoria; eu mesmo había de dar dous patacóns... cando os tiver.

—...

—Quedamos así daquela, votamos.

A proposta de Leboreiro foi aprobada por trinta e cinco votos a prol e dez en contra. Os dez que votaron en contra foron, por suposto, aqueles que non tiñan no seu poder o diñeiro que se lles esixía.

—Polo que toca ao voso caso —sentenciou Leboreiro— *tiven* pensando niso e habemos de arranxalo ás catro na canteira do Pepiño, a non ser que vaiamos a aquela onda nos fomos espir. Si, habemos de *tar* mellor e máis tranquilos.

Colocaremos sentinelas para non ser sorprendidos por se acaso se lles ocorre vir aos Belrán, así coma que non quere a cousa, pero non creo que veñan.

Veña, morra o conto ! Esta tarde hase de arranxar todo !

FALTA DE DIÑEIRO É DOR SEN PAR

Con todo, tiña sesenta e tres maneiras de satisfacer as súas necesidades, sendo a máis honorable e a máis común, a do latrocinio feito furtivamente.

Rabelais (*Libro II*, cap. XVI)

Ía un frío seco esa noite clara de lúa nova. O fino corno de prata pálido, aínda translúcido cos últimos raios de sol, agoiraba unha desas noites brutais e francas que afeitan as follas, as derradeiras, trementes nas pólas desoladas coma cascabeis estarrecidos das cabalas do vento.

Pipote, atarecido, baixou ata as orellas a súa pucha azul; Tintín tamén baixara as orelleiras da súa e os demais procuraban loitar enxeñosamente contra as coiteladas da xeadá; o único que permanecía coa cabeza descuberta era Leboreiro que aínda mantiña o moreno do sol de verán e como dicía el, dábanlle risa todas esas friaxes, de aí que tamén levase a camisa aberta.

Os primeiros que chegaron á canteira agardaron polos que viñan atrás e o xefe encomendoulles a Cabezolo, a Chapletiñas e a Choscán que fosen vixiar un momento a beira inimiga.

Outorgoulle a Cabezolo os poderes de comandante en xefe e díxolle : *drento* dun cuarto de hora cando oías o meu asubío, se non viches nada, sobes ao carballo de *Ghorrión* e se *seghes* sen ver nada, quere dicir que é probable que non veñan; daquela vós, colledes e vides ata o campo, onda nós.

Os outros, dóciles, asentiron e mentres ían facer a súa quenda de vixilancia, o resto da columna subiu ao refuxio de Gorrión, onde se espiran o día anterior.

—Como ben ves, meu —constatou Pipote—, hoxe non habiamos de poder espirnos !

—Non habiamos ! —dixo Leboreiro— *po* desde o momento en que decidimos facer outra cousa, non ten sentido que volvamos sobre o que pasou.

Estábase ben no agocho de Gorrión; Desde o lado de Belrán ata o sur e desde o centro ata o lado de abaixo coa canteira a ceo aberto, formábase unha muralla natural que procuraba abrigo do vento, da chuvia e da neve; dos demais lados, as árbores grandes ao deixaren entre elas e as matogueiras algunhas pasaxes estreitas, paraban os ventos do norte e o do leste que aquela noite non eran nin unha miguíña quentes.

—Sentemos —propuxo Leboreiro.

Un por un foron escollendo cadanseu sitio. As laxes ofrecíanse de seu, non había máis ca tomar posesión delas e cando tal fixeron quedaron mirando para o xefe.

—Tal e como acordamos pola mañá —articulou este último lembrando brevemente a votación da mañá— quedamos en que imos cotizar para ter un tesouro de *gherra*.

Os dez que se negaran protestaron ao unísono.

Guerreiro ollomol, así chamado porque os ollos lle saían espantosamente das súas órbitas e ao lado da súa, a ollada de Choscán era a dun Adonis, tomou a palabra en nome dos sen-un-patacón.

Era fillo dese tipo de labregos pobres que removen Roma con Santiago para chegar a duras penas a final de mes e que naturalmente, a última das súas preocupacións era darlle a paga ao nenño para os seus gastos.

—Leboreiro ! —dixo, iso non se fai ! — *Averghoñas os probes !* Dixeches que todos eramos *ighuais* e a ti sóbrache saber que eu e mais Zozó e mais Piti e mais todos os demais, nunca habemos xuntar un patacón. Ben sei que te portas ben connosco, que cando compras lambetadas, repártelas connosco, cando te acordas é certo, e que nos deixas lamber o pau dos caramelos ou o azucre do envoltorio; pero a ti sóbrache saber que se por *desghraza* nos dan un céntimo, veñen papá e mamá e fanse con el *pra* comprar cousas das que nunca lles vemos a cor. Dixémoscho pola mañá, non temos maneira de *paghar*. Daquela temos que ser uns miserentos ! Isto non é nin república nin nada de nada e eu non me podó someter a esa decisión.

—Nós tampouco —dixeron os outros nove.

—Dixen que eu había de arranxar iso —atronou o xeneral—, e habémolo de arranxar, por estas ! Ou eu deixo de ser Leboreiro e deixo de ser xefe e deixo todo, *mecaghona !*

Atendede un momento, moreas de bosta, que non vos sabedes buscar a vida nin parece que sirvades *pa* nada; havos parecer que a min, na casa, non me *birlan* os cartos cando meu padriño ou miña madriña ou calquera que baixe por aí abaixo *pa* tomar un *ghrolo* me dá un céntimo ou un patacón ? Pois si señor, non os vexo diante se non ando lixeiro e *digho* que comprei unhas bólas ou lambetadas. E cando *digho* que comprei bólas, *obríghanme* a amosalas, porque se non for verdade, bótanme a roupa no hospital, e cando as ven, paf ! Unha do revés por andar a *estraghar* os cartos coma se fose un millonario, que co traballo que custa gañalos e eu tirando con eles; cando *digho* que

comprei lambetadas, non teño nin que amosalas, non vexo nin por onde vén a labazada, cando me dou conta xa a teño enriba e comezan a chamarme, larpeiro, *lorchán*, *ghaldrabas* e así unha restrá de nomes. Pois nada ! Éche o que hai, temos que *espilir* na vida do mundo e vouvos dicir como hai que facelo. Non me refiro aos recados que todos facemos para a criada do cura ou para a muller de Don Simón, son todos tan *agharrados* coma a virxe de puño e non abren a man nin para saudar; tampouco falo do que se pode recoller nos *boutizos* ou nos casamentos, hai moi poucos e non podemos contar con eles. Velaquí o que todo o mundo pode facer : cada mes pasa pola *ghranxa* do Cazoleiro, o trapeiro e as mulleres lévanlles os trapos vellos e as peles de coello; eu doulle ósos e ferralla, e os Chapeletas tamén, non si, Chapletón ?

—Si, si !

—A cambio el dános cromos ou plumas nun caldeiro ou *calcamonías* e por veces, ata uns patacóns. É un porco ladrón que nos mete por boas *calcamonías* que non dan peghado a cambio de ósos *ghrandes* de *codillo* ou xamón e tamén boa ferralla, e ademais as *calcamonías* non serven *pa* nada. Ben, só temos que dicirlle, *seghundo* o que lle levemos, que queremos cartos, un patacón ou dous, mesmo tres se son moitas cousas. Se el di que non, non temos máis que responderlle : meu, non has levar cousa de aquí e alá se che vai o *neghocio*; habedes ver como se volve atrás o porco xudeu !

Tamén sei ben que non hai tantos ósos nin tanta ferralla, nin temos todos os días esas cousas, pero o mellor é *manghar* trapos porque son máis caros ca todo o demais polo que hai que tratar o seu prezo e o seu peso.

—Non é tan doado no noso caso, —obxectou Guerreiro ollomol—, miña nai ten un saco na artesa e mete todo dentro.

—Non tes máis ca botarlle man ao saco *ghrande* e ti facer un pequeniño. Aínda hai máis, todos tedes *ghaliñas*, todo o mundo ten *ghaliñas*; pois nada, un día *manghades* un ovo do niño, outro día outro e dous días máis tarde outro máis. Ides pola mañá antes de que poñan todas as *ghaliñas* e *aghochades* ben os ovos *nalghún* cortello preto do *ghaliñeiro* e cando xuntedes unha ducia ou senón media, colledes un cestiño e coma se vos mandasen *aleghremente* a vendelos, ides onda a tía Amalia; ela *pághaos* *alghunhas* veces en inverno ata a vintecatros céntimos a ducia; con media tedes *pa* cotizar por todo un ano !

—Nós non podemos —dixo Zozó— Miña nai sábeas todas, todas as noites e todas as mañás mételles o dedo no cu *pra* saber se teñen o ovo. Sempre sabe os ovos que van poñer e os que ela vai recoller. Como lle falle un, podémonos ir preparando !

—Aínda hai unha maneira mellor, *racoméndovola* a todos.

—Pois é, cando por exemplo, cando o pai vai de can por aí. Eu pónome a cen cando vexo que meu pai lle dá lustre ao calzado para ir á feira do Vercel ou outra calquera. Enche ben o bandullo canda os seus “montañeses” ou canda os da chaira, *enghole* os viños dunha soa vez e non lle fai ascos a nada, non pensedes, dálle *ighual* vermú, viño novo, tinto, branco ou escumoso. E no camiño de volta para a casa, detense onda o Cazoleiro e mételle de sobremesa, *asinta* ou como se chame, non sabedes, ese que é verde. Miña nai vai por el, de mal *xorne*, e conforme vai andando auméntalle o malhumor. Cando *chegha* onda el comeza a ladrarlle, e el tamén, e cando volven *pra* a casa, ela *preghúntalle* canto *ghastou*. El mándaa pastar a cocha e dille que quen leva os pantalóns na casa é el, e morreu o conto, e despois déitase e tira a roupa nunha cadeira calquera. Daquela eu, mentres que miña nai vai encaldar o *ghando* e fechar as *ghaliñas*, rexistro os petos e a carteira de meu pai.

A *verdá* é que meu pai nunca sabe moi ben o que ten na carteira, por iso e a *seghundo* cadre, cóllolle un, dous, tres ou catro patacóns, unha vez ata lle saquei dez, pero iso é demais e creo que non hei volver coller tanta cantidade porque meu pai deuse conta.

—Daquela a tunda que che deu debeu *zer* de campionato ? —dixo Tintín.

—Veña ho ! Hache parecer que son parvo, a tunda levouna miña nai, meu pai pensou que fora ela quen lle quitara os cartos e botoulle uns berros coma un mundo de *ghrande*.

—Así calquera —dixo Pipote— que che parece, eh Piti ?

—Pois a min paréceme que eu non me podó valer desa maña de Leboreiro porque meu pai por beber non bebe nin *augha*, non bebe nada.

—Nada ! —exclamou abraiada e ao unísono toda a banda.

—Nadiña ! —respondeu Piti— con ton derrotado.

—Aí si que non hai nada que facer —dixo Leboreiro— é unha *desghraza*, meu ! Si, si, unha boa *desghraza* ! Unha boa *desghraza* !

—E que ?

—Que tes que facer pequenos furtos cando te manden aos recados. *Eisplícome* : cando teñas que cambiar unha moeda, *ghardas* un patacón e dis que o perdiches. Isto hache de custar unha labazada ou dúas do revés, *po* todo ten un prezo neste mundo cruel e ademais, sempre tes a opción de choromicar antes de que teus pais che anden no lombo e se con iso non abonda é cando te pos a berrar coma se te matasen *pa* que eles

non che dean tan forte. Cando vas comprar chicoria, por exemplo, hai paquetes de catro e cinco patacóns, pois ben, se tes cinco patacóns compras o paquete de catro e dis que aumentou o prezo. Se che mandan comprar un ou dous patacóns de azucre, colles o peso dun e dis que iso foi todo o que che deron. Mira, meu ! Non arriskas nada porque túa nai ha de dicir que o do ultramarinos é un chupón ou un ladrón e queda aí a cousa.

Eu que sei, a *ninghén* se lle pide que *fagha* imposibles. Cando teñades diñeiro, *paghades* e se non podeades, qué se lle vai facer.

Precisamos diñeiro para a nosa causa, así que cando atopedes un botón, un imperdible, un cordón, *ghomas* ou fitas, metédelas nos petos e traédelas *pa* aquí *pa* ir facendo o tesouro de *gherra*.

Haberá que ir calculando o valor, tendo en conta que son cousas vellas e non cousas do trinquete. O que *gharde* o tesouro levará un caderniño no que marcará os *inghresos* e os *ghastos*, pero mellor era que cadaquén *entregase* o patacón que lle corresponde. Se cadra máis adiante, *consegñimos* aforrar *algho* e eu que sei..., *chegamos* a ter un fondiño e ao mellor podemos *orghanzar* unha festiña despois dunha vitoria.

—*Izo* había de *zer demaziado* —aprobou Tintín—. Pan branco con chocolate...

—Sardiñas !

—Mirade, primeiro dade cos cartos ! —ordenou o xeneral— É que hai que ser moi torpe, despois de todo o que vos acabo de dicir, para non *cheghar* a *consegñir* un pataco de nada ao mes.

—É verdade —aprobou o coro dos que tiñan algo.

Os pobriños, alterados polas revelacións de Leboreiro, achantaron de boa gana coa proposta de imposto e xuraron que ao seguinte mes habían de remover ceo e terra para pagar a súa cota. Polo mes en curso pagarían en especie e poñerían entre as mans do tesoureiro todo o que puidesen apañar.

E quen había de ser o tesoureiro ?

Leboreiro e Gorrión na súa calidade de xefe e adxunto respectivamente non podían dar conta deste recado. Gambeta, como faltaba moito á escola tampouco se podía facer cargo deste posto e ademais as súas calidades de áxil lebre facíanlo imprescindible como correo en caso de desgraza. Leboreiro propúxolle ao Sabichas que se encargase do asunto porque era bo cos números, escribía rápido e ben e era o máis indicado para este cargo de responsabilidade e dificultade.

—Eu non podo —dicía o Sabichas— A ver, poñédevos no meu sitio. Eu son o alumno que está sentado á beira da mesa do mestre e ve cada cousa que fago en todo momento. Dícideme cando podo levar as contas, non podo, non é posible ! O tesoureiro ten que saír dos bancos do fondo e alí está Tintín.

—Tintín —dixo Leboreiro— Si, non hai outra, meu, tes que ser ti o que te *faghas cargho*, porque despois de todo é a María a que vai vir coser os botóns dos que foron prisioneiros. Si, si, ti es o único que pode facelo.

—E *ze rezulta* que os *Belránz* me collen a min, o *tezouro* vai ao carallo.

—Por iso ti non vas vir ás batallas, quedas na *retaghada* e miras; hai veces que cómpre saber facer sacrificios, meu neno.

—Si, si, Tintín tesoureiro !

Tintín foi elixido por aclamación e como todo estaba arranxado, ou case, foron ver á Matogueira grande cómo ían as tres sentinelas que esqueceran chamar por causa do acaloramento da discusión.

Cabezolo non vira nada e chanceaban mentres fumaban talos da *herba d'os méndighos* ou valdeba. Comunicáronlles cal fora a decisión tomada, eles aprobárona e quedaron en que a partir dese día habían de entregarlle a Tintín a cota correspondente, os que puidesen en efectivo e os que non, en especie.

A CONTABILIDADE DE TINTÍN

É certo que desde que cheguei, dei unhas grandes cantidades de diñeiro : unha mañá, oitocentos francos; outro día, mil francos; outro, trescentos escudos.

Carta de Mme de Sévigné a Mme de Grignan (15 de xuño de 1680)

Tan pronto Tintín chegou ao patio da escola, requisou unha folla a todos os que levaban caderno para confeccionar rapidamente o gran libro de contas no que apuntaría os ingresos e gastos do exército de Lomberna.

Logo, recibiu das mans dos contribuíntes os trinta e cinco patacóns acordados e dos pagadores en especie embolsou sete botóns de diferente tamaño e forma, tres anacos de corda e logo púxose a cismar.

Durante toda a mañá, lapis en man, estivo a facer orzamentos, recortando aquí e engadindo acolá; no recreo, pediu consello a Leboreiro, a Gorrión e ao Sabichas, en resumidas contas, aos máis importantes; inquiriu sobre a cotización dos botóns, o prezo dos imperdibles, o valor dos elásticos, comparou a solidez dos amallós dos zapatos e ao final resolveu pedirlle consello á súa irmá María que era máis experta ca todos eles neste tipo de asuntos e negocios.

Tras un día enteiro de consultas e unha forte tensión emocional que lle houbo de custar quedar castigado en clase copiando verbos en máis dunha ocasión, fora quen de esborranchar sete folios e logo elaborar pouco máis ou menos, e salvo modificacións, o proxecto de orzamento que ao día seguinte, tras chegar a clase sometería a exame e a aprobación da asemblea xeral dos compañeiros :

ORZAMENTO DO EXÉRCITO DE LOMBERNA

<i>Botóns de camisas</i>	<i>1 patacón</i>
<i>Botóns de xerseis e chaquetas</i>	<i>4 patacóns</i>
<i>Botóns de pantalóns</i>	<i>4 patacóns</i>
<i>Fibela para as perneiras dos pantalóns</i>	<i>4 patacóns</i>
<i>Liña para tirantes</i>	<i>5 patacóns</i>
<i>Lástico para ligas</i>	<i>8 patacóns</i>
<i>Amallós para zapatos</i>	<i>5 patacóns</i>
<i>Corchetes para camisas</i>	<i>2 patacóns</i>

Total *33*

patacóns

Queda en reserva en
caso de desgraza *2 patacóns*

—Esqueiches as agullas e o fío, —comentou o Sabichas—, habiamos de estar bos se non o chego a pensar. Con que iamos zurcir ?

—*Tez razón*, —recoñeceu Tintín—, entón *cambiemoz* algo.

—Eu *digho* que *ghardemos* os dous patacóns de reserva —comentou Leboreiro.

—Ai, iso si, —aprobou Gorrión—, é unha boa idea. Podemos perder *algho*, pódese nos afuracar un peto e hai que pensar en todo.

—Imos ver —retomou o Sabichas— podémolles sacar dous patacóns aos botóns dos xerseis, pois é onde menos se nota. Cun botón arriba, dous como moito, xa aguanta. Non é necesario estar abotoado de arriba a abaixo coma un artilleiro.

E Gorrión que tiña o irmán maior na artillería de fortaleza e bebía os ventos por el entoou alegre e a media voz o refrán que lle escoitara cantar ao seu soldado un día que viñera de permiso.

Nada máis belo

Ca un artilleiro nun camelo !

Nada máis repugnante

ca unha p... debaixo dun infante !

Toda a cuadrilla apaixonada polos temas militares e ávida de novidade quixo aprender deseguido a canción que Gorrión repetiu varias veces. Logo volveuse ao asunto do reaxuste do orzamento e considerouse que catro patacóns para fibelas ou presillas de pantalóns era esaxerado pois non se necesitaba máis ca unha por pantalón e aínda así moitos pequenos non tiñan pantalóns dos de fibela; polo que ao reducir este apartado a dous patacóns, a cousa melloraba algo e quedaban catro patacóns dispoñibles para empregar do xeito seguinte :

1 patacón para fío branco

1 patacón para fío negro

2 patacóns para agullas con ollo de distinto tamaño

Así foi como se aprobou o orzamento; Tintín engadiu que tomaba nota dos botóns e dos cordóns que lle entregaran os que pagaban en especie e que ao día seguinte o libro de contas estaría ao día e cada un podería consultalo e comprobar a caixa e a contabilidade a calquera hora.

Completou a información revelando ademais que a súa irmá María, responsable dos víveres do exército, prometera confeccionar, se así o querían, un saquiño con correa, coma aqueles nos que se puñan as bólas, para gardar e concentrar alí o tesouro de guerra. Só agardaba ver a cantidade recadada para facelo a medida.

Ao oíren a oferta xenerosa, aplaudiron e María de Tintín, que como todos sabían era mociña do xeneral Leboreiro, foi proclamada cantineira de honor do exército de Lomberna. Gorrión anunciou tamén que a súa curmá Tavia da Taboada axudaríalle á irmá de Tintín sempre e cando lle fose posible e tamén recibiu a súa parte de aclamacións; o que non aplaudiu foi Bacallo e ata mirou de esguello a Gorrión. Aquela actitude non lle pasou desapercibida a ao Sabichas, o vixiante e a Tintín, o contable e chegaron a comentar que alí debía de haber máis ca verzas na ola.

—A mediodía —dixo Tintín— hei *dir co Zabichaz* mercar todo en *caz* Amalia.

—Vaite mellor á de Xulia, —aconsellou Gorrión— disque ten máis cousas.

—Os comerciantes sonche todos uns *lagharteiros* e uns ladróns —dirimiu Leboreiro para poñelos de acordo, pois el, ademais dalgunhas ideas xerais, semellaba ter

unha certa experiencia da vida— se queres, colle a metade do material en cas dunha e a outra metade na da outra e así veremos dunha vez por todas onde nos estafan menos.

—O mellor era mercar todo xunto —declarou Pipote— así teríamos unha rebaixa.

—Mira, fai como queiras, Tintín, es ti o tesoureiro. Fai como vexas e cando remates, amósasnos as contas. Nós, non temos porque meter o *fuciño* antes.

O xeito en que Leboreiro emitiu aquela opinión, cortou de raíz a discusión que se podía ter prolongado indefinidamente. De todos os xeitos, xa eran horas, pois Don Simón, intrigado por semellante rebumbio, estaba coa orella guicha coma quen non quere a cousa, paseando dun lado ao outro mentres tentaba decatarse do que alí se estaba a dicir.

Perdeu o tempo pero propúxose vixiar detidamente a Leboreiro, quen estaba a dar mostras claras e extra-escolares de exaltación intelectual.

O Sabichas ao que chamaban así porque era seco coma un cuco pero esperto e observador coma todos eles xuntos, adiviñou o pensamento do mestre da escola e como Tintín estaba sentado ao carón do xefe en clase e que de ser un pillado, o outro podería verse nun gran compromiso e pasalo mal á hora de explicar a presenza no peto dunha cantidade de diñeiro tan importante, comentoulle que non se fiara do *vello* pois non lle vía boas intencións.

Ás once, Tintín e o Sabichas foron á tenda de Xulia e despois de ter saudado con educación e pedido un patacón de botóns de camisas, preguntaron polo prezo do elástico.

En vez de lles fornecer a información solicitada, a dependenta mirounos con curiosidade e respondeulle a Tintín con esta doce e insidiosa pregunta :

—É para a túa nai ?

—Non ! —interview o Sabichas, desconfiado— é para a súa irmá. E cando a outra lles deu os prezos sen deixar de sorrir, o Sabichas deulle un toque no brazo e díxolle : Lisquemos de aquí !

Ao saíren, o Sabichas explicoulle o seu parecer :

—Pero ti viches esa vella rexoubeira que quería saber por que, como, onde, cando e sabe Deus que máis... Se queremos que toda a aldea saiba nun santiamén que temos un tesouro de guerra, non temos máis ca lle comprar a ela. Xa ves, non podemos mercar todo dun golpe, senón imos levantar sospeitas. Cómpre mercar un día unha cousa, outro día outra e así sempre e en canto a volver á casa desta lercha, nin soñalo.

—O mellor que *podemoz* facer —replicou Tintín— é mandar a miña irmá María á de Amalia. Crerá que é miña nai quen a manda a *recadoz* e *ademaiz zabez* ela controla *máiz deztez temaz* e *incluzo zabe* relear, meu. *Apóztoche* que aínda *noz* ha *conzeguir máiz* corda e *douz* ou *trez botónz máiz*.

—Tes razón —afirmou o Sabichas.

E cando chegaron onda Gorrión que estaba co tirafonda na man apuntándolles aos gorrións que picaban o esterco do tío Augusto, amosáronlle os botóns de camisa de pasta branca cosidos nunha cartolina azul. Había cincuenta botóns e explicáronlle que iso era todo o que mercaran polo momento e déronlle as razóns da prudente abstención aclarándolle que aínda así nunha hora terían todo mercado.

Cara ás doce e media, ao acabar de xantar, ía Leboreiro camiñando cara á escola coas mans nos petos, cantando o retrouso da canción de Gorrión, moi en voga entre eles, cando viu a súa moza moi atarefada dirixirse á tenda da señora Amalia polo atallo das Chemineas.

Como naquel momento non había ninguén na porta e ela non o vía, asubioulle baixiño para avisala da súa presenza.

Ela sorriulle e logo botoulle unha mirada de complicidade ao indicarlle a onde ía, e Leboreiro, feliz respondeulle á súa vez tamén cun gran sorriso sincero que expresaba a felicidade dunha alma vigorosa e sa.

No patio da escola, no currunchos do fondo, os ollos de todos os presentes miraban cara á porta con teimosía e impaciencia, agardando a chegada de Tintín dun momento ao outro. Xa sabían todos que María se encargara de facer as compras e que Tintín estaba agardando por ela detrás do lavadoiro para recibir o tesouro que pronto lles ía amosar e presentar para o seu posterior control.

Por fin apareceu, precedido do Sabichas e a súa entrada foi recibida cun ah ! xeneralizado. Todos se abalanzaron sobre el, facéndolle todo tipo de preguntas :

—Tes o material ?

—Cantos botóns de chaqueta che deron por un patacón ?

—Hai moita corda ?

—Ostras, mira as fibelas, oh !

—O fío é forte ?

—Arredemo, *aghardade*, —berrou Leboreiro— se falades todos ao mesmo tempo, non ides oír nada e se todo o mundo se bota enriba del *ninghén* vai saber nada. A ver, poñédevos todos en círculo *pa* que Tintín nos deixe ver todo.

Afastáronse regañando os dentes, pois cada un deles desexaba estar o máis preto posible do tesoureiro e apalpar o botín de ser posible, pero Leboreiro, implacable, prohibiulle a Tintín sacar nada mentres non estivese todo despexado.

Cando por fin arredaron, o tesoureiro, triunfante, sacou de un en un diferentes paquetes do peto envoltos en papel amarelo e púxose a contar :

—Cincuenta *botónz* de *camiza* nunha cartolina !

—Arredemo !

—Vinte e catro *botónz* de *cirolaz* !

—Ah !, ah !

—Nove *botónz* de *xerzei*, hai un de *máiz* —engadiu— *poiz* xa *zabedez* que por un patacón *zó* che dan catro.

—Foi María, —explicou Leboreiro— que o *conseguiu reghateando*.

—Catro *fibelaz* de pantalón !

—Un metro ben medido de *láztico*— E Tintín estarricouno para demostrar que non os estafaran.

—*Douz corchetes pra camizaz* !

—Que ben *tan*, verdade ! —dixo Leboreiro pensando en que se a noite pasada tivese un deses, pois quizais, enfín...

—Cinco *parez* de *amallóz* de *zapatoz*, —prosegiu Tintín—. *Dez metroz* de corda, *máiz* un *grande* anaco *máiz* de *regalo* por lle comprar moito dunha vez. Once *agullaz* e unha pola moca ! E un nobelo de fío negro e un de branco.

Cada vez que amosaba e recontaba un novo artigo, oíanse uns oh !, uns ah !, uns arredemo ! uns que pasada ! de exclamación e admiración.

—Pillado ! —berrou de socato Chapletiñas, coma se estivese a perseguir algún compañeiro mais con aquel sinal de alarma anunciaba a chegada do mestre polo que crearon un pequeno rebumbio mentres Tintín amontoaba, de calquera forma, os distintos obxectos que acababa de desempaquetar no peto.

Fíxose todo tan discretamente e de xeito tan rápido que o outro non se decatou de nada e se algo notou non foi máis ca a iluminación xeral de todos aqueles rostros que a antevéspera estiveran tan taciturnos e tristes.

—Non é de crer, —pensou— que o tempo, o sol, a tormenta, a chuvia teñan tanta influencia no ánimo dos rapaces. Cando vai tronar ou chover, non hai quen os ature, teñen que falar, pelexar e remexerse, e cando anuncian a chegada de bo tempo, están traballadores, dóciles e máis contentos ca uns rulos.

O homiño non sospeitaba en ningún momento das causas ocultas e profundas que provocaban a alegría dos alumnos e coa cabeza ateigada de pedagogías confusas non deixaba de lle buscar os tres pés ao gato.

Coma se os nenos que tan axiña descubren as hipocrisías sociais, se fosen abrir en presenza dos que teñen sobre eles algunha parcela de autoridade ! O seu mundo está aparte, e só se amosan tal e como son e como verdadeiramente son, cando están entre eles, lonxe das miradas inquisidoras ou indiscretas. E neste caso, tanto o sol coma a lúa exercen sobre eles unha mínima influencia.

Os lomberneses puxéronse a perseguirse uns aos outros, a correr polo patio, e cando se atopaban dicían :

—Entón, xa *stá*. Esta noite ímoslles dar unha pasada !

—Imos, esta noite !

—Ah ! carallo, que veñan, ímoslles dar unha *somanta*.

O asubío do pito e logo a voz arrogante por natureza do mestre : “Veña, en fila, bulide !” interrompeu as evocacións bélicas e as perspectivas heroicas de cara ás futuras guerras.

A VOLTA ÁS VITORIAS

Volveredes algún día, orgullosas exiliadas ?

Séb. Ch. Leconte (*A máscara de ferro*)

Aquela noite, unha vitalidade indescribible animaba os lombernes; nada, ningunha preocupación, nin unha soa perspectiva negativa enturbaba o seu entusiasmo. As vareadas das cachaporras pasaban e non lles importaba nada levalas e en canto aos croios, case sempre había tempo para evitar a súa traxectoria, a menos que procedesen do tirafonda de Fuciños.

Os ollos rían, chispeantes e vivos nas caras radiantes de felicidade, as meixelas carnosas, arroibadas, repoludas coma unhas boas mazás representaban a viva imaxe da saúde e da felicidade; todo vibraba e bulía neles : os brazos, as pernas, os pés, os ombros, as mans, o pescozo, a cabeza. Abofé que non pesaban moito nos pés os zocos de álamo ou de nogueira e o bater dos tacóns no camiño endurecido xa supuñan unha boa ameaza para os belrán.

Berraban, discutían, esperábanse, chamábanse, empurrábanse, alterábanse coma cans de caza presos durante moito tempo e que por fin se levan ao coello ou ao raposo e entón pónense a morder, uns aos outros, as orellas e pernas para felicitarse mutuamente e manifestar deste xeito a súa alegría.

O deles era realmente un entusiasmo contaxioso. Tras a súa saída cara ao Souto con aquela marcha alegre, toda a vida nova e sa da aldea semellaba arrastrada, levada coma por unha música guerreira : as mociñas tímidas e arroibadas seguíronos ata o Tileiro, sen se atreveren a ir máis lonxe, os cans corrían aos seus pés choutando e ladrando e mesmo os gatos, os prudentes michos, avanzaban polos muros das cercas coma se tivesen a vaga intención de os seguir; a xente na soleira da porta interrogábaos coa mirada. Respondían rindo, que ían xogar, pero só eles sabían a que tipo de xogo.

Ao chegaren á canteira do Pepiño, Leboreiro canalizou o entusiasmo pedíndolles aos guerreiros que enchesen os petos de coios.

—Teremos que quedarnos con só media ducia —dixo— e *logho* pousar o resto no chan tan pronto *cheghemos*, porque *pa* atacar, non podemos pesar coma sacos de fariña. De nos faltar municións, seis dos pequenos collerán cadansúa boina e irán enchela á canteira do Rato (é a que *ta* máis preto do campo de batalla).

Designou aqueles que, chegado o momento, quedarían encargados do suministro ou mellor dito do reabastecemento das municións. Logo, mandoulle a Tintín que exhibise as diversas pezas do tesouro de guerra para que os compañeiros quedasen tranquilos e fortalecidos e finalmente deu o sinal de saída, poñéndose coma sempre el en cabeza de batedor da tropa.

A súa chegada foi recibida co tiro dun coio que lle rozou a fronte e o fixo agacharse; entón el, simplemente se xirou e cun lixeiro movemento de cabeza indicoulles aos outros que a acción acababa de comezar. Inmediatamente, os seus soldados espalláronse e deixounos situarse onde eles o considerasen oportuno nos seus respectivos postos habituais, porque estaba certo de que o instinto guerreiro non lles ía fallar aquela noite.

Tan pronto coma Gorrión subiu á árbore, expuxo o estado da situación. Estaban todos os belrános no linde, desde o máis grande ata o máis pequeno, desde Fuciños, o rubidor ata Miguel de Lúa, o executado.

—Mellor ! —concluíu Leboreiro— será unha boa batalla.

Durante un cuarto de hora, o fluxo de insultos pasou unha e outra vez coma decotío entre os dous campos, mais os belrános non se movían, quizais porque pensaban que os inimigos ían volver atacar nus aquela noite como o fixeran a antevéspera. Estaban agardando inmóbiles e ben aprovisionados por un servizo recentemente creado de recrutas que carrexaban continuamente ata a derrega panos cheos de coios sacados das rochas do medio do monte.

Agochados detrás dos muros e das árbores, os lombernesos só os vían de cando en vez.

Aquela situación non lle gustaba nada a Leboreiro, pois el queríaos atraer ata a chaira para diminuír así a distancia que os separaba.

Ao ver que non se daban decidido, resolveu emprender a ofensiva coa metade da tropa.

Pediulle opinión a Gorrión, pero este baixou e contestoulle que nesta batalla era el quen tiña que decidir. Tintín, pola súa banda, perdía a paciencia na retagarda vendo como os outros dous non deixaban de se mover e axitarse.

Gorrión non perdeu nin un minuto e co tirafonda na man, mandoulle coller a cada un dos vinte soldados que tiña ao seu cargo catro coios, nin un máis, e logo ordenou atacar.

Estaba claro : non debía haber enfrontamentos corpo a corpo; só se tiñan que achegar ata ter a tiro os inimigos, que de seguro habían quedar sorprendidos polo ataque, lanzar nas filas unha choiva de coios e logo baterse axiña en retirada para evitar así o contragolpe que había ser, de seguro, perigoso.

A unha distancia os uns dos outros de catro ou cinco pasos, en liña de batalla con Gorrión á cabeza, lanzáronse todos ao ataque e en efecto durante un momento, o fogo inimigo cesou ante aquel golpe de audacia. Había que aproveitar a ocasión. Gorrión colleu o coiro do tirafonda, axustou o punto de mira e apuntou ao Azteca dos Vaos, mentres os seus homes xirando e movendo os brazos dun lado ao outro, mallaban a coios a sección inimiga.

—Lisquemos *daquí* —berrou Gorrión, ao ver a tropa do Azteca preparándose para o contraataque.

Unha tormenta de croios pisoulles os talóns, e os tremendos berros dos belránns indicábanlles que agora eran eles os que estaban a ser perseguidos.

Ao ver que non estaban nus, o Azteca xa non consideraba necesario nin útil prolongar a defensiva.

Ao oír aquel barullo e confiando nas súas pernas veloces, Gorrión revirouse para ver “como *chandaban* as cousas”, pero o xeneral do bando inimigo contaba cos seus mellores corredores e Gorrión xa quedara un pouco atrás respecto aos seus compañeiros polo que tiña que liscar rapidamente se non quería ser pillado. Sabía moi ben que tanto os seus botóns coma o seu tirafonda estaban moi cobizados pola banda do Azteca que non fora quen de collelo a noite en que atraparan a Leboreiro, polo que decidiu darlles sebo aos pés.

Pero que mala sorte !, un croio ben lanzado, un croio de Fuciños, claro !, ah, que cabrón ! veulle dar con forza no peito e fíxoo cambalear e parar un momento. Os outros estaban a punto de pillalo.

—Ah ! Arredemo ! *Stou* acabado !

E en menos tempo do que o leva contar e escribir, Gorrión levou a man ao peito cun xesto desesperado e caeu cara a atrás, sen respiración e coa cabeza inerte.

Os belránns estaban enriba del.

Seguiran a traxectoria do proxectil de Fuciños e viran o xesto de Gorrión, como se volvía pálido e caía sen dar un chíó. De súpeto, detivéronse.

—E se o mataran !...

Deseguido, oíuse un tremendo ruxido, o berro de carraxe e vinganza de Lomberna que subía, medraba e invadía o cavorco enteiro mentres un alzamento fantástico de varas e sabres apuntaba á desesperada o grupo.

En cuestión dun segundo, os inimigos deron volta e regresaron ao refuxio onde se mantiveron á defensiva, co coio na man mentres que a tropa de Lomberna chegaba onda Gorrión.

Coas pálpebras medio pechadas e pestanexando discretamente, o guerreiro caído vira como os belráns se pararan diante del e logo deran media volta para finalmente fuxir.

Ao se decatarse de que aqueles bramidos furiosos que se achegaban a el e escorrentaban os outros procedían dos seus compañeiros que o viñan rescatar, volveu abrir os ollos, sentou, ergueuse tranquilamente, pousou as mans nas cadeiras e fíxolles unha elegante reverencia aos belráns, cuxos rostros inquietos sobresaían do muro do valado.

—Porco !, cabrón !, ah, *traidore* !, covarde ! —berraba o Azteca dos Vaos, ao ver que o seu prisioneiro, porque así o fora, volvera escapar por picardía. Ah ! Heite pillar ho ! e desta, non *scaparás ho, folghazán* !

Entón, Gorrión, moi tranquilo e sorrinte, coa tropa de Lomberna estrañada detrás del, levou o furabolos á garganta e pasouno catro veces de atrás cara a adiante, do pescozo ao queixo e logo para completar este xesto xa de por si expresivo e lembrando naquel momento o seu irmán maior que era artilleiro, golpeou coa man dereita a coxa do mesmo lado, xirou a man, coa palma cara a fóra e co escachapiollos apuntando á bragueta :

—E este, cando o vas pillar, eh ? —respondeu— Burro !

—Moi ben, moi ben, *Ghorrión* ! olé ! olé ! olé ! olé ! iii-aah ! Muuu !, bee !, croa, croa ! quiquiriquí !— Era a tropa de Lomberna que por medio de diversos berros demostraba o seu desprezo pola inocente credulidade dos belráns e por outra felicitaba o valente Gorrión que acababa de librarse dunha boa e de facerlles a xogada.

—Aínda así, recibiches un bo croque, —berraba Fuciños, axitado por diversos sentimentos : por unha banda, estaba contento no fondo polo xiro que deran os acontecementos pero por outra estaba furioso de que o cabrón de Gorrión lle metese un susto de morte, sen que ao final fose nada e tamén porque fose quen de esquivar o castigo que tanto merecía.

—Ti, tranquilo, home !, —contestou Gorrión que xa tiña unha idea detrás da cabeza— xa nos veremos !

Os coios comezaron a caer nas filas desfeitas dos lombernes que estaban armados só con cachaporras, polo que deron media volta nun santiamén e regresaron ao seu terreo.

Mais a batalla xa arrincara e volveron ao ataque con máis ímpeto aínda, porque os belráns sentíanse enganados e furiosos pola decepción que levaran —mira que ser enganados e insultados así, íanas *paghare* e xa— e quixeron retomar a ofensiva.

Xa colleran o xeneral, malo sería que non fosen quen de pillar desta vez algúns soldados.

—Van volver —pensaba Leboreiro.

Tintín que quedara atrás, bulíalle o corpo. O oficio de tesoureiro era un aborrecimento !

Entrementres, o Azteca dos Vaos tras reunir outra vez os seus homes alterados e furiosos, pediu consello e logo decidiu emprender un asalto xeral.

Berrou alto e forte : ”A por eses *caghanetas* !”. Logo, alzando as cachaporras e amosando os paus, lanzouse pola canteira abaixo coa tropa detrás.

Leboreiro non titubeou tampouco. Respondeu cun “Abaixo os belráns” que resooou tan forte coma o berro do rival e as varas e sabres de Lomberna volveron apuntar unha vez máis cara a adiante cos estoques endurecidos.

Ah, prusianos ! Cabróns ! Porcos, porcalláns e porcalleiros ! Burricáns de merda ! Bastardos de curas ! Fillos de mala pécora ! Voitres ! Preas ! Cridos ! Mortos de fame ! Lambecús ! Sectarios ! *Ghatos degholados* ! Sarnentos ! *Caghainas* ! *Hipócratas* ! Piolentos ! Estas foron algunhas das expresións que se intercambiaron antes do ataque.

Pódese dicir que alí as linguas non estaban paradas !

Víronse aínda algúns refachos de coios rozando as cabezas e finalmente desencadeouse unha tremenda liorta : oíronse caer cachaporras nas cacholas, romper lanzas e sabres, retumbar golpes espetados no peito, resoar labazadas, romper zocos e bramidos, pumba ! paf ! pum ! zas ! plaf !

—Traidor ! Covarde ! E viuse como se tiraban do pelo, rompían armas e se agarraban uns aos outros, debuxaban grandes círculos cos brazos para logo recaer con

grande ímpeto, proxectaban puños cara a adiante coma bielas e víanse pernas que non paraban quietas, axitadas, dando golpes desde o chan ao torto e ao dereito.

En canto ao Sabichas, que xa caera ao comezo da liorta debido a un sopramocos anónimo, loitaba xirando sobre unha cacha, e deste xeito non lle plantaba cara senón pés a todos os asaltantes, abolando tibias, machucando rótulas, torcendo nocellos, esmagando os dedos dos pés e martelando os papos das pernas

Leboreiro, encrespado coma un xabaril, camisa desabotoada, sen boina e coa cachaporra rota, entraba na tropa do Azteca dos Vaos coma unha punta de aceiro. Collía o inimigo polo pescozo e sacudíao coma unha ameixeira malia ter unha niñada de belrán que turraba por el, tirándolle do pelo, losqueándoo, zorregándoo e abolándoo. Logo, lanzábase coma un semental tolo ao centro da tropa e desfacíase con ímpeto do círculo de inimigos.

—Ah ! Me *cagho* no demo ! Xa te teño, cabrón ! —bramaba Leboreiro— desta non *tescapas*, ho ! Valas levar, xúrocho ! e cando te teña que *desanghrar*, heite levar á *Matogheira Ghrande*, e non vas escapar, ho, *dighocho* eu, halas levar, ben levadas !

E mentres lle dicía iso ao inimigo, ategábao de patadas e labazadas, axudado por Gorrión e Chapletón que o seguiran. Colleron literalmente o xefe inimigo que se resistía con todas as súas forzas. Gorrión e Chapletón agarrábano polos pés e Leboreiro, erguéndoo por debaixo dos brazos, xuráballe por Deus que se se pasaba de listo, íalle apertar as caravillas.

Neses momento o groso da tropa seguía a loitar con asaño, pero decididamente a vitoria parecía sorrirlles aos lombernes; no corpo a corpo eran bos, robustos e fortes; algúns belrán que foran golpeados con demasiada violencia, recuaban, outros abandonaban, de xeito que cando viron que levaban o xeneral, desencadeouse unha desbandada e unha fuga caótica.

—Pillade *alghún*, ho ! Arredemo, pillade *alghún* ! Pillade un ! —ruxía Leboreiro de lonxe.

Os guerreiros botáronse a correr detrás dos vencidos, mais como era de esperar, os fuxitivos liscaron a fume de carozo e os vencedores non seguiron moito tempo a persecución, porque estaban demasiado ansiosos por saber cómo se ía tratar o xefe inimigo.

AO PAREDÓN

Craváronos espidos nos postes de cores

J.-A. Rimbaud (*O barco ebrio*)

O alcume de Azteca dos Vaos víñalle por ser de estatura pequena e de aparencia débil, mais iso non significaba que se deixase levar ou gañar sen resistirse; de feito, Leboreiro e os demais experimentárono en propias carnes.

Mentres o xeneral atizaba os soldados para que seguisen coa persecución, o prisioneiro, coma un raposo prendido que aproveita a ocasión para vingarse por adiantado do suplicio que o agarda, trincoulle o escachapiollos de Leboreiro tan forte que o fixo sangrar. En canto a Gorrión e Chapletón, ao recibiren unha patada nas costelas, souberon o que ocorría se deixaban de vixiar por un instante a perna do Azteca que estaban a agarrar entre o brazo e o costado.

Para que lle soltase o dedo mordido ata o óso, Leboreiro largoulle un tremendo sopapo que lle atravesou a cara e volveulle a xurar, axudándose de blasfemias e imprecacións que llas ía pagar todas decontado.

Naquel mesmo momento, o resto da tropa regresaba sen ningún refén máis, polo que abofé que si, era o Azteca quen as ía pagar por todos.

Tintín, que se achegara a el para observalo fixamente, recibiu un esgarro en plena cara, pero ignorou aquel insulto e botouse a rir maliciosamente ao recoñecer o xeneral inimigo.

—Ah ! *Ez* ti, cabrón ! Ah, *poiz dezta* non te *libraz* ! Porco ! Quen me dera que María *eztiveze* aquí *pra* che tirar *doz peloz* ! Que ben o ía *pazar* ! *Zeica babeaz, babozo, poiz* por moito que *babeez*, non *vaz* recuperar *oz teuz botónz*, nin che van doer *menoz az cachaz*.

—Mira pola corda, Tintín, —ordenou Gorrión—, imos atar este *chorizo*.

—Átao ás catro patas, comeza primeiro polas *datrás* e *logho* as *dadiante* e *pra* terminar, amarrarémoslo ao carballo *ghrande* e ocuparémonos del. Prométoche que non has morder máis, nin tampouco babear, porco, noxento, merdento !

Os soldados que chegaban tomaban parte na operación : comezaron polos pés, mais como o outro non deixaba de cuspir a todos os que podía alcanzar co chorro da súa saliva e mesmo tentaba morder a todos os que se lle puñan diante, Leboreiro mandoulle a Pipote que cachease os petos daquel cazurro para lle coller o pano e taparlle a boca.

Pipote obedeceu e protexéndose o mellor posible cunha man dos esgarros que lanzaba o Azteca, colleu do peto do prisioneiro un pano de tea de cor imprecisa que debiera de ser orixinariamente de cadros vermellos, ou quizais fose branco na época, ao mellor non moi afastada, en que aínda estaba limpo. Pero aquel “tiramocos” xa non ofrecía agora máis ca unha pinta mexona, verdosa ou agrisada, moi pouco atractiva aos ollos do observador, debido ao contacto con obxectos heteróclitos moi diversos e seguramente tamén aos distintos usos aos que fora destinado : limpeza, unión, mordaza, cinta, macuto, gorra, venda para curas, pano das mans, cepillo, plumeiro, etc., etc.

—*Stache* ben limpo este farrapo, ho ! —dixo Gorrión—, aínda *stá* cheo de “cousas”, non che dá *verghoña*, porco, andar cunha porcallada coma esta no peto ! E despois dis *ques* rico ? No ! Noxo me dás ! nin *paghándolle* querería isto un *méndigho* ! Non se sabe nin por onde collelo.

—Dá *ighual* ! —decidiu Leboreiro— Enchufádello ben no morro, e de haber aínda *ghraxa* nel, poderaa comer e así non se perde nada.

Entón, uns puños enérxicos pasáronlle o pano polas mandíbulas do Azteca e atáronllo por detrás, na caluga quedando deste xeito inmovilizado e en silencio.

—O outro día mandaches que me *fustrighasen* e hoxe *tócachati* ser vareado.

—Ollo por ollo, dente por dente ! —proferiu Sabichas, o moralista.

—Vamos Chapletón, colle a vara e azóutao ! Unha pequena sesión antes de lle quitar os pantalóns *pa queste* “bonita señoritinga” que se cre tan lista se vaia entoando.

— E vós, arrexuntádevos e *aghrandade* o círculo !

Cunha vara verde flexible e forte, Chapletón propinoulle, a conciencia, seis lategazos soantes nas cachas do Azteca, que se asfixiaba de cabreo e dor baixo a mordaza.

Ao rematar, Leboreiro falou un momento en voz baixa con Gorrión e Gambeta. Estes afastáronse con discreción e logo Leboreiro púxose a berrar alegremente :

—E *aghora* imos cos botóns ! Tintín, compañeiro, prepara os petos. Xa son horas, *cheghou* o momento, e mira que contes todo ben e non perdas cousa !

Leboreiro andou con tino, pois cumpría non estragar con movementos demasiado bruscos ou coiteladas torpes as distintas pezas que constituían o tributo do Azteca, tributo que debía engrosar o tesouro de guerra da tropa de Lomberna.

Comezou polos zapatos.

—Oh, oh ! —dixo— un amalló novo ! Que ben !

—Cabrón, —prosegiu— está cheo de nós ! E lentamente, sen lle quitar ollo ás distintas unións do cordón que salvagardaban o seu fociño dunha patada vingadora que podía chegar a ser terrible, desfixo o nó, desatou o zapato, retirou o amalló e entregoullo a Tintín. Logo, subiu a perneira do pantalón para coller as xarreteiras que amarraban o calcetín.

Nese momento, Leboreiro quedou chafado. O Azteca só tiña unha xarreteira, o outro calcetín mantíñase cun anaco de trenza, pero colleullo igual, non sen antes refungar :

—Mira que é ladrón ! Nin sequera ten un par de xarreteiras e vai de listiño. Pero que fai cos cartos, teu pai, ho ? Bébeos ! Fillo *dalcólico* ! Can de borracho !

Logo, Leboreiro tivo coidado de non esquecer ningún botón nin ollal. Ao chegar ao pantalón, pasouno en grande. O Azteca tiña tirantes de dobre presilla en bo estado.

—Vaia luxo ! —comentou— sete botóns nos calzóns. Isto, si que *tá* ben, *mighiño*. Ímosche conceder unha vareada máis *pa aghradecercho*, así has aprender a facer risa do *probe* mundo. Sabes, en Lomberna, non pedichamos, nin *regateamos* nada, nin tan sequera as vareadas. Que contento se vai poñer o primeiro de nós que se *fagha* trincar porque vai recibir un par de tirantes. *Amais* ben *ghuais* por certo ! Merda ! Case me *tan* entrando *ghanas* de ser eu.

Ao mesmo tempo caíanlle as calzas coma un acordeón despoixadas de botóns, de presillas e de fibelas.

Tras esfollar rigorosamente o chaleco, a chaqueta, o mandilón e a camisa, atoparon no peto do *ghichiño* un patacón novo que foi rexistrado na contabilidade de Tintín baixo a epígrafe : “Reserva en caso de desgraza”.

Tras varias inspeccións minuciosas que acabaron por convencer os guerreiros de Lomberna de que xa non quedaba nada de nada que rañar e tras poñer de lado o coitelo do Azteca para Gambeta que non tiña ningún, decidiuse finalmente e con todas as precaucións necesarias deslevar as mans e os pés da vítima, pois xa eran horas.

O Azteca estaba fervendo debaixo da mordaza e como todo vestixio de pudor quedara extinguido nel polo sufrimento ou reprimido polo enfado, o primeiro que fixo foi arrincar da boca aquel desafortunado e terrible pano, sen pensar en subir antes o pantalón caído que deixaba ver debaixo da camisa unhas nádegas arroibadas polos azoutes que levara.

Logo, calmeando, arrexuntou toda a roupa ata a altura dos riles e deu en proferir insultos aos seus verdugos.

Algúns guerreiros dispúñanse a saltarlle enriba para fustrigalo de novo, pero Leboreiro, facéndose o xeneroso e probablemente as súas razóns tería, parounos bosquexando un sorriso :

—Deixade que berre ese *probe cághado* ! Se o pasa ben así ! —comentou con voz burlona— os neníños tamén se teñen que divertir *nalgho*, non ?

Azteca marchou, arrastrando os pés e chorando coa carraxe. Naturalmente, pensou en imitar o que fixera Leboreiro o sábado anterior : deixouse caer detrás da primeira matogueira e decidiu demostrarlles aos lombernesese que non era menos ca eles polo que se espiu completamente e mesmo chegou a quitar a camisa para amosarlles o traseiro.

Do lado de Lomberna, os outros xa o estaban pensando tamén.

—Aínda se ha querer de nós, xa verás, Leboreiro, tiñámoslle que ter dado outro repaso.

—Deixádeo ! deixádeo ! —dixo o xeneral que tiña un plan coma o de Trochu.

—Eu xa cho decía, carallo ! —berrou Tintín.

En efecto, o Azteca ergueuse dun golpe, saíu da matogueira e diante da cara dos lombernesese amosoulles o que dixerá Tintín. Chamoulles covardes, bandidos, collóns moles... e ao ver que estaban a punto de botarse atrás el, deu en correr cara ao linde e liscou coma unha lebre.

Pero o pobre desgraciado non chegou moi lonxe...

De repente, catro pasos máis adiantel, xurdiron dúas inquietantes siluetas sinistras que lle obstruíron o paso amosándolle os puños pechados. Suxeitárono con forza e mentres o enchían a patadas, fórono levando outra vez cara á Matogueira Grande de onde acababa de saír.

Por algo estivera a falar Leboreiro con Gorrión e Gambeta. Xa vía claro de lonxe, como dicía el, e moito antes ca os outros que o seu “pitiño” lle quería facer unha boa xogada. Así fora como o deixara marchar aparentemente de xeito inocente a pesar dos reproches dos compañeiros para poder pillalo mellor despois.

—Ah ! O *nené* quérenos amosar o cuíño, pois, moi ben, ho ! Os nenos non se poden contrariar. Ímolo mirar, neniño e ti halo de sentir !

—Volvede a atar este “valentías” e ti Chapletón, colle outra vez a vara que *llimos* marcar un pouco máis a parte *dabaixo* do lombo.

Chapletón, xenerosísimo, zorregoulle doce lategazos, máis un de propina por aquilo de vilos amolar pola noitiña cando regresaban á casa.

—Así *starás* máis tenriño e viralle ben ao noso turco que non ha estropear os dentes cando che queira morder o noxento bandullo —engadiu.

Entrementres, Gorrión amañaba un pouco o macuto confiscado do prisioneiro.

Cando tivo as nádegas ben arroibadas, desatárono outra vez e Leboreiro, solemnemente entregoulle o macuto dicindo :

—Boa viaxe, señor cu arroibado e saúde as *ghaliñas* da nosa parte.

Logo, retomando o ton de voz natural dixo :

—Ah ! Seica nos queres amosar o cu, *amighiño* ! Pois, amósao, ho, amósao tanto como che dea a *ghana*. Como me chamo Leboreiro, *díghoche* que *te has* cansar de amosar o cu, *amighiño*.

E o Azteca liberado, liscou desta vez sen dar un chíó e volveu onda o exército derrotado.

CRUEL ENIGMA

?

Escollín este título que pode parecer tomado de Paul Bourget e contrariamente ao uso empregado ata agora, substituíñ as citas coñecidas situadas na epígrafe dos capítulos por un punto de interrogación, así que lle rogo ao lector ou á lectora que me crea cando lle digo que en ningún momento quixen enganar nin tomar prestada a inspiración das páxinas que seguen ao moi ilustre escritor arriba mencionado. Todo o mundo sabe e o meu admirable mestre Octave Mirbeau fíxonolo ver repetidas veces con precisión que para chegar á altura de espírito de Paul Bourget hai que percibir unha renda mínima de cen mil francos, polo que repito, non pode haber relación entre os heroes do moi distinguido e glorioso académico e a sa e vigorosa prole da que non son máis ca un historiador fiel e sincero.

Ao chegar onda os seus guerreiros, o Azteca dos Vaos non necesitou contar o que ocorrera. Subido ao alto da árbore, Fuciños vira todo ou case todo. As vareadas, a emboscada, a requisa dos botóns, a fuxida, a nova captura e a liberación : os compañeiros estiveran a vivir a canda el, se se pode dicir así, aqueles minutos terribles de sufrimento, angustia e carraxe.

—Hai que *liscare aquí* ! —dixo un Miguel de Lúa intranquilo a quen a magoante desventura do xefe lle trouxera á memoria uns recordos máis ben tristes, sen que por iso o quixera recoñecer abertamente.

—Antes de nada hai que volver vestir o Azteca, —obxectaron algunhas voces, polo que desfixeron o macuto, desataron as mangas do mandilón e alí atoparon os zapatos, as medias, a chaqueta, o chaleco, a camisa e a boina, mais o pantalón non apareceu...

—O meu pantalón ? Quen ten o meu pantalón ? —preguntou o Azteca.

—Non *stá* dentro. —declarou Fuciños— Non o perderías por casualidade ao *fuxire* ?

—Hai *quir* buscalo.

—*Oístedes*, mirade aí se non o vedes, ho !

Miraron cara ao campo de batalla mais non había ningún farrapo no chan que indicase a presenza do pantalón.

—Sube á árbore, anda —díxolle o Azteca a Fuciños—, ao *millor* ves onde caeu.

O gabeador subiu enriba da faia en silencio.

—Non vexo nada —declarou tras unha detida observación— Nada !...non !, nada... pero *stás seghuro que* o metiches dentro cando te espiches na *matogheira* ?

—*Stou seghuro stou* —contestou o xefe moi inquieto.

—*Pro*, a onde puido ir parar *logho* ?

—Ah ! carallo ! Vaia porcos ! —exclamou de socato Fuciños—. Escoitade, pero vós escoitade esa banda de farfalláns !

Os belráns, puxeron a orela e en efecto, oíron alto e claro os berros dos inimigos que regresaban cantando aquel refrán popular, propio ao parecer daquelas circunstancias e menos revolucionario ca de costume :

Meu pantalón

stá descosido

E decontado

Hase ver furado

O meu pantalón

Descosido...

E asomándose, retorcéndose e erguéndose polo medio das pólas para ver máis lonxe, Fuciños berrou con moita carraxe :

—O teu pantalón téñeno eles ! Eses cabróns noxentos pillároncho, ladróns ! *Stounos vendo, colghárono* na punta dun *pao* coma se fose de bandeira. Xa *stán cheghando* á Canteira.

E o retrouso burlón chegáballe aos oídos aterrados do Azteca e da tropa :

E decontado

Hase ver o furado

O meu ...

O xefe arregalou os ollos, pestanexou, anubróselle a vista e palideceu :

—Pois, *stouche* ben *pa volvere* á casa, ho ! Que vou *dicire* ? Que podo *facere* ?... Eu, non podo pasar pola aldea así.

—Haberá que *aghardare* ata a noite pecha —propuxo alguén.

—Se *cheghamos* tarde, vainos caer unha boa a todos, —observou Miguel de Lúa— temos que *atopare algho*.

—Imos *vere*, se se pecha ben o mandilón con alfinetes, ao mellor non se nota moito —propuxo Fuciños.

Despois de lle ter posto uns amallós aos zapatos e un alfinete ao colo da camisa, tentaron levar a cabo a proposta de Fuciños, pero *vaito carallo*, como dicía

Tato, o blusón non chegaba nin sequera á dobra da camisa, polo que parecía que o Azteca puxera un sobrepeliz negro sobre algo branco.

—Parece un cura, —replicou Tato— aínda que está ao contrario.

—Si, menos que os curas non amosan *os zancos* desa maneira —obxectou Mexonfrío— *mighiño*, así non podes ir.

—E por que non pos o mandilón coma se fose un biso envolvéndoo ben ao redor das cadeiras non se che vería o cu e fariamos todos así tamén *pa* que a xente crese que estamos a *xoghare* e así poderías *cheghar* a casa.

—Si, *pro* ao *cheghare*, vanme dicir de poñer o mandilón *coma é dibido*. Ah ! compañeiros, as que vou *levare* !

—Imos ir indo cara a aló que xa se fai tarde. Xa non *cheghamos pró* rosario e vainos caer unha boa malleira —retomou Miguel de Lúa.

O consello non era malo e a tropa púxose a andar triste e lentamente polo medio do bosque mentres buscaba unha maneira que lle permitise ao xefe chegar á casa sen demasiados problemas.

Despois de baixar a pista transversal que levaba ao linde do bosque, a tropa parou ao carón da gabia do cerco e púxose a matinar.

... Nada... a ninguén se lle ocorría nada...

—Ímonos ter que ir, —choromicaban os tímidos que temían a ira pastoral e a malleira do pai.

—Non podemos deixar o xefe aquí só ! —berrou Fuciños, enérxico ante o desastre.

Unhas veces o Azteca tiña pinta de estar asustado e outras, aparvado.

—Ah ! Se *alghén* se puidese *acheghare* á miña casa pola parte de atrás e entrar no cuarto do fondo. *Stán* alí as miñas cirolas detrás do baúl. Polo menos, era *algho* !

—Mira, *mighiño*, se imos alá e túa nai ou teu pai nos pilla, que lle dicimos ? Quererán saber o que facemos alí, e mesmo nos poden tomar por ladróns. Con esas cousas, non se *xogha* !

—Ah ! Me *cagho en Crista* ! Que vou *facere* ! Ídesme *deixar* soíño ?

—Non xures así —replicou Miguel de Lúa— vas facer chorar a Virxe e dá mala sorte.

—Ah ! din que a Santa Virxe de Lurdes fai *milaghres*. Se me puidese *dare* aínda que fose un pobre, pequeno pantalón vello.

Ding ! dong !, ding ! Dong ! Tocaron as badaladas para o rosario.

—Non podemos quedar aquí máis tempo, non vale de nada ! Hai que *marchare* ! —dixeron numerosas voces. E a metade da tropa desbandouse e fuxiu ás carreiras cara á igrexa para non ser castigada polo cura.

—Ai miña madriña, que vai ser de min ! Que podo *facere* ?

—Imos *aghardare* a que *fagha* noite, anda —consolouno Fuciños—. Quedo eu *contigho*. Non *pagha* a pena que os *castighen* a eles tamén.

—Non, non *pagha* a pena —repetiu o Azteca—. Ide ao rosario, liscade *daquí* e rezádelle a Santa Virxe e a San Nicolás *pa* que non nos arreen moito.

Non fixo falla que llelo repetisen máis veces e mentres os demais fuxían a fume de carrozo, os dous compadres miráronse un ao outro.

De socato, Fuciños levou a man á cabeza.

—Mira que somos burros, xa *sta* !

—Que é o que *sta* ! Veña, di ho ! —dixo Azteca, alerta ao que lle ía contar o seu amigo.

—Mira, machiño : eu non podo ir a túa casa, *pro* ti si e vas ir !

— !...

—Si, claro. Voume *espire* e pasarche o meu pantalón e o mandilón e ti vas ir á túa casa e pasar pola parte *datrás*. *Aghochas* os teus farrapos, vísteste coa túa roupa e *logho* tráesme a miña. Despois volvemos e diremos que fomos coller *coghumelos* e que como *stabamos* lonxe de Cazoanos, moi lonxe case non oímos tocar a badalada. Ala, veña !

A idea pareceulle xenial ao Azteca e meu dito, meu feito. Fuciños, que tiña un talle un pouco máis grande cá do seu amigo, púxolle o pantalón e subiulle as dúas perneiras un pouco longas, axustoulle a presilla de atrás, cinguiu os riles do xefe cun cordel e recomendoulle que liscara a pés forzados e sobre todo que non o viran.

Mentres o Azteca saía coma un foguete cara á casa para coller outro pantalón, rozando muros e sebes, Fuciños, agochado na escuridade do bosque, estartelaba os ollos e miraba en todas a direccións para ver se a expedición tiña algunha posibilidade de saír ben.

Azteca chegou á casa, rubiu ata a fiestra, atopou un pantalón similar ao que perdera, uns tirantes usados, un mandilón vello, arrincou os amallós dos zapatos do domingo e sen perder tempo en cambiarse, saltou para a horta liscou coma unha chispa polo mesmo camiño polo que viñera para xuntarse outra vez co seu heroico compañeiro

que estaba tremelicando detrás do muro, anesgado e apertando canto podía contra as súas coxas arrubiadas a delgada camisa de tea áspera.

Ao vérense, intercambiáronse un gran sorriso silencioso, propio dos Peles Roxas nas novelas de Fenimore Cooper e sen perder nin un minuto, cambiaron a roupa.

Tras recuperaren a súa vestimenta, o Azteca que por fin tiña unha camisa con botóns, un mandilón limpo e amallós nos zapatos, lanzou unha mirada inquieta e melancólica á súa roupa feita retallos.

Pensou que o día en que súa nai os descubrise, ía recibir seguro unha boa malleira, un sermón e mesmo quizais o encerro no seu cuarto e na cama.

Aquela última consideración fíxoo tomar decontado unha resolución enérxica.

—Tes mistos ? —preguntoulle a Fuciños.

—Teño, —contestou o outro— por que ?

—Trae *pa* aquí !—retomou Azteca.

Tras fregar o fósforo contra unha pedra e amontoar, a modo dunha pira expiatoria, o mandilón e a camisa, predeulles lume, sen pestanexar, ás que foran testemuñas da súa derrota e vergoña. Deste xeito, borraba para sempre calquera vestixio de preocupación futura e a lembranza daquel maldito día nefasto.

Heime de arranxar *pa* non ter que *cambiare* o pantalón, —contestou Azteca á pregunta de Fuciños. E á miña nai, nunca se lle pasará pola cabeza *pensare* que *stá escanghallado*. Máis ben pensará que anda tirado por *alghún* sitio, tras dun moble, a canda o mandilón e camisa.

Co enigma descifrado e o escabroso problema resolto, agardaron, tranquilos e máis serenos, a primeira badalada do Ángelus para mesturarse cos compañeiros que saían de rezar e que quedaron abraiados ao atopalos alí vestidos. Logo regresaron á casa coma se eles tamén estivesen asistindo á misa.

Se o cura non se decatase de nada, xa estaba todo solucionado. E así foi.

Entretanto, en Lomberna estábase a vivir outra escena ben diferente.

Ao chegaren ao Tileiro, a uns cincuenta pasos da primeira casa da aldea, Leboreiro mandou parar a tropa e pediu silencio.

—Non imos *cargar* con este farrapo polas rúas, —afirmou mirando para o pantalón do Azteca—. A xente pode *preghuntarnos* de onde o sacamos e que lle dicimos ?

—Podémolo *ghindar no regho* do xurro —aconsellou Chapletiñas— *Oístedes*, e que lle contará o Azteca á súa xentiña e que lle fará súa nai cando o vexa co cu ao aire

? Perder un pano, *estraviar* a boina, romper un zoco, facerlles unha chea de nós a un cordón, aínda pasa, estas cousas pasan todos os días e son merecedoras dun ou dous pares de sopramocos, e aínda así cando están vellas, *pro* perder o pantalón, por moito que se *digha*, non se ve tan a miúdo.

—Machiños, a min non me *ghustaría star* no seu *lugar* !

—*Azí* ha *daprender* ! —afirmou Tintín cuxos petos rebordados de desposos opimos daban testemuña dun importante botín.

—*Outroz douz* ou *trez zaqueoz* coma *eztez* —dixo golpeándose as coxas— e *poderemoz pazar* de pagar a cota *pra* guerra e *coz cartoz* *poderemoz* facer unha *fezta*.

—E que facemos con este pantalón ?

—Do pantalón, *encárghomeu*. Ímolo deixar na cabana do Tileiro e mañá xa veredes; o único... non andar por aí rexoubando, non *faghades* coma as que van lavar ao río, a ver se sodes quen de manter a boca pechada. Mañá pola mañá habedes ver como vos *fagho* rir, *po* se o cura *chegha* a saber que fun eu outra vez, aínda non me ha deixar facer a primeira comuñón, coma o ano pasado cando lavei o tinteiro na pía de *augha* bendita.

E engadiu farfallando coma fillo de pai que lía os periódicos anticlericais da rexión :

—Non é que me importe moito esa carallada, *pro* é *pa* facer coma todo o mundo.

—Que é o que queres facer Leboreiro ? —preguntaron os compañeiros.

—Xa volo dixen, nada. Habédelo ver mañá pola mañá. *Aghora* que cada un lisque *pá* súa casa.

E tras depositar o galdrapo no corazón cavernoso do Tileiro, marcharon.

—Has volver aquí despois das oito *pa* axudarme ! —díxolle Leboreiro a Gorrión.

Gorrión asentiu e marcharon cear e estudar a lección.

Despois da comida e como o pai durmía enriba da revista *O gran mensaxeiro coxo* onde buscaba informacións do tempo que ía facer na próxima feira de Vercel, Leboreiro que estivera agardando por aquel momento, dispúxose a coller a porta tan tranquilo, mais a nai estaba asexando.

—Onde vas ?—preguntou.

—Vou botar unha *mixada* ho ! —respondeulle el coma quen non quere a cousa.

E sen agardar outra obxección, saíu e chegou nun santiamén, por dicilo dalgunha maneira, ao Tileiro. Malia a escuridade, Gorrión que o estaba a esperar, viu que traía alfinetes enganchados na parte de diante do mandilón.

—*Quimos* facer ? —preguntou, disposto a todo.

—Ven, —ordenou o outro despois de coller o pantalón e cortar de arriba a abaixo a parte de atrás e as perneiras.

Chegaron á praza da igrexa que estaba totalmente deserta e silenciosa.

—Hasme de pasar o farrapo ese —díxolle Leboreiro mentres subía polo recanto do muro onde estaba o enreixado de ferro que rodeaba o lugar santo.

No lugar onde estaba o xefe, había unha estatua de santo (segundo el de San Xosé) pousada nun pedestal de pedra coas pernas medias núas. O afouto rapaz escalou ata alí e nun segundo chantouse ao carón do esposo da Virxe. Gorrión estarricou o brazo para lle dar o farrapo do Azteca e Leboreiro dispúxose a vestir rapidamente *o homiño de ferro*. Despregou as perneiras do pantalón sobre os membros inferiores da estatua, volveunas coser por atrás cuns poucos alfinetes e apertou a cintura moi larga e esgazada, como xa se sabe, cinguindo as cadeiras de San Xosé con dous anacos de amarralla vella.

Logo, satisfeito do seu traballo, baixou.

—Polas noites vaiche fresquiño —sentenciou—. Polo menos así, San Xosé xa non terá máis frío nas pernas e o noso bondadoso pai dos *ceus* vai *tar* contento e *pa aghradecérnolo*, ha facer por que pillemos máis prisioneiros. Ala, vámonos deitar, *mighiño* !

Ao día seguinte, as mulleres, a vella do Pote, a Grande Eufemia, a Guinda e as demais que acudían, coma sempre, á misa das sete, persignáronse ao chegar á praza da igrexa, escandalizadas por semellante profanación :

Alguén lle puxera un pantalón a San Xosé !

Despois de constatar que as entrepernas non estaban moi limpas que digamos e que mesmo se lle dera uso recentemente, o sancristán espiu a estatua sen desconfiar en ningún momento de que aquel pantalón fose dun rapaz da parroquia.

Malia levar a cabo unha investigación rigorosa e rápida non obtivo ningún resultado. Os rapaces interrogados calaron coma petos ou quedaron abraiados coma becerros e ao domingo seguinte, convencido de que aquel acto era froito dalgunha sinistra asociación secreta, o cura tronou desde o púlpito contra os impíos e os sectarios

aos que non lles chegaba con perseguir a xente de ben, senón que levaran o sacrilexio ata tal punto que intentarían incluso ridiculizar os santos na súa propia casa.

A xente de Lomberna quedou tan estrañada coma o cura e ninguén sospeitou de que o pantalón que lle puxeran a San Xosé pertencía ao Azteca e que fora conquistado polo exército de Lomberna durante un combate en toda regra contra os *lambecús* de Belrán.

AS DESGRAZAS DUN TESOUREIRO

Non sempre é bo ter un alto cargo

La Fontaine (*As dúas mulas*)

Ao día seguinte pola mañá, instalado no seu banco do fondo habitual, o tesoureiro, que xa contara máis de cen veces as diversas pezas do tesouro postas baixo a súa custodia, volveunas contar, recapitulou e preparouse para poñer ao día o libro de contas.

Comezou pois a transcribir de memoria na columna de ingresos os seguintes conceptos detallados :

LUNS

Recibido de Choscán :

Un botón de pantalón

Grande coma o “vrazo” de corda do látego

Recibido de Gherreiro :

Unha liga vella da nai para ter un par de recambio

Tres botóns de “camiza”

Recibido de Piti :

Un imperdible

Un amalló vello de “sapato” de coiro

Recibido de Félix :

“Douz” anacos de corda, tan grandes coma min.

Un botón de chaqueta

Dous botóns de “camiza”.

MARTES

Conquistado na batalla do Souto ao prisioneiro Azteca dos Vaos pillado por Leboreiro, Ghorrión e Chapletón :

Un bo par de amallós de “sapatos”.

Unha liga

Un anaco de trenza

“sete” botóns de pantalón.

Unha presilla “datrás”

Un par de tirantes

Un corchete para mandilón

Dous mandilóns de blusón de cristal negro

Tres botóns de chaleco

Cinco botóns de “camiza”

Catro botóns de chaqueta

Un patacón

Total do tesouro :

Tres patacóns de reserva en caso de desgraza !

Sesenta botóns de camisa !

—A ver, —pensou— *zerán* realmente *zezenta botónz* ? O vello non me ve ! *Contareinoz* outra vez ?

Levou a man ao peto colmado polo botín que estaba revoltado e mesturado coas súas posesións persoais. María aínda non tivera tempo de confeccionarlle o saquiño con correa que lle prometera á tropa, pois a véspera o irmán chegara demasiado tarde e aquel traballo tíñao que facer ás agochadas.

O pano de Tintín taponaba o peto dos botóns. Sacouno sen pensar, bruscamente e apurado por querer comprobar a exactitude das contas e pumba... os botóns do tesouro espaxéronse na sala por todos os lados, rodando coma noces ou bólas.

Elevou un rumor contido e unha ondada de cabezas revirouse.

—Que é todo isto ? —preguntou moi serio Don Simón, que xa notara desde había dous días o estraño comportamento do alumno.

Precipitouse para constatar cos seus propios ollos a natureza do delito, pois malia todas as leccións de moral e a historia de George Washington e o machado, non acababa de crer na sinceridade de Tintín e dos seus compañeiros.

A Leboreiro só lle deu tempo a coller cunha man tremente o libro de contas e poñelo rapidamente debaixo do pupitre, pois ao compañeiro, demasiado abraiado, non se lle pasara nin pola cabeza collelo.

Mais aquel xesto non lle pasou desapercibido aos ollos expectantes do mestre.

—Que está agochando aí, Leboreiro ? Amósemo agora mesmo ou póñolle oito días de castigo !

Amosar o gran libro, poñer ao descuberto o segredo que constituía a forza e a gloria do exército de Lomberna : si, home, Leboreiro prefería antes ter que cag..... en *ciriquiños*, tal e como dicía con elegancia o irmán de Gorrión. Pero claro, oito días castigado !...

Os compañeiros seguían con pesar o duelo.

Leboreiro comportouse realmente coma un heroe.

Volveu levantar a tapa do pupitre, abriu o libro de Historia e sacrificando sobre o altar da pequena patria lombernesá a primeira mostra dos seus amores xuvenís, tan importante para el, entregoulle ao sinistro e desgraciado mestre de escola a estampa que a irmá de Tintín lle dera como mostra do seu amor, un tulipán ou un pensamento escarlata sobre un fondo de campo azul, con aquela apaixonada e xa coñecida palabra : *Souvenir*.

Aínda así, Leboreiro xurou que se o outro non a rachaba inmediatamente, iríaa coller á súa mesa tan pronto lle tocase varrer ou cando o mestre lle dese as costas por algunha calquera razón.

Cantas emocións lle percorreron o corpo cando o mestre volveu á tarima uns instantes máis tarde.

Pero aínda quedaba por explicar a caída dos botóns.

Leboreiro tivo que confesar, gagueando, que trocaba a imaxe por botóns. Aquel tipo de negocio non deixaba de parecer raro e misterioso.

—E que fai con todos eses botóns no peto ? —preguntoulle Don Simón a Tintín. Seguro que llos roubou a súa nai. Vouna informar por medio dunha notiña... Agarde un pouco e xa veremos. Para comezar, xa que amolades a clase, ides quedar os dous castigados unha hora esta tarde.

—Unha hora de castigo, —pensaron os outros—. *Aghora* si que a fixemos. O xefe e o tesoureiro pillados. Como ían pelexar ?

Como se pode entender, desde o día da desventura e da derrota, Gorrión non quería asumir de boa gana as responsabilidades de xeneral en xefe. E se os belránns chegaban a vir igual... pois, m... para eles.

Se ben é certo que a véspera recibiran unha boa malleira e era pouco probable que volvesen ese día, cuns tolos coma eles non se podía dicir nunca nada !

—Onde están os botóns ? —retomou Don Simón. Por moito que se baixase, que axustase ben as lentes e mirase entre os bancos polo seu campo de visión non pasou ningún botón. Durante o algareo, os compañeiros prudentes, estiveráanos a apañar todos coidadosa e subrepticamente para agochalos logo no fondo dos petos. Ao mestre resultoulle imposible recoñecer a natureza e a cantidade dos famosos botóns, polo que se tivo que quedar coa dúbida.

Mais ao regresar ao seu sitio e probablemente coa intención de se vingar, o cazurro do mestre rachou a marabillosa estampa de María de Tintín e Leboreiro arrubiou de carraxe e dor.

O mestre deixou caer con desidia, un a un, os dous anacos da estampa na papeleira e retomou a lección interrompida.

O Sabichas que sabía ata que punto Leboreiro apreciaba aquela estampa, deixou caer adrede o plumeiro e ao se baixar para recollelo, pillou rapidamente os dous preciosos anacos e agochounos nun libro.

Logo, como lle quería dar unha alegría ao seu xefe, colou, ás agachadas, os dous fragmentos con anaquiños de selos e no recreo entregoulla a Leboreiro. Este quedou tan sorprendido que houbo chorar de felicidade e emoción e non soubo como lle dar as grazas ao Sabichas, un verdadeiro amigo.

Pero aínda así o asunto do castigo supuña un verdadeiro problema.

—A ver *ze* non di nada *naz nozaz cazaz*, ho ! —pensaba Tintín e comentoulle o seu temor a Leboreiro.

—Boh ! —dixo o xefe—xa esqueceu o conto, ho. Ti por se *ascaso*, pórtate ben e non toques os petos que como saiba que aínda tes botóns...

Ao chegaren ao patio, os que tiñan botóns entregáronlle ao tesoureiro as unidades dispersas que estiveran apañando. Ninguén lle formulou ningún reproche sobre a súa imprudencia pois todos sabían a gran responsabilidade que asumira Tintín e todas as consecuencias que lle podía implicar no futuro ostentar tal posto, que xa lle custara ata o momento un castigo, e unha posible malleira que aínda podía recibir ao chegar á casa.

El mesmo así o sentiu e queixouse :

—*Zabez* qué ?, hai que atopar outra *perzoa* para *zer tezoureiro*, éche unha leria e *ademaiz* éche *perigroso*, ho ! Xa non pelexei onte pola tarde e hoxe *eztou castigado* !...

—Oíches, eu tamén *tou castigado* —dixo Leboreiro para consolalo.

—*Zi* ho !, pero onte *arreachez* ou non *arreachez unhaz boaz oztiaz e non lazachez croioz e paoz* ?

—Anda, non pasa nada, pola tarde habémoste *revelar*⁵ de cando en vez, *pa* que ti tamén poidas pelexar.

⁵ Enténdase “relevar”.

—*Ze o zoubese*, agocharía agora *oz botónz* para non *oz ter* que levar *connozco ezta* tarde.

—E se *alghén* te ve, por exemplo o tío Oughusto polas táboas da *ghranxa* e despois píllanolos ou vaillo dicir ao mestre, entón si que a fixemos boa...

—Non ho, non ! Non pasa nada, Tintín —retomaron todos xuntos os demais compañeiros para consolalo, tranquilizalo e comprometelo a que conservase no seu poder aquel capital de guerra, fonte asemade de problemas e confianza, de vicisitudes e orgullo.

A última hora de escola resultou triste. A fin do recreo caeu na inmovilidade e nun silencio parcial, interrompido por coloquios misteriosos e conferencias en voz baixa que intrigaron o mestre. Era un día perdido. A perspectiva do castigo cortara bruscamente o entusiasmo xuvenil e apagara a súa sede de movemento.

—Que podemos facer esta tarde ? —preguntáronse os da aldea, despois de que Gambeta e os dous Chapletas desamparados, se retirasen para as súas casas, un para a costa e os outros dous para Bernés.

Gorrión propuxo unha partida de bólas, xa que non querían xogar ao marro, porque despois da malleira do Souto, aquel simulacro de guerra resultaba eslamiado.

Dirixíronse á praza e alí xogaron ás bólas apostando unha bóla por xogada, polo que “era de verdade e non de mentira”. Entrementres, os castigados “gozaban” da hora suplementaria copiando o fragmento dun autor francés que estaba no libro de *Historia* e que pouco lles interesaba. Comezaba así : *Ao nacer, Mirabeau tiña o pé torto e a lingua trabada; dúas moas xa formadas na boca anunciaba a súa forza...*

Mentres copiaban, a súa atención errante recollía, polas fiestras abertas, as exclamacións dos xogadores :

—Todo !

—Nada !

—Díxeno eu antes ca ti !

—Mentireiro !

—Non *cheghaches* !

—A pola de *Ghorrión* !

—Pumba !, perdeches ! Cantas bólas tes ?

—Tres !

—Non é certo, tes polo menos dúas máis ! Trae *pa quí*, ladrón !

—A ver, se queres *xoghar*, pon aquí outra bóla, nenio.

—Por aquí cha vou dar ! Voume *acheghar* ao montón e limpar todo.

—*Así* e todo, aínda *se pasa* ben xogando ás bólas —pensaban Tintín e Leboreiro mentres copiaban por terceira vez : *Ao nacer, Mirabeau tiña o pé torto e a lingua trabada...*

—Este tal Mirabeau tiña que ter unha cara de dous pares de narices ! — comentou Leboreiro— Faltarán moito para que acabe a hora !

—*Vístedes* a meu irmán ? —preguntoulles María que pasaba por alí aos xogadores de bólas que estaban a discutir acaloradamente unha xogada sospeitosa.

Aquela pregunta calmounos a todos de repente, os pequenos intereses suscitados pola partida esvaecíanse ante calquera tema relacionado coa gran misión.

—Fixen o bolsiño —engadiu.

—Ah ! Oh ! A ver !

E María de Tintín amosoulles aos guerreiros asombrados e abraiados de admiración un bolsiño con correa feito de liño, do tamaño de dous bolsiños de bólas normais. Víase un bolsiño forte, ben cosido con dous cordóns novos en forma de trenza que permitían pechar tan ben a apertura que era imposible que caese algo de aí.

—Está que te cag.... ! —xulgou Gorrión, expresando deste xeito o súmmum da admiración, mentres que os ollos lle expresaban recoñecemento. Con isto, imos arrasar !

—Van tardar moito en saír ? —preguntou a rapaciña que xa estaba ao tanto da situación do irmán e do mociño.

—Nuns dez minutos, un cuarto de hora curto —contestou o Sabichas despois de consultar o reloxo da torre— Queres agardar por eles ?

—Non —respostou —teño medo que me vexan convosco e que *logho* lle *dighan* a miña nai que son un *macholo*. Vou marchar pero dicídelle a meu irmán que veñan *pra* casa tan pronto saia.

—Si, si, dirémosllo. *State* tranquila.

—*Starei* diante da porta— concluíu mentres se dirixía cara á casa.

A partida continuou lánquida mentres agardaban os castigados.

Dez minutos despois, Leboreiro e Tintín, enfasiados de tanto Mirabeau mozo cun pé torto e..., etc., achegáronse onda os xogadores que distribuíron as bólas da xogada para rematar a partida.

Tan pronto os puxeron ao tanto do asunto, Tintín non dubidou :

—Lárgome —exclamou— porque *eztes botónz eztanme* mancando a coxa e sen falar do medo que teño zempre de perdeloz.

—Se podes, tenta volver cando *stean* no saquiño, oíches ? —preguntou Gorrión.

Tintín prometeuno e liscou coma unha chispa onda súa irmá.

Chegou no preciso momento en que o pai facía estalar o látego mentres saía da corte para mandar as bestas ao bebedoiro.

—Seica non tes nada que facer, non ? —díxolle o pai a Tintín ao velo sentar preto de María que estaba a remendar unha media ostensiblemente.

—Oh ! Xa *zei* a *lección* —contestoulle.

—Ah ! mira que ben !

E tras aquela exclamación equívoca, o pai deixounos para ir tras Tordo que estaba a refregar o pescozo con forza contra o valado do Culasón.

—Recúa, veña ! *Desgraciado* ! —berraba mentres lle daba co mango do látego no fociño húmido.

Tan pronto pasou a primeira casa, María sacou por fin o famoso saquiño e Tintín baleirou os petos ateigados e depositou todo o tesouro enriba do mandil da irmá.

Entón, foron introducindo, no fondo e de xeito metódico, primeiro os botóns, logo os corchetes, as presillas e o paquete de agullas coidadosamente picadas nun anaco de tea e para rematar os cordóns, o elástico, a corda en forma de trenza e a corda fina.

Aínda quedaba sitio por se facían novos prisioneiros. O saquiño estaba realmente ben.

Unha vez pechado, Tintín erguía o bolso cheo á altura dos ollos, coma un borracho co seu vaso, sopesando o tesouro e esquecendo nese momento de felicidade, os castigos e as preocupacións que lle supuxera a súa situación. De socato, o tac, tac, tac, tac, tac dos zocos de Sabichas, golpeando o chan, levou a Tintín a baixar a vista e a ollar o camiño cunha mirada inquisidora.

O Sabichas, atafegado e inquieto, chegou onda eles e exclamou cunha voz sepulcral :

—Ten tino cos botóns ! O teu pai está a falar con Don Simón e moito me temo que ese porco lle estea dicindo que te castigou hoxe polo que pode que te cacheen. Tenta agochalos por se acaso, vale ? Eu lárgame porque se me ven poden sospeitar que te vin avisar.

Xa estaban moi preto os estalidos do látego do pai de Tintín. O Sabichas liscou polo valado da horta e desapareceu coma unha sombra, mentres que María, interesada coma eles polo asunto, tomou unha oportuna resolución rápida e enérxica : Remangou o

mandil, atouno forte detrás do lombo para formar diante unha especie de peto e logo naquel agocho meteu todo o seu traballo, o bolso e os botóns da tropa de Lomberna.

—Vaite *pra* dentro ! —díxolle ao irmán e fai coma se estiveses a traballar, eu vou quedar aquí a remendar esta media.

Malia parecer que só se preocupaba polo seu traballo, viu ás agochadas a cara do pai e cando albiscou a mirada que botou para saber se o seu fillo se atopaba aínda a lacazanear diante da porta, soubo que ía haber máis ca palabras.

Os bois e as vacas apresurábanse, zarandeábanse para entrar rapidamente na corte e procurar roubar, ao pasaren diante dos comedeiros, parte da comida depositada para o veciño antes de comer a súa respectiva. Mais o labrego fixo estalar o látigo de xeito ameazante avisando así que non ía tolerar os roubos cotiáns e habituais. Cando acabou de poñerlle a correa de ferro a cada animal, cos zocos cheos de esterco e xurro, empurrou a porta que se comunicaba coa cociña e alí atopou o fillo ocupado a estudar unha lección de aritmética para o día seguinte cunha atención que era pouco habitual e moi pouco crible.

Estaba coa definición da subtracción.

—A *zubtracción* é unha operación que ten por obxectivo..., —murmuraba.

—Que *stás* a facer *agora* ? —díxolle o pai.

—*Eztou ezstudando a lección* de aritmética para mañá !

—*Pro*, hai un momento, sabíala.

—*Zi, pero ezquecera ezta* !

—De que vai ?

—Da *zubtracción* !

—Da *zubtracción* ! Mira, ti por onde, pois eu coido que ti xa sabes moito de subtracción, canalla !

E engadiu bruscamente :

—*Achéghate* aquí un momentíño ! —ordenoulle o pai.

Tintín obedeceu mentres adoptaba a actitude máis sorprendida e inocente posible.

—Amósame os petos ! —ordenoulle o pai.

—Eu non fixen nada, non collín nada, —obxectou Tintín.

—*Stouche* dicindo que *mamoses* o que hai nos teus petos, me *cagho en D...* ! e bulindo !

—Non lle hai nada, ho !

E Tintín, nobremente, coma unha vítima espantosamente calumniada, levou a man ao peto dereito e retirou un anaco de farrapo sucio que servía de pano, unha navalla rota cuxo resorte xa non funcionaba, un anaco de corda en forma de trenza, unha bóla e un anaco de carbón que utilizaba para debuxar un cadrado no chan cando xogaban ás bólas.

—Nada máis ? —preguntou o pai.

Tintín deulle a volta ao forro, que estaba negro da carraña que tiña, para demostrarlle que non quedaba nada.

—Amósame o outro !

Volveu empezar a mesma operación : Tintín sacou sucesivamente un anaco de regalicia de madeira medio roído, un códea de pan, o cadulo dunha mazá, unha caravuña de ameixeira, cáscaras de noces e unha pedra redonda (unha boa pedra para o tirafonda).

—E os botóns ? —dixo o pai.

A nai de Tintín entraba naquel preciso momento. Ao oír falar de botóns, os seus instintos aforradores de boa ama de casa subleváronse.

—*Botónz* ? —respondeu Tintín. Non teño !

—Que non tes ?

—Non, non teño *botónz* ! Que *botónz* ?

—E os que tiñas esta tarde ?

—*Ezta* tarde ? —retomou Tintín, cunha actitude un tanto despistada coma se estivese a ordenar os recordos.

—Non me *faghas* o parvo, me *cagho* en tal ! —exclamou o pai— que che dou unha malleira, *cagharría* noxenta. Esta tarde, tiñas botóns e mesmo che caeu unha presa en clase; o mestre acábame de dicir que tiñas os petos cheos deles. Que fixeches con eles ? Onde os colliches ?

—Eu non tiña *botónz* ! Non fun eu, foi.... foi Leboreiro que *moz* quería cambiar por unha *eztampa*.

—Mira ti por onde ! —dixo a nai—. Velaí porque non *chai* nunca nada na cesta da costura e nos caixóns da máquina de coser; éche este noxento porcallán que mos colle. Nunca se atopa nada aquí, por moito que se compre e se volva a comprar todos os días é coma se non fixeses nada, róubanche todo nun santiamén. E cando non che collen o que hai aquí, *strághanche* o que teñen enriba do lombo, rompen os zocos,

perden as boinas, *stravían* os panos, non teñen nunca amallós de zapatos enteiros. Ai !
Meu Deus ! Xesús ! Virxe santísima e Xosé ! A onde imos ir cuns lerchos, coma estes.

—Pero que quererán facer cos botóns ?

—Ah ! Canalla ! Vouche ensinar eu a orde e a economía, e xa que as palabras non serven *pra* nada, voute educar eu con patadas no cu, vas ver ! —berrou o pai de Tintín.

Meu dito, meu feito, colleu o fillo polo brazo, fíxolle darse a volta e cos zocos negros cheos de xurro imprimiulle na parte baixa do lombo uns selos de garantía que, segundo el, o ían curar durante algún tempo do desexo e da manía de roubar botóns na cesta da costura da nai.

Seguindo os principios formulados por Leboreiro uns días antes, Tintín berrou, bruou tanto como puido antes de que o pai o tocase, berregou aínda máis alto e forte cando as solas de madeira entraron en contacto co seu traseiro. Botou uns berros tan agudos que mesmo a María, emocionada e asombrada, lle viñeron as bágoas aos ollos e a nai, sorprendida ela tamén, rogoulle ao marido que non pegase tan forte, pois pensaba que o fillo estaba realmente a sufrir un martirio ou case.

—Pero se case non lle toquei a este cabrón, —replicou o pai—. A próxima vez heille *ensinar* a berrar por *algho*. E que te volva a coller osmando nos caixóns de túa nai ou que *chatope* botóns nos petos !

OUTRAS COMBINACIÓNS

Moito busquei, señora, e máis sigo buscando...

Racine (*Britannicus*, acto II, esc. III)

—Non, non quero *zaber* nada máis do *tezouro* ! *Eztou* farto de non poder pelexar, de ter que copiar *parvadaz* *zobre* Mirabeau, de *eztar* *caztigado* e de recibir *malleiraz*. Que vaian á merda *oz botónz*, ho ! Quen *oz* queira que *oz* colla. Non lle vai tocar *zempre aoz mesmoz* ter que apandar. Meu pai díxome que ze me volvía atopar un botón *noz petoz*, íame quentar o lombo ben quentado.

Así foi como falou Tintín, o tesoureiro. Ao día seguinte pola mañá, mentres lle puña entre as mans do xeneral o saquiño cheo que confeccionara a irmá.

—Pois *alghén* vai ter que coller os botóns —afirmou Leboreiro—. É certo que Tintín xa non pode *ghardalos* porque sospeitan del. Poderían cachealo en calquera momento e pillalo coas mans na masa.

—Chapletón, valos ter que coller ! Ti non quedas na aldea, teu pai nunca sospeitará de que os tes ti.

—*Carghar* con esta bolsa *daquí* a Bernés e de Bernés a aquí e non poder pelexar eu, un dos mellores *gherreiros* de Lomberna, viches o lobo ou que ? —replicou Chapletón.

—Tintín tamén é un bo *gherreiro*, e inda así aceptou !

—Si, ho ! *pra* que me pillen en clase ou ao volver *pra* casa. Non ves que os belránns están *aghardando* que un día Narciso esqueza soltar a Turco *pra* vir a por nós. E os días que non veñamos, que ides facer ? Habiades quedar ben fodidos, non si ?

—Podemos *aghochar* o saquiño nun pupitre da clase, —propuxo Pipote.

—Mira que es parvo ! —burlouse o Sabichas— E cando os vas poñer en clase os botóns ? Non ves que os necesitamos para despois das catro e non durante a clase. Entón, como queres entrar para agochalos ? A ver, sóltao, listiño !

—Non, non, non a pillades ! Non é iso ! —rumiou Leboreiro.

—Onde *stán* *Ghorrión* e *Ghambeta* ? —preguntou un pequecho.

—A ti que *chimporta* ? —respondeu o xefe con acritude— Eles *tan* co deles e eu co meu e m.... *po* teu, *entendeches* ?

—Oh ! Eu *preghuntábao* porque ao mellor *Ghorrión* podíase facer *cargho*. Subido na árbore, non lle molestaría *carghar* co saquiño.

—Non ! Non ! —retomou Leboreiro con violencia— Non vai ser nin *Ghorrión* nin *ninquén*. Xa sei, temos simplemente que buscar un *aghocho pa* pousar alí os trebellos.

—Na aldea non. Iso si que non ! Se os atopasen...

—Non —concedeu o xefe— imos ter que dar con *algho* no Souto, no alto das *antighas* canteiras, por exemplo.

—Ten que ser un sitio seco, porque se se oxidan as *aghullas*, despois non valen *pra nada* e ademais coa humidade o fío *putrece*.

—Se puidesemos tamén atopar un *aghocho* para os sabres, as lanzas e as cachaporras ! Sempre estamos arriscando a que nolas collan.

—Onte, meu pai *ghindoume* o sabre ao lume despois de mo romper, —xemeu Pipote— e só puideron recuperar un anaco de corda do *mangho* e aínda así está todo queimado.

—Zi, —concluíu Tintín— exacto; hai que atopar un recuncho, un agocho, un buraco para poder poñer alí *todaz az nozaz couzaz*.

—E se facemos unha cabana, —propuxo o Sabichas— unha cabana chula nunha antiga canteira ben gorecida e agochada. Hai algunhas onde xa hai unhas grandes covas preparadas. Poderíamos rematala erguendo uns muros e buscaríamos uns puntais e unhas táboas para facer o tellado.

—*Zería demaziado*, —retomou Tintín— unha verdadeira cabana, con *camaz feitzaz de follaz zecaz* para poder *dezcanzar*, un fogar para facer lume e facer *feztaz* cando *teñamoz cartoz*.

—Aí *ta*, —afirmou Leboreiro— imos facer unha cabana no souto. Alí, *aghocharemos* o tesouro, as *minicións*, os tirafondas, unha reserva de croios ben bos. Faremos uns tallos para sentar, unhas camas para deitarnos, uns colgadoiros para pousar os sabres, construiremos unha *chiminera*, colleremos leña seca para facer lume. Vai *tar xenial*.

—Cómpre atopar o *zitie* agora *mezmo*, —dixo Tintín que quería saber canto antes o paradoiro do saquiño.

—Esta tarde, esta tarde, si, esta tarde habémolo, —concluíu toda a tropa entusiasta.

—Se os belrán non veñen, —rectificou Leboreiro; senón *Ghorrión* e *Ghambeta* hanlles preparar *alghunha* cousiña *pa* que nos deixen en paz; se funciona,

taremos todos tranquilos e senón, pois dous de nós quedarán *encargados* dir buscar o *lugar* máis axeitado.

—Que anda a facer, *Ghorrión* ? Dínolo, Leboreiro. —preguntou Bacallo.

—Non llo *digaz*, —murmurou Tintín dándolle co cóbado para recordarlle así unha antiga sospeita.

—Xa o verás, ho ! E que che sei eu ! Fóra da *gherra*, das pelexas, cada un é libre de facer o que queira. *Ghorrión* fai o que quere, eu tamén, ti tamén e todo o mundo fai o que lle *peta*. *Tamos* nunha república ou non ! carallo ! como di meu pai.

A entrada en clase realizouse sen *Gorrión* nin *Gambeta*. Ao interrogar os compañeiros sobre a presunta causa das súa ausencias, o mestre soubo polos que sabían do tema que o primeiro quedara na casa para asistir a unha vaca que estaba parindo, mentres que o outro volvera levar a cabra ao castrón que se obcecaba e non empreñar.

Non quixo saber máis detalles. De feito, os rapazotes xa sabían que así ía ser. Cando un deles ía á escola, non dubidaban en escusalo mencionando inocentemente un motivo ben escabroso sobre o que algúns sabían de antemán que Don Simón non solicitaría explicación complementaria.

Porén, *Gorrión* e *Gambeta* estaban moi lonxe de se preocupar pola fecundidade das súas respectivas vacas ou cabras.

Como se sabe, *Gorrión* prometéralle a *Fuciños* que se ía vingar e desde aquela, estivera rumiando a súa vinganza. Agora, por fin, estaba poñendo en execución o seu plan, axudado polo fiel e cómplice *Gambeta*.

Os dous quedaran ás sete con Leboreiro e puxéranos ao tanto do asunto.

Despois de concretar a desculpa, marcharon da aldea, agochándose para que ninguén os vise ou os recoñecese. Chegaron primeiro ao camiño do Souto e á *Matogueira Grande* e logo á fronteira inimiga, desprovista naquel momento dos defensores habituais.

A faia de *Fuciños* erguíase a uns pasos do valado cun tronco liso, dereito e pulido desde había unhas semanas polo rozamento do pantalón do vixía *belrán*. Ás pólas en galladura, primeira ramificación do tronco, faltábanlle unhas brazas para chegarlles á cabeza dos gabeadores. En tres movementos, *Gorrión* chegou á póla, incorporouse sobre os antebrazos e ergueuse sobre os xeonllos primeiro e logo sobre os pés.

Unha vez chegado arriba, orientouse. Tratábase de descubrir en qué galladura e en qué póla se instalaba o seu rival co fin de non ter que realizar un traballo inútil que os ridiculizase perante os inimigos e os deixase mal diante dos compañeiros.

Gorrión mirou cara á Matogueira Grande e máis concretamente cara ao carballo para ter claro a altura aproximada do posto de Fuciños, logo examinou atentamente as rabuñaduras das pólas para descubrir os puntos onde o outro pousaba os pés. Logo, rubiu por esa especie de escaleira natural, de senda aérea como un Sioux ou un Delaware seguindo unha pista de Rostro Pálido. Explorou de abaixo a arriba todas as pólas da árbore e mesmo subiu máis arriba que o posto do inimigo, co fin de distinguir as pólas que estaban pisadas polo zapato de Fuciños e as que non. A continuación, determinou exactamente o punto da galladura desde onde o fondeiro lle lanzaba croios asasinados á tropa de Lomberna, mirou para abaixo para calcular o trompazo que había de levar o inimigo e finalmente sacou a navalla do peto.

Tratábase dun coitelo dobre, coma os músculos de Tartarín, ou cando menos así o chamaban porque ao carón da folla, tiña unha serra pequena con dentes grosos que non cortaba moito e que resultaba sumamente incómoda.

Con aquela ferramenta rudimentaria, Gorrión, moi seguro sempre de si mesmo, dispúxose a cortar unha póla viva e dura de faia, tan gorda coma unha coxa, ata que só se sostivese dun fío. Era un traballo duro que se debía de facer con destreza, de querer evitar calquera sospeita por parte do adversario no momento decisivo.

Para evitar as marcas da serra ou unha rabuñadura demasiado visible na póla, Gorrión, que baixara ata a galladura inferior e tiña o tronco entre os xeonllos, púxose a marcar coa folla do coitelo o lugar por onde había que facer unha rañura para introducir a serra e logo cortar.

Entre tanto, Gambeta rubira á árbore e vixiaba a operación. Cando Gorrión cansou, o seu cómplice tomou o relevo. Despois de media hora, o coitelo ardía ata tal punto que non se podían tocar as follas. Descansaron un momento e logo volveron ao traballo.

Durante dúas horas, releváronse no manexo da serra. Ao final, tiñan os dedos ríxidos, os pulsos entumecidos, o pescozo agarrotado e os ollos borrosos e cheos de bágoas, pero un resplandor inextinguible os reanimaba e a serra volvía a rascar e roían unha e outra vez, coma un rato desapiadado.

Cando só quedou un centímetro e medio para cortar, puxeron a proba a firmeza da póla, apoiándose enriba, amodiño primeiro e logo un pouco máis forte.

—Un pouco máis aínda, —concluíu Gorrión.

Gambeta reflexionaba. A póla non ten que quedar *enghanchada* ao tronco — pensaba— senón vaise *agharrar* e quedará todo nun susto. Ten que romper totalmente.

Propúxolle a Gorrión serrar o espesor dun dedo por abaixo, para obter así unha ruptura limpa e así o fixeron.

Ao apoiarse de novo con bastante forza enriba da póla, Gorrión oíu un ruxido de bo agoiro. —Uns toquiños máis— estimou.

—*Aghora, xa sta.* Poderá poñerse enriba dela sen que rompa, *pro* cando se poña a esperrexar co tirafonda... ah !, ah ! o que nos imos rir !

Logo, sopraron sobre as serraduras que cubrían as póliñas para facelas desaparecer, puliron coas mans os beiras da rañura para arrexuntar as gretas da cortiza e deste xeito disimular o seu traballo. Baixaron da faia de Fuciños sendo conscientes de que aproveitaran ben a mañá.

—Señor —díxolle Gambeta ao mestre ao chegar á clase a unha menos dez— véñolle dicir que meu pai díxome que lle dixese que non puiden vir esta mañá á escola porque levei a cabra...

—Ben, doume perfecta conta —interrompeu Don Simón a quen non lle gustaba ver como os alumnos gozaban dándolle ese tipo de descrições para as cales todos se puñan en bloque, coa esperanza de que algún pícaro pedise coa meirande inocencia do mundo explicacións complementarias.

—Xa está ! Morra o conto ! —contestoulle de novo e por adiantado a Gorrión que se achegaba, co pucho na man. Veña ! Liscade de aquí ou senón fágovos entrar.

E para os seus adentros, pensaba cismando : Non entendo como pode haber país tan despreocupados pola moralidade dos seus fillos que sexan quen de expoñelos a semellantes espectáculos.

É algo noxento ! Cada vez que o semental pasa pola aldea, están todos a asistir ao acontecemento; pónense todos ao redor do grupo, ven todo, oen todo e ninguén lles di nada. E despois véñense queixar de que os seus fillos intercambian notiñas coas rapazas.

Era un bo home que se lamentaba da pouca moral que había e que se aflixía por ben pouca cousa.

Coma se o acto de amor non estivese presente na natureza en todos os sitios ! Acaso había que pór un cartel para prohibirlles ás moscas encabalgarse, aos galos galear as galiñas, encerrar os gatos na xaneira, lanzarlle uns tiros aos gorrións namorados, desfacer os niños de andoriñas, poñerlle taparrabos ou calzóns aos cans e saias ás cadelas e nunca enviar un pastorciño coas ovellas, porque un carneiro perde os estribos

cando unha ovella expulsa un cheiro propiciatorio para o acto e se ve rodeada por un cortexo de galáns !

De feito, os rapaces concédennlle moita menos importancia a ese espectáculo habitual do que se pode pensar. O que lles gusta de todo isto é o movemento que parece unha loita ou incluso ás veces asimílanlo, como así o demostra o testemuño de Chapletañas, a unha frouxidade intestinal que lle segue ás comidas.

—Empurraba coma cando ten gañas de cag... —dicía, falando do gran Turco que montara a cadela do alcalde despois mallar en todos os rivais...—Que risa ! Abaixárase tanto para *chegharlle*, que case tocaba o chan cos xeonllos *datrás* e tiña o lombo coma o chepudo de Notre Dame. E cando xa empurrara o suficiente mentres a *agharraba* entre as patas *dadiante*, endereitouse e despois *amighiños* non era quen de saír. Estaban atados e a Loquiña, que era máis ben pequena, tiña o cu ao aire e as patas *datrás* xa non tocaban o chan. Nese momento preciso, o alcalde saíu da nosa casa :

—Botádelle auga ! Botádelle auga ! Meu Deus ! —Berraba o alcalde. Mais a cadela bradaba e Turco que era máis forte tiráballe polo cu, aínda cando os seus chismes estaban todos *arrevirados*. Sabedes unha cousa, tívolle que facer moito dano ao Turco porque cando fomos quen de despegalos, tíñaos todos morados e lambiuse o aparato durante media hora polo menos.

E *logho* Narciso dixo : —Ah ! señor alcalde penso que a Loquiña non se pode queixar... !

E marchou *caghándose* en todos os santos.

LIBRO III : A CABANA
A CONSTRUCCIÓN DA CABANA

Teremos leitos cheos de recendos lixeiros

Diváns profundos coma tumbas

Ch. Baudelaire

(La Mort des Amants)

A ausencia de Gambeta e de Gorrión e a cautela misteriosa do xeneral deixaron moi intrigados os guerreiros de Lomberna quen, individualmente, por unha ou outra razón e comprometéndose a gardar o segredo, foron onda Leboreiro pedirlle explicacións.

Pero todo o que puideron conseguir os máis afortunados resumíase nesta frase :
—Hoxe á tarde, reparade ben en Fuciños.

Así, ás catro e dez minutos, estaban todos no seu posto e máis atentos ca nunca. Levaban unha magnífica cantidade de munición e cadanseu cacho de pan na man agardando impacientemente a chegada dos belrán.

—*Aghochádevos*, explicáralles Gorrión, ten que *ghabear* á árbore se queremos escachar coa risa.

Todos os lombernesese seguiron con ollos regalados cada un dos movementos do gabeador inimigo subindo ao seu posto de vixía no alto da faia da lindeira.

Miraron e remiraron unha e outra vez, esfregando os ollos de cando en vez para quitar as lagañas, que en realidade eran secrecións lacrimais, e seguían sen ver nada particular, nadiña de nada ! Fuciños instalárase coma decote, contara os inimigos e despois collera o tirafonda e ía facendo puntería a conciencia cos adversarios que ía distinguindo.

Pero no momento en que un xesto demasiado brusco do francotirador o inclinaba de lado para evitar o proxectil de Gorrión, que xa non aturaba máis que non ocorrese a catástrofe, produciuse un renxido seco e de sinistro agoiro que restelou o aire.

A galla da árbore sobre a que se sostiña o belrán esgazou de vez, dun só golpe, e el caeu rodando canda ela sobre os soldados que se atopaban abaixo. A sentinela aérea ben tentou engancharse ás pólas, pero entre un golpe de aquí e unha ferida de acolá provocada polas pólas inferiores que á súa vez ían esgazando ao seu paso, foron

subtraendo ou roubándolle as posibilidades de suxeitarse a algo firme; total, acarouo no chan non se sabe moi ben como, pero desde logo con máis celeridade ca o tempo que botara na subida.

—Ai ! ai ! ui ! ui ! ou ! ou ! A perna ! A cachola ! O brazo !

Unha homérica escachada de risas respondeu desde a Matogueira Grande a este concerto de laios.

Aghora pesqueite eu, eh meu ! Mofouse Gorrión, mira o que *consegues* indo de listo e ameazando a xente. *Pa* que aprendas ! Merdán ! *Pa* que aprendas a apuntarme co tirafonda ! Rompícheslle *algunha* vez o cristal ao reloxo ? Non ! Mira que é boa a esfera eh !

—Covardes ! Asasinos ! Crápulas ! —Proferían os superviventes do exército dos belrán. Habédelas pagar bandidos ! Abofé que si ! Habédelas pagar !

—Cando queirades —respondeu Leboreiro, e logo, dirixíndose aos seus :

—A ver ! —Que vos parece se *cargamos* un pouquiño contra eles ?

—Veña ! —Aprobaron todos.

E o berro de ataque dos corenta e cinco lombernes informou os inimigos xa confusos e desconcertados que había que saír de alí a fume de carozo se non se querían expoñer á gran vergoña dunha nova e desastrosa confiscación de bens.

As trincheiras dos belrán ficaron desgornecidas nun abrir e fechar de ollos. Os feridos atoparon as súas pernas como por encantamento, ata Fuciños, que tiña máis medo ca feridas no corpo, ía zafándose a bo ritmo malia as rascadelas das mans, os golpes nos riles e as rozaduras das cachas, alén dun ollo á virulé.

—Polo menos quedamos tranquiliños ! —Constatou Leboreiro un pouquiño despois. Veña ! A procurar o emprazamento da cabana !

Todo o exército volveu onda Gorrión, que baixara da árbore para custodiar momentaneamente o saco cosido por María de Tintín e que contiña o tesouro xa salvado por dúas veces e catorce veces querido polo exército de Lomberna.

Os rapaces metéronse nas profundidades da Matogueira Grande para ir ao abrigo descuberto por Gorrión sen seren vistos. Unha vez na “sala do consello”, como o bautizara o Sabichas, andarían cara ao alto en grupos pequenos para procurar o emprazamento, de entre os moitos utilizables, que lles fose máis propicio e respondese mellor ás necesidades de cada momento e de cada causa.

Xuntáronse cinco ou seis grupos espontaneamente, cada un dirixido por un guerreiro importante. Ao pouco, dispersáronse polas antigas canteiras abandonadas e logo comezaron a buscar, examinar, fisgar, discutir, ponderar e interpelarse.

Non tiña que estar nin moi preto do camiño nin moi lonxe da Matogueira Grande. Tamén había que conseguir que a tropa tivese un camiño de retirada perfectamente disimulado para ir e vir desde o campo á fortaleza.

O Sabichas foi quen deu co sitio.

No medio do labirinto das canteiras había unha escavación coma unha coviña que ofrecería un abrigo natural cun nada que se fixese para consolidala, fechala e facela invisíbel para os profanos.

Chamou por Leboreiro, Gorrión e os demais co sinal de costume e axiña se toparon todos diante da cova que o compañeiro acababa de redescubrir porque abofé que non había un que non a coñecese de antes e todos se preguntaban por que non se lembraban dela.

—Madeus ! Condenado Sabichas, a súa memoria de elefante axiña se lembrou do sitio ! E non había ser polas veces que pasaron por alí, máis de vinte, durante as incursións que fixeran ao lugar na procura de niños de merlos, abelás maduras, abruños ou ameixas bravas e os froitos da rosa silvestre engurrados polo xeo.

As canteiras anteriores formaban unha especie de camiño baleiro que acababan coma nun cruce ou terraplén cuberto polo lado máis alto cunha franxa boscosa que chegaba ata ao Teuré, e polo lado de abaixo estendíase un monte baixo polo que transcorrían e se cruzaban os carreiros feitos polos animais que daba á súa vez á parte de atrás da Matogueira Grande.

O exército meteuse na cova que, malia non ser moi profunda, prolongábase, ou mellor dito, estaba precedida, por un amplo corredor de rocha, de xeito que resultaba moi doado aumentar o abrigadoiro natural construíndo un teito de pólas e xestas entre as dúas paredes, só separadas por uns cantos metros. Alén disto, atopábase admirablemente protexida, rodeada dunha mesta cortina de árbores e mato por todas as partes agás na zona da entrada.

Estreitaríase a abertura erguendo un muro ancho e sólido coas boas pedras lisas que abundaban pola zona e estaríase alí dentro tan cómodo coma na casa. E unha vez arranxada a parte de fóra, acondicionaríase o interior.

Aquí se manifestou en toda a súa plenitude o instinto construtor de Leboreiro. O seu cerebro concibía, ordenaba e distribuía o traballo cunha admirable seguridade e cunha irrefutable lóxica.

Así que anunciou que desde esa tarde se dedicarían a recoller canto anaco de táboa atopasen, así como trabes, fustes, puntas vellas ou anacos de ferro.

A un encargoulle un martelo, a outro un cicel, a un terceiro unha maceta, el había de traer unha macheta, Gorrión unha podadeira, Tintín un metro (de pés e polgadas) e todos, e isto era obrigatorio, todos tiñan que roubar algo da caixa de ferramentas familiar, polo menos, cinco puntas cada un, canto máis grandes mellor, para ir preparando o necesario e así responder ás urxencias de construción máis inmediatas, isto é : a armación do tellado.

Iso era todo o que se podía facer aquela tarde. No tocante aos materiais, cumprían, sobre todo, varas e táboas grandes. Respecto das primeiras, a ribeira ofrecíaas en abundancia porque había uns salgueiros que daban uns postes ben sólidos e dereitiños e con iso xa quedaba unha ansia a un lado.

Non había problema en colocalos porque Leboreiro aprendera a facer cercados con estacas nos herbais e todos sabían trenzar caínzas, e pedras, habíaas a moreas, por todas partes, sobaban !

—Oístes, non esquezades as puntas, eh ! Recomendoulles el.

—*Deixamoz* aquí o *zaco* ? —Preguntou Tintín.

—Deixamos —dixo o Sabichas— imos comezar coa tarefa decontado, collemos unhas pedras e facémoslle un cofre, así ha quedar ben resgardado e non ha vir ninguén dar con el.

Leboreiro escolleu unha pedra lisa e pousouna no chan non moi lonxe da parede da pena. Con outras catro máis sólidas, construíu un rectángulo, colocou no centro o tesouro e recubriu todo con outra pedra lisa. Para disimular o conxunto, foille poñendo ao seu redor seixos variados e de forma irregular, porque, claro, a construción podía ter unha pinta demasiado xeométrica, e no caso, moi improbable, de que calquera visitante aparecese por alí, había de quedar intrigado polo cubo de pedra.

Con isto, feliz e contenta, a banda encamiñouse lentamente cara á aldea, ía facendo mil proxectos, ía preparándose para roubar nas súas casas e sobre todo estaban dispostos a facer os traballos máis duros e os sacrificios máis absolutos.

Estaban realizando a súa vontade : nacía a súa personalidade deste acto feito por eles e para eles. Conseguirían unha casa, un pazo, unha fortaleza, un templo, un

panteón, onde estarían nun lugar de seu, onde os pais e as nais, o mestre da escola, o cura, eses grandes destrutores de proxectos, non habían ir meter o nariz, onde poderían facer con toda tranquilidade o que se lles prohibía na igrexa, na aula, na familia, isto é : ir mal vestidos, descalzarse ou estar en mangas de camisa, mesmo ir “en bólas”, facer lume, asar patacas, fumar valdeba e sobre todo, agochar os botóns e as armas.

—*Faremoz* unha cheminea —diciía Tintín.

—E camas de brión e follas —sinalaba Gorrión.

—E bancos e poltronas —completaba Chapletón.

—Por enriba de todo, afanádevos en coller todo o que poidades polo que toca a táboas e puntas —recomendoulles o xefe— procurade deixar as provisiones detrás do muro ou na sebe do camiño do Souto, así, despois recollemos todo cando nos poñamos ao choio.

Esa noite adormeceron ben tarde. O pazo, a fortaleza, o templo e a cabana asediaron o seu cerebro en ebulición. Vagaban os pensamentos, zunían as cabezas, os ollos fitaban na escuridade, os brazos esticábonselles en tensión, espernexaban e axitábanse os dedos dos pés. Tardáballes a alborada do día seguinte para así comezar a grande obra.

Aquela mañá non houbo necesidade de chamar por eles para erguelos, ben antes da hora do caldo, andaban polas cortes dos cabalos, das vacas, pola cociña e polo albeiro, arredando para un lado os anacos de táboas e ferralla variada que habían de aumentar o tesouro común.

As caixas que gardaban as puntas paternas sufriron un terrible asalto. Como todos e cada un deles se quería distinguir e demostrar o que eran quen de facer, as puntas que tivo ao seu dispor Leboreiro non foron duascenas, senón cincocenas vinte e tres ben contadiñas. Durante toda a xornada, houbo idas e voltas misteriosas de rapazolos con mandilóns inchados, paso penoso e pantalóns tesos que disimulaban entre a tea e o coiro obxectos heteróclitos desde a aldea ata o tileiro e aos muros do Souto. Se os chegasen a descubrir as persoas que se cruzaban con eles, habían de pasar un momento ben incómodo.

E pola tarde, devagar, moi devagariño, chegou Leboreiro polo camiño da parte de atrás do cruce do vello tileiro. El tamén ía andando coa perna esquerda tesa e semellaba coxear.

—*Magoachezte* ? —Preguntou Tintín

—Caíches ? —insistiu o Sabichas.

O xeneral sorriu cun sorriso misterioso, coma aquel que di, cun sorriso que lles dicía aos seus homes : “non tedes nin idea”.

E seguiu a renquear ata que estiveron todos completamente tapados polas sebes do camiño do Souto. Daquela parou, desabotoou a petrina e desaconchegou da súa pel a macheta que prometera levar e cuxo mango enfiado nunha das perneiras lle daba ao seu paso esa rixidez claudicante e pouco agraciada. Feito isto, abotoou a petrina e para demostrarlles a todos que era tan lixeiro coma calquera, deu en facer unha especie de danza das cabeleiras no medio deles brandindo a macheta. A cousa era digna ver e de aparecer descrita en calquera capítulo do *Derradeiro dos mohicanos* ou n’*O aventureiro do bosque*.

Como todo o mundo tiña os seus aparellos, ían pórse á tarefa. Con todo, apostaron dúas sentinelas onda o carballo de Gorrión para que avisase o pequeno exército en caso de que á banda dos Azteca se lle ocorrese levar a guerra ao campo de Lomberna e logo, distribuíron os equipos.

—Eu *fagho* de carpinteiro —declarou Leboreiro.

—E eu serei o mestre albanel —afirmou Gorrión.

—O que “coloca” aquí as pedras son eu, canda Chapletón. Os demais escóllenas e pásannolas.

O máis importante que tiña por diante o equipo de Leboreiro era buscar os postes e as varas necesarias para o teito do edificio. O xefe encargárase de cortalos “á machada” coa medida requirida e despois trenzaríase cando a parede de Gorrión estiver construída.

Outros encargáranse de ir facendo a grella que se dispoñería na primeira estrutura para formar un trezado á maneira dunha grade e que sería a plataforma que termaría das tellas. Por enriba da plataforma botaríase unha capa de follas secas que se aguantaría con outro trezado de varas máis finas porque había que prever os fortes ventos de inverno.

As puntas do tesouro, coidadosamente contadas, xuntáronse cos botóns do saco. E deron en traballar.

Nin os celtas desafiando os tronos a frechazos nin os compañeiros gloriosos do século das catedrais esculpindo o seu soño de pedra, nin os voluntarios da gran revolución que se uniron á chamada de Danton nin en fin, os do corenta e oito que plantaron a árbore da Liberdade, se puxeron á obra con tanto entusiasmo fogoso, positivo e frenético coma os corenta e cinco soldados de Leboreiro ao edificaren a casa

común dos seus sonhos e das súas esperanzas nunha canteira perdida dos arredores do Souto.

As ideas agromaban coma as fontes nas ladeiras dunha montaña boscosa e os materiais acumulábanse a moreas. Gorrión xuntaba pedras e Leboreiro botaba un gran bufido con cada corte de macheta que daba nas “viguetas” roubadas, porque atopou máis práctico enviar un grupo de vinte voluntarios (aceptaron sen chistar) a coller unhas corenta varas ben gordas que había cortadas e preparadas nun monte veciñal ca a andar buscando por elas polo monte adiante.

Durante ese tempo un equipo cortaba pólas, outro trezaba a grade e el, macheta e martelo en man, furaba, cavaba, cravaba e consolidaba a parte de abaixo da construción.

Para que a estrutura estivese ben suxeita había que cavar e logo soterrar as viguetas. Pensaba rodealas con seixos inseridos a presión destinados tanto a mantelas firmes no sitio como a protexelas da lentura da terra. Tomara as medidas, fixera o bosquejo da armazón e agora ensamblaba a base de puntas antes de axustala nos buratos que cavara Tintín.

Ah ! Era sólida, e para comprobalo, pousoulle enriba catro pedras grandes. Logo, andou, saltou e bailou por enriba dela e non mexeu nada, nin tremera nin rompera nada de nada. En verdade era unha fermosa obra !

E aínda quedou alí ata noite despois de que marchara a maior parte da banda, ata a noitiña máis negra e canda el estaban Gorrión, o Sabichas e Tintín para poñer todo en orde e axudar no que fixese falta.

Ao día seguinte, colocaríase o tellado e tamén un ramo de loureiro, abofé ! Coma os carpinteiros cando acaban a estrutura e fan un albaroque. A mágoa era que non tiñan un litro ou dous de licor para conmemorar dignamente esta cerimonia.

—Ala ! Vamos ! —Exclamou Tintín.

E foron polo camiño de abaixo do Souto cara á do Pepiño pasando pola “sala do consello”.

—Oes, *Ghorrión*, aínda non me dixeches como fixeras para dar co sitio este, eh ! —Lembroulle o xeneral.

—Boh ! —dixo o outro— Pois..., así, sen máis !

Este verán andabamos polos campos adiante coa María de Tintín e daquela o pastor do ‘Padriño’, non sabes, o dos Loureiro que chosca o ollo todo o tempo. Ah ! E

tamén estaban os dous Cambóns do Porto da Rama, que *agora* tamén son aprendices de pastor.

E ocorrúsenos, e se *xogamos* a dicir misa ! E o pastor do Padriño dixo que el quería facer de cura e daquela colleu a camisa e púxoala por enriba da outra roupa para imitar así coma quen que levaba a roupa dun cura, e *logho*, cunhas pedras fixemos un altar e tamén uns bancos. Os dous Cambóns facían de acólitos pero non quixeron poñer a camisa por enriba do xerse. Dixeron que era porque as tiñan moi *ghastas*, pero eu poño o pescozo a que era porque se ca...enriba. Ben, ao que iamos, o pastor casounos a nós os dous, a María e mais a min, claro.

—E tiñas anel para poñerlle no dedo ?

—Tiñamos un dos puros dunha voda.

—E a coroa ?

—Tiñamos madreseivas.

—Ah !

—Si, e *logho* o outro tiña un misal e dixo DOMINUS VOBISCUM, OREMUS colle o *polghar*, SECUNDUM SECULA e un lote de caralladas polo estilo e non sei que de Quirie... e ao final “Ite, Missa est”, ide en paz, meus fillos !

E daquela a María e mais eu marchamos, e dixémoslles que non viñesen canda nós que era a noite de vodas e que aí eles non pintaban nada, que iamos quedar só un tempo e que iríamos ao día seguinte pola mañá para misa dos parentes defuntos.

Liscamos de alí a todo meter pola *matogheira* adiante e viñemos dar xusto aquí á canteira que acabamos de pasar. E deitámonos enriba das pedras.

—E *logo* ?

—E *logho*, deille un bico, *adiota* !

—E iso foi todo ! E non lle pasaches o dedeiro pola... ?

—*Pa que* ? *Pa* manchalo de secrecións, iso é unha porcallada; boh, e tampouco había perigo, e ademais que había pensar a Tavia ?

—É *verdá*, iso das mulleres é unha porcallada !

— E cando son pequenas aínda non é nada, pero cando medran, os seus baixos están cheos de *tranhalladas*...

—Bahh ! —Dixo Tintín vasmе facer *ghomitar*.

—Veña, *larghemos caghando host*... ! —Cortou Leboreiro— están dando as seis media no reloxo da Torre, ímola *caghar* !

E con estas reflexións misóxinas chegaron aos seus lares.

AS GRANDES XORNADAS DE LOMBERNA

...*Que ten que considerar tamén a gran previsión que usou para aprovisionala e levar alí víveres, municións, regulamentos, políticas...que vai poñer diante dos os ollos a fermosa orde da guerra que el alí ordenou...*

Brantôme (*Grandes capitáns franceses.*— Sr. De Guize)

Erghe, Erghe ! —animábase o grupo de dez carpinteiros de Leboreiro para levantar e colocar no seu sitio a primeira e pesada estrutura do teito da fortaleza. E ao ritmo imprimido por esta orde recíproca, vinte brazos crispando ao unísono os seus músculos vigorosos levantaban a armazón e levábana pola canteira para pousar as viguetas nos buratos cavados por Tintín.

—Amodiño ! Amodiño ! —Dicía Leboreiro— todos a un tempo ! A ver, que non se rompa ! Tede tino ! Adiantate un pouco máis, Bebé ! Así, así vai ben ! Non ! Tintín, dálle *algho* máis de ancho ao primeiro burato, queda moi atrás ! Colle a macheta, veña, dálle !

—Moi ben, *aghora* vai !

—Sen medo, é robusta !

E Leboreiro, para demostrar con rotundidade que a súa obra era rexa, deitouse de través na construción inclinándose cara a adiante no baleiro e non se moveu ningunha peza do bloque.

—Eh ! Que ? —Fachendeou orgulloso ao pórse en pé. *Aghora*, a colocar as *ghrades* !

Pola súa banda, Gorrión ía pousando na parte de arriba do muro os últimos materiais axudándose cunha rudimentaria escaleira de pedras que formaba unha especie de plano inclinado. Era un muro duns tres pés de ancho, irregular pola parte de fóra consonte a vontade do construtor que quería disimular a uniformidade da súa albanelaría, e deste xeito, agochar a entrada, pero pola parte de dentro, era tan rectilíneo que semellaba feito á chumbada e quedara coidado, pulido, perfilado, lambido e rematado na súa totalidade con pedras escollidas.

As bólas de follas mortas levadas polos pequenos ata a entrada da cova formaban unhas moreas respectables a carón do colchón de brión e as grades aliñábanse limpiñas e ben trezadas. Todo funcionara á perfección e isto demostraba que os de Lomberna non eran uns lorcháns... cando querían.

O axuste das grades foi cousa dun minuto e axiña luciu no tellado unha mesta capa de follas secas que fechaba completamente a parte de arriba da abertura da cabana. Deixaron un só burato á dereita da porta para permitir que o fume subise e saíse por alí, porque, claro, nesa casa habíase facer lume.

Antes de proceder a acondicionar o interior, Leboreiro e Gorrión, diante das súas tropas reunidas e apiñadas fronte á porta, colleron unhas amarrallas e colgaron delas un enorme monllo de precioso visgo verde dourado e lustroso en cuxas follas aínda lucían uns grans coma perlas enormes. Os Galos tamén o facían así, aseveraba o Sabichas, e disque traía a boa sorte.

Botaron uns cantos Hurra !

—Viva a cabana !

—Vivamos nosoutros !

—Viva Lomberna !

—Que se fodan os belrán ! Fóra con eles !

—Son uns lambecús, uns mexamorno !

Dito isto e co entusiasmo un pouco máis calmado, limparon o interior do habitáculo.

Quitaron as pedras irregulares e substituíronas por outras. Cadaquén tivo a súa tarefa. Leboreiro distribuía as funcións e dirixía o grupo ao tempo que facía o traballo de catro.

—Aquí no fondo, contra a pena, meteremos o tesouro e as armas. Polo lado dereito, nun lugar limitado polas táboas, fronte á lareira, poñemos unha especie de liteira de follas e de brión formando unha cama mol para os feridos e extenuados e logo uns asentos. Na outra beira, a cada lado da lareira, irán os bancos e os asentos de pedra e deixarase un sitio para pasar polo medio. Todos quixeron ter cadansúa pedra e cadanseu posto nese banco. O Sabichas, concentrado sobre as cuestións de prelación, marcou os asentos de pedra con carbón e os bancos con xiz, para que non viñesen a xurdir despois problemas por causa disto. O lugar de Leboreiro estaba ao fondo, diante do tesouro e os bastóns.

Chantouse unha percha chea de puntas entre as paredes do muro, detrás da pedra do xeneral. Aquí tamén cada un tivo a súa punta con nome para poñer o sabre e apoiar a lanza ou o bastón.

Como se ve, os lomberneses tiñan un alto sentido da disciplina, eran partidarios dela e tamén sabían someterse ao seu arbitrio.

O caso de Gorrión da semana anterior non axudara moito en conter nin calmar as veleidades anárquicas dalgúns guerreiros, aínda que a superioridade de Leboreiro quedaba fóra de calquera cuestionamento.

Gorrión instalara o fogar pousando no chan unha pedra rasa, unha lava, como lle chamaban, levantara tres pequenos tabiques a cada beira na parte de atrás e despois puxo unha pedra rasa sobre os dous tabiques, deixando na parte de atrás, xusto debaixo do burato feito no teito, unha abertura libre que favorecía o tiro.

Leboreiro levou o saco ata ao fondo, coma quen transporta un baldaquino sagrado nun tabernáculo de rocha, empedrado solemnemente ata a hora en que houbera que recorrer a el.

Antes de depositalo na cova, ofreceuno unha última vez á adoración dos fieis, comprobou os libros de Tintín, contou polo miúdo cada unha das pezas, deixou que as visen e palpasen todos os que o desexaron e colocou todo no seu altar de pedra, coma un cura na misa.

—Semella que a isto lle falta algunha imaxe por aquí, observou o Sabichas, pregando as meixelas : acordara nel un certo sentido estético e un gusto pola cor.

O Sabichas tiña no peto un espello de dous patacóns que sacrificou á causa común e pousouno nunha cornixa da rocha. Foi o primeiro adorno da cabana.

E mentres uns preparaban a cama e bautizaban os asentos, outros marchaban de expedición para buscar no sotobosque máis colchóns de follas mortas e provisións de leña seca.

Como non se podía encher a casa de tal cantidade de combustible, inmediatamente decidiron construír, xusto á súa beira, un leñeiro baixo e largo abondo como para ir xuntando alí as provisións de leña necesarias. Contaron uns dez pasos e montaron en pouco tempo aínda baixo o abrigo da rocha tres paredes, deixando un burato libre pola cara norte no que podían caber máis de dous metros cúbicos de leña. Fixeron tres moreas diferentes : toros grandes, medios e finos. Así, estaban preparados, podían agardar e burlar os días malos.

Ao día seguinte coa obra completada, Leboreiro levou uns cantos suplementos ilustrados e bandas deseñadas, o Sabichas, calendarios vellos e os outros pósteres diversos. A imaxe do presidente do país miraba con cara de fatuo e bobo a historia de Barba azul. Unha señora que vivía de rendas degolada estaba de cara a un suicida a cabalo franqueando un muro e un vello Gambeta, ocultado, todo hai que dicilo, pola fermosa Gambeta, fitaba de forma rara co seu ollo birollo unha bonita rapaza lixeira de

roupa, cun cigarro na boca, porque segundo dicía a lenda, só fumaba tabaco *Nilo* ou *Riz Maior*, sempre que non tivese á man *Job*⁶.

Era brillante e ledó. As cores crúas harmonizaban co lado agreste deste cadro no que unha Gioconda sen cor, e agora tan lonxe sen dúbida, estaría completamente desprazada.

Un anaco de vasoira, roubada de entre as vellas que xa non servían na escola, atopaba aquí o seu emprego e estaba de pé nun curruncho co mango ennegrecido pola sucidade das mans.

En fin, como quedaban algunhas táboas dispoñibles botáronlle unhas puntas e fixeron a parte de arriba dunha mesa. Colleron logo catro estacas e chantáronas na terra diante do asento de Leboreiro e reforzáronas espetando unhas pedriñas que deste xeito farían a función de patas de mesa. Con outras cantas puntas cravaron a peza de arriba ás catro estacas e obtiveron un resultado que quizais non fose moi elegante, pero que se sostiña por si soa coma todo o que fixeran ata daquela.

E durante todo este tempo que estaba pasando en cas dos belrán ?

Anovaran as sentinelas cada día no campo da Matogueira Grande e ningún dos vixías se viu na necesidade de sinalar o ataque dos inimigos a través dos tres asubíos acordados.

E porén, os lambecús achegáranse ata alí, non o primeiro día, pero si o segundo.

En efecto, o segundo día aparecera un grupiño deles no punto de mira de Chapletañas, o xefe de patrulla. Asexaron con coidadiño, el e os seus homes, os feitos e os xestos destes mexamorno, pero os outros desapareceran misteriosamente. Ao día seguinte, dous ou tres guerreiros belrán tiveron o calleiro de apostárense na lindeira e aínda que estaban pasivos chantáronselles alí de cara ás sentinelas de Lomberna.

Algo anormal tiña que estar pasando no campo do Azteca ! A parada en seco do xefe e o afundimento de Fuciños de seguro que non acalmaran o seu ardor guerreiro. En que estarían matinando ? As sentinelas pensaban e cismaban no caso xa que non tiñan nada mellor que facer. No tocante a Leboreiro, estaba demasiado tranquilo e feliz aproveitando o descanso deixado polos inimigos como para preocuparse ou preguntarse pola maneira en que estes pasaban un tempo que normalmente dedicaban á guerra.

⁶ Espero que estas tres casas, recoñecedoras do reclamo espontáneo que eu aquí lles fago, me envíen cadansúa caixa co seu mellor produto (N. do A.)

Con todo, cara ao cuarto día, cando estaban procurando o itinerario máis curto para iren desde a cabana á matogueira grande sen seren vistos, souberon por un home de comunicación destacado polo xefe explorador que os vixías inimigos proferiran unhas ameazas das que non cumpría menosprezar a súa importancia.

Evidentemente, a maior parte da súa tropa debeu estar ocupada noutra cousa. Se cadra tamén construíron un abrigo, fortificaron as súas posicións, puxeron trampas nas trincheiras ou vai ti saber o que ? A suposición máis lóxica era que tamén construíran unha cabana. Pero quen diante lles puido dar esa idea ? É verdade que as ideas circulan misteriosamente cando están no ambiente. O feito certo era que estaban a urdir algo, porque se non, non se explica por que non se botaron aos gardas da Matogueira Grande.

Habíase ver.

Pasou a semana. A fortaleza aprovisionouse con patacas roubadas, potas vellas ben limpiñas e reparadas para a ocasión e mantivéronse á espreita, agardaron porque, malia a proposta de Chapletón, ninguén quixo encabezar un perigoso recoñecemento dentro do bosque inimigo.

Pero o domingo despois de comer, os dous exércitos ao completo intercambiaron unha boa carga de inxurias e pedras. En ambos os dous bandos se redobrara a enerxía e a intransixente arrogancia que dan unicamente unha forte organización e unha absoluta confianza en si mesmos. A xornada do luns había ser quentiña.

—Repasemos ben as leccións —recomendara Leboreiro— non vaia ser que mañá nos volvan castigar, vai haber barullo.

E en efecto, endexamais recitaran as leccións coma ese luns para grande do mestre quen non daba entendido aquelas alternancias de preguiza e traballo, de atención e fantasía e alteraban todas as súas conviccións pedagóxicas. Para que logo se fagan teorías sobre a pretendida experiencia dos feitos cando as verdadeiras causas, os móbiles profundos están tan agochados coma a cara de Isis baixo o seu veo de pedra.

A cousa ía virando cara ao perigo.

Gorrión comezou por caer do carballo ao suxeitar a primeira póla para incorporarse e por sorte para el, desde non moi alto e de pé. Era a vinganza do Fuciños. El debía ter esperado algo así, pero pensaba que o outro tamén escollería unha póla do seu “loghar”. Deste xeito, cando volveu gabear comprobou con moito tino a solidez das pólas unha por unha antes de instalarse. Alén disto, tiña pensado baixar outra vez para

formar parte do grupo de asalto e así poder loitar no corpo a corpo e daquela, como pillase ao Fuciños, non había de estragar a ocasión de facerlle pagar esta pequena xogada.

Polo demais, foi unha batalla franca.

Cando cada un dos campos en loita esgotou a súa reserva de pedras, os soldados de ambos os dous lados avanzaron decididos coas armas na man para zorregárense a conciencia.

Os belránns avanzaban en cuña, os lomberneses en tres grupiños con Leboreiro no centro, Gorrión á dereita e Chapletón á esquerda.

Non dicían palabra. Avanzaban ao paso, devagariño, coma os gatos á esculca, coas sobrecellas dobradas, os ollos terribles, a testa pregada, o queixo desencaixado, os dentes apertados e os puños tesos agarrando o bastón, os sabres ou as lanzas.

Conforme ía diminuindo a distancia, os pasos ían acurtándose. Os tres grupos de Lomberna concentrábanse na masa triangular dos belránns.

Pararon cando os dous xefes estiveron case testa a testa a dous pasos o un do outro. Cada bando ficou inmóbil, pero cunha inmovilidade coma a da auga que vai ferver, ríxidos e terribles. A carraxe bruaba xorda en todos, os ollos botaban chispas, os pulsos tremían de rabia e os beizos axitábanse.

Quen dos dous ía lanzarse o primeiro ? O Azteca ? Leboreiro ? Percibíase no ambiente que un xesto ou un berro podía desencadear a cólera, desbridar a carraxe e desabafar as enerxías acumuladas. Porén, o xesto non se daba feito nin se daba proferido o berro. Planeaba entre os dous exércitos un gran silencio tráxico e sombrío que non se rompía con nada.

Crag ! Crag ! Crag ! Unha banda de corvos que volvía ao bosque sobrevoou o campo de batalla botando asombrados unha restra de berros.

Isto desencadeou todo.

A gorxa de Leboreiro emitiu un agrúo sen nome, os beizos do Azteca soltaron un alarido terrible e dos dous lados houbo un clamor sen piedade e fantástico.

Era imposible distinguir nada porque os dous exércitos estaban enleados entre si : a cuña dos belránns no grupo de Leboreiro e as ás de Gorrión e de Chapletón nos flancos da tropa inimiga.

Rabuñábanse, esganábanse, esgazaban a roupa, zoscábanse, mordíanse e arrincaban o pelo; as mangas dos mandilóns e das camisas voaban dos dedos crispados

e as caixas torácicas soaban coma tambores a base de puñazos, os narices sangraban e os ollos choraban.

Era algo xordo e abafante, só se oían gruñidos, alaridos, berros roucos inarticulados : Agh ! Ran ! Trac ! Crac ! Pan ! Podremia ! Mesturados con queixas sufocadas : Ai ! Ui ! Ahh ! E todo isto confundíase espantosamente.

Era un inmenso guedello agruador de vans e cabezas, ourizada de brazos e pernas que se enleaban e desenleaban. O bloque completo arrolábase e desenrolábase, amontoábase e desamontoábase e volvía comezar outra vez.

A vitoria sería para os máis fortes e para os máis brutos. E aínda lle había de sorrir a Leboreiro e ao seu exército.

Os máis afectados marcharon sos. Pipote ía andando cara á Matogueira Grande e sandando como podía o nariz esmagado, resultado dunha zocada anónima; pero polo lado dos belrán's foi a desbandada : Tato, Mexofrío, Toupeira, Lama e sete ou oito máis liscaban á pata coxa ou co brazo aquelado ou coa cara coma un cromo. Detrás destes foron outros e outros máis os seguiron, de xeito que os que estaban en pé, véndose pouco a pouco abandonados e case seguros de perder, tamén buscaron a súa salvación a través da fuxida. Con todo, non foron rápidos de abondo como para evitar que ao Fuciños, a *Mighel* de Lúa e a outros catro máis lles quentasen a badana por partida dobre, porque quedaron atrapados e rodeados e foron arrastrados ata a Matogueira Grande a base de puñazos e patadas no cu.

En verdade, foi unha fermosa xornada.

A María estaba na cabana porque fora avisada e Gambeta levou a Pipote ata alí para curalo. El mesmo colleu unha pota e foi correndo á fonte máis próxima coller auga fresca para lavar o apéndice magoado do seu valente compañeiro. Entrementres, os vencedores ían quitándolles aos prisioneiros os diferentes obxectos que lles ateigaban os petos e cortábanlles sen piedade todos os botóns.

Todos pasaron polo mesmo cando lles tocou a súa quenda. O Fuciños levou todos os honores aquela tarde. Gorrión coidouno cun agarimo especial polo que non se lle escapou quitarlle o tirafonda e obrigalo a estar co cu ao aire diante de todo o mundo ata a execución final da acción.

Cando pillaron os outros catro que faltaban tamén foron limpados de modo rutineiro, friamente e sen barbarie inútil.

Reservaran a *Mighel* de Lúa para o final, coma quen reserva o bocado da raíña, como se adoita dicir. Non foi el o que ousou pousar unha sacrílega pata enriba do

xeneral despois de facelo cambalear traidoramente ? Foi el, foi, o choromicas, o merdanciñas, o morto de fame, o que se atreveu a darlle coa fusta nas cachas ao guerreiro desarmado que fora incapaz de prender. Impúñase a reciprocidade, polo que a malleira prometía ser importante. Pero da súa persoa emanaba un olor característico, insoprible e tan infecto que, malia o aguante dos de Lomberna, provocou que os executores daquelas altas obras levasen a man ao nariz.

O porco aquel peideaba coma un berrón ! Vaia ! Permitíase a licenza de peidear !

Mighel de Lúa balbucía unhas sílabas inintelixibles, laiábase e botaba unhas lagrimiñas coa gorxa afogada en choros. Logo, cando acabaron de cortarlle todos os botóns e lle caeron os pantalóns, descubriron a fonte da infección e decatáronse da causa pola que perduraba aquel fedor con tanta vehemencia e efectividade. O desgraciado fórase pola pata abaixo e as súas magras nádegas cagadas estendían ao seu redor un cheiro tan pestilente e espantoso que o xeneral, en verdade xeneroso, renunciou á vingadora fustrigada co vergallo e mandou liberar o guerreiro máis porco que os belránns tiñan nas súas filas de lambecús e moinantes, como xa fixera co resto, sen máis historia, contento e, no fondo, xubiloso do castigo natural inflixido pola propia covardía.

O FESTÍN NO BOSQUE

*Que se estrague o viño pola cunca,
Sommelier ! Que se bote tanto
Que se expanda pola praza !
Que se coma, que se beba outro tanto !
Ronsard (Odas)*

Que ía ocorrer coa tropa do Azteca azoutada, dorida, pillada e abatida ? A Leboreiro e ao seu exército dáballes igual, por eles que se fosen á mer... Conseguiran a vitoria e fixeran seis prisioneiros. Nunca tal se vira desde había tempo e tempo. A tradición dos altos feitos de guerra, relixiosamente conservada e transmitida, non sinalaba ningunha captura tan fabulosa nin zorra tan fantástica, cousa da que daba fe o Sabichas.

Leboreiro podía considerarse coma o máis grande capitán de todos os tempos en Lomberna e o seu exército coma a falanxe máis valente e experimentada.

O botín estaba alí nunha morea : un monte de botóns, cintos, cordóns, fibelas e outros obxectos heteróclitos porque arramplaran con todo o que contiñan os petos, agás os panos de man. Podían verse osiños de cocho furados polo medio e atravesados por un cordón de la dobre que ao enrolarse e desenrolarse facían virar o óso producindo un zunido : a este brinquedo tamén se lle chamaba “abellón”; tamén había bólas, coitelos, ou, para ser máis exactos, unhas láminas mal mangadas, as chaves de abrir as latas de sardiña, unha figura de chumbo de crequenas nunha postura íntima, é dicir, cagando, e uns tutelos para lanzar chícharos. Xuntado de calquera maneira, todo isto iría aumentar o tesouro común ou botado a sortes.

Pero de seguro que o tesouro se dobraría de vez, porque era xustamente ao día seguinte cando se lle debía pagar ao tesoureiro a segunda contribución de guerra. A primeira idea que tivera Leboreiro volveulle á cabeza : e se empregasen este diñeiro en facer unha festa ?

Como era home de acción e feitos, foi onda os seus soldados preguntarlles sobre as cantidades que lle había que pagar ao tesoureiro.

—A quen lle falta un patacón para *paghar* o imposto de *gherra* ?

Ninguén dixo cousa.

—A ver ! entendestes ? Ao que lle falte un patacón para pagar o imposto, que levante a man !

Instalarase un silencio relixioso no ambiente e non se levantou ningunha man. Sería verdade ? Todos conseguiran atopar a maneira de facerse cunha moeda ! Os bos consellos do xeneral deran os seus froitos. E daquela ofreceulle á tropa os seus parabéns máis sentidos deste xeito :

—Estades a ver que non sodes tan tordas como pensabades, eh ! O que busca sempre encontra ! Pero non hai que ser parvos, palermas meus, porque se non, ides levar moitas labazadas na vida do mundo.

—Aquí dentro —dixo sinalando o opulento botín— hai polo menos corenta patacóns en bens, daquela, meus, xa que fomos tan valentes para *conseghilo* coas nosas mans, non temos necesidade de *malghastar* os cartos de noso para comprar outro.

Mañá habemos ter corenta e cinco patacóns. Para festexar a vitoria e facer o albaroque da construción da cabana, o próximo xoves pola tarde habemos facer unha festa rachada todos xuntos.

—Que dicides a isto ?

—Si, si, si ! Bravo, bravo ! Iso, iso ! —Berraron, bradaron e vocearon corenta voces— si, si, viva a esmorga, viva a troula !

—E *aghora*, á cabana ! —Instou o xefe— Tintín, pásame o teu pucho para botar nel o botín e *logho* xúntoo co noso bote !

Hai alguén por aí abaixo ? —preguntou sinalando a lindeira do bosque dos belránns.

Gorrión gabeou polo carballo para asegurarse.

—Vaite ho ! —Dixo despois de examinar o terreo por un intre— has pensar que van estar aí despois do repaso que lles demos, liscaron de aquí, nos ves que teñen rabo de palla e teñen medo de queimalo !

O exército de Lomberna xuntouse na cabana con Pipote, Gambeta e a María, que xa se preparaba para marchar. O ferido sangrara abundantemente e tiña todo o nariz azul e inchado coma unha pataca, pero, con todo, non se laiaba moito : quedara a gusto pensando na cantidade de tiñosos aos lles deixara as marcas das súas mans e na respectable cantidade de puñazos que distribuíra con equidade dun lado e doutro.

Quedaron en que o contarían así : ía correndo, caeu sobre unha bóla de madeira e non lle deu tempo de botar as mans á cara.

Para o xoves había de estar curado e podería andar de xolda cos demais. Fora el o que quedara peor parado de todos esta vez, así que había de ser recompensado en especie no momento do reparto de provisións.

Ao día seguinte, despois de coller os cartos, Leboreiro e Tintín discutiron cos camaradas sobre a mellor maneira de empregalo.

Achegáronse propostas.

—Chocolate.

Todo o mundo estivo de acordo con esta compra.

—Botemos contas —dixo o Sabichas— A peza de oito raias custa oito patacóns, a cada un cómprelle un bo anaco : con tres pezas temos trinta raias, co que a cada un lle tocaría máis de media raia. Iso é —comentou despois do cálculo— xusto dos terzos de raia para cada un, está moi ben.

Habémolo comer a pelo ou con pan. Tres pezas a oito patacóns, son vinte e catro patacóns. De corenta e cinco, quedan vinte e un.

—Que compramos ?

—Améndoas !

—Biscoitos !

—Caramelos !

—Sardiñas !

—Só temos vinte e un patacóns —subliñou Leboreiro.

—Hai que comprar *zardiñas* —insinuou Tintín

— As sardiñas saben ben —dixo *Gherreiro*

—Cala ho ! que ti non *zabez* nin o que *zon* !

—Pois mira, meu, son peixiños sen cabeza cocidos *drento* dunha caixa de lata, e sabes o que ? son unha pasada de sabedores ! O único é que non se compran moito na nosa casa porque son caras. Compramos unha caixa, se vos parece ? Cada lata ten dez, doce e *alghunhas* veces ata trece sardiñas e despois repartimos.

—Compramos ! Compramos ! Que saben ben ! —apoiou Chapletiñas— e tamén aceite, *mighiños* ! a min o que máis me sabe é o aceite das sardiñas ! Eu lambo o que queda na lata cando nolas poñen diante, é coma o aceite da ensalada.

Votaron con entusiasmo a compra dunha lata de sardiñas por once patacóns.

Quedaban dispoñibles outros dez.

O Sabichas fixo unha observación máis porque creu que era a súa obriga engadir esta opinión :

—E non era mellor coller algo que se poida repartir máis ao xeito e que dese máis anacos por un patacón.

Os caramelos impúñanse : os carameliños redondos e tamén o pau doce que era tan bo de chuchar e remoer na clase baixo a protección dos pupitres abertos.

—Veña, daquela partimos a cousa —concluíu Leboreiro— cinco patacóns para os caramelos e outros cinco para o pau doce.

Quedamos así, pero isto non é todo, como sabedes. Cómpre pispar as patacas e as peras da despensa, tamén hai que cocelas e *Ghorrión* fará os *cigarros* de valdeba.

—Haberá que beber *algho, digho* eu —declarou Pipote.

—Se houbese viño !

—E unhas *ghotiñas* !

—E licor de herbas !

—E xarope !

—E *ghranadina* !

—O noso pipote de caña está no comedor de arriba —dixo Leboreiro— se teño maneira de sacarlle un neto, non teñas medo que haberá *ghotas*, pero viño, véxoo complicado !

—Tampouco temos vasos.

—E tamén fará falta meter a *augh* nalgún lado.

—Non son moi *ghrandes*.

—Se puidésemos *conseghir* un bidón pequeno ou unha *reghadeira* vella.

—Unha *reghadeira* ! Hai unha vella na escola que está ao final do corredor; e se a roubamos ás agachadas ? Ten un furado na parte de abaixo e está chea de po, pero iso non é un problema, botámoslle un tapón ao burato, limpamos a lata con area e xa está.

—Si —asentiu Leboreiro, é boa idea.

Ás catro da tarde tócame varrer a min, pónoo detrás da parede do patio cando vaia baleirar a varredura e, pola noite, vouno recoller, *aghóchoo* na cova do Tilo e déixoo alí ata o día seguinte.

Polo que toca ás compras, imos facer así : eu compro unha placa de chocolate, Chapletón outra e Tintín outra máis. O Sabichas irá buscar as sardiñas, Pipote os caramelos e Gambeta o pau doce. Ninguén ten por que sospeitar nada. Levamos todas as cousas á cabana canda as mazás, as patacas e todo o poidamos repañar.

Ah ! Xa o esquecía ! O azucre ! A ver se vos facedes co azucre para comer canda as *ghotas*... se as *consegñimos*. E facemos sopas na caña cos terróns de azucre !

Non é difícil coller o azucre, cando a vella estea despistada...

Todos tomaron boa conta destas excelentes recomendacións. Cada un tiña unha encomenda concreta e aplicábase en cumprila a conciencia. Así, o xoves pola tarde, Leboreiro, Gorrión, Tintín, o Sabichas e mais Chapletón adiantáronse e recibiron os seus compañeiros que ían chegando un detrás do doutro ou en grupos pequenos cos petos cheos de cousas variadas, pero tan petados que parecían estoupar.

Os xefes tamén tiñan unha sorpresa preparada para os convidados.

Un lume claro cunha chama que presentaba máis dun metro de alto impregnaba a cabana dunha claridade acolledora e facía brillar as cores violentas dos gravados.

Sobre a mesa rústica onde había xornais estendidos facendo as veces de manteis aliñábanse en orde as provisións compradas. E detrás ! Ouh gloria ! Ouh contento ! Tres botellas cheas, tres botellas misteriosas arranxadas con xenialidade por Chapletón e por Leboreiro, impoñían alí as súas formas elegantes.

Unha contiña augardente e as outras dúas viño.

A regadeira estaba sobre unha especie de pedestal de pedra, brunida, nova, cos bolos brillantes, brandindo o morro lustroso cara a adiante e vertendo unha auga límpida e pura recollida na fonte veciña. Completaba a escena un lote de patacas estalando baixo a cinza quente.

Que fermosa xornada !

Chegaran ao acordo de compartiren todo, o único que tiñan que ter de seu era o pan. Así, á beira das placas de chocolate e da lata de sardiñas ían aumentando unha morea de anacos de azucre que ían contando con minuciosidade.

Era imposible poñer na mesa todas as patacas, había máis de seis para cada un polo menos. Fixeran verdadeiramente ben as cousas, aínda que tamén aquí o xeneral, traendo a botella de augardente, batera todos as marcas.

—Todos terán cadanseu *cigarro* —afirmou Gorrión, sinalando cun xesto ostentoso unha morea feitiña e xuntiña de anacos de valdeba coidadosamente escollida, sen nós, lisas e con bonitos buratiños redondos que estaban dicir o ben que tiraría.

Uns quedaban na cabana, outros pasaban por ela, entraban, saían, rían, golpeábanse na barriga e nas costas para vacilar e dábanse os parabéns.

—Eh, meu, que ben estamos, eh ?

—Somos uns *fighuras*, eh ?

—Que ben o imos pasar !

Quedaron en que comezarían cando estivesen listas as patacas que estaban controladas por Gorrión e Pipote : quitaban a cinza, arredaban as brasas, de cando en cando collían cunha variña os gorentosos tubérculos e tentábanos coas puntas dos dedos, queimábanse e sacudían as mans, sopraban as unllas e logo volvían atizar o lume sen parar.

Neses momentos, Leboreiro, Tintín, Pipote e o Sabichas acabaran de calcular o número de patacas e de anacos de azucre que lle tocaba a cadaquén e dedicábanse ao reparto equitativo tanto das pezas de chocolate e dos caramelos coma do pau doce.

Foron presa dunha forte emoción cando abriron a lata de sardiñas : como serían ? Grandes ? Pequenas ? Poderíase repartir en xusta proporción o contido entre todos ?

O Sabichas deu en contar separando as da parte de arriba coas de abaixo coa punta da navalla : oito, nove, dez, once ! Once —repetiu— A ver, tres por once, trinta e tres, catro por once, corenta e catro !

—Merda ! *Rediós* ! Somos corenta e cinco ! Vai haber un que quede sen ela.

Pipote, que estaba de crequenas diante das brasas, oíu esta exclamación sinistra e acabou coa dificultade e mesmo resolveu o problema cun xesto e cunha palabra :

—Quedo eu sen ela, se vos parece ! —exclamou— deixádesme a lata co aceite para lambelo, sábeme tanto ! Quedamos así, logo ?

Claro que quedaban así, ata parecía increíble !

—Eu creo que as patacas xa están asadas —proferiu Gorrión, arredando cara ao fondo cun garfo de madeira todo queimado as brasas vermellas e facéndose co botín.

—Veña ! A comer ! —berrou Leboreiro.

E indo cara á entrada : Que ? Seica aquí non oídes ou que ? *Touvos* dicindo que a comida xa *tá* ! Non volo volvo repetir, eu non ando con *conachadiñas* !

Hai que ir buscar a bandeira ?

E amoreáronse na cabana.

—Que cada un vaia para o seu sitio —ordenou o xefe— imos repartir.

Primeiro as patacas, hai que comezar por algo quente, é máis fino e faise así nas grandes ceas.

E os corenta rapazotes agardaron pola distribución coas pernas apertadas, os xeonllos en ángulo dereito coma as estatuas exipcias e o anaco de pan preparado na man.

Fíxose nun silencio relixioso. Os últimos en seren servidos miraban de esguello como as bólas grises cuxo contido era dunha brancura mate fumegaba estendendo un arrecendo san e vigoroso que agudizaba o apetito.

Quitábanlle a pela, mesmo a mordían e queimábanse, arredábanse rapidamente e, ás veces, a pataca chegaba ata os xeonllos onde unha man experta a atrapaba a tempo. Que ben sabían ! E rían e mirábanse os uns aos outros. Quedaron todos tan estremecidos polo contaxio de felicidade que as linguas comezaron a desatarse.

De cando en cando ían beber á regadeira.

Cada bebedor axustaba os beizos ao morro de lata coma se o fose chuchar, bebía un bo grolo e, coa boca chea e as meixelas inchadas ou ben tragaba dunha vez facendo ruído cando a auga lle pasaba pola gorxa ou botaba todo por fóra nun estoupido porque o facían rir os compañeiros.

—Beberá ou non beberá ! Va que si, va que non !

Logo veu a quenda das sardiñas. O Sabichas repartiu relixiosamente cada peixe en catro. Operou con todo o tino e a precisión desexable para non facer faragullas e ao tempo encargouse de darlle a cada un a parte que lle correspondía. A lata de sardiñas sostíña a Tintín e el íaas sacando delicadamente, anaquiño tras anaquiño e logo colocábaos enriba de cadanseu cacho de pan. Era coma o cura dándolles a comunión aos fieis.

Ninguén lle tocou a nada antes de estaren todos servidos. Como quedara acordado, Chapletiñas levou a lata co aceite e cos restos de peles que nadaban dentro. Non había moito, pero sabía ben ! Había que aproveitar. E todos ulían, cheiraban, apalpaban e lambían o cachiño que tiñan no pan, dábanse os parabéns pola bendición, gozando do pracer que ían acadar ao mastigáreno e póndose tristes pensando no pouco tempo que lles había durar. Un bocado e acabaría todo ! Ningún deles se daba decidido a atacalo de vez. Era tan pouquiña cousa. Tiñan que gozar e gozar. E gozaban cos ollos, coas mans, coa punta da lingua, polo nariz, sobre todo polo nariz, ata o momento en que Chapletiñas, que zugaba, limpaba e lambía o resto da súa “salsa” cunha miguiña de pan fresco, lles preguntou se querían converter a súa porción nunha reliquia, que nese caso o que tiñan que facer era levarlla ao cura para que a xuntase canda os ósos de coello que lles daba a bicar ás vellas beatas dicíndolles : Pasa a túa cona⁷ !

⁷ Sen dubidalo, o que o cura dicía en realidade era : *PAX TECUM* !

E foron comendo amodiño, sen pan, en cachiños da mesma medida, apurando o zume, chuchando a través de cada papila, deténdose ao paso do anaquiño deixado de lado, afogado ou afundido no fluxo da saliva para reflotalo á superficie da lingua, volvelo mastigar e non deixar escapar ningún e se iso ocorrese, sería ao seu pesar.

E todo isto tamén acabou relixiosamente. Máis adiante *Gherreiro* confesaría que, en efecto, estaba realmente bo, pero que non chegara a nada !

Os caramelos eran para a sobremesa e o pau doce para ir roendo no camiño de volta. Aínda quedaban as patacas e o chocolate.

—Si, pero non imos beber xa, *aghora* mesmo ? —reclamou Pipote

—Hai unha *reghadeira* aí, vicioso —respondeu Chapletón.

—O viño e a caña é para o final, para o *cigarro* —solucionou Leboreiro nun nada.

—*Aghora* ao chocolate !

Todos tiveron o seu quiñón, uns en dous anacos, outros nun só. Era o prato forte, comérono co pan. Porén, algúns, sen dúbida os máis refinados, preferiron comer o pan seco primeiro e o chocolate despois.

Os dentes roían e mastigaban e os ollos botaban chispas. A chama da lareira fora reavivada por unha brazada de queiroas que alumeaba as meixelas e deixáballes os beizos rubios. Falaban das batallas pasadas, dos combates futuros, das próximas conquistas e alí se vían os brazos a axitárense, os pés a sacudírense e as costas a movérense.

Chegara o momento das mazás e do viño.

—Que cada un beba da pota pequena cando lle toque —propuxo Gorrión.

Pero o Sabichas replicou con desdén : —Nada diso ! Cada un polo seu vaso !

Tal afirmación trastornou os festexeiros.

—Vasos ! Tes vasos ti ? Cada un polo seu vaso ! Desvarías, Sabichas ! Ulos ?

—Ahá ! —Riu con malicia o compadre. Para que saibades o que é andar listo !

E logo para que credes que son as mazás ?

Ninguén estaba vendo a onde quería chegar o Sabichas.

—Panda de preas ! —recuncou el— non tedes respecto pola sociedade, collede as navallas e facede coma min.

Dicindo isto, o inventor fixo un furado a gume aberto na polpa cumprida dunha fermosa mazá rubia e baleirouno con tino transformando en copa orixinal o bonito froito que recortara.

—Abofé que está ben, *condanado* Sabichas ! É abraiante ! Mete medo ! —
Exclamou Leboreiro. Inmediatamente fixo a distribución das mazás. Cada un púxose a tallar a súa copa e mentres o Sabichas explicou locuaz e triunfante :

—Cando andaba coas vacas e me daba a sede facíalle un burato a unha mazá ben gorda, muxía unha vaca e bebía así unha cunca de leite ben quenteño. Despois de que cada un confeccionase a súa cunca, Chapletón e Leboreiro abriron as botellas de viño e repartiron os invitados para servírenos. A botella de Chapletón era máis grande ca a outra e tiña que dar para vinte e tres guerreiros e a do xefe para vinte e dous. Aínda ben que os vasos eran pequenos e o reparto foi equitativo ou así debeu ser porque non se produciu ningunha recriminación.

Unha vez todos servidos, Leboreiro ergueu a súa mazá chea, pediu o brinde de costume, simple e breve :

—E *aghora*, por nós, meus vellos *amigos* e que se fodan os belrán !

—Por ti !

—Por nós !

—Vivamos nós !

—Que vivan os lombernes !

Chocaron as mazás, ergueron as copas bradaron inxurias contra os inimigos, enxalzarón a súa valentía, a súa forza, o heroísmo de Lomberna e beberon, lamberon e zugaron a mazá ata o máis profundo das súas carnes.

—E se botamos unha *aghora* ! —Propuxo Chapletiñas.

—Veña, *Ghorrión* ! A túa canción !

Gorrión botouse a entoar :

Non hai nada máis lustroso

Ca un artilleiro sobre un oso...

—Iso non *chegha* a nada ! Que *mághoa* ! É ben chusca.

—Daquela mellor cantar todos xuntos : *Onda a miña loira*. Esa sábea todo o mundo. Veña, vai ! Un ! Dous !

E todas as voces xuvenís botáronse á vella canción a pleno pulmón.

No xardín de meu pai

Floreceon os loureiros (bis)

Todos os paxaros do mundo

Veñen facer o seu niño

Si !

Onda miña loira
Que ben se está, se está, se está !

Onda miña loira
Que bo é durmir !
Todos os paxaros do mundo
Veñen facer o seu niño, (bis)

O paspallás, a rula
E a bonita perdiz
Si !

Onda a miña loira...
O paspallás, a rula
E a bonita perdiz, (bis)

E a branca pomba
Que canta día e noite,
Si !

Onda a miña loira...
E a branca pomba
Que canta día e noite, (bis)
Que canta para as fermosas
Que non teñen home,
Si !

Onda a miña loira...

...

Cando acabaron esta, volveron comezar con outra e agora foi Tintín o que deu en entoar :

Tamboriño que volvez de guerra (bis)
Que volvez de guerra
Pon pon ro-po-to-pon...

Pero quedou no medio do camiño, porque agora que beberan precisaban outra cousa máis, algo mellor.

—*Ala Ghorrión ! Canta ti Madalena foi a Roma.*

—Non canto, non ! Non sei máis ca dous anacos do refrán; non *pagha* a pena, e a sabe ! Cando os quintos ven que nos *achegamos* para escoitar, paran e bótannos de alí *caghando* hostias.

— Iso é porque son caralludas.

— Non, a min paréceme que é porque din moitas porcalladas !

Din unha cousa, pero non sei como é nin cando hai que meter a Madalena, o Instituto e o Panteón, un rexemento de infantaría, o baioneta no canón e mais un monte doutras caralladas das que non me lembro.

— Máis adiante, cando sexamos recrutas, tamén a saberemos nós, vale ! —
Afirmou Chapletiñas para animar a paciencia aos seus camaradas.

Daquela intentaron lembrar a canción que se canta cando se está bébedo :

Traio un cantar miudiño, miudiño, miudiño...

Comentaron que había que comezar moi amodiño e ir aumentando o volume conforme avanzaba a canción :

Traio un cantar miudiño, miudiño, miudiño...

Que eu traio

Unha borracheiraaaa

De viño

Que augha non bebo

Mirá, mira Maruxiña mirá

Mira como eu veñooo !

Despois, esgotados e sen saber como seguir, produciuse un silencio de abraio.

Daquela propuxo Pipote para rompelo :

—E se désemos voltas ?

—Para ver o demo en mangas de camisa !

—E se *xogamos* ás prendas ! —dixo outro.

—Vaite ho ! Iso é un *xogho* de nenas, para iso saltamos á corda !

—E as *ghotas*, *cagho na..* ! —rifou Leboreiro.

—E os meus *cigarros* ! —berregou Gorrión

RELATOS DOS TEMPOS HEROICOS

Naqueles tempos, época distante, marabillosa

Charles Callet (*Contos antigos*)

Cando se deu a orde, os xefes colleron cadansúa mazá e entrementes Gorrión ía pasando polas fileiras ofrecendo os cigarros de valdeba cunha indolente elegancia, Chapletón distribuíalles os anacos de azucre.

—Vaia *xolda*, con todo !

—E que o *dighas*, que esmorga !

—Que *coghorcia* !

—Que bomba de celebración !

Leboreiro, en plan experto, axitaba a súa botella de augardente e subían unhas burbullas de aire que se ían estendendo e acababan morrendo formando unha coroa na boca da botella.

—É da boa —afirmou el— É relixiosa porque fai o rosario.

Atención que aí vou, que ninghén se mova !

E foi repartindo lentamente entre os corenta e cinco festexeiros as doses de alcol. Debeu tardar uns dez minutos pero non bebeu ninguén antes do sinal. Volveron facer brindes máis verdes e máis violentos ca nunca. Logo mollaron o azucre na caña e zugaron o líquido aos pouquiños.

Sandiós ! Que forte era !

Os pequenos espirraban, tusían, cuspían, púñanse rubios, violetas e granates, pero ningún quería recoñecer que lles estaba a arder a gorxa e se lles viraba o calleiro do dereito co revés.

Fora roubado, daquela era bo, mellor mesmo, era gorentoso, exquisito e non había que perder gota.

Así, botaban para dentro a caña ata última molécula, así rebentasen. Primeiro lamberon a mazá e despois comérona para non perder nada do zume que puidese penetrar nas súa carnes.

—E *aghora*, lume ! —propuxo Gorrión. Chapletañas, o gardián das brasas, foi pasando os tizóns para coller lume. Foron pondo na boca os anacos de valdeba e todos se puxeron a tirar con toda súa enerxía fechando os ollos a medias, pregando a testa, apertando as meixelas e soldando os beizos. Púñanlle tanto ardor que por veces ocorría

que a herba prendía lume porque estaba moi seca, isto admiraba tanto ao resto que todos se esforzaban para conseguir o mesmo efecto.

—Mentres estamos coas patas quentes e a *barrigha* chea, fumando tranquilamente un bo *cigarro*, por que non contamos contos ?

—Si ! Si ! Iso ou ben adiviñas ?

—E para pasalo mellor, podemos poñer prendas.

—Meus vellos amigos —interveu o Sabichas, grave, coas pernas cruzadas e o cigarro na boca— eu se queredes, vouvos dicir algo moi serio, de verdade, algo que souben hai moito tempo. Case é Historia. Si, oílla ao vello Xan Pedro que llo contaba a meu padriño.

—Ah ! Que ? Que é pois ? —Preguntaron varias voces.

—Pois é a orixe da rivalidade cos belrán. Sabedes meus, isto non é cousa nin de hoxe nin de onte : isto vén de anos e anos.

—Vén desde o comezo do mundo, abofé — interrompeu Gambeta, porque eles sempre foron uns lambecús ! Por iso !

—Son tan lambecús como ti queiras, porén, o nacemento disto non vén desde o momento que ti estás a dicir, así e todo, Gambeta, é despois, moito despois, aínda que xa choveu desde ese tempo ata o día de hoxe.

—Daquela, xa que o sabes, dínolo, veña, pero a verdade é que non son máis ca unha banda de fódidos porcos.

—Son uns lorcháns e uns moinantes ! E enriba tiveron a cara de chamarlles ladróns aos lomberneses.... Porcos do cara...

—Pois ves, esa é unha, que descaro !

—Pois —dixo o Sabichas seguindo co conto— Polo que toca a saber exactamente o ano en que ocorreu, eu non o sei. O vello Xan Pedro tampouco se lembraba, habería que mirar nos vellos papeis, nos arquivos, como din eles, e eu non sei o que son esas porcalladas.

A ver, eran os tempos en que se falaba da Meiga das preas e tampouco sabemos moito qué tempos eran eses. Se cadra era unha mala enfermidade, algo así como un fantasma que saía vivo da barriga dos animais mortos e que se deixaba podreecer polas esquinas, que viaxaba e andaba de noite polas leiras, polos bosques e polas rúas das aldeas. Non se vía, pero sentíase e cheirábase : os animais bruaban, os cans ventaban a morte cando andaba por aí dando voltas polos arredores. A xente facía o sinal da cruz e dicía : vén unha desgraza de camiño ! Daquela, pola mañá despois de

que se sentise pasar, os animais caían e morrían e a xente tamén caía coma moscas. A Meiga das preas saía sobre todo cando ía calor.

Por exemplo, ía todo ben, a xente ría, comía, bebía, e unha hora ou dúas despois, sen saber nin como nin por que, escurecíase todo, vomitaban sangue podre e rebentaban. Non había nada que facer e tampouco se podía dicir nada. Ninguén é quen de parar a Meiga das preas. Xa podían botar auga bendita, rezar todo tipo de pregarias, chamar o cura para murmurar os OREMUS, invocar a todos os santos do Paraíso, a Virxe, Xesús Cristo e o bo Deus, que era como mexar por un violín ou coller auga cunha escumadeira, todo perecía igual, o país ficaba arruinado e a xente desfeita.

Así, cando un animal daba en morrer, podedes estar seguros que se enterraba vivamente.

A guerra entre os belrán e os lomberneses tróuxoa a Meiga das preas.

O contacontos fixo aquí un alto, saboreando o seu preámbulo, gozando da expectación creada, deulle unhas caladas ao cigarro de valdeba e retomou o conto tendo os ollos dos seus camaradas cravados nel :

—Saber o que de verdade pasou non é posible porque nos faltan moitos datos. Non obstante, crese que eran feirantes, quizais tamén ladróns, que viñeran ás feiras de Mortón e de Mecha e volvían pola zona da baixa. Viaxaban de noite, quizais porque se agochaban, sobre todo se roubaran gando. Despois pasou que cando pasaban pola parte de arriba dos herbais de Chasaláns, unha das vacas que levaban deu en bruar e bruar e logo non quería andar : pegou o cu contra un valado e seguía bruando. Por moito que os outros tiraran dela ou a vareasen a conciencia non conseguían nada e a vaca seguía sen moverse. Ao cabo dun pouco tirouse ao chan, estarricouse toda tesa e morreu, espichouna.

—Os fulanos non podían levala con eles, de que lles serviría ? Non dixeron nada e como era de noite, lonxe das aldeas —de noite todos os gatos son pardos— liscaron de alí e endexamais se volveu saber deles nin quen eran nin de onde viñan.

Hai que dicir que todo isto ocorreu no verán.

Naquela época os belrán levaban os seus animais aos pastos comunais de Chasaláns e tamén cortaban a madeira. Desde aquela quedoulle o nome de bosque dos belrán, que, por certo, é o mesmo bosque desde o que nos atacan !

—Vaia ! Vaia ! Mira ti ! Interromperon as voces. Seguro que ese bosque é noso, *cagho en D... !*

—É, é noso e xa veredes, pero escoitade. Como ese verán ía moita calor, axiña comezou a cheirar a vaca morta; ao cabo de tres ou catro días era unha prea, chea de moscas verdes, moscas da morte como dicían. Daquela a xente que tivo oportunidade de pasar por alí cheiraron ben o fedor; achegáronse e viron a prea podrecendo *in situ*.

Había présa ! Sen perder un minuto dirixíronse axiña cara a onde estaban os antigos belráns e dixéronlles :

— Hai unha prea podrecendo nos vosos herbais de Chasaláns e fede ata o medio de Chané, hai que enterrala antes de que os animais collan a *Meigha* das preas.

— A *Meigha* das preas —responderon eles— se cadra collémola nós cando esteamos enterrando o animal. Facédeo vós xa que a atopastes, ademais, quen nos di que está no noso territorio ? Os herbais son tan vosos coma nosos e a proba é que o voso *ghando* pasta alí a pracer.

— As poucas veces que van alí, decontado nos vides protestar e ides espantar os nosos animais, responderon os lombernes (cousa que era a pura verdade) Non tedes moito tempo que perder porque se non, tanto nós coma vós, habemos ver como a espichan os animais por causa da *Meigha* das preas e canda o *ghando*, a xente.

—*Meigha* das preas *pra* vós ! Contestaron os belráns.

—Ai si ! Non queredes enterrala, moi bonito ! Hase de ver; para empezar, sodes uns lorchos e uns lambecús !

—E vós sodes uns *caghanetas* porque atopastes a prea, e mira ti por onde ! É vosa, así que, quedade con ela, é toda vosa.

—Merdeiros ! —Interromperon algúns oíntes, furiosos de encontrárense coa antiga mala fe dos belráns.

—E despois que pasou ?

—Que que pasou ? Retomou os Sabichas. Velaí vos vai :

—Os lombernes volveron para a casa. Foron onda os vellos e onda o cura e onda os que daquela facían as funcións de concelleiros e contáronlles o que viran e sentiran e o que dixeran os belráns...

Cando as mulleres souberon o que había, botáronse a chorar e a berrar. Dixeron que estaba todo perdido e que ían morrer. Daquela os vellos decidiron ir á capital da provincia ou algo así, non sei moi ben, e falar cos peixes gordos, isto é, co xuíz e co gobernador. Como a cousa levaba apuro, todas a grandes consecuencias tamén se produciron rapidamente e fixeron ir a Chasaláns a lombernes e belráns para daren explicacións.

Os belrános dixeron : Señorías, a zona de pasto non é nosa, xurámolo diante de noso Señor e a Santa Virxe que é a nosa patroa e a de todos, é dos lombernesese e correspóndelles a eles enterrar o animal.

Os Lombernesese dixeron : Salvando a súa cara, señorías, iso non é verdade, son uns mentireiros ! A proba é que levan pastar os animais todo o ano e cortan os piñeiros.

Ante isto, os outros xuraron e perxuraron que os terreos non lles pertencían.

As súas señorías sentíanse ben amoladas. Non obstante, como aquilo non ulía moi ben e había que acabar dunha vez, emitiron alí mesmo o seu veredicto e dixeron :

Xa que as cousas están así e os belrános xuran que a propiedade non é súa, tócalles aos lombernesese enterrar o animal... Daquela os belrános botáronse a rir porque aquela prea fedía un mundo ! E os señoritos do tribunal non se achegaron moito a ela... Pero...—engadiron— como a van enterrar, os herbais e o bosque quedan definitivamente na propiedade dos habitantes de Lomberna visto que os belrános non queren saber nada dela.

Daquela, despois disto, os belrános xa aguantaban ben coa risa e víase que quedaban ben fodidos, botaban sapos pola boca, pero non podían desdicirse diante do cura e das súas señorías.

A xente de Lomberna botou a sortes quen había de enterrar a vaca e ao que lle tocasse, tería dobre porcentaxe de madeira durante as seguintes catro cortas. Só que tan pronto como enterraron o animal e xa lle perderan o medo á Meiga das preas, os belrános reclamaron que o bosque seguía sendo deles e non querían que a xente de Lomberna fixera ningunha corta.

Insultaron os nosos devanceiros chamándolles ladróns e chuchapreas, tiñan calleiro os moicanos eses que non tiveran o valor de enterrar a súa propia podremia.

Houbo un xuízo en Lomberna, un xuízo que durou tempo e tempo e no que gastaron cartos e cartos, pero perderon na cabeceira da bisbarra, na capital da provincia, na capital da rexión, e segundo parece, estiveron máis de cen anos con litixios.

E fodíalles verem como os lombernesese ían cortar a madeira diante dos seus fociños así que cada vez que podían chamáballes ladróns de leña, pero os nosos devanceiros tiñan bos puños e non agardaban a que dixesen o segundo insulto para botárenselles á chepa e caíalles cada tunda que quedaban irrecoñecibles ! Meu Deus, que malleiras !

En todas as feiras da redonda había lea despois teren un vaso enriba e, pam ! pum ! Ai carallo ! Dáballes igual, non lles importaba nada e o sangue corría coa mesma

naturalidade ca o mexo dunha vaca. Estes non petaban de mentira, sabían moi ben como dalas e así foi que durante douscentos anos ou quizais trescentos, non houbo ningún home de Lomberna que casase cunha muller de Belrán nin ningún de Belrán que viñese á festa a Lomberna.

Encontrábanse sobre todo o domingo na festa da parroquia. Tanto os de Lomberna coma os de Belrán aparecía en grupo.

Primeiro percorrían a zona para ir *bixutando* o ambiente, despois entraban nas tabernas e botábanse á bebida para ir collendo o “ton”. Daquela, cando a xente vía que estaban bébedos, despexaban os lugares ou agochábanse porque sabían que ían comezar as labazadas... e nunca fallaba.

Os lomberneses ían dereitiños aos tugurios onde paraban os belrán, quitaban a chaqueta, arremangaban a camisa e inaugurábase o “baile”.

As mesas, os bancos, as cadeiras, os vasos, as botellas, todo saltaba, bailaba, voaba e asubiaba. Pam ! por unha banda, pum ! pola outra, largábanse labazadas e patadas por todas partes, empregábanse tallos, botellas e mesmo os candís que caían ao chan e se apagaban, así que se rompía todo con bastante rapidez. As pelexas podían continuar, e continuaban, pola noite, andaban a rolos polo chan enriba de tapóns de botellas e cristais rotos. O sangue corría coma o viño ata que non vían nada, pero nada de nada. Sempre quedaban dous ou tres ata o final a renguear e a pedir misericordia, mentres que todos os que podían andar, fuxían de alí a toda velocidade.

E tamén había sempre un ou dos mortos. Quen non acababa torto, rompía un brazo, quedaba co nariz esmagado ou cunha orella arrincada e todos levaban feridas abertas. Non se sabe moi ben quen eran os que morrían, pero nas festas patronais todos os anos había un que non o contaba e isto foi así durante un século ou máis. Cando non había morto, os nosos vellos dicían que ese ano a festa non fora “divertida”.

Eran afoutos, ían á lea e batíanse todos, desde o máis vello ao máis novo, pero iso ocorría nos bos tempos. Máis tarde, os únicos que se pegaban eran os recrutas o día en que os sorteaban e lles facían a revisión médica. E agora... agora estamos nós sos para defender o honor de Lomberna. Dá dó pensalo !

Tiñan os ollos en chamas, coma os tizóns da lareira como consecuencia do fume azul dos cigarros de valdeba. O contacontos continuou moi excitado :

—Pero a historia non acaba aí !

Non, o máis bonito da historia e o máis simpático foi a peregrinación ao santuario da Virxe de Ranguela, non sabedes ? A que ten unha capela que está detrás do

bosque. Non lembrades que o ano pasado levounos alí o cura canda a vella Paulina. Era no tempo dos abesouros, batiamos todo o bosque e metíámoslos nos petos da sotana do de negro e no sombreiro da vella. Chegou un punto que tiñan un lote deles alí metidos e claro, os animalíños inchaban as ás para tentar escapar e algúns había que o daban conseguido e marchaban zunindo adoecidos. Riamos a cachón coa chanza.

Si, meus amigos, pois ben, un día daqueles vellos tempos cando a herba xa estaba preparada para a ceifa e logo recollela, o cura dirixiu a todos os lombernes, tanto homes coma mulleres e nenos á peregrinación de Nosa Señora de Ranguela para pedirlle bo tempo á virxe santísima durante a sega.

Por desgraza, o mesmo día, o cura de Belrán decidira levar os patos, creo que se chaman así...

—Non, son gansos —rectificou Gorrión.

—Os gansos logo, se che parece —retomou o Sabichas— á mesmísima Virxe Santa porque eles non tiñan no lugar esas parvadas de virxes santas, aínda que si o santo sacramento e outras caralladas. Total, que eles pedían chuvias para os repolos que non se daban nada...

Daquela, van e saen de mañanciña co cura á cabeza vestido de cerimonia e levando o cáliz na man, canda el ían os acólitos co hisopo e o mordomo co libro de salmos. Detrás, os rapaces, logo os homes e de últimas, as nenas e as mulleres.

E sabedes a quen viron os lombernes cando atravesaron o bosque ?

Si, abofé que eran eles, os grandes comedores de touciño rancio. Estaba toda a tropa de Belrán a pedir auga bruando ladaíñas.

Imaxínade a graza que lles había facer aos lombernes escoitar iso cando eles estaban pedindo xusto o contrario.

Daquela, deron en berrar canto lles daba o peito as pregarías que tiñan preparadas para pedir bo tempo e os outros respondían pedindo auga bradando coma becerros.

Os lombernes querían ser os primeiros en chegar, así que apuraron o paso. Os belrán déronse conta e botáronse a correr. Cando estaban preto da capela, a uns douscentos metros máis ou menos, tamén eles deron en correr. Logo, miráronse de esguello e empezaron cos clásicos insultos : lorcháns, ladróns, porcos podres, etc. e íanse achegando conforme os ían proferindo.

Cando estaban a dez pasos os uns dos outros, os homes comezaron a ameazarse, a amosar os puños e a alentar coma cans danados; as mulleres tamén se

foron pondo en situación e insultáronse chamándose lerchas, mulas, perdidas, ladras e putas, e ata os curas se miraban mal. Si, meus amigos, onde tal se viu ?

Daquela todo o mundo se botou ás pedras e aos paus coa idea de lanzalos a distancia. Pero a forza de írense excitando cos berros, colleunos a carraxe e foron ás mans. Zorregaban con canto tiñan á vista, ata cos misais, e como podían, con patadas por exemplo. As mulleres chiaban, os rapaces berraban e os homes xuraban coma carreiros : Ah, danados ! queredes auga, moreas de merda, aí vos vai ! E pam ! por acó e ai ! por aló... Os homes quedaron espidos, a mulleres coas saias rachadas e as chambras resgadas. O máis simpático eran os curas, que tampouco perdían ripio como vos dixen. Despois de maldicírense e ameazárense mutuamente, acabaron por chegar ás mans : baixaron a sobrepeliz, arremangaron as sotanas e ala ! a lanzárense pedras, largárense puñazos, a tirárense dos pelos e cando xa non sabían o que facer, colleron os cálices e arreáronse con eles, a todo isto, ao mesmo tempo que actuaban, tamén se agasallaban con floeos verbais dignos do máis “sutil” vergallán.

Iso si que debeu estar ben, debeu ser para ver —pensaba Leboreiro emocionado.

—E quen levou a razón diante de Nosa Señora ? Foron os belrános ou os lomberneses ? Tiveron sol ou chuvia ?

—Ao final —rematou o Sabichas coma quen non quere a cousa— todos tiveron unha sarabiada cuns pedrazos de impresión !

QUERELAS INTESTINAS

Tal aldraxe só se lava con sangue.

Corneille (*O Cid*, acto I, V)

Era a hora de entrada no patio da escola aquel venres pola mañá.

—Que ben o pasamos onte, eh !

—Sabes que Chapletiñas *ghomitou* todo onte polo muro de Menelotes cando volvíamos para a casa.

—Ai si ! Pois *Gherreiro* tamén, debeu botar fóra as patacas e o pan e non sei se tamén botaría as sardiñas e o chocolate.

—Foron os *cigarros* !

—Ou a caña !

—*Asiatodo*, a festa foi *caralluda*, temos que facer outra o mes que vén.

Ao mesmo tempo, nunha esquina, pola parte baixa da granxa de tío Gago, Leboreiro, Chapletón, Tintín e Gorrión seguían a darse os parabéns e a louvarse polo ben que o fixeran e o ben que o pasaran nesa tarde do xoves.

Estivera verdadeiramente ben porque tres cuartas partes deles estaban bébedos cando volveron e ao resto reviráraselle o calleiro do dereito co revés, vítima dunha especie de mareo que os obrigaba a parar e sentar no primeiro sitio que encontraban, nun valado, nunha pedra ou directamente no chan co pescozo estarricado, a lingua pastosa e todo o estómago en revolución.

Estaban parolando destas ledicias perdurables e puras que habían de andar por moito tempo arredor das súas memorias virxes e sensibles, cando a atención de todo o mundo se viu atraída por grandes berros de carraxe acompañados de labazadas sonoras e seguidos despois por xuramentos violentos.

Foron todos cara á esquina de onde proviña o barullo.

Gorrión tiña agarrado o coxo Bacallo cunha man polas *pecheras* e coa outra dáballe unhas boas labazadas con xenio ao tempo que lle dicía berrando na orella que era un *picha* fría, un porco merdeiro, e que lle andaba na chepa para aprenderlle a un cocho coma el ! Así foi como o insultou.

Aprenderlle o que ? Ningún dos máis vellos o sabía aínda.

Don Simón chegou correndo atraído polo barullo das labazadas e as injurias dos dous belixerantes e comezou a separalos á forza e a chantalos diante del, un agarrado polo brazo esquerdo e o outro polo dereito, intentando acalmar calquera

veleidade de revolta ademais de ameazar a cada un cun aviso de castigo. Asegurada a paz pola forza das súas mans, quixo saber con detalle as causas daquela súbita e violenta querela.

Un castigo a *Ghorrión* —pensaba Leboreiro— era o que nos faltaba ! Hoxe que o precisamos para pola tarde. Os belránns han vir e habemos ser poucos.

—Eu *zempre* dixen —lembrou Tintín— que un día ou outro *ezte* porco coxo lle había de facer algunha xogada vil a Gorrión. Mira meu, no fondo, é porque *eztá celozo* da Tavia e enriba ela rise da súa cara.

Xa leva tempo *buzcando enfaztiar* a Gorrión e facer que o castiguen. Eu xa me dei conta e o *Zabichaz* tamén, non fai falta *zer* meigo para *zabelo*.

—*Po* agora por que se enlearon e se deixaron coller ?

Un dos pequenos informou discretamente a Leboreiro e aos correligionarios... De entrada, todos estaban convencidos que Gorrión tiña a razón neste asunto porque o segundo de abordo tiña todas as súas simpatías e porque a banda precisaba del para aquela tarde. Pensaron espontaneamente en facer un xesto ou unha manifestación no seu favor para probar co seu testemuño que no asunto este, o Bacallo era culpable de todo, mentres que o seu rival era tan inocente coma un anxiño dos ceus.

Así, Don Simón viuse forzado a perdoar a Gorrión e condenar ao coxo seguindo criterios de equidade e tamén porque se produciu un espontáneo asalto de testemuños a prol do primeiro. Este veredicto veu motivado polas magníficas manifestacións expostas e porque o mestre non quería que os seus alumnos perdesen toda a confianza nel nin que o gromo da noción de xustiza morrese neles.

O que pasou era ben simple.

Gorrión díxoo diante de todos abertamente aínda que omitindo por prudencia algúns detalles preparatorios que quizais tivesen a súa importancia. Atopábase fóra a canda Bacallo aliviando líquidos, cando este, a *porpósito* e a *treición* lle mexou enriba, aldraxe que, como é natural, non puido tolerar. De aí a *somanta* de *hostias* e a serie de epítetos coloridos e a restra de labazadas na cara lanzadas ao seu insultador.

En realidade, a cousa era un pouco máis complicada.

Bacallo e Gorrión foran xuntos ao aliviadeiro para satisfacer ambos a mesma necesidade e fixeran converxer os respectivos chorros no orificio destinado a recollelos. Xurdira pois, espontaneamente, unha emulación natural deste simple acto convertido en xogo... Fora Bacallo quen gañara e afirmara a súa superioridade : evidentemente, estaba buscando guerra.

—O meu chorro apunta máis lonxe ca o teu —observara el.

—Non ha ! —respondeu Gorrión— seguro de si mesmo e da experiencia dos feitos.

E daquela os dous levantáronse nas puntas dos pés, botaron a barriga cara a fóra coma un bocoi e comezaron a competición por ver quen chegaba máis lonxe.

Como non se acababa de producir ningunha proba convincente sobre a superioridade dun ou a do outro coa rivalidade do choro, Bacallo, que quería a querela, atopou outra cousa.

—A miña é máis *ghrande* ca a túa —afirmou.

—Era boa ! —respondeu Gorrión— éo a miña !

—Mentireiro ! Ímola medir !

Gorrión prestouse ao exame. E foi no momento da comparación cando Bacallo, que gardara en reserva unha parte do que tiña que ter soltado antes, lle mexou aceda e traidoramente a man e o pantalón do inocente Gorrión.

Unha lapada ben aplicada seguiu esta sucia abertura de hostilidades, despois viñeron, sen solución de continuidade, o zarandeo, o agarrárense polas *pecheras*, a caída de puchos, a porta que se veu abaixo e o escándalo no patio.

—Cocho ! porco ! bosta ! esterco ! —asestaba Gorrión fóra de si.

—Asasino ! —respondía Bacallo.

—Como non caledes os dous, ides achantar cada un con oito páxinas de historia para copiar e recitar, e de sobremesa, quince días de castigo.

—*Siñor*, empezou el, eu non lle fixen nada, eu non lle *taba* facendo nada...

—*Siñor*, non, *Siñor* ! non é verdade, el chamoume mentireiro.

A cousa estíbbase poñendo espiñenta e delicada.

—Mexou por min —continuaba Gorrión. E eu non lle permito que me *fagha* iso.

Era o momento de intervir.

Produciuse un oh ! xeral de exclamación anoxada e a unánime reprobación demostroulle ao destemido gabeador e lugartenente que a tropa estaba da súa parte e que condenaba ao coxo falso, acedo e rabiado que buscara castigalo.

Gorrión comprendía moi ben o sentido desta exclamación e remitíase á alta xustiza do mestre xa influído polos testemuños espontáneos dos camaradas así que permitiuse dicir cun ton de nobreza :

—Mire *Siñor*, eu non lle quero dicir nada, pero, mire, *preghúntelles* aos outros se é verdade ou non que foi el o que empezou e que eu non fixen nada e que eu non lle chamei nomes.

Cando lles chegou a súa quenda, Tintín, o Sabichas e os dous Chapletas confirmaron os dicires de Gorrión e non atopaban termos o suficientemente congruentes para censurar o acto indecente e de mala camaradería de Bacallo.

Este último para defenderse, recusounos a todos alegando que non estaban no lugar do conflito cando estourou. Insistía unha e outra vez sobre o seu afastamento e illamento sospeitoso nun lugar apartado do patio.

—*Preghúntelles* aos pequenos, *Siñor* —replicou Gorrión no acto— *preghúntelles* que ao mellor estaban alí.

Os pequenos foron interpelados un por un, pero todos responderon invariablemente :

—Foi como dixo *Ghorrión*, que é verdade, Bacallo dixo *mentiras*.

—Non, non e non, non é verdade —protestou o acusado— non é verdade e xa que vos poñedes así, *aghora* vou contar todo, xa veredes !

Leboreiro foi enérxico e colleu a dianteira.

Chantouse con decisión diante del e baixo a barba de Don Simón, que estaba un pouco intrigado con todos estes misterios, e, fitando para Bacallo con ollada de lobo, provocou que se puxese encarnado ao tempo que o desafiaba coa súa presenza :

—Pois ala, dio fol de podremia, di o que teñas que dicir, mentireiro, noxento, dio se tes calleiro !

—Leboreiro —interrompeu o mestre— como non modere as súas expresións, vouno castigar tamén a vostede.

—*Po*, mire *Siñor* —retrucou o xefe— non ve que é un mentirán, que *digha* cando lle fixemos nós *algho* ! Anda a ver que novas mentiras pode inventar porque mente máis ca fala o cabestro noxento este !

De feito Bacallo enmudecera e quedara como aparvado polas olladas, os xestos, en xeral, por toda a actitude do xeneral.

Un intre de reflexión permitiulle decatarse de que a súa confesión e a súa denuncia, aínda que fose tomada en serio, o único que produciría en última instancia, sería un reforzo do castigo para el, así que non lle compensaba seguir na batalla e ao final desistiu continuar.

Xulgou que chegara ao momento axeitado para cambiar de actitude.

Botou as mans á cara e deu en alentar, en choromicar, en bagoar, en falar con frases entrecortadas, en queixarse de que os demais se rían del e buscaban pelexa porque era feble e enfermo e que o insultaban e o picaban a todas horas e que sempre o *arrempuxaban* nas entradas e nas saídas, e que...

—Por exemplo ! Co permiso da súa cara, *Siñor* —bramaba Leboreiro— Iso é coma dicir que somos uns salvaxes ou asasinós. A ver di un caso, *po* di onde e cando che dixemos *algho* humillante, cando non che deixamos *xoghar* connosco ?

—Ben —concluíu Don Simón— satisfeito e apurado pola hora, xa verei o que fago, polo de agora, Bacallo queda castigado e Leboreiro dependerá como se porte hoxe na clase.

Están dando as oito así que formade a ringleira, lixeiriño e en silencio.

Deu varios toques coas mans para confirmar esta orde verbal.

—Ti *sabez a lección* ? —Preguntoulle Tintín a Gorrión.

—Sei, sei ! aínda que non moito ! Dille ao Sabichas que me sobre *algho* por *siascaso* ! Se pode, claro.

—*Siñor* —dixo con voz arrogante Bacallo— o Sabichas e os Chapletas estanme chamando nomes !

—O que ? Que pasa ?

—Estanme chamando burra aceiteira ! merdeiro ! lambe...

—No ha, *Sinor* ! está a mentir outra vez ! apenas miramos para el ! mentireiro !

Hai que dicir que as olladas eran elocuentes.

—Veña, xa está —dixo o mestre cun ton seco —morra o conto. O próximo que volva dicir algo e que volva sacar o tema vai copiar dúas veces a lista enteiriña dos países e das súas capitais.

Bacallo resolveu calar polo momento porque estaba incluído nesta ameaza de castigo, pero xurouse a si mesmo que se había de vingar cando se lle presentase a ocasión.

Tintín comunicoulle ao Sabichas a petición de Gorrión sobre a axuda que precisaría cando lle tomasen a lección. A consigna de soprarlle era un pouco inútil porque todo o mundo coincidía en outorgarlle ao Sabichas, como vimos, o título de soprador oficial da clase. Era evidente que Gorrión podía contar con el, máis ca calquera outro.

O lugartenente e gabeador foise zafando na lección de aritmética, contrariamente ao que adoitaba acontecer.

Pillara no libro certo cheiro da materia da lección e ía respondendo como podía, secundado polo Sabichas vigorosamente, cuxa mímica expresiva corruxía os desfalecementos de memoria de Gorrión.

Pero Bacallo vixiaba.

—*Siñor*, o Sabichas estalle soprando.

—Quen, eu ? —preguntou o Sabichas indignado— eu non dixen palabra.

—En efecto, eu non sentín nada —afirmou Don Simón— e que eu saiba, non estou xordo.

—*Siñor*, fíxolle xestos cos dedos —quixo explicar Bacallo.

—Cos dedos ! —admirouse o mestre— Bacallo —recalcou maxistralmente— está vostede colmando a miña paciencia. Anda vostede acusando a destras e sinistras a todos os compañeiros, cando ninguén lle pregunta nada. A min non lle me gustan nada os delatores ! Só ten que responder cando eu lle pregunto se alguén fixo algo mal, daquela, se sabe algo, é cando ten que responder ou sinalar o culpable.

—Ou non —completou Leboreiro baixiño.

—Último aviso, como lle volva oír algo máis, cárgolle oito días de castigo !

—Pincha e rincha, pincha e rincha ! acusador ! mamalón ! badulaque ! dicía en baixiño Chapletiñas, poñéndolle os cornos. Traidor ! Xudas ! Vendido ! Lambecús !

Bacallo tragou en silencio a súa carraxe e como a cousa ía virando mal, botou as mans a cabeza, manifestando así o seu descontento.

A cousa quedou así e continuouse coa lección mentres el cismaba no que podería facer para vingarse dos seus camaradas. Sabía con toda seguridade que o habían de poñer en corentena e arredalo de calquera xogo no grupo.

Imaxinou e pensou vinganzas tolas con caldeiros de auga caendo pola cabeza abaixo, botes de tinta na roupa, alfinetes colocados nos bancos para pequenos empalamentos, libros esgazados, cadernos destrozados... pero pouco a pouco e coa axuda da reflexión, foi abandonando todos estes proxectos. Conviña actuar con prudencia porque Leboreiro, Gorrión e os demais eran xente difícil de vencer se non se lles daba duro, forte e sen que se decatasen.

Agardou acontecementos.

VI

O HONOR E O PANTALÓN DE TINTÍN

Deus e a miña Señor !

(Divisa dos antigos cabaleiros)

Houbo batalla aquela tarde no Souto. O tesouro outorgáballes confianza a todos, estimulaba as súas enerxías e reavivaba a súa audacia porque estaba cheo de botóns de todo tipo e tamaño, imperdibles múltiples, cordóns variados, alfinetes e broches complexos, ata un magnífico par de tirantes (os do Azteca, can danado !).

Pódese dicir que foi o día das iniciativas individuais por chamalo dalgunha maneira. Houbo combate corpo a corpo, que é máis perigoso, con diferenza, ca o combate na *melé*.

Ambos bandos dispuñan máis ou menos da mesma forza en canto a número de efectivos e comezaron a batalla cun duelo colectivo a base de pedras. Cando acabaron a munición, os contrincantes achegáronse a grandes pasos e mesmo aos chimpos para batérense e zorregárense.

Gorrión largaba patadas cos zocos (el chamáballe zoquear), Fuciños e Leboreiro dábanlle cera ao Azteca, o resto estaba ocupado cos guerreiros de menor envergadura, pero Tintín estáballe chantando cara ao Tato, unha mula parda máis besta ca trinta e seis porcos casados de segunda volta e uns brazos de polbo que o paralizaban e o esganaban.

Por moito que lle afundía os puños no ventre, lle poñía a cambadela por ver se o pequeno elefante afociñaba, lle daba coa cabeza no queixo e co zoco na canela, o outro seguía sen inmutarse e apertábao polo medio, dobrándoo coma un monicreque. Houbo un momento en que saltaron como por un resorte e foron caer ao medio e medio da enleada batalla cun Fuciños por enriba de Tintín.

Os vencedores gruñían ameazadores enriba dos vencidos, entre os cales estaba Tintín, que calaba por orgullo. Estes golpeaban coma tolos, tan forte como podían e por onde lles deixaban para tentar reconquistar a vantaxe. Facer prisioneiros dun e doutro lado semellaba difícil, cando non imposible.

Os que estaban enriba boxeaban coma púxiles, protexéndose da dereita e velando a esquerda. Os que estaban no chan, non o pasaban tan mal. Polo demais, cada un tiña abondo con tentar valerse a si mesmo.

Tintín e Tato eran os que se atopaban máis ocupados. Estaban mordéndose un ao outro, entrelazados no chan. Ían dándose golpes secos e arrolándose un por enriba do outro alternativamente con moito traballiño. Pero nin Tintín nin os outros lombernesese nin tan sequera os propios belránns eran quen de ver que o idiota de Tato, que se cadra non era tan parvo como se pensaba, arranxábase para que Tintín ou el mesmo rodasen cara á lindeira do bosque, illándose así cada vez máis dos grupos belixerantes que seguían actuando no campo de batalla.

Pasou o que tiña que pasar e foi que a parella Tato-Tintín púxose a cinco ou seis pasos do campo dos belránns sen que os lombernesese se decatasen nin o máis mínimo, metidos como estaban no fragor da acción.

A primeira badalada anunciaba a chamada á oración non se sabe moi ben en que parroquia, feito que provocou a desagregación dos grupos e que os belránns fosen gañando a súa lindeira, así que o único que fixeron foi recoller a Tintín no camiño : o pobriño espernexaba canto lle daban os membros, de costas viradas para o chan onde o mantiña o seu teimudo adversario.

Os lombernesese non viron nada do apresamento, pero cando se atoparon na Matogueira Grande e procederon coa ollada ao reconto mutuo tiveron que recoñecer polas boas ou polas malas que Tintín faltaba do grupo.

Botaron o asubío de reagrupamento, pero ninguén respondeu. Gritaron e berraron o nome de Tintín, pero a resposta que chegou aos seus oídos foi un apupo de burla.

Calzaron a Tintín.

—Gambeta —ordenou Leboreiro— corre todo o que che dean as pernas e vai á aldea dicirlle á María que veña axiña, que colleron prisioneiro a seu irmán; ti, Pipote, vaite á cabana, abres o armario do tesouro e colle todo o que se precisa para a “compoñadura” do tesoureiro; procura botóns e afía agullas para non perder moito tempo.

Veighanosdemos ! Desghraciados ! Po como fixeron, ho ? Alghén viu algho ? Non se cre, eh !

Ninguén sabía nin podía responder as preguntas do xefe, con razón, porque ninguén vira nada.

—Hai que *aghardar* que o ceiben.

Pero o regreso de Tintín ía para longo, neses momentos atopábase atado e amordazado no mesto monte baixo da lindeira.

En fin, aínda así, entre os berros e os z Unidos dos croios vírono aparecer desleixado e coa roupa na man, no mesmo estado en que apareceran Leboreiro e o Azteca despois das súas respectivas execucións, é dicir, en pelota picada e tapando malamente, coa curta camisa, o que se adoita agochar de ordinario á mirada dos demais.

—Mirade —dixo Gorrión sen pensar— el tamén lles ensinou o cu. É alucinante !

—Como pode ser que lle deixen facer iso sen volvelo prender ? —obxectou o Sabichas que cheiraba algo máis grave. Isto non é trigo limpo porque saben como actuamos nós cando ocorre isto.

Leboreiro apertou os dentes, engurrou as cellas e meneou o pelo, signo da súa perplexidade colérica.

—Si —respondeulle ao Sabichas, *seghuro* que hai *algho* máis.

Tintín ía indo cara a eles, impaba, tragaba saliva e levaba o nariz húmido dos terribles esforzos que facía para conter as bágoas. Desde logo, non era a actitude dun rapazote que vén de darlle un repaso a alguén.

Ía tan devagar como lle daban os zapatos sen amallós. Arrodeárono con solicitude.

—Fixéronche mal ? Quen che bateu ? Fala, *mecaghend...*, que has han deixar sobras, eses... ! Había de ser porco ese de *Mighel* de Lúa, ese moicante desgraciado, é tan *caghado* coma malo.

—Os *pantalónz* ! Os meus *pantalónz* ! —xemía Tintín, vándose abaixo pouco a pouco nunha crise de saloucos e de bágoas.

—O que ? pois nada ! Haberá que recoselos ! Estámosche bos ! Gambeta foi por túa irmá e Pipote está preparando o fío.

—O meu pantalón ! o meu pantalón !

—Ven ver o teu pantalón !

—Quedei *zen* pantalón ! roubáronmo ! *ladrónz* !

— ?...

—Si, o Azteca dixo : Ahá ! ti *fuchez* o que me *roubachez* o pantalón a outra vez, moi ben, meu porquiño, *cheghouche* o teu *Zan* Martiño; ollo por ollo;

ti *collichez* os *meuz*, ti e *maiz* os *teuz* *amighoz* lambe-*preaz*; *aghora* *confízcoche* eu oz *teuz* e han *zer* a *noza* bandeira.

E *colléronmoz* e *dezpoiz* cortáronme oz *botónz* e *dezpoiz* déronme *patadaz* no cu. Como fago para volver para a *caza* ?

—Bo ! ben, o conto este éche ben noxento ! —exclamou Leboreiro.

—E non terás outros pantalóns na casa, *digho* eu ? —preguntou Gorrión—Hai que mandar *alghén* por diante de *Ghambeta* e que lle *digha* a María que traia un.

—Zi ho, pero *vaize* ver que non era o que levaba *pozto* hoxe. Deumo miña nai limpiño pola mañá e díxome que como o *luxaze* había *zaber* o que era bo. *Dádevoz* conta ?

Gorrión fixo un xesto evasivo e enfadado, lembrando as marimbas paternas e os laios das nais.

—E o honor ! *mecaghoná* ! —ruxiu Leboreiro. *Seique* queredes que *dighan* por aí que os de Lomberna deixáronse *chimpar* os pantalóns de Tintín coma calquera merdán, coma o Azteca dos Vaos por exemplo ? Queredes iso, eh ? Pois non señor, non e non, por estas ! Na vida ! Ou *seique* somos unha panda de *mexamorno* que só valemos *pa* servir na misa e amorear leña detrás do forno.

Os outros abrían os ollos cara a Leboreiro como preguntando e el respondeu :

—Hai que rescatar os pantalóns de Tintín, custe o que custe, o noso honor está en *xogho*, se non, eu deixo de ser xefe e de pelexar !

—E como ?

Tintín estaba tremelicando espidiño e chorando no medio dos seus amigos.

—A ver ! —retomou Leboreiro que xuntara as ideas e combinara un plan— Tintín vaise para a cabana e *agharda* por Pipote e María. Entrementres, nosoutros imos *ghalopando* con cachaporras e sabres cara aos campos de abaixo, bordeamos o bosque e *aghardamos* por eles na súa trincheira.

—E as *pregharias* ? —dixo alguén.

—Merda *pás* *pregharias* ! —respondeu o xefe. O máis probable é que os belránsvaian *pá* súa cabana, porque teñen unha, *seghuro* que a teñen. Así que nós temos tempo de *cheghar* ata aló e *aghochármonos* entre a ramaxe tirada na última corta ao *longho* da trincheira que baixa.

Eles non han ter *consigho* as armas porque non sospeitan nada. Daquela, a un sinal meu, caémoslles enriba de sorpresa e recollemos os pantalóns. Xa sabedes, a *cachaporrazos* e se se poñen espléndidos, dádeslles nos fociños !

Estamos ? Veña, en marcha !

—E se *aghocharon* o pantalón na súa cabana ?

—Hase ver despois, *aghora* non é o momento de andar con mexericadas e ademais o noso honor quedará a salvo !

E como non se movía cousa na lindeira inimiga, todos os guerreiros válidos de Lomberna, dirixidos polo seu xeneral, descenderon coma un furacán a pendente do terraplén da ladeira do Souto. Saltaban pola matogueira, atravesaban as faias e franqueaban os foxos lixeiros coma lebres, tensos e furiosos coma xabarís.

Pasaron polo valado que arrodea o bosque e, sempre galopando e acaroando o máximo posible, chegaron á trincheira que separaba os lugares de corta das dúas aldeas. Fórona percorrendo en ringleira de a un, lixeiriño, sen facer ruído ningún. O xefe íaos facendo pasar para adiante individualmente ou en grupiños e el quedaba na cola. Ante un sinal seu, recolléronse na mesta matogueira que medraba entre os puntais que os belránns cortaran non había moito.

Ían sendo horas.

Desde as profundidades do monte baixo oíanse berros, risas e pasos. Un pouquiño máis adiante xa distinguían algunhas voces.

—Eh, que ben collín a ese, non puido facer nada —animaba Tato— que fará agora cun pantalón que non ten ?

—Sempre pode dar unha volta de pinchacarneiro sen que lle caian as cousas dos petos.

—Ímola poñer na punta dunha percha, que vos parece ? Oíches Fuciños, tes preparada a túa percha ?

—*Agharda* aí, estou esmoucando os nós para non esfolar as mans ! *ná*, listo !

—Bótalle as perneiras ao aire !

—En ringleira de a un —ordenou o Azteca— e a cantar o noso cántico que se o oen, hanse picar !

—E o Azteca entoou :

Son cristián, esa é a miña gloria,

A miña esperanza...

Leboreiro e Gorrión estaban os dous agochados detrás dun mato, un pouco máis abaixo ca a trincheira do medio e aínda que non vían moi ben a cousa, non perdían ripio daquelas palabras.

Os seus soldados quedaron mudos coma as cepas sobre as que estaban en crequenhas, agarrando as cachaporras coas mans crispadas. O xeneral miraba e escoitaba cos dentes apertados. Cando as voces dos belrános volveron entoar a canción seguindo ao xefe :

Son cristián, esa é a miña gloria...

Mascou entre os dentes esta ameaza :

—*Aghardade un pouquiño, mecaghoend...* ! Ides ir ao carallo dereitiños !

Porén, a tropa ía chegando triunfante con Fuciños na cabeza e os pantalóns de Tintín facendo de pendón na punta dunha percha ben grande.

Cando estiveron máis ou menos aliñados na trincheira e comezaron a baixala ao ritmo dos cánticos, Leboreiro botou un brado espantoso, coma o berro dun touro cando lle están cortando a gorxa. Lanzouse coma por efecto dun resorte que estivese apertado ao máximo desde a súa matogueira ao tempo que os seus soldados tamén se botaban coma catapultas contra a muralla desarmada dos belrános levados por ese pulo e conducidos polo brado do xefe.

Ah ! non houbo nin unha fenda entre os lombernes : formaban un bloque vivo de cachaporras que abouxaban e golpeaban as liñas dos belrános aloulados. Todos foron volteados dunha soa vez e quedaron bañados de cachaporrados terribles. O xefe seguiu os pasos a un Fuciños espantado e arrincoulle das mans os pantalóns do seu amigo Tintín xurando tanto que daba medo.

Logo, coa posesión da prenda e o honor reconquistado, ordenou con firmeza a retirada. Fíxose a toda présa pola mesma trincheira do medio que os propios inimigos acababan de deixar. Estes daban peniña porque volvéranas levar unha vez máis, caían e volvían erguerse naquel monte baixo silencioso no que retumbaban as risas, os apupos e as verdes inxurias de Leboreiro e do seu exército volvendo ao seu campo ao galope detrás do pantalón reconquistado.

Axiña chegaron á cabana. Gambeta, Pipote e Tintín, este último moi inquieto sobre a sorte do seu pantalón, arrodearon a María quen con dedos áxiles acababa de

recompoñer a vestimenta de seu irmán cos indispensables accesorios tan rudamente arrincados.

A vítima mantíñase co mandilón baixado como unha saia por pudor perante a presenza da súa irmá e recibiu o pantalón con bágoas de ledicia.

Case bica a Leboreiro, pero, para quedar ben co seu amigo, díxolle que lle daba a encomenda a súa irma para que o fixese ela. El contentouse con afirmarlle a través dunha voz aínda tremente pola emoción que o tiña coma un irmán de verdade, mesmo máis ca un irmán.

Todo o mundo asentiu e aplaudiu discretamente.

Acabada a costura dos botóns que faltaban, decidiron que era máis prudente deixar que María de Tintín se adiantase na volta á casa.

E aquela tarde, despois de pasaren aqueles terribles transos, os efectivos do exército de Lomberna entraron na aldea con orgullo entoando con virís acentos a canción :

A vitoria cantando...

Ledos por teren reconquistado o honor e o pantalón de Tintín.

O TESOURO SAQUEADO

O templo está en ruínas no alto do promontorio.

J.M. de Heredia (*Les Trophées*)

Non lle gardaran resentimento ningún a Bacallo pola súa querela con Gorrión, malia os seus intentos de chantaxe e as súas veleidades de delación perante Don Simón.

Ao final, quen saíra perdendo fora el porque acabou castigado. Manterían as distancias e agás algúns irredutibles coma o Sabichas e Tintín, o resto do exército, incluído Gorrión, pasara páxina con xenerosidade sobre este episodio lamentable, pero bastante común despois de todo e que estivo a piques de sementar a discordia e a mala fe no bando lombernés nun momento moi crítico.

A pesar desta actitude tolerante que se tiña con el e que lle aproveitaba, Bacallo non baixara as armas de todo. Non levaba as marcas na cara, pero tiña moi metido no peito as labazadas de Gorrión, o castigo de Don Simón, o testemuño de todo o exército (grandes e pequenos) contra el e sobre todo tiña contra o explorador e lugartenente de Leboreiro esa xenreira que dan os horribles celos de quen foi derrotado na loita do amor.

Ademais, pensaba que lle sería máis doado exercer sobre os lomberneses en xeral, e sobre Gorrión en particular, unhas misteriosas represalias e levantarlles emboscadas se continuaba a combater dentro do grupo. Así que cando rematou o castigo achegouse á banda.

Non estivera no combate famoso durante o cal o pantalón de Tintín fora conquistado e reconquistado, coma na batalla célebre, pero non quería quedar atrás, coma o bravo Galván, así que foi ao souto as seguintes tardes formando parte dos grandes duelos da artillería e dos asaltos alborotados e vociferantes que os seguían aínda que dun xeito modesto e imperceptible.

Sentiu a ledicia pura de non ser pillado e ver como eran apreixados unhas veces os dun bando e outras os do outro, a el dáballo igual porque odiaba os dous coa mesma intensidade, así que gozaba cando liberaban os capturados ou cando volvían os prisioneiros feitos un eccehomo.

El ficaba prudentemente na retagarda, rindo para dentro cando un lombernés era cazado e con máis espavento cando era un belrán. O tesouro funcionaba ben, por dicilo dalgunha maneira. Antes de volver para a casa, todo o mundo ía depositar as

armas e comprobaba o bote e nisto Bacallo non era unha excepción. O botín flutuaba segundo as vitorias ou os reveses : aumentaba cando se facían prisioneiros e baixaba cando había varios vencidos (de raro en raro) por recompor para o regreso.

O tesouro era a ledicia, o orgullo de Leboreiro e dos lombernes, era a súa consolación na desgraza, a súa panacea contra a desesperanza, o seu reconforto despois do desastre. Un día Bacallo deu en cismar :

—E que pasaría se llelo roubase e o mandase ao carallo ? *Paghaba* a pena só por verlles a cara e como vinganza quedaría redondo.

Pero Bacallo era prudente. Pensou que podía verse só nese lance e as sospeitas habíanse de dirixir naturalmente cara a el e daquela, ui ! ui ! daquela ! si que había que temer todo da xustiza e da cólera de Leboreiro. Non, decididamente el só non podía coller o tesouro.

—E se embarco nisto a meu pai ? —pensou.

Non, non, aínda había de ser peor. Axiña se sabería de onde viña a xogada e el non había de escapar ao castigo e seguro que era maior ca de costume.

—Non, non, así non !

Así e todo a súa mente e o seu pensamento non se arredaban do tesouro. Aí era onde tiña que golpear, sentíao desa maneira nos seus adentros, aí era onde os fería de verdade.

—Pero como ? como ? esa era a cuestión... !

Despois de todo, tiña tempo e se cadra a ocasión viña de seu.

O xoves seguinte de mañanciña, o pai de Bacallo foi á feira co fillo. Pola parte de diante da zorra botaron unha pouca palla e alí instaláronse eles despois de xunguir a Bicha, a vella mula. Na parte de atrás levaban un cucho de seis semanas sobre un leito de fentos, tapado cun saco grande do que de vez en cando sobresaía unha cabeza con cara de abraio. O tío Bacallo aproveitaba que era día de feira para levarlo ao carnicero ao que llo tiña apalabrado. Estaba contento porque era xoves, era feira e ía cobrar uns cartiños, de aí que decidise levar o fillo.

Ese día houbo unha batalla terrible entre Lomberna e Belráns. É verdade que non houbo prisioneiros pero as pedras e as cachaporras botaban fume e desde logo, os feridos aguantaban ben coa risa pola noite.

Gorrión levaba un croque lacerante na fronte, unha bocha cun corte rubio que sangrara durante dúas horas. Tintín xa non sentía o brazo esquerdo da dolor que lle producía, Pipote tiña unha perna negra, o Sabichas non vía moito do inchazo que tiña

nunha meixela, Chapletón tiña as dedas esmagadas, seu irmán movía cunha dolor infinita o pulso e en fin, era inútil contar a cantidade de contusións múltiples que tatuaban as costas e os membros do xeneral, do seu lugartenente e da meirande parte dos outros guerreiros.

Pero non se queixaban moito porque do lado dos belrán de seguro que a cousa era aínda peor. Claro que non foron alí facer un inventario das trompadas recibidas entre a morea de mutilados, pero sería moita sorte que algúns non fosen para a cama coas meninxes inchadas, con graves escordaduras, luxacións ou febres intensas.

Bacallo volveu pola noite todo contento sentado na zorra enriba dun feixe de palla. Tiña cara de triunfador. Primeiro riu con retranca e logo de moi mala maneira, diante da cara dos seus camaradas que asistiron por casualidade á súa baixada do carro.

—Está facendo chulería ! *Maríasantirma ! Pa* unha vez que vai á feira, o pailán ese ! Mírao, mírao ! se aínda parece que está baixando da carruaxe dun príncipe e que a besta ou a mula é un pura sangue !

Pero o outro seguía a mirar para eles e a rir con cara de vinganza satisfeita.

Alén disto, claro, non entendían nada.

Vista a cantidade de xente fóra de combate, era imposible pensar nunha nova batalla ao día seguinte. Polo que tocaba aos belrán tampouco habían de poder ir ! Daquela decidiron descansar, coidarse e curarse con simples herbas ou emplastos máis complicados que lles roubaban ás nais da caixa dos remedios, cando daban con elas claro.

Así, o Sabichas lavaba a meixela con camomila e Tintín curaba o brazo con tisana de grama canina e ademais xuraba todo convencido que lle sentaba moi ben. Na medicina coma na relixión, non hai cousa coma a fe, que todo o cura.

E foi botar unhas partidas ás bólas para mudar un pouco das distraccións violentas da véspera.

Nin o venres nin o sábado tocaba ir á Matogueira Grande. Malia a iso, Gorrión, Leboreiro, Tintín e o Sabichas, martirizados polo aburrimiento, resolveron ir dar unha voltiña pola cabana, sen buscar guerra nin nada, tampouco ir vixiar que facía o inimigo, simplemente querían ir á súa cabaniña onde se estaba tan ben e se facían as festas e sobre todo, onde se gardaba os seu prezado tesouro.

Non lle dixeron a ninguén a súa idea, ni tan sequera aos Chapletas nin a Gambeta. Ás catro foron para cadanseu domicilio e uns momentos despois volvéronse atopar para ir indo cara ao bosque e chegar ao emprazamento da fortaleza.

Polo camiño foron falando da gran batalla do xoves. Tintín e o Sabichas, que foran os peor parados, ían lembrando ese día, o primeiro co brazo suxeitado por unha estribeira e o segundo cun parche no ollo : revivían con degoro os *patadoncios larghados* e os *cachaporrazos* distribuídos antes de recibir un o puño de Fuciños no ollo e o outro o bastón de Pichafría no radio... ou no cúbito.

—Bradaba coma cando *ze* lle zorrega a un boi —dicía Tintín falando do seu grande inimigo Tato— cando lle *ezpetei* o talón no *eztómagho*; pensei que quedaba no *zitio*, *azi* ha aprender a deixar en paz *oz meuz pantalónz*.

O Sabichas lembraba os dentes rotos e o cuspe vermello que Fuciños botaba pola boca cando recibiu a súa cabezada no queixo e iso facíalle esquecer todos os sufrimentos de arestora.

Chegaran á parte de abaixo do bosque por un camiño de paso. Cada ano era máis estreito pola invasión de monte baixo que os obrigaba a esquivar as temibles labazadas secas das políñas sen follas.

Os corvos volvían ao bosque á chamada dun veterano e grallaban mentres daban voltas arredor do grupo...

—Disque son paxaros que dan mala sorte, coma as curuxas cando cantan pola noite anunciando a morte nunha casa. Ti cres que é verdade, Leboreiro ? —preguntou Gorrión.

—Eu que sei ! —dixo o xeneral— son historias dos vellos. Se *chegha* a haber unha *desghraza* cada vez que un se topa cun animal, non se podía vivir na terra. Meu pai sempre di que hai que temerlle máis aos corvos que non teñen ás. Hai que tocar ferro cando se ve un deses para desviar a mala sorte.

—É verdade que *eztez paxaroz* viven cen *anoz* ? Ei aínda daba *algho* por *ser* un *delez* porque viaxan polo *país* e non teñen que ir á *ezcola* —envexaba Tintín.

—Mira meu —retomou o Sabichas— para saber se viven tanto tempo, e isto pódese facer, habería que estar aí cando nacen e marcalos no niño, pero cando vimos ao mundo non temos un corvo á man. E, mira, a xente non cisma niso nadiña e tampouco hai moitos tipos que cheguen a esa idade.

—A ver se acabades con eses contos —pediu Gorrión— e *sigho* crendo que trae mala sorte con todo e con esas.

—Non hai que ser *soperstocioso*, *Ghorrión*. Iso estaba ben *pá* xente de antes, pero *aghora* estamos civilizados, existe a ciencia...

Seguiron andando. O Sabichas interrompeu a súa frase e o eloxio dos tempos modernos para evitar a caricia brusca dunha póla baixa que desprazara Leboreiro cando pasara.

Unha vez pasado o bosque, cortaron á man dereita para ir cara ás canteiras.

—Os outros non nos viron —observou Leboreiro—. Ninguén sabe que vimos aquí. Que ben agochada temos a cabana !

Todos o repetiron en coro. Este tema daba para moito.

—Dei con ela, eh ! eh ! —lembrou o Sabichas, rindo con ganas e triunfante malia o ollo á *virulé*.

—Entremos —cortou Leboreiro.

Un berro de estupor e de horror saíu simultaneamente das catro gorxas, un berro abraiante, punxente, onde había anguria, terror e carraxe.

A cabana estaba devastada, saqueada, pillada, arrasada, aniquilada... Houbera xente alí, inimigos, os belrános con toda seguridade ! Desaparecera o tesouro, as armas ou estaban rotas ou as levaran, a lareira demoléranas, os bancos tiráranos, queimaran o brión e as follas secas, racharan as imaxes, escacharan o espello, abolaran e fixéranlle buratos á regadeira, botaran abaixo o teito; como insulto supremo, quitáranlle a xesta e emporcallaran a vasoira “disimulada” do almacén da escola e chantáranas no chan en medio daquela desorde coma unha testemuña viva do desastre e da ironía dos vándalos.

A cada descubrimento había novos berros de rabia, novo escándalo, blasfemias e xuramentos de vinganza.

Romperan as potas e ...estropearan as patacas !

Daban por feito que esa xogada só a podían facer os belrános : o Sabichas probouno friamente, con intuitiva fineza e coa súa lóxica habitual.

A ver, a un home de Lomberna que atopase por casualidade a cabana, daríalle a risa e faría chanzas diso na aldea, consecuentemente, nós habíámolo de saber; a un estranxeiro non lle serve nada do que aquí hai e seguiría o seu camiño; Beduíno é demasiado palerma para dar el cun agocho coma este e por enriba, despois da última chea, xa non se atreve a ir só polo monte adiante e queda sabiamente na súa casaña, como moito, sae á horta onde cultiva os legumes e volve con eles para o lar.

*Quod Erat Demonstrandum*⁸, non quedaban máis ca os belrános.

⁸ Locución latina que significa “O que se quería demostrar”.

Cando ? Pois... o día anterior, sen dúbida ! Porque o xoves pola tarde todo estaba intacto e hoxe despois das catro habíalles ser imposible atopar o tempo material necesario para perpetrar unha depredación deste calibre, de non ser que viñesen pola mañá, pero eran demasiado cagainas como para atrevérense a latar á escola !

—Ah ! que non habiamos de estar aquí onte, ho ! —laiábase Leboreiro— e dicir que o pensei... ! porque é imposible que puidesen vir todos, moitos deles quedaron demasiado *estropiados*, dou fe, eu tamén o estou, como fixeron ? o que é *seguro* é que eles quedaron moito máis escarallados ca nós.

Ah ! se *chegamos* collelos no momento ! *mecaghoend*... mil veces ! xuro que os *esghanaba* !

—Porcos ! canallas ! bandidos !

—Isto é de covardes, isto non se fai, isto non se pode admitir ! —setenciou Gorrión.

—Pois estamos bos para combater !

—Teremos que dar tamén coa súa cabana —propuxo Leboreiro— non nos queda outra, así están as cousas !

—Ben, pero cando ? Desde as catro en diante han ir asexar á lindeira, só nos queda o tempo das clases, pero haberá que latar oito días *seghidos porque* hai que contar que non imos dar con ela a primeira mañá. Quen é o ousado a *xoghar* esta carta e arriscarse a unha marimba histórica do pai e o *castigo* dun mes do mestre ?

—O único é Gambeta !

—Pero estes porcos como puideron dar con ela ? Unha cabana tan ben *aghochadiña* que *ninquin* coñecía e á que non nos viron vir nunca !

—Non é de crer ! *Alghén* llelo tivo que dicir !

—De verdade ? pero quen ? só sabemos nós do sitio ! Aínda habemos de ter un traidor entre nós ?

—Un traidor ! —rumiou o Sabichas !

Logo, mentres refregaba o ollo danado, iluminouse malia o parche e tivo unha idea súbita :

—Si ! claro ! arre demo ! —ruxiu— si, si ! temos un porco traidor e eu sei quen é ! claro, claro ! agora xa o vexo ! agora me dou conta ! desgraciado, Xudas, prea !

—Quen é ? — preguntou Gorrión.

—Quen é ? —preguntaron todos.

—Bacallo, é claro e evidente.

—O coxo ! Pareceche ? estás *seghuro* ?

—Ao cen por cen. Escoitade :

O xoves pola tarde non estivo connosco porque foi con seu pai á feira, non ? Lembrádesvos ? Lembrades a cara que nos puxo cando volveu : tiña cara de vacile e de rirse de nós nos fociños ! Pois nada, ao volveren da feira pasaron por Belrán, habían de estar un pouco cansados e pararon na casa de alguén por alí, non sei exactamente cal sería esa casa pero aposto o que queirades a que foi así como pasou. Ao mellor ata veu aquí cos belrán, foi daquela cando lles falou de que tiñamos unha cabana e mesmo lles dixo onde se atopaba.

Daquela o outro, que estaba san e salvo, volveu por aquí cos menos enfermos. Así foi a cousa nin máis nin menos !

—Porco ! traidor ! crápula ! —mascaba Leboreiro— se iso é verdade, por estas ! que se vele de min ! que o *desanghro* coma un cocho !

—Que se é verdade ? Tan verdade como que dous e dous son catro, como me chamo o Sabichas e como que teño o ollo tan negro coma o cu dunha pota !

—Daquela hai que *dezenmazcaralo* —concluíu Tintín.

—Fóra de aquí, xa non temos nada que facer, a min fêrveme o *sanghre* e revírame o calleiro ver todo isto así —xemeu Gorrión. Imos falando polo camiño de volta, o máis importante é que *ninqhuén* sospeite que estivemos aquí hoxe.

Mañá é *dominco* —continuou— habemos desenmascaralo e facer que confese e despois...

Gorrión non acabou a frase, pero brandiu o puño pechado ao ceo, cousa que completaba o seu pensamento con enerxía.

E volveron para a aldea polo mesmo camiño que viñeran despois de poñérense de acordo sobre as severas disposicións para o día seguinte.

:O TRAIADOR CASTIGADO

*A turbación da miña alma non ten cura.
A arela de vinganza é unha arela lexítima.*

Malherbe
(*Sur la mort de son fils*)

—Que vos parece se imos dar unha volta pola cabana —propuxo insidiosamente o Sabichas o domingo despois da misa cando todos os camaradas estiveron reunidos ao abeiro do bebedeiro e arredor do xeneral.

Bacallo estremeceuse de ledicia sen decatarse nin por un momento que estaba sendo observado discretamente. Á parte dos catro xefes que formaran parte do paseo da véspera, ninguén sospeitaba nada sobre o estado da cabana, nin tan sequera Chapletón nin Gambeta tampouco.

—Hoxe non podemos combater —aconsellou Gorrión.

Todos aceptaron as diversas propostas e o pequeno exército andou cara á fortaleza, balbucinte, contento e sen pensar en nada malo.

Coma de costume, Leboreiro ía á cabeza, Tintín andaba polo medio da columna e con pinta despreocupada, á mesma altura de Bacallo, pero sen mirar para el. Na retagarda, fechando a ringleira e sen perder de vista ao acusado, ía o Sabichas e Gorrión, cuxas feridas estaban curando moi ben.

Bacallo estaba visiblemente axitado con pensamentos complexos, porque non sabía exactamente o que fixeran os Belrán : que ían atopar na cabana ? Que cara poñerían Leboreiro, Gorrión e compañía se...

De cando en cando e ás agochadas, os seus ollos botaban chispiñas de malicia contida, de ledicia refreada e tamén dun lixeiro sentimento de temor.

E se sospeitaban algo ! Pero como o poderían saber e sobre todo como poderían probalo ?

Ían andando polo carreiro do bosque. O Sabichas inclinouse cara ao gabeador e dicíalle :

—Non ves Gorrión, mira o dos corvos de onte, dáste conta, quen o ía dicir ? Ao final aínda ha ser verdade que traen mala sorte !

—Vai falar con Bacallo —respondeu Gorrión quen por unha inexplicable viraxe, se volvera escéptico— *preghúntalle* se viu algún corvo esa mañá. Non sospeita

que nós sabemos... nin sabe o que lle espera. Non é de crer ! mirade para el ! este porco non se inmuta !

—A ti paréceche que ten tanto calleiro ? Parece moi seguro e moi tranquilo !

—Non hai que deixalo escapar, eh !

—Non escapa non ! mira que é un coxo... !

—Coxo si, *pro* corre que parece que o levan os demos !

Na outra punta da columna, oíase dicir a Pipote :

—A min non me entra na cabeza que volvesen despois da marimba que levaron no corpo !

—Para min que eles tamén teñen un *aghocho* —respondeu Leboreiro— non vistes cando foi o do pantalón de Tintín que non levaban as cachaporras despois de saíren do bosque.

—Vimos, *seguro* que tamén teñen unha cabana —concluía Chapletañas.

Ante esta afirmación, Bacallo fixo un lene sorriso que foi observado por Tintín, O Sabichas e Gorrión.

—Que ? aí o tes, que máis probas queres ? —preguntou o Sabichas.

—Si ! respondeu o outro. Ah ! crápula, hai que facer que confese !

Saían do bosque, ían chegar e entraban nos carreiros baleiros.

—Ahh ! *mecaghend..* ! —exclamou Leboreiro rabioso e sorprendido, facendo o teatro acordado coma se non soubese nada.

Houbo un barullo impresionante de berros e empurróns para ver o que pasaba e nuns intreos comezou o concerto salvaxe de maldicións.

—Xesús, María, Xosé ! Non é posible

—Porcos, porcos !

—Quen puido facer isto ?

—O tesouro ?

—Nada, non deixaron nada ! —bufiñaba Chapletón.

—Onde vai o teito, os sabres, a *reghadeira*, as imaxes, a cama, o espello e a mesa !

—A vasoira !

—Foron os belrán !

—Quen foi de verdade ?

—A saber —aventurou Bacallo para dicir algo el tamén.

Todos entraron detrás do xefe. Gorrión e o Sabichas quedaron sos gardando a porta, sombríos e silenciosos coas armas na man, coma os querubíns no limiar do paraíso perdido.

Leboreiro deixou que os seus soldados se queixasen, se laiasen e ouveasen coma cans que ventan a morte. El, ao fondo da cabana, lanzouse ao chan como abatido e caeu enriba das pedras que contiveran o tesouro, botou as mans á cabeza e abandonouse á desesperanza.

Ninguén tiña intención de saír de alí : berraban, ameazaban, logo foi baixando a efervescencia dos berros e o barullo desta gran carraxe fíxolle sitio á prostración que segue aos desastres irreparables.

Gorrión e o Sabichas seguían a gardar a entrada.

Por fin, Leboreiro ergueu a cabeza e púxose de pé amosando unha cara estragada e o xesto crispado.

—Non é posible que os belráns fixeran isto sos —ruxiu— non, non é posible que desen coa nosa cabana sen que *ninqhuén* lles dixese onde estaba. Non é posible, *alghén* llelo dixo !

Aquí hai un traidor !

A acusación proferida caeu nun gran silencio coma un látego fustrigando unha manda desamparada.

Regalaron os ollos e pestanexaron. Instalouse un silencio aínda máis pesado.

—Un traidor ! —repetiron en eco afastado e feble algunhas voces, coma se fose monstruoso e imposible.

—Un traidor ! si ! atronou ao momentíño Leboreiro. Hai un traidor e eu sei quen é.

—Está aquí ! —exclamou o Sabichas— brandindo o sabre cun xesto exterminador.

—Mirade e habedes ver o traidor ! —retomou Leboreiro fitando para Bacallo con ollos de lobo.

—Non é verdade ! non é verdade ! —gaguexou o coxo, que se poñía rubio, palidecía, logo poñíase verde, en fin, de todas as cores, diante desta acusación muda coma a floración dun bidueiro e comezaba a sentir que as pernas non aguantaban del.

—Ben vedes que se está denunciando a si mesmo sen axuda de *ninghén*, traidor ! O traidor é Bacallo, aí o tedes ! Védelo ?

—Xudas ! cala ! —bradou Gambeta, terriblemente emocionado mentres Chapletón lle pousaba a pouta no ombreiro e abaloiraba nel coma nunha canaveira.

—Non é verdade, non é verdade ! —protestaba outra vez Bacallo; cando llelo dixen ? Eu non quedo cos belrán, non os coñezo !

—Cala, mentireiro ! —cortou o xefe— Sabémolo todo. O xoves a cabana estaba intacta, saqueárona o venres porque onte xa estaba coma *aghora*. A ver, os que viñeron *comigho* onte, dicídello !

—Damos fe de que así foi —dixeron ao unísono Gorrión, Tintín e o Sabichas— ao tempo que salivaban a man, erguíana e cuspían no chan para ratificar o solemne xuramento.

—E ti valo confirmar canalla ou esgánote, óesme ben ! vas confesar a quen llo dixeches o xoves cando volvías da feira !

E outra sacudida brutal lembroulle ao aloulado Bacallo a súa terrible situación.

—Non é verdade, non ! —seguía a negar— e quero marcharme porque é así.

—De aquí non pasas —gruñiu o Sabichas erguendo o seu pau.

—Covardes ! sodes uns covardes ! —respondeu Bacallo.

—Canalla ! carne de presidio ! —sentenciou Gorrión— primeiro traizóasnos, *logho* fas que nos rouben e *aghora* por enriba insúltanos !

—Atádeo ! —ordenou Leboreiro con ton seco.

E antes de que acabasen de facelo botouse ao prisioneiro e encheuno de vigorosas labazadas.

—Sabichas, ti que sabes cousas de Historia, cóntanos un pouco como facían nos tempos de antes para que os culpables confesasen os crimes —interrogou despois con gravidade.

—Queimábanlles as dedas.

—Daquela que se descalce e prendede lume.

Bacallo resistíase.

—Oi, ho ! por moito que te remexas non has escapar, has confesar canalla ?

Un fume mesto e branco subía desde unha morea de brión e follas secas.

—Si —dixo o outro fóra de si— si !

Atado con amarrallas e panos de man entrelazados e en medio do círculo ameazante e furibundo dos guerreiros de Lomberna, o coxo foi debullando a confesión a través de pequenas frases : efectivamente, o camiño de volta da feira fixérao canda o Dogo de Belrán e seu pai, que pararan na aldea deste e foran á súa casa beber algo máis

ca auga e que como estaba chispa, contou onde estaba a cabana de Lomberna, pero cría que non estaba facendo nada malo.

—Mira neno, non che *pagha* a pena disimular, sabes ! —cortou Leboreiro— eu ben vin a cara que poñías cando volvías da feira, sabías ben o que dicías e *aghora* mesmo, cando viñas para aquí tamén te vimos, ti non te deches conta, pero estabas controlado, sabes ?

O que pasa é que estás picado porque a Tavia *ghústalle* máis Gorrión. Fai moi ben pasar de ti ! Pero que mal che fixemos desde o asunto do venres ? *Ninghén* che impediu vires connosco ao combate ? Daquela, a que vén esta vinghanza tan porca ? Non tes perdón !

—Veña —concluíu Leboreiro— apertade os puños. Ímolo xulgar.

Caeu un gran silencio.

Os sinistros carcereiros, Gorrión e o Sabichas, seguían gardando a entrada. Unha marea de puños estendíanse cara a Bacallo. Comprende que non cabía agardar piedade dos carcereiros e ao sentir que se achegaba a hora da expiación suprema, remexeuse de xeito desesperado e terrible e tentou dar patadas, morder e abrir unha saída.

Pero Gambeta e os Chapletas, que asumiran o papel de gardas de seguridade, eran rapazotes rexos e graúdos, moi difíciles de enganar e aos que a carraxe, unha carraxe tola que lles poñía as orellas encarnadas, lles outorgaba o dobre de forza.

Os puños de Bacallo puxéronse azuis ao apertálos contra unha barra de ferro. Atáronlle as pernas ben forte nun visto e non visto e botárono coma unha morea de trapos cara ao medio da cabana, debaixo do burato do teito afundido. Por certo, un teito tan sólido que os belrános non puideron botar abaixo máis ca nun único sitio, malia todos os seus esforzos.

Leboreiro tomou a palabra e falou co ton dun xefe :

—A cabana está escarallada —dixo— coñecen o noso *aghocho*, temos que volver reconstruír todo, pero iso é o de menos, o peor é que desapareceu o tesouro e o noso honor está manchado.

O honor habémolo de recuperar porque sabemos o que valen os nosos puños, pero o tesouro... o tesouro valía ben cen patacóns !

Bacallo ti es cómplice dos ladróns —continuou con gravidade— ti es un ladrón, roubáchesnos cen patacóns, tes un escudo de cinco libras para pagarnos ?

A pregunta era puramente formal e Leboreiro sabíao. Quen tivo algunha vez cen patacóns de seu, cen patacóns ignorados polas nais e polos pais e sobre os que estes últimos non tivesen dereito de alzada en calquera momento ?

Ninguén !

—Eu teño tres patacóns —xemeu Bacallo.

—Mete os tres patacóns onde che caiban ! —ruxiu Gambeta.

—Señores —continuou Leboreiro solemne— aquí tedes un traidor e nós ímolo *xulghar* e executalo sen remisión.

—Sen xenreira nin temor —setenciou o Sabichas— que lembraba anacos de frases de instrución cívica.

—Confesou que era culpable, pero confesou porque non lle quedou máis remedio e porque nós sabemos do seu crime. Que suplicio ten que sufrir ?

—*Sanghralo* ! —ruxiron dez voces.

—*Colghalo* ! —bradaron outras dez.

—Capalo ! —berregaron outras máis.

—Cortarlle a lingua !

—Primeiro imos —interrompeu o xefe, máis prudente e gardando inconscientemente unha idea máis sa das cousas e das consecuencias dese acto malia a súa carraxe—, primeiro imos limparlle todos os botóns para reconstituír o núcleo do tesouro e substituír en parte o que nos foi roubado polos seus *amighiños*, os belrán.

—A miña roupa do *dominco* ? —sobresaltouse o prisioneiro— non quero e non quero ! Meu pai e miña nai hano chegar a saber.

—*Sighe* a cantar meu queridiño que nos *adivirtes*, pero mira, sabes, o único que tes que facer é *seghir* sendo un delator para ver que che sae por aí. E mira que te aviso, como berres moi alto, amordazámoste co teu “tira-merdiñas” como fixemos co Azteca dos Vaos !

Como as ameazas non facían que Bacallo decidise calar, amordazárono e arrincáronlle todos os botóns.

—*Pacristo*, só vai ser castigado con iso ! —exclamou o Sabichas— non paga a pena molestarse para darlle un castigo coma ese ! Un traidor é un traidor, *mecagoend*... ! e non ten dereito á vida.

—Ímolo azoutar —propuxo Chapletón— cada un dálle un *lateghazo* ou un *gholpe* porque nos fixo mal a *todocristo*.

Volveron atar a Bacallo esta vez espido enriba das táboas da mesa demolida.

—Empezade ! —ordenou Leboreiro.

Os corenta lombernes desfilaron de un en un e cunha vara de ameneiro na man diante de Bacallo. Cada azoute provocaba que este botase uns berros que fendían as rochas. Cada golpe tamén levaba de agasallo un esgarro de cuspe ben nutrido nas costas, nos cadrís, nas cachas, en fin, en todo o corpo como manifestación de desprezo e noxo.

Mentres seguían con esta operación, uns dez guerreiros dirixidos polo Sabichas, saíron coa roupa do condenado. Cando acabou a malleira, regresaron e déronlle a Bacallo, xa desatado e sen mordaza, as diferentes pezas de roupa viúvas de botóns que levaban colgando de cadansúa vara porque foran convenientemente mexadas e aínda abundantemente emporcalladas doutra maneira... polos axustizadores de Lomberna.

—E *aghora* vai e que os belránns che cosan a roupa ! —aconselláronlle para rematar o conto.

TRÁXICOS REGRESOS

*As bágoas dos mártires e dos axustizados
Son, sen dúbida, unha sinfonía embriagante...*

Ch. Baudelaire

(As Flores do Mal)

Unha vez liberado de amarrallas, coas cachas sangrantes, a cabeza conxestionada e os ollos regalados de espanto, Bacallo recibiu en plena cara os paquetes cheirosos en que se converteran as súas pezas de roupa. Todo o exército o abandonou á súa sorte e decidiu seguir os xefes que saíron dignamente da cabana para ir un pouco máis lonxe, nun lugar deserto e agochado para acordar o que conviña facer nunha situación tan apurada e penosa.

Ninguén se preguntaba o que ía pasar co traidor desenmascarado, castigado, azoutado e emporcallado. Ese era problema seu, tiña o que merecía e, por certo, de forma ben xusta. Os sotelos, os impos de rabia e os salaios coma os dun home que están a matar, chegaban moi perceptibles onda eles, pero non fixeron caso.

Nun nada o outro foi volvendo en si pouco a pouco e escapou a toda présa, os saloucos, laios e berros diminuíron e chegou un momento en xa non se oía nada.

Daquela Leboreiro ordenou :

—Hai que recoller da cabana todo o que poida servir aínda para *algho* e ir *aghochalo nalghures* mentres non atopamos un emprazamento definitivo.

Nunha zona de monte baixo, a douscentos metros de alí había unha pequena escavación, insuficiente para substituír a que acabaran de perder por causa do crime de Bacallo, pero que a falta de cousa mellor, podía abrigar momentaneamente os restos do que un día fora o pazo da gloria do exército lombernés.

—Hai que traer todo aquí —decidiu o xefe.

E inmediatamente, a maior parte da tropa ocupouse deste traballo.

—Tirade a parede de abaixo —completou— quitade o tellado e tapiade as provisións de leña, non ten que quedar nada á vista, nada de nada.

Dadas as ordes e mentres os soldados ventilaban estas tarefas regulamentarias e apuradas, el despachou cos demais xefes : Gorrión, o Sabichas, Tintín, Pipote, Chapletón e Gambeta.

Foi unha conferencia longa e misteriosa.

Confrontouse o futuro e o presente co pasado con certa morriña queixosa e tratouse sobre todo a cuestión da reconquista do tesouro.

Era case seguro que o tesouro estaba na cabana dos belrán e esta estaba no bosque pero, como dar con ela e, sobre todo, cando se iría na súa procura ?

Os únicos que podían invocar motivos plausibles de ausencia ser correr o risco de seren controlados ao momento con rigorosidade eran Gambeta, que vivía na costa, e Chapletón, que ía axudar ao muíño.

Gambeta non dubidou.

—Eu lato todo o que *fagha* falta. Hei dar unha batida polo bosque ao *largo*, ao ancho, de arriba a abaixo e a través, non ha quedar sen explorar nin unha *polghada* ata que consiga destruír a súa cabana e recupere o noso saco.

Chapletón declarou que todas as veces que puidese unirse a el se encontrarían na canteira de Pepiño unha media hora antes máis ou menos da entrada en clase.

Cando a batida de Gambeta producise os resultados requiridos e se conseguise recuperar o tesouro, reconstruirían a cabana nun sitio que habían de determinar, logo de pescudas máis serias.

De momento, contentábanse con protexer o regreso á casa dos Chapletas desde as extremas de Menelotes ata a marga de Xoán Bautista.

Cando remataron co transporte de materiais, os guerreiros agrupáronse arredor dos xefes.

Falou Leboreiro en nome do consello e anunciou con ton grave que a guerra no Souto quedaba suspendida ata unha data próxima que se fixaría de xeito máis preciso no momento en que se atopase o que se precisaba.

O consello gardaba para si prudentemente o segredo das súas grandes decisións.

Borraron como puideron tanto as pegadas que levaban á antiga cabana, coma as da nova reserva. Feito isto, resolveron volver á aldea porque xa era a hora do solpor sen sospeitaren que neses mesmos intres por aló andaban en plena revolución.

Os recrutas xogaban aos bolos, os homes mollaban a palleta na taberna do cazoleiro, as comadres ían darlle ao badalo onda a veciña, a mociñas facían bordado ou labor de gancho detrás das cortinas das fiestras, en fin, toda a poboación de Lomberna estaba ou xogando ou folgando, cando de repente se viu atraída ou aspirada habería que dicir, ao medio da rúa por uns berros terroríficos e por uns saloucos nada humanos dun

desgraciado que se atopaba no límite, que ía caer ata entregar a súa alma. Todos se preguntaban que lle pasaba cos ollos regalados de anguria.

Daquela foi cando xurdiu Bacallo, todo espido ou case, do camiño das chemineas coxeando máis coma nunca, correndo e berrando todo o que lle daba o corpo. Levaba colgando unha camisa e ía calzado con zapatos sen amallós, sostíña nos brazos dous paquetes de roupa e cheiraba, ou mellor, fedía máis ca trinta e seis preas en proceso de descomposición aguda.

Os primeiros que acudiron ao seu encontro recuaron levando a man ao nariz, aínda así, logo, os máis aguerridos fóronse achegando e preguntaron totalmente espantados :

—Que foi ?

Bacallo levaba as cachas en carne viva, os esgarros caíanlle polas costas abaixo, os ollos afundidos xa non botaban bágoas, o pelo crecho formaba algo pegañento coma se fose o dun ourizo cacho e tremelicaba coma unha vara verde a piques de ser cortada polo gabillo ou esnaquizada polos elementos.

—Que foi ? que pasou ?

Bacallo era incapaz de dicir palabra, só impaba, salaiaba, retorcíase, baixaba a cabeza e deixábase ir.

Seu pai e súa nai acudiron onda el, que caera nun medio esvaemento, e levárono para a casa. Toda a aldea os seguiu intrigada.

Curáronlle as nádegas, quitáronlle as lagañas, botáronlle a roupa nunha tina e puxérona en remollo, deitárono, quentaron un saquiño de millo e unha cántara de barro con auga fervendo para a caloriña da cama e fixéronlle un caldo de galiña ao que lle botaron uns ósos da soá. Logo déronlle de beber té, café e ponche, pero el seguía impando, aínda que pouco a pouco ía acalmando e fechando as pálpebras.

Un cuarto de hora despois, xa algo recuperado, volveu abrir os ollos e contoulles ao pais e ás moitas mulleres que arroteaban a cama, todo o que ocorrera na cabana, claro que omitindo especificar coidadosamente os motivos que lle valeran tan bárbaro tratamento, é dicir, a súa traizón.

Do resto non lle faltou nada : vendeu todos os segredos do exército de Lomberna, contou as escapadas ao Souto e as batallas, confesou o dos botóns roubados e o imposto de guerra, desvelou todas estrataxemas de Leboreiro e denunciou os seus consellos. Acusou a Gorrión de todo o que puido, detallou polo miúdo o das táboas, o das puntas e o dos trebellos roubados, o da voda, o da caña, o do viño, o das patacas e o

do azucre, o dos cantos obscenos, o dos vómitos no camiño de volta; tampouco lle faltou dicir o das brincadeiras de mal gusto ao Beduíno, o do pantalón que lle puxeron a San Xosé, propiedade do vencido Azteca dos Vaos, en fin, contouno todo, todo, todiño. Baleirouse, aliviouse, vingouse e finalmente, foi adormecendo con febres e pesadelos.

As visitadoras retiráronse andando na punta dos pés unha a unha ou en pequenos grupos, parando de cando en cando para botar unha ollada sobre o interesante doente. Unhas agardaron polas outras na solaina e cando estiveron todas reunidas deron en falar, fóronse animando e excitando, ata que estouraron nunha furia tola : ovos roubados, saqueo de botóns e puntas, fóra do que aínda non sabían, axiña, ata o último gato da aldea había de saber todo do terrible asunto —iso contando que estes espelidos animais tivesen o mal gusto de botárenlles a orela aos discursos das patroas—.

—*Nughalláns !* moinantes ! *langhráns !* Miserables ! rufiáns !

—Deixa que veña, deixa ! hoxe o meu ha durmir quente !

—Eu ao noso tamén lle hei servir sobremesa !

—Reparade que na aldea non hai *nincún* rapaz !

—Do meu hase *encargar* seu pai !

—Deixa, deixa que volvan !

O caso é que os rapaces de Lomberna non semellaban moi apurados por volver para casa e aínda o habían de estar menos se sospeitasen algo da supina excitación que provocaran as revelacións de Bacallo sobre os autores dos seus días.

—Vós aínda nos os vistes, non ?

—Non ! a saber as trasnadas que aínda poden facer !

Os pais acababan de volver á casa para estrar a corte e encaldar os animais. Facían menos barullo ca as mulleres, pero tiñan cara de poucos amigos.

O pai de Bacallo falara de doenza, xuízo, danos e perdas, pero mala sorte ! cando se trataba de abrir a carteira a cousa non ía adiante ; iso si, prometeron interiormente e algún mesmo de viva voz zurras históricas para a súa descendencia.

—Velaí os veñen —anunciou a nai de Leboreiro co saial remangado e a man estendida na testa para ver mellor.

E efectivamente, os rapaces apareceron decontado polo camiño da fonte xogando e discutindo coma sempre.

—Fila *pá* casa *agora* mesmo —ordenoulle a Tintín secamente seu pai que lle estaba dando de beber aos animais.

Leboreiro —engadiu— e ti tamén *Ghorrión*, teu pai xa chamou por ti tres veces.

Axiña se viron saír de todos os currunchos a mamás e a papás chamando polos fillos en voz ben alta e pedíndolles que entrasen na casa inmediatamente.

Os Chapletas e Gambeta quedaron abandonados case instantaneamente e, xa que as cousas estaban así, tamén resolveron ir para os respectivos domicilios. Pero tiveron que parar en seco, uns ao acabaren de pasar pola última casa da aldea e o outros ao subiren pola costa.

De todos os lares saían gritos, berros, voces, saloucos mesturados con patadas, labazadas sonoras, cadeiras tiradas, mobles que atronaban cando caían. O conxunto harmonizábase todo con ladridos de cans e arroutos de gatos que berraban e saían correndo coma se fosen lanzados ao lume. En fin, produciuse o maior balbordo, boureo ou algarada que endexamais oído humano tivese percibido e resistido.

Podíase dicir que en cada fogar había unha matanza, e críase...

Gambeta escoitaba co corazón nun puño e incapaz de dar un paso.

Non había dúbida, eran as voces dos seus amigos : os ruxidos de Leboreiro, os berros de furón do Sabichas, os bramidos de Gorrión, os alaridos de Tintín, os agrúos de Pipote, os choros dos demais e o chirlear de dentes que batían entrementes zorregaban, rabuñaban e mallaban neles.

Que quería dicir todo aquilo ?

O rapaciño meteuse polas hortas porque non se atrevía a pasar por diante da casa de León, o do estanco, onde algúns solteiros recalcitrantes fumaban na cachimba en tanto que valoraban os golpes segundo os berros e discutían comparando con retranca o vigor dos puños paternos.

Viu alí aos Chapletas, eles tamén estaban parados coma lebres á espreita nun día de caza, cos ollos regalados e os pelos de punta...

—Escoitas ? Escoitades ?

—Bacallo !... —dixo Chapletón— é por culpa de Bacallo, vai a aposta ? Si ho, foi el porque acaba de volver á aldea e se cadra *cheghou* tal como o deixamos, coa roupa chea de merda ! e claro, *larghou* todo !

— Atreveríase a tanto !

—Daquela cando os nosos vellos o saiban tamén nos ha tocar un repaso !

—Con tal de que non dese os nosos nomes e nós teñamos ocasión de falar sempre poderemos dicir que non estabamos alí.

—Escoita ! escoita ! ...

Cada casa despedía unha restra de choros, saloucos, berros, injurias e ameazas que subía, se mesturaba e inzaba a rúa cunha espantosa cacofonía, coma un rito infernal ou un concerto de condenados.

Todo o exército de Lomberna, desde o xeneral ao máis humilde dos soldados, desde o máis grande ao máis pequeno, desde o máis listo ao máis parvo, todos recibiron hostias. Os pais non se contiveron (todos lembraron o asunto dos cartos) e subministraron boas labazadas, patadas cos zocos ou cos zapatos segundo o caso e vareadas con bestregas ou con canaveiras. As nais tamén interviñan, irritables e desapiadadas coa cuestión do diñeiro, mentres as irmás apesaradas e un pouco cómplices, choraban, laiábanse e suplicaban que non matasen os seus irmanciños por tan pouca cousa.

A María de Tintín quixo intervir directamente e recibiu de súa nai unha do revés que a deixou mirando para outro lado ao tempo que lle botaba esta ameaza :

—E ti lercha, atende ao teu e que eu lle volva sentir outra vez ás veciñas que andas con ese *langhrán* de Leboreiro ou non ves que non é do teu tempo ?

A María quixo replicar, pero un par de labazadas do pai quitáronlle os azos e foi chorar silenciosamente para un curruncho.

Gambeta e os Chapletas tamén marcharon impresionados, cadaquén polo seu lado. Acordaran que Chapletón iría á escola ao día seguinte pola mañá para informarse sobre o que pasara e que acompañaría a Gambeta o martes ao Souto para axudalo na procura da cabana dos belrán e tamén para contarlle como ocorrera todo.

ÚLTIMAS PALABRAS

E se só queda un, eu serei ese un !

Victor Hugo (*Les Châtiments*)

A presión do puño todo poderoso e os irresistibles argumentos con forma de patadas no cu ben aplicadas arrincaron unha promesa e un xuramento a case todos os guerreiros de Lomberna : a promesa de endexamais volver pelexar cos belrán e o xuramento de endexamais volver desviar nin botóns nin puntas nin táboas nin ovos nin cartos que deprimisen a economía familiar.

Os Chapletas e Gambeta foron os únicos que quedaron fóra desta salsa porque vivían nas parzarías afastadas do centro. Tampouco Leboreiro quixo confesar nada nin tan sequera baixo a ameaza da vara. Os proxenitores non contaron con que era máis testán ca media ducia de mulas. Non prometeu nin xurou nada; quedara calado coma un peto, non dixera palabra durante a recepción das vareadas furibundas e iso que fora copiosamente agasallado cuns gritos, uns brados, uns berros e uns boureos tales como para deixar celosos a todos os animais salvaxes da creación.

Naturalmente, todos os mozotes de Lomberna foron aquela noite para a cama sen cear ou obtiveron por toda pitanza un anaco de pan seco e o permiso para ir beber auga da sella⁹.

Prohibíronlles estar xogando antes da clase e ordenáronlles volver inmediatamente para a casa despois da saída das once da mañá e da das catro da tarde. Tamén lles prohibiron falar cos compañeiros. Solicitáronlle a Don Simón tarefas de estudo a maiores, aconselláronlle que os mantivese illados e que castigase con dureza e con dose dobre a calquera que se atrevese perturbar o silencio ou infrinxise calquera das normas ditadas en comandita por todos os cabezas de familia.

Ás oito menos cinco ceibáronos.

Cando chegaron os Chapletas quixeron dirixirse a Tintín, pero este estaba enfilado pola mirada furibunda do pai, cos ollos en sangue e os ombreiros encollidos e cando os oíu tamén lles enviou a eles unha mirada de tolo, logo non dixo nada, coma se lle comese a lingua o gato. Con Pipote pasoulles o mesmo.

⁹ Cando eu era neno na casa de todos os labregos gardábase a auga de beber en sellas de madeira; cando se tiña sede, collíase un cazo de cobre e bebíase por el.

Decididamente a cousa era grave.

Todos os pais se atopaban na soleira da porta. Gorrión quedou tan mudo coma Tintín e o Sabichas ergueu os ombreiros, xesto que dicía moito, moitísimo.

Chapletas pensou que podería falar no patio da escola, pero Don Simón non lles permitiu entrar.

De pé diante da porta, foinos colocando de dous en dous conforme ían pasando ao tempo que lles prohibía abrir.

Chapletón lamentou amargamente non ter feito o que lle pedía o corpo no momento de decidir, que era acompañar a Gambeta nas súas pescudas, e deixar que seu irmán se encargase de informalos.

Entraron.

O mestre situouse na parte máis alta da tarima, recto e severo, coa vara de vimbio na man e comezou condenando en termos enérxicos a súa conduta, indigna de cidadáns civilizados que viven nunha República cuxa divisa era : liberdade, igualdade e fraternidade !

Logo comparounos cos seres aparentemente máis abominables e máis degradados da creación : os apaches, os antropófagos, os ilotas antigos, os simios de Sumatra e da África Ecuatorial, os tigres e os lobos, os bárbaros de antes e o que era máis grave, como conclusión a este discurso, declarou que non toleraría nin unha palabra, que o primeiro xesto de comunicación que interceptase na clase valeríalle ao autor trinta días de castigo e dez páxinas de Historia ou de Xeografía para copiar e logo dar en lección.

Foi unha clase morna para todos. O único que se oía era o ruído renxente das plumas mordendo rabiosamente o papel, algúns choques de zoco contra o chan, o rozamento lixeiro e apagado dos pupitres levantados con prudencia... logo, cando chegou o momento da lección escoitábase a voz arrogante de Don Simón e o recitado dubitativo e tímido do interrogado.

Os Chapletas non obstante houberan preferido ter pasado xa polo que sufriran os seus compañeiros porque o temor e a aprehensión ao castigo penduraba sobre o seu destino coma unha espada de Damocles.

Ao final Chapletón, tomando moitas precaucións e a través dos compañeiros de pupitre, conseguiu pasarlle a Leboreiro unha curta nota preguntándolle sobre o que tiñan que facer.

Leboreiro conseguiu responderlle pola mesma vía e narrarlle a situación cun par de frases directas ao tempo que lle indicaba con algunhas palabras concisas a conduta que debían seguir.

—Bacallo cama *fevre*. *Larghou* todo. Malleira *pa* todos. *Proivido* falar *senon mais* hostias. Xuramento de ser *vos, po* pasamos. Os belrán *pagharán*. *Vuscar* o tesouro.

A Chapletón chegoulle abondo esta información. Non pagaba a pena arriscarse máis.

Esa mesma tarde “colgou” a clase e enfilou dereitiño a reunirse con Gambeta. Seu irmán tivo a encomenda de escusar a súa ausencia perante o mestre argumentando que como Narciso, o criado da casa, estaba mal dun brazo, seu irmán tivera que ir substituílo temporalmente no traballo do muíño.

O martes e o mércores foron días tan mornos e académicos coma o luns anterior. Todo o mundo soubo a lección e as tarefas viñan completas, coidadas, perfiladas, nunha palabra, rematadas.

Non tentaron infrinxir ningunha norma, porque a cousa era grave, así que fixeron coma os gatos cando dan a patiña : amosábanse mansos, pero sabíanse con poutas de fera.

Chapletiñas pasáballe a Leboreiro todos os días a mesma nota :

Nada !

O venres a vixilancia relaxouse un pouco : portábanse ben e con gran corrección, estaban completamente redimidos e ademais sóbose que Bacallo saíra da cama.

Coa curación do enfermo disipábase o temor á xustiza e aos danos e perdas, así que os pais e as nais foron acalmado o seu rancor varios graos e amosábanse menos arrogantes. Pero os rapaces veláronse moito de alterar o *statu quo* para non levantar sospeitas.

O sábado a tensión aínda diminuíu máis porque Bacallo saíu á rúa, de aí que lles permitisen ir xogar no patio. Durante as partidas organizadas puideron xuntar canda as expresións de xogo regulamentarias, algunhas frases prudentes e con dobre sentido porque se sentían espiados.

O domingo un pouco antes da misa puideron reunirse arredor do bebedoiro e falar por fin das súas cousas.

Viron pasar a Bacallo con roupa nova de domingo da man de seu pai, completamente recuperado e con máis cara de sorna ca nunca. Despois da misa procuraron volver para a casa antes de que llelo mandasen.

Deitaron ben do asunto porque esta última acción desarmou totalmente tanto a nais e pais como ao mestre, de xeito que o luns seguinte deixáronos libres para xogar e parolar coma antes da salsa. Eles non desaproveitaron a oportunidade e quedaron ás catro, lonxe das orellas inquisitoriais e das miradas mal intencionadas.

O martes sentiron unha grande emoción : Chapletón chegou á escola con seu irmán; Gambeta tamén baixou da costa antes das oito. Leváballe a Don Simón un papel graxento dobrado en catro, o outro abriuno e leu :

Señor Mestre,

Enviolle estas duas palabras para dicirlle que León queda na casa por causa dos meu raumatismo para atender os animais.

Xoán Bautista Casal

Gambeta redactara a nota e Chapletón asináraa polo pai ausente para que os dous tipos de escritura non se parecesen en nada. Pasou sen problemas.

De todas maneiras non era cousa que inquietase moito os guerreiros porque era público e coñecido que Gambeta tiña que quedar na casa moitas veces para botar unha man.

A razón de que Gambeta viñese con Chapletón era porque atopara a cabana dos belránns e recuperara o tesouro.

Os ollos de Leboreiro resplandecían coma os dun gato e aos compañeiros pasáballes tres cuartos do mesmo. Ah, que lonxe quedaba a marimba do domingo anterior e que pouco peso tiñan nos seus beizos de almiñas de doce anos as promesas e os xuramentos !

—Está ? —preguntou.

—Está ! —respondeu Gambeta.

Leboreiro palideceu e estivo a piques de esvaecer, tragou saliva...

Tintín, o Sabichas e Pipote oíron a pregunta e a resposta e tamén eles estaban pálidos.

Leboreiro decidiu :

—Témonos que reunir esta tarde !

—Si, ás catro na canteira de Pepiño e mala sorte se nos collen !

—Facemos coma quen xogamos aos agochos —expuxo os Sabichas— e despois cada un vai por un camiño diferente sen dicirlle nada a ninguén.

—Entendido ?

.....

Era un día gris e escuro. Levaba todo o día petando un vento do norte que varría o po dos camiños. Cando paraba de zoar un pouco, instalábase nos campos unha pesada calma fría. No horizonte íanse formando unhas nubes de chumbo, unhas grandes nubes informes que, sen dúbida, indicaban que a neve non andaba lonxe. Pero ningún dos xefes levaba frío no corpo mentres se dirixían correndo cara á canteira porque tiñan o corazón en chamas e luz na mirada.

—Onde está ? —Preguntoulle Leboreiro a Gambeta.

—Alí arriba, no novo *aghocho* —respondeu o outro— e, oíches, tivo filliños !

—Ah !

Cando chegou onda eles Pipote —o último coma sempre— foron ás alancadas cara ao seu refuxio provisional onde Gambeta arrincou de debaixo dunha morea de táboas e de puntas un saco enorme, repleto, petado de botóns e de todas as municións dos guerreiros de Belrán.

—Como deches co sitio ? Arrasaches coa cabana ?

—Que cabana, ho ? —admirouse Gambeta— que cabana ? Aquilo non era cabana nin nada, son palermas de máis para construír unha coma a nosa, non era nin o cocho dun can, unha cousa de nada metido no curruncho dunha rocha que non se podía ver nin nada !

Se case non se entraba, nin de crequenás !

—Ah !

—Pois iso, que tiñan os sabres, as cachaporras e as lanzas alí, amoreadas, e comezamos por rompelas unha detrás da outra, total, que ata acabamos con dor nos xeonllos de tanto esgazar.

—E o saco ?

—Ai, claro, que aínda non vos contei como demos co cocho ese ! Non vos *digho* o traballo que nos deu !

—Despois de oito días de andar buscando por el —seguiu Chapletón— estabamos por mandalo ao car... á merda !

—E non sabedes como o atopamos ?

—Eu réndome —dixo o Sabichas.

—Eu tamén —dixeron os demais impacientes.

—Non, non acertariades nunca e a verdade é que estivemos por tirar a toalla moitas veces porque buscabamos no aire.

— ? ...

—Si, meus, pasamos polo sitio catro ou cinco veces, e da última vez vimos nun carballo un pouco máis lonxe de aquí unha bóla de esquío e Chapletón dixo :

—Eu non sei se se metería para adentro ? Por que non sobes e miras ?

—Daquela collín un pau para remexer por dentro porque se meto os dedos e el anda por alí podíame morder os dedos.

—Subo, *chegho* ao burato e que me atopo ?

—O saco !

—Non, ho ! nada diso ! Daquela tiro a bóla abaixo e cando miro, vexo que por cerca de onde caeu, así de lado e cara ao norte, pois vexo o *aghocho* deses porcos belrán.

Tireime abaixo dun chimpo, foi tan precipitado que Chapletón pensou que me mordera o esquío e me fixera rodar do susto, pero cando me viu correr xa se deu conta que había novidades e *logho* xa reparamos naquel farrapo de saco.

Os botóns estaban no fondo, debaixo dunha pedra grande. A verdade é que non se vía moito, de feito dei con eles ás apalpadas.

—Que contentos quedamos !

Pero iso non é todo, collín e quitei os pantalóns, metínme na cabana e atoei todo con pedra e xuntei todos os anacos de sabres e lanzas como estaban antes, así que cando boten a man por debaixo da pedra han sentir ben de que está constituído o seu tesouro !

Que, traballeivos ben ou non !

Déronlle a man, golpes no ventre e palmadiñas nas costas para ofrecérenlle os parabéns a Gambeta como mandaba a ocasión.

—E daquela —seguiu el— interrompendo o concerto de loas que lle dedicaban— daquela a vós tocovos malleira ?

—Ai neno, a que nos caeu ! E o corvo de *neghro* dixo —engadiu Leboreiro— que eu tampouco facía este ano a primeira comunión por causa do asunto dos pantalóns de San Xosé, a min écheme *ighual*, por min que chova... !

—Así e todo, nais e pais coma os nosos non vos son *nincunha* carallada ! No fondo non son máis ca depredadores, e *logho* eles non habían facer o mesmo ca nós ? A quen se lle conte !

A quen se lle conte ! Cren que como nos quentaron ben a badana, imos quedar paradiños, sen facermos nada... !

—Han pensar que somos parvos ! Por moito que *faghan* ou pensen, cando teñan un pouco esquecido este asunto, habémonos de volver enfrontar, todo é cousa de empezar !

Eu ben sei que ha de haber *alghúns caghainas* que non han vir connosco, pero *seghuro* que todos vós estaredes e imaxino que *alghúns* máis tamén. E *díghovos* unha cousa, aínda que quede só, *ninqhuién* me vai impedir ir onda os belráns e cantarlles as *cuarenta*, porque son uns lambecús, unhas tordas, unhas mulas aceiteiras ... !

—Nós habemos de estar ho ! perde coidado e os vellos que vaian ao cara... !

E *logho* eles non fixeron o mesmiño, halles parecer que non o sabemos !

Despois de cear mándannos onda Pedro chosco e eles van onda os veciños e póñense a dicir chanzas, *xoghar* á brisca, comer nocas, comer queixo, mollar ben mollada a palleta con litros de viño e *ghotas* caña e acaban contando contos dos tempos de antes.

Como fechamos os ollos, pensan que durmimos e daquela eles bótanse a falar e nós escoitamos e non saben que sabemos todo.

Eu unha vez , aló polo inverno pasado, escoitei como meu pai lles contaba aos demais o que facía cando ía onda miña nai.

Entraba pola corte e *aghardaba* que os vellos fosen pá cama e despois ía *folghar* con miña nai. Pero unha noite ao meu avó faltoulle un nada *pa* cachalo, porque tiña unha vaca *pa* parir e fora á corte e daquela meu pai tivo que meterse na maseira das vacas e elas botáronlle o alento e babexárono todo e quedou lambido coma un cucho. Isto non o conta moito porque non está moi *orghuloso*, media leva !

Pero non acaba aí o conto, como vía que meu avó se *acheghaba* cara a onde estaba el, saíu da maseira, botouse a un lado e púxose de crequenas nunha zona escura. Pero foise poñer xusto en fronte de meu avó que nese momento abriu a petrina e botouse a mexar por enriba del. Meu pai xa pensaba que non acababa nunca, facíaselle interminable porque lle picaba a *ghorxa* e tiña medo de tусir, pero *aghuantou* ata o final e mesmo *aghardou* a que o avó sacudise o trebello.

Eles tamén as facían ! E aínda as nosas son ben pouca cousa comparado coas deles, e se non, a ver, que facemos nós ? darlle un bico de cando en cando ás nosas mociñas, levarlles un anaco de pan branco ou unha laranxa e *logho* vén un porco traidor e ladrón e porque o zarandeamos un pouco, montan toda esta historia, nin que mataramos unha vaca !

—Pero iso non nos ha impedir que cumpramos co noso deber.

—Meu Deus, ten dó dos fillos que teñen pai e nai !

Despois desta reflexión houbo un longo silencio . Leboreiro volveu agochar o tesouro ata o día da nova declaración de guerra.

Cada un ía cismando na súa marimba mentres baixaban polas matogueiras do Souto, daquela o Sabichas, moi emocionado e cheo de morriña pola neve próxima e quizais tamén polo presentimento das ilusións perdidas, deixou caer estas palabras :

—E pensar que cando medremos e sexamos maiores ao mellor somos tan bestas coma eles !